CONSELLO DA
CULTURA GALEGA

ARQUIVO DA
EMIGRACIÓN
GALEGA

EDICIÓN PARA O
I CONGRESO INTERNACIONAL
O EXILIO GALEGO

24-29 DE SETEMBRO DE 2001

Repertorio biobibliográfico do exilio galego: Unha primeira achega

---

NAVEGACIÓN

Pinche sobre o item ó que desexa desprazarse.

Presentación

Nota introductoria

Datos biobibliográficos

Fontes de referencia

Edita:

© Consello da Cultura Galega

Arquivo da Emigración Galega
Santiago de Compostela, 2001

ISBN: 84-95415-42-9

Presentación

A finais de 1999 o Plenario do Consello da Cultura Galega, por proposta da Sección de Cultura Galega no Exterior, que daquela comezaba unha nova andaina, asumiu o compromiso de preparar un Congreso sobre *O Exilio Galego*, no que se involucrasen tódalas seccións da institución. Aínda que nun primeiro momento se proxecta a súa celebración para decembro do ano 2000 co fin da dar continuidade ás actividades realizadas co gallo do 50º aniversario do pasamento de Castelao, finalmente a envergadura da súa organización obrigounos a pospoñelo ata setembro do presente ano. Aínda que, por suposto, non é esta a primeira vez que se aborda o tema, cremos que si o é a perspectiva globalizada e netamente galega que se lle pretende dar a este evento.

O fenómeno político e social do exilio republicano provocado pola Guerra Civil, foi obxecto de análise e de estudio a través de moitas e moi diversas publicacións. Aínda que non foi a única [(1)], en pleno inicio da transición, a publicación da monumental obra en seis volumes dirixida por José Luis Abellán *El Exilio Español de 1939* (Madrid: Taurus, 1976-1978) provocou o interese da investigación sobre un tema que ata entón, e por razóns obvias, non puidera ser abordado abertamente dentro das nosas fronteiras[(2)]. Máis adiante, durante os anos 80, xorden outras publicacións, mentres que algunhas institucións oficiais comezan a amosa-lo seu interese no asunto[(3)]. As publicacións e actividades relacionadas co tema do exilio medraron con motivo da celebración do 50º aniversario en 1989[(4)]. Nesa data, ademais doutras actividades académicas no noso país, ten lugar en San Xoan de Porto Rico un Congreso conmemorativo titulado *50 años de exilio español en Puerto Rico y el Caribe, 1939-1989*, organizado por diversas institucións portorriqueñas, xunto co Instituto de Cooperación Iberoamericana español; as súas actas foron publicadas pola editorial galega Ediciós do Castro, gracias á sensibilidade e xenerosidade amosada por Isaac Díaz Pardo.

Xa nos anos 90, o Grupo de Estudios del Exilio Literario (GEXEL) da Universidad Autónoma de Barcelona organiza, en 1995, o I Congreso Internacional sobre *El exilio literario español de 1939*, e convoca, en abril de 1998, o II Congreso Internacional co nome de *Les literatures de l'exili republicà de 1939*. Organizáronse ademais outra serie de congresos en 1999, coincidindo cos sesenta anos do exilio; así, o importantísimo proxecto plural que foi *60 años después*, coordinado por Manuel Aznar Soler, estaba formado por doce eventos (congresos e actividades paralelas) que se celebraron ó longo dese ano noutras tantas comunidades autónomas do estado, e pechouse en Colliure (Francia) a finais do mesmo ano. Alí foi anunciada a creación da *Biblioteca del Exilio*, un proxecto editorial moi ambicioso, que se remontaba ó ano 1953, e que finalmente comezou a funcionar no ano 2000 e no que de novo participa a editorial galega Ediciós do Castro.

Desde a perspectiva concreta de Galicia, e precisamente no seo dese congreso plural, tivo lugar en Santiago (Facultade de Filoloxía da USC, marzo de 1999), a celebración dun evento baixo o título *60 anos despois. Congreso para o estudio dos escritores do exilio republicano*. A maior parte das súas contribucións estaban referidas ó exilio galego, pero cun enfoque fundamentalmente literario.

Por outra banda, e tamén en relación estricta co exilio galego, en datas moi recentes (xaneiro de 2001), organizado polo concello de Pontevedra e a Universidade de Vigo, xunto con outros colaboradores (*A Nosa Terra*, Asociación Cultural Maio Longo, CIG e Aula Castelao de Filosofía) realizouse outro congreso baixo a denominación *Homenaxe ao Exilio Galego, 1936-1975. (Na lembranza de Bibiano Osorio Tafall).* Nesta ocasión prestouse atención preferente ós temas políticos.

Todas estas actividades, que merecen toda a nosa consideración, como outras que non mencionamos por ter unha menor relación co exilio galego, contribuíron notablemente a un mellor coñecemento deste fenómeno, esquecido durante décadas, e fundamental para a historia contemporánea de España en xeral e de Galicia en particular. E neste sentido, o Consello da Cultura Galega, como non podía ser doutro modo, ó convoca-lo congreso *O Exilio Galego* quere tamén contribuír a saldar parte da gran débeda que tódolos cidadáns temos contraída cos nosos exiliados.

Así, durante a preparación do mesmo, e ó estar concibido como unha grande homenaxe ós homes e mulleres que participaron no exilio, xurdiu a iniciativa de elaborar unha base de datos coa maior cantidade posible de referencias sobre os seus integrantes. É necesario advertir que, a medida que se foi avanzando no deseño e realización do proxecto, fomos conscientes de que desbordaba o tempo material do que dispoñiamos para levalo a cabo.

Este *Repertorio bio-bibliográfico do Exilio Galego: Unha primeira achega*, elaborado polo Arquivo da Emigración Galega a través do bo facer de Rosa Mª López González, Carmen Luna Sellés, Silvia Facal Santiago, Gustavo Hervella García e Nancy Pérez Rey(5), está concibido como unha ferramenta de traballo, plasmando a intención de confeccionar un censo con carácter totalizador, a pesar de que somos conscientes de que non figuran tódolos nomes dos protagonistas do éxodo galego que se produciu dende 1936. Precisamente un dos obxectivos desta publicación é o de realizar un chamamento á colaboración de todos aqueles que, por seren protagonistas, testemuños directos do mesmo por vinculacións persoais ou familiares con exiliados ou por coñecementos de calquera tipo acerca do fenómeno, poidan aportar referencias para unha posterior ampliación desta primeira base de datos provisoria. Modestamente, consideramos que se trata dunha iniciativa orixinal, por canto resulta se-lo primeiro intento de recompilación nominativa dos exiliados galegos, abundante en datos prosopopeicos, empregando un criterio amplo que inclúe non só ós famosos pola súa actividade política ou intelectual, senón tamén á xente menos coñecida ou totalmente ignorada, pero en definitiva igualmente partícipe do fenómeno do exilio.

Este labor, sen dúbida incompleto e posiblemente discutible en canto ós criterios adoptados, non sería posible sen a colaboración inestimable de moitas persoas. Todo o noso agradecemento pois para María del Carmen Azorín Bernárdez, Ramón Bargueño, Plácido Betanzos, Carlos Bourio Villarino, María José Costa Alcalde, Ana Cruz Cuervo, Natalia Fernández, Marivel Freire, Teresa García Domínguez, Fabien Garrido, Juana Guillán Vidal, Manuel Iglesias, Pedro Lago, Rogelio Martínez Barreiro, Luis Martul Tobío, Luis Menéndez, Mónica Rebolo, J. Merino Rodríguez, Telesforo Morales Ortiz, María Luisa Pazos, Dionisio Pereira, Eliseo Fernández Fernández, Fernando Quintela Novoa, Leonardo Rey Castro, Pancho Valle-Inclán Alsina, Ana Viéitez Gómez, Elixio Villaverde e Mariví Villaverde. Todos eles ofreceron información valiosísima sobre diferentes exiliados ou facilitaron contactos útiles para a obtención de datos. Tamén proporcionaron información e realizaron revisións críticas da base Emilio Grandío, Xosé Neira Vilas e Víctor Santidrián, así como os membros do Comité Organizador do Congreso Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Axeitos, Marcelino Fernández Santiago, Henrique Monteagudo, Xosé Manoel Núñez Seixas e Miguel Anxo Seixas Seoane, e os integrantes do Comité Científico deste, moi especialmente Isaac Díaz Pardo e Clara E. Lida. Unha particular mención merece por outra banda, a información subministrada por Alberto Fernández Arrieta, vasco, *neno da guerra*, e actual presidente do Centro Español de Moscova.

Ademais de tódalas informacións fornecidas polas persoas citadas con anterioridade foron empregados diferentes tipos de fontes bibliográficas, hemerográficas, documentais (impresas e gráficas) e orais, das que incluímos unha relación ó final deste *Repertorio.* Das primeiras, procedeuse a unha revisión sistemática de monografías e artigos científicos especializados, de temática interdisciplinaria (historia, política, socioloxía, arte, literatura, cine, etc.) en relación co tema concreto do exilio e da emigración galega e española. Especial interese tiveron as obras biográficas, memorias e testemuñas en xeral dos que protagonizaron ou viviron de preto o fenómeno do exilio, así como a producción literaria dos que contaban con ela. Pola súa banda, a revisión e baleirado de fontes hemerográficas creadas polos exiliados galegos, ou contemporáneas ó fenómeno que tivemos ó noso alcance, foi fundamental para recoller novos datos e complementar outros máis coñecidos. Entre as fontes documentais consultadas destacan os listados reproducidos en diversas publicacións, os epistolarios dos exiliados, así como a documentación gráfica de distinta procedencia, de persoas, acontecementos e fitos importantes no periplo vital de moitos deles. Por último, as fontes orais procedentes de exiliados, aínda que non moi abondosas debido á desaparición física da maioría ou por ter unha idade demasiado avanzada para recolle-la súa testemuña, foron de extraordinaria riqueza nos casos nos que si se puideron realizar entrevistas(6).

Somos conscientes de que o repertorio de fontes bibliográficas e hemerográficas empregadas podería ser ampliado en bibliotecas, hemerotecas e centros de documentación fóra da nosa comunidade, pero sobre todo, sabemos que habería que apostar en firme polo baleirado sistemático de fontes documentais existentes nalgúns países que foron os principais receptores do noso exilio. Queda moito por facer, e á vez que queremos realizar unha chamada de atención a este respecto, a continuidade no tempo desta liña de investigación iniciada por este *Repertorio Biobibliográfico* convértese, desde agora mesmo, nun reto das actividades futuras do AEG.

A base está composta por 2.141 rexistros que se corresponden con outros tantos nomes de exiliados, homes e mulleres, ordenados alfabeticamente. Internamente estructúrase en diferentes campos nos que constan: síntese de *datos biográficos do exiliado/a***;** *lugar* xeográfico no que se exilia; *profesión* antes e despois do exilio; *organizacións* políticas ás que se vincula; *nome* do barco no que realiza a viaxe. Complementariamente, e nos casos pertinentes, existe outro campo no que figura a *obra intelectual* realizada no exilio. Por último, aparecen as *referencias bibliográficas* e se é o caso as *fontes orais* que foron utilizadas para extrae-la información, así como as *referencias fotográficas* das que temos constancia. Finalmente, e só nos rexistros que conteñen menor cantidade de información, aparece un campo con *comentarios* de carácter complementario.

Debemos advertir que, malia que tivemos a tentación de incluír táboas e gráficos co ánimo de extraer conclusións de carácter cuantitativo, o convencemento de que esta primeira aproximación é susceptible de aumenta-lo número de rexistros, e polo tanto non ser totalmente representativa, levounos á decisión de pospoñer esta intención inicial sobre unha obra que aínda non consideramos concluída. Tódalas omisións existentes, intencionadas unhas e involuntarias outras, poderían resumirse na frase de Castelao tantas veces citada pola súa utilidade e pé dun dos seus emblemáticos debuxos: “non lle poñades chatas â obra no mentres non se remata. O que pense que vai mal que traballe n’ela; hay sitio para todos”(7).

Cremos que este *Repertorio,* con tódalas obxeccións e críticas que desexamos que se lle fagan, representa un valor incuestionable para a recuperación da memoria histórica dun fenómeno que nunca se debeu producir e, en definitiva, unha homenaxe mínima para os que foron os seus protagonistas, aqueles *transterrados,* na feliz expresión de José Gaos que tantas veces escoitei dun dos

mellores especialistas na súa obra, e un dos meus máis queridos profesores, José Luis Abellán, que fixeron patria fóra da súa propia.

Pilar Cagiao Vila
Profesora Titular da USC
Coordenadora da Sección de Cultura Galega no Exterior - Arquivo de Emigración Galega
Consello da Cultura Galega

Compostela, setembro de 2001

NOTAS

1. Entre os traballos pioneiros interesa salientar outro clásico: Rubio, J.: *La emigración de la guerra civil española de 1936 a 1939.* 3 vols. Madrid: Ed. San Martín, 1977.

2. Neses intres no exterior, sobre todo en México, xa había publicacións de varias obras sobre o exilio. Desde a publicación do emblemático libro de Patricia W. Fagen, froito dunha investigación realizada en México *Transterrados y ciudadanos*, traducido polo FCE en 1975 do orixinal en inglés de 1973, ata a recente obra de Clara E. Lida *Inmigración y Exilio. Reflexiones sobre el caso español*, Siglo XXI, 1997, toda unha escola de historiadores mexicanos ocupáronse do tema dando lugar a unha amplísima literatura sobre o mesmo.

3. Entre as primeiras iniciativas institucionais cabe lembra-la Exposición que baixo o epígrafe *El exilio español en México*, estivo organizada polo Ministerio de Cultura, a Secretaría de Educación Pública de México, o Ateneo Español de México, El Colegio de México e a Institución de Cooperación Iberoamericana, celebrándose no Palacio de Velázquez do Retiro madrileño. Non é de estrañar que o exilio que tivo a México como destino, o maior cuantitativamente falando, o máis rico desde o punto de vista intelectual e o máis estudiado desde aquel país, fose o primeiro en acada-la atención institucional.

4. A revista *Cuadernos Hispanoamericanos*, nº. 473-474, de nov-dec. de 1989, dedica un monográfico ó tema titulado *El exilio español en Hispanoamérica.*

5. A colaboración do resto do persoal actual do AEG: Carolina García Borrazás, Teresa García Domínguez, Marta Lombán Pazos, María Presas Beneyto e María Seijas Montero, así como a de Anxeles Prada Castro, quen colaboraba nunha etapa anterior, foi determinante para levar a bo porto a confección da base. Destacámo-lo apoio técnico desde o punto de vista informático proporcionado por Xosé Antón Freire Ramos.

6. Algunhas destas entrevistas, realizadas con anterioridade e para outras investigacións, están no Fondo HISTORGA (Historia Oral de Galicia), do Arquivo Universitario da Universidade de Santiago de Compostela. Outras, e co fin exclusivo da elaboración desta base, foron realizadas polo equipo de bolseiros do AEG.

7. *Nós* [1931], Madrid: Akal, 1975, páx. 2

Nota introductoria

I.

A definición sobre que é un exiliado non está exenta de debate, e de feito non existe ata o de agora un concepto unívoco. Nomeadamente, non hai acordo entre os diversos autores e teorías á hora de establecer unha nidia diferencia entre un exiliado político, un refuxiado e un emigrante teoricamente *económico*, pero entre as motivacións do cal tamén se atopan causas políticas. No caso galego, as definicións tamén se enfrontan a problemas de encaixe. De entrada, o exilio de 1936 non é o único exilio existente na historia peninsular, nin moito menos na historia galega. Exiliados liberais houbo en 1814, en 1823, os exiliados carlistas de 1839 e de 1876 que se refuxiaron en Francia, Portugal, Gran Bretaña ou América; ou os exiliados progresistas de 1866. En contía moito menor, tamén houbo algúns exiliados anarquistas na Galicia da Restauración, e rexistráronse igualmente durante a Dictadura de Primo de Rivera. Exiliados republicanos houbo tamén entre 1874 e 1892, un exilio selectivo, neste caso, de novos profesionais, con formación e inquedanzas político-intelectuais, que desempeñaron igualmente un importante papel como líderes étnicos das comunidades de inmigrantes galegos, canda os favorecidos polo ascenso económico e profesional, contribuíndo ó nacemento no 1879 das primeiras institucións mutualistas galaicas do Río da Prata e da Habana. Igualmente, algo semellante a un exilio foi a vivencia que transmitiron personaxes que foron desterrados das súas localidades por sentencias xudiciais, ou que foran sometidos a diversas presións político-administrativas, por mor de se comprometeren na axitación política anticaciquil do primeiro tercio do século XX. O refuxio buscado foi, máis dunha vez, América.

Ora ben, para estes casos é preferíbel utilizar outro termo, acuñado xa no século XIX: o de *expatriados*. Mais o problema non remata aí. ¿Qué ocorre cos prófugos das odiadas quintas, que encheron en proporción apreciábel as listas de ausentes dos concellos galegos durante o primeiro tercio do século XX? ¿Tratábase dun *exilio*, ou dunha *emigración*?

Todo tento de definición ha comezar pola toma en consideración dun posíbel criterio: a existencia de liberdade de elección por parte do emigrante/exiliado para ficar ou para partir, e para decidir en que condicións e a onde ha partir, como e cando. Certamente, moitos emigrantes consideráronse a si mesmos exiliados, de xeito xenérico. Mais á hora de buscarmos unha definición operativa, cómpre diferenciar entre os exiliados de 1936 (e anos sucesivos), e os casos anteriores, e mesmo algúns posteriores. Os expatriados republicanos de 1874, do mesmo xeito que os activistas anticaciquís refuxiados en Bos Aires ou Montevideo nas dúas primeiras décadas do século, dispuñan de opcións alternativas á emigración. Sempre dentro dun modelo que podemos definir como racionalidade limitada, é claro, en contextos de información imperfecta e de cálculo borroso e non sempre nidio de posibilidades futuras, como acontece con toda decisión migratoria, e tendo en conta os recursos (individuais ou familiares) e mais a información dispoñíbeis. Doutra banda, permanecer no país en 1874 non implicaba un risco inmediato de represalias que implicasen perigo para a integridade física, perda de propiedades e emprego. Igualmente, nos casos dos prófugos do servicio militar, ou dos descontentos en xeral co réxime imperante, a saída cara a América tamén adoitaba ser unha opción posíbel, pero non perentoria. Emigraban os que podían, os que dispuñan de recursos e información.

O exiliado non pode voltar, polo menos no curto prazo. A permanencia implica un risco serio para a súa integridade física, e mais para a da súa familia. E a razón dese risco é fundamen-

talmente a súa actividade pública comprometida, no eido político, sindical, cultural ou profesional, con principios diametralmente opostos ós do réxime ou bando imperante no seu lugar de orixe. As condicións en que se produce a saída do país de orixe, así como as posibilidades de regreso a este, distinguen claramente ó exiliado do emigrante. De ter que acollerse á categoría de refuxiado político, daquela as oportunidades de mobilidade e inserción sociolaboral do exiliado serán moito máis dependentes das políticas públicas dos Estados receptores, e en concreto da súa disposición a acolleren refuxiados e mais a outorgárenlle ese estatus. Aí entran tamén en xogo consideracións diplomáticas —as relacións entre o Estado receptor e o Estado de orixe dos exiliados (o réxime franquista, neste caso)—, pero tamén as dinámicas de funcionamento da administración, consular e ministerial, que podían permitir ós exiliados atopar vías para conseguir un permiso de residencia, a das disposicións oficiais.

A maiores diso, adóitase sinalar que o exiliado tende a amosar un compromiso político activo e continuado, dirixido cara ó país de orixe, e adoita desenvolver un sentimento de identidade (individual e colectiva) fortalecido por elos de solidariedade afectiva e política, e por formas de sociabilidade específicas. Con todo, unha parte dos emigrantes *económicos* que adquiriran ou madureceran o seu compromiso sociopolítico concordante en maior ou menor medida cos exiliados, compartiron con eles espacios de sociabilidade pública e privada, organizacións e actividades públicas, sufrimentos e inquedanzas. Certamente, varios daqueles emigrantes comprometidos poderían ter sido exiliados *tecnicamente* no caso de estaren en Galicia ou en España en xullo de 1936. Nembargantes, e unicamente para efectos terminolóxicos non os consideraremos exiliados, e xa que logo non os incluiremos nesta lista, aínda que máis dun emigrante *comprometido* chegou a considerarse a si mesmo exiliado, tal fora a simbiose cos que acaban de chegar. Ben entendido, iso non implica xerarquizacións de ningún tipo no grao de compromiso antifranquista de emigrantes e exiliados. Trátase, sinxelamente, dunha opción terminolóxica, do mesmo xeito que resulta problemático aplicar a categoría do *exilio interior*, de acordo coa cal fariamos exiliados a unha ampla porcentaxe da poboación galega no 1939.

Do mesmo xeito, a noción de *refuxiado* en xeral é aplicábel a aqueles movementos de poboación que inclúen persoas non necesariamente opositoras activas ó réxime ou contexto sociopolítico do país de orixe e do que se foxe, senón que sobre todo escapan das consecuencias destructivas dos conflictos bélicos, non presentan grande problema en retornar ó seus fogares unha vez que pasou a incerteza e o medo á salvagarda da integridade física. No caso do exilio republicano español, este fenómeno acompañou ó do exilio na primavera de 1939. Con todo, a maioría deses refuxiados retornaron á España franquista en poucos meses. Unha categoría diferente, non obstante, e que non adoita incluírse, é a das familias directas dos exiliados, quen usualmente os acompañan, malia que non necesariamente (aínda que nas condicións da brutal represión franquista dos primeiros intres todo era de temer) estaban expostos á perda da súa integridade física no caso de ficaren no país de orixe. Os cónxuxes e fillos dos exiliados constitúen, pois, unha categoría particular dentro dos exiliados. Pero tamén se poden asimilar a eles, polo que os incluímos aquí.

Unha derradeira cuestión é a de establecer ata que punto poden ser considerados como exiliados os expatriados que abandonaron o país despois da Guerra Civil, e nomeadamente logo da reanudación da emigración ultramariña no 1946, formalmente como emigrantes e ó abeiro da legalidade vixente. Problema que se vencella con outro máis xeral: as pexas teóricas que supón arredar nidiamente a emigración *económica* da emigración *política*, pois moitas veces ambos os dous tipos de motivacións percíbense de xeito entremesturado, non necesariamente en termos excluíntes, senón complementarios. Así e todo, pódense establecer algunhas matizacións e tipoloxías, con propósitos analíticos.

En primeiro lugar, poderiamos diferenciar as emigracións legais, pero que obedecían a reagrupamentos familiares provocados polo exilio dalgún(s) dos membros do grupo doméstico, materializados cando a saída foi posíbel. Tratouse, neste caso, dunha forma de exilio equiparábel á dos familiares dos cabezas de familia.

En segundo lugar, o que poderiamos denominar descontento *difuso* coa situación sociopolítica imperante, mais que non sempre se había traducir na toma de postura *consciente* e *comprometida* de oposición frontal ó réxime existente, ou que ás veces tiña un alcance meramente local.

En terceiro lugar, falariamos da situación de oposición *consciente*, ás veces *activa* na medida das posibilidades existentes, incentivada pola socialización nun medio social ou familiar antifranquista e/ou pola experiencia da represión directa ou indirecta, que adoito seguía a manifestarse en formas menos violentas, pero que impuñan unha serie de eivas para as oportunidades individuais en España: restriccións no acceso ó mercado de traballo por causa dos antecedentes políticos ou penais, limitacións na mobilidade xeográfica dentro do territorio español, etc. A diferencia con respecto á de 1936-39 estaría, con todo, no feito de que, mesmo nestes casos, dispúñase no intre da marcha dunha certa marxe de elección, por moi restrinxida e limitada que fose; e porque tamén neste caso a posibilidade de emigrar adoitaba ter como precondición a dispoñibilidade, máis unha vez, de certos recursos e de información, a través das redes relacionais e de parentela nas que os individuos se inserían.

Iso non excluirá o feito de que, como veremos, ó longo dos anos corenta, como nas décadas posteriores, haberá casos de exilio provocados pola ameaza inminente de represión directa e inmediata por parte do réxime franquista, por mor de actividades político-sindicais descubertas, delacións, continuidade das sospeitas e da presión das autoridades despois da saída do cárcere ou de ter sufrido represión, ou feitos puntuais.

II.

Para efectos tipolóxicos, podemos establecer, a grandes trazos, varias fases cronolóxicas no exilio galego dende xullo de 1936, e ó longo do periodo franquista:

a) Xullo-agosto de 1936.

b) Setembro 1936-abril 1939.

c) O periodo posterior ó remate da Guerra Civil, subdividíbel pola súa vez en:

c.1. Década dos corenta: exilio por “pingueo” de fuxidos e guerrilleiros a través de Portugal, atravesando a Península ata a fronteira francesa ou por vía marítima.

c.2. Década dos cincuenta: fase de menor saída de exiliados. Cabería falar máis ben de predominio da emigración legal con motivacións sociopolíticas.

c.3. Década dos sesenta e ata 1972. Primeiras saídas de militantes sindicais e da esquerda, de organizacións reconstituídas e que atinxen a unha xeración máis nova, que non fixo a guerra civil.

c.4. 1972-75, fase de exilio temporal de activistas sindicais e políticas posterior ás folgas de Vigo e Ferrol de marzo de 1972, así como ó incremento da axitación política antifranquista.

Dentro de cada unha desas fases, e superpóndose a elas, cabería falar de diversos *itinerarios-tipo*. Obviamente, a diversidade das prosopografías exiliadas é enorme. Tamén o é a multiplicidade de camiños e biografías, pois o exilio é un camiño no que a continxencia, a forza do impre-

visto, xoga un papel se cadra aínda maior que no caso dos itinerarios emigrantes.

Así e todo, e a risco de simplificar, podemos establecer a seguinte tipificación, que consideramos válida cando menos para o exilio político da guerra civil, o que vai dende 1936 ata os comezos dos anos cincuenta.

1. O *exiliado por azar xeográfico*, aínda que non por iso menos exiliado político. Incluiriamos, neste grupo, a aquelas persoas residentes en Galicia, e caracterizadas pola súa fidelidade política activa ó réxime republicano, que por azar se atopaban na zona republicana no intre do golpe de Estado de xullo de 1936. Entrarían aquí políticos que se atopaban daquela en Madrid, que ocupaban responsabilidades en organizacións españolas, sindicalistas, intelectuais ou profesionais, cargos galegos na Administración ou no Goberno republicano, estudiantes galegos en Madrid; pero tamén colectivos que se achaban naquela altura en zona leal por razóns laborais, de xeito sazonal ou esporádico, como podían ser os afiadores e canteiros de diversas bisbarras. O exemplo paradigmático foron os segadores galegos que se atopaban en Castela para a ceifa do trigo, e que se alistaron en boa proporción nas *Milicias Gallegas.* Igualmente, había numerosos galegos esparexidos en diversas unidades militares, así como na mariñeiría de guerra fondeada en portos republicanos. Tamén foron outro exemplo paradigmático os mariñeiros que traballan en pesqueiros ou na mariña mercante, que estaban fóra de Galicia ó estourar o erguemento. E, igualmente, entrarían aquí os galegos cumprindo o seu servicio militar no exército republicano e ós que a sublevación colleu en destinos situados en zona leal.

Unha subcategoría dentro dese grupo estaría constituída polos galegos residentes fóra de Galicia xa con anterioridade a xullo de 1936, esparexidos por diferentes puntos de España, nomeadamente nos puntos de meirande concentración de inmigración económica galega, isto é: Madrid, o País Vasco (nomeadamente, as zonas industriais deste), e mais a conca mineira asturiana, amais de enclaves menores dos que a variedade é enorme. Neste caso, os galegos rara vez terán unha presencia colectiva, pero si unha salientada actuación individual.

Finalmente, algúns non só estaban fóra de Galicia, senón fóra de España, pero non como emigrantes, senón ocupando cargos diplomáticos ou doutra caste ó servicio da República, razón pola que poden ser considerados exiliados: caso de Lois Tobío ou de Vicente Gómez Paratcha, entre outros, quen non eran emigrantes e só se atopaban fóra temporalmente.

2. O *fuxido dos primeiros meses*. Trátase do exiliado que se converte en *fuxido* nos primeiros días do golpe de Estado en Galicia, despois da caída dos últimos focos de resistencia. Politicamente comprometido, este exiliado acudiu á zona republicana, por vía marítima, a través de Portugal ou polo monte, e alí incorporouse ás forzas leais, seguindo o destino-tipo dos exiliados *xenéricos* españois logo da caída de Cataluña en xaneiro de 1939 (fuxida a Francia, internamento en campos de concentración, etc.).

3. O *fuxido*. Politicamente comprometido coa Fronte Popular, este exiliado converteuse en fuxido e non puido escapar de contado á zona republicana. Xa que logo, refuxiouse no monte e tentou pasar á zona leal ou a Portugal, agachouse en casas de amigos ou coñecidos, disfrazouse, e andando o tempo conseguiu escapar de Galicia ó longo da Guerra Civil ou na inmediata posguerra. Ou ben foise por mar como polisón, ou tentando embarcarse con papeis falsos en Vigo ou A Coruña cara a América. Foxe a través de Portugal, entrando no país por vía terrestre, onde os exiliados tiñan á súa vez que burlar a vixiancia da policía política (PIDE) e da Garda de Fronteiras do réxime salazarista. Os refuxiados galegos apoiábanse para iso nas redes preexistentes de contactos trans-

fronteirizos por elos de parentela, sociabilidade e reproducción social, cimentados ademais na emigración estacional, na alta cantidade de galegos residentes en Portugal, nos contactos propiamente políticos dos exiliados con opositores antisalazaristas, na existencia de mestas redes de contrabandistas e colaboradores a ambos os dous lados da raia, ou na existencia na banda portuguesa da fronteira de persoas dedicadas a facilitarlles papeis ós refuxiados en troco de diñeiro.

Caso particular foron os que, para salvar a pel do boureo da represión franquista e malia o seu compromiso político, alistáronse —*motu proprio* ou cominados polos sublevados, diante da necesidade de homes para a fronte de guerra; ou como seguro para que un familiar próximo conservase a vida— nas riolas do exército sublevado, máis dunha vez na Lexión, e máis tarde puideron desertar na fronte e pasarse ós republicanos.

En todo caso, os republicanos galegos que fixeron a guerra, en parte ou na súa totalidade, no bando leal, como combatentes ou como colaboradores do esforzo bélico, e que sobreviviron ó conflicto, víronse abocados a seguiren un destino semellante ó do resto dos republicanos españois: pasar a fronteira nos primeiros meses de 1939, sufrir o internamento en campos de refuxiados, e dende alí procurar un traballo en Francia ou un embarque a América, sobre todo para México, Santo Domingo ou Cuba, tamén para Chile ou Arxentina, dentro dos continxentes evacuados polo Servicio de Evacuación de los Republicanos Españoles (SERE), constituído polo Goberno de Negrín, e a rival Junta de Auxilio dos Republicanos Españoles (JARE), creada en xullo de 1939 por Indalecio Prieto, gracias á súa apropiación dos fondos do iate Vita. Aqueles que non voltaron a España ou a Galicia, e que non puideron ser evacuados, tiveron que sobreviver baixo a ocupación alemana, á parte dos enrolados na Lexión Estranxeira ou en diversos corpos para combater contra os alemáns, e mais o réxime colaboracionista da Francia de Vichy nas condicións sinaladas para o resto dos españois: ingreso en compañías de traballadores estranxeiros, en zona ocupada ou libre; traballo fóra dos campos en diversas ocupacións; ou colaboración coa Resistencia francesa. Algúns tamén foron parar ós campos de internamento de Túnez e da Alxeria francesa, coma outros combatentes republicanos españois. Os menos afortunados tomaron parte dos 7.200 republicanos españois deportados ós campos de concentración e mesmo de exterminio nazis. Despois da liberación de Francia polas tropas aliadas, unha boa parte deses exiliados reemigrou cara a Latinoamérica. Outros, sen podermos establecer porcentaxes fiábeis polo de agora, reintegráronse ás actividades guerrilleiras no interior de España e Galicia, seguindo diversos destinos vitais; outros máis, en fin, ficaron en diversos puntos de Francia, preferentemente, coma a maioría dos españois. Outros, en fin, voltaron a Galicia ou a España, ó longo da segunda metade dos anos corenta e nos anos cincoenta. Unha pequena porcentaxe tiveron como destino final do seu exilio a URSS, sumándose a dous colectivos máis: o dos mariñeiros destinados en barcos fondeados na Unión Soviétiva, e os *nenos da guerra* de orixe galega, polo xeral fillos de emigrantes galegos en Asturias ou no País Vasco.

3. O *fuxido* ou *guerrilleiro da posguerra*. Inclúense aquí aqueles exiliados que se evadiran do cárcere ou se converteron en fuxidos na posguerra, para escapar de denuncias ou persecucións, e posteriormente conseguiron embarcar cara a América (directamente ou vía Portugal), cara a Francia ou pasar por terra ata os Pirineos. E, así mesmo, aqueles que se incorporaran á loita guerrilleira, incluíndo os militantes chegados adoito dende Francia para incorporárense ás agrupacións guerrilleiras a partir de 1944 e que entraron e saíron de Galicia máis dunha vez. Varios destes guerrilleiros acabaron refuxiándose, particularmente, en Francia, pero tamén en menor medida nalgúns países americanos, dende fins da década, cadrando coa diminución da actividade do maquis antifranquista.

4. O legalmente *emigrante* a partir de 1947, pero que, ou ben se insería nun proceso de reagrupamento familiar con exiliados das fornadas anteriores xa residentes no estranxeiro, ou que obedece á situación de oposición *consciente*, polos motivos xa sinalados.

Xosé M. Núñez Seixas
Profesor Titular da USC
Arquivo da Emigración Galega
Consello da Cultura Galega

Compostela, setembro de 2001

1 "Candidito"

Países: Arxentina

Biografía

(Rianxo, A Coruña, ?) Galeguista fillo do impresor Cándido. Despois de andar escapado conseguiu ir para América, concretamente para Bos Aires onde casou cunha rianxeira.

Refª.Bibliográficas: VILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995a:26)

2 "Cari"

Países: México

Biografía

(? - ?) Muller de Xoán López Durá que estivo exiliada en México.

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:9)

3 "Constantino de Borrén"

Países: Portugal

Biografía

(Póboa de Trives, Ourense, ?) Durante a Segunda República foi concelleiro en Póboa de Trives. A comezos de 1941 tentou facer a ruta Vinhaes-Porto nun automóbil alugado. Foi detido en Porto.

Profesións: Concelleiro

Refª.Bibliográficas: TÉLLEZ, Antonio (2000:83)

4 "Flaminio de Vilarmeao"

Países: Estados Unidos

Biografía

(Vilarmeao, Viana do Bolo, Ourense, ?) En 1936 estivo en Bilbao onde coñeceu a Mario de Langullo. Enrolouse na Lexión e de alí pasou ás filas republicanas ata que marchou cara ó exilio en Estados Unidos. Dende alí reclama ó seu irmán e a súa nai.

Refª.Bibliográficas: TÉLLEZ, Antonio (2000:37)

5 "O Montuno"

Países: Portugal

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, ?) Fuxiu polo monte a Portugal e alí foi apresado e entregado ás autoridades franquistas. Finalmente foi fusilado.

Refª.Bibliográficas: VILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995a:55)

6 ABALO CARRETE, Miguel

Países: Arxentina

Biografía

(? - ?) Galego exiliado na Arxentina que pertencía ás filas de Izquierda Republicana. Fora administrador do xornal madrileño de Izquierda Republicana "Política" que dirixía Bibiano OsorioTafall. Tamén fora inspector de seguros.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Xornalista / Inspector de Seguros

Refª.Bibliográficas: "Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.

7 ABE CASTRO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Bueu, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet D´Ariege en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

8 ABEIRAS PERMUY, Robustiano

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Serantes, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

9 ABELAIRA FERNÁNDEZ, Máximo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936 e que un tempo despois pasa a formar parte do Vº Rexemento de Milicias Populares, e logo intégrase como 4º Batallón da 1ª Brigada Mixta no Exército Popular. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

10 ABELEIRA, Antonio

Países: Arxentina

Biografía

(? - ?) Labrego afiliado a Izquierda Republicana que á altura de 1945 está exiliado en Bos Aires.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Labrego

Refª.Bibliográficas: "Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.

11 ABELLA BEADE, Luis

Países: Francia

Biografía

(Landoi, Cariño, A Coruña, 1900 - ?) Militante da "Sociedad de Camareros y Cocineros "La Paz" de Ferrol dende 1920. A partir da década dos 30 destacou como un dos membros máis activos da Confederación Regional Galaica da CNT. Foi ademais un dos fundadores e secretario da "Federación de Sindicatos Únicos de Ferrol y su Comarca". Por mor da súa participación en folgas e actos reivindicativos foi detido en varias ocasións. Tralo alzamento de xullo de 1936 tivo que agocharse ata que en 1939 participa na fuga do pesqueiro "Ramón" dende Ares. Despois da súa chegada a Brest, na Bretaña francesa, foi conducido ó campo de refuxio de Barcarés. En Francia, onde viviu ata a súa morte e ó contrario de outros compañeiros, non tivo actividade na "Confederación Regional Galaica" nin no "Movimento Libertario no Exilio" (MLE).

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

12 ABELLA MONTENEGRO, Rogelio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Viveiro, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarés en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

13 ABRIL ABRIL, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Mondaríz, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelés sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

14 ABUÍN CHARLÍN, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ribeira, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarés en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

15 ABUÍN FERNÁNDEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Lugo, ?) Formou parte durante a Guerra Civil do Batallón de Milicias Populares Gallegas. En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelés sur Mer 8 bis en Francia. Tamén estivo refuxiado no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

16 ABUÍN SOMOZA, José

Países: Unión Soviética

Biografía

(Pontevedra, 1905 - Sinferopol, 1971) Mariñeiro afiliado ó Partido Comunista dende 1940 e que marchou á Unión Soviética no barco "Cabo San Agustín". Traballou en Odesa, Vorosilovgrado e Alma-Ata e foi voluntario do Exército Vermello. Despois, traballou como obreiro en Sinferopol, onde se estableceu definitivamente e onde faleceu.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Obreiro / Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

17 ACEVEDO, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:147)

18 ACUÑA ESTÉVEZ, Rogelio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Posteriormente estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139 e 144)

19 ACUÑA, Víctor

Países: Francia / Cuba / Estados Unidos

Biografía

(A Coruña, ?) Estivo exiliado en París e logo en Cuba pasando por Nova York. Neste último destino foi delegado da Casa de Cultura da Habana.

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1988, III:105-106)

20 ADÁN RIVAS, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

21 AGUILAR RODRÍGUEZ, ?

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

22 AGUIÑO VIDAL, Juan

Barco
NUEVO EMDEN

Países: Francia / Guatemala / Nicaragua

Biografía

(O Grove, Pontevedra, 1900 - O Grove, 1968) Fillo dun mariñeiro do Grove, herdou do seu pai a profesión, traballando desde 1916 enrolado nun barco pesqueiro. En 1925 xa é patrón da súa propia embarcación, e entre 1935 e 1936 comprará o barco "Nuevo Emden", co que partirá ó exilio o 16 de agosto de 1937, xunto a 17 compañeiros. Fuxen á Bretaña francesa, recalando no porto de Concarneau. Segundo atracan o goberno galo expulsa a parte da tripulación, que recala en Barcelona; non é o caso de Juan Aguiño, que ante a imposibilidade de voltar, decide marchar a Arxentina, fracasando neste intento, igual que no de fuxir cara a Venezuela, debido ó estalido da Segunda Guerra Mundial. Mentres durou a contenda adícase ó contrabando de peixe, agardando o mellor momento para fuxir. Será en 1948 aproveitando as vantaxes que ofrece o goberno de Guatemala. Chega ó país centroamericano en xaneiro de 1949, onde permanecerá ata 1950 que marcha para Cuba. Coa chegada ó poder de Fidel Castro a súa situación económica empeora. En 1962 regresa por primeira vez a España e tras unha breve estadía volta ó Caribe, e de alí a Estados Unidos. Regresa definitivamente a Galicia en 1966, morrendo dous anos despois na súa vila natal.

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: LUIS MARTÍN, Francisco e ARIAS GONZÁLEZ (2000)

Refª.Fotográficas: LUIS MARTÍN, Francisco e ARIAS GONZÁLEZ (2000:13, 21, 24, 32, 33, 38-45, 47 49)

23 AILLÓN PIÑÓN, Ricardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet d´Ariege en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

24 ALBERT FRANCISCO, Jorge

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

25 ALEMAÑY MENÉNDEZ, José

Barco
ORINOCO

Países: Francia / Cuba

Biografía

(Santiago de Cuba, 13/04/1910) Era coñecido como Pepín. Os seus avós maternos vivían en Nigueiroá, Bande, Ourense, xunto coas súas fillas María e Rosa. Emigraron a Cuba xunto con Rosa onde ela coñeceu a Guillermo un fillo dun patrón de barcos mallorquín. Do seu matrimonio naceu Pepín primeiro e logo o seu irmán. O 23 de setembro de 1915 Pepín e a súa nai chegan a Vigo. Pepín estudiou de neno no mosteiro de Celanova e logo en Vigo peritaxe mercantil. Mentres o pai ía e viña de Cuba a Nigueiroá, pasando tempadas na aldea. Na súa xuventude, Pepín conecta en Vigo cos movementos políticos de esquerda e coas organizacións republicanas. De alí ían a Tui a repartir propaganda nas feiras sorteando os rexistros da Garda Civil coa documentación que o acreditaba como cidadán cubano. De regreso en Nigueiroá colabora con Edmundo Woodford, un bispo anglicano. Alí tamén vivirá a revolución de outubro do ano 1934, asistinto ós campesiños cando se produce a reforma do pago da contribución. En abril do ano 1936, pechouse nun salón do Concello de Bande para pedir a liberación duns compañeiros do Partido Comunista detidos pola Garda Civil. O 19 de xullo de 1936 fuxiu da súa casa para ir a Belmonte en Asturias, onde coñeceu á súa futura muller, Honesta, chamada "la Rojilla". Alí, xunto con Luis Soto forman un grupo armado co que en reiteradas ocasións tentaron regresar a Galicia. O obxectivo era organizar ós republicanos fuxidos ós montes. Na fronte de Asturias Pepín chegaría a te-lo grao de capitán. Logo da caída de Xixón, estando xa Honesta embarazada, abandonarían España cara ó exilio francés. En Francia, gracias a doble nacionalidade de Pepín, conseguen dúas pasaxes para Cuba e embarcan nun buque alemán chamado "Orinoco" onde naceu o seu fillo. En Cuba non será doada a súa vida. Mentres Honesta lavaba roupa, el vai traballar a Panamá onde só ficará un mes. Despois dunha curta estadía como traballadores na Embaixada Americana irán a Camagüey para traballar como camareiros na "Central Azucarera Santa Marta". Traballarán alí ata ser denunciados pola súa militancia comunista e regresan A Habana. Pepín consegue un emprego estable como taxista e a posibilidade de vivir con certo desafogo económico. Co seu Chevrolet Pepín transportaba armas e mediciñas en apoio a revolución de 1959. Logo do triunfo da Revolución castrista ocupará diversos cargos na vida civil do novo estado, entre eles, o de director de hoteis e cadeas de cine. Recibiu varias condecoracións, algunhas impostas directamente por Fidel Castro. No ano 1994 retorna a Galicia coa súa muller por motivos de saúde.

Organizacións ás que pertenceu:
PARTIDO COMUNISTA CUBANO

Profesións: Perito mercantil

Profesións no exilio Taxista / Director Hostelería / Director Cadeas Cine

Refª.Bibliográficas: FERNÁNDEZ NAVAL, Francisco X. (1999:6-13)

Refª.Fotográficas: FERNÁNDEZ NAVAL, Francisco X. (1999:16)

26 ALFEIRÁN CARRILLO, Manuel

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) Mariñeiro que segundo documentación do Concello de Malpica, foxe o 22 de xuño de 1938, pero o seu paradeiro é descoñecido.

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: Documentación do Concello de Malpica (listado de recrutamento).

27 ALGARRA DE SAA, Amador

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrante do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:
BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

28 ALGUACIL SALORIO, Amelia

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, 1922) Foi evacuada no ano 1937 dende o País Vasco cara a Francia. Alí foi instalada na colonia de refuxiados Beaugency 45.

Estudiante / Nenas da Guerra

Refª.Bibliográficas: ALONSO CARBALLÉS, Jesús (1998:anexo)

29 ALGUACIL SALORIO, Andrés

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, 1925) Foi evacuado no ano 1937 dende o País Vasco cara a Francia. Alí foi instalado na colonia de refuxiados Beaugency 45.

Profesións: Estudiante / Nenos da Guerra

Refª.Bibliográficas: ALONSO CARBALLÉS, Jesús (1998:anexo)

30 ALGUACIL SALORIO, Arturo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, 1923) Foi evacuado no ano 1937 dende o País Vasco cara a Francia. Alí foi instalado na colonia de refuxiados Beaugency 45.

Profesións: Estudiante / Nenos da Guerra

Refª.Bibliográficas: ALONSO CARBALLÉS, Jesús (1998:anexo)

31 ALGUACIL SALORIO, Consuelo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, 1921) Foi evacuada no ano 1937 dende o País Vasco cara a Francia. Nese país foi instalada na colonia de refuxiados Beaugency 45.

Estudiante / Nenas da Guerra

Refª.Bibliográficas: ALONSO CARBALLÉS, Jesús (1998:anexo)

32 ALGUACIL SALORIO, Mariano

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, 1927) Foi evacuado no ano 1937 dende o País Vasco cara a Francia. Alí foi instalado na colonia de refuxiados Beaugency 45.

Profesións: Estudiante / Nenos da Guerra

Refª.Bibliográficas: ALONSO CARBALLÉS, Jesús (1998:anexo)

33 ALMOINA MATEOS, José

Países: República Dominicana / México

Biografía

(Lugo, 21/06/1903 - México, 04/03/1960) Tras cursa-lo bacharelato trasládase a Santiago onde se matricula en Filosofía e Letras, estudios que completa con Maxisterio. Preséntase a unhas oposicións para funcionarios de Correos onde obtén unha praza. En 1937 era cónsul español na cidade de Burdeos. En 1939 decide partir cara ó exilio en Santo Domingo. Alí foi secretario persoal de Trujillo así como profesor da "Escuela Diplomática y Consular de la Secretaría de Estado de Relaciones Exteriores" entre 1940 e 1945, da Escuela Nacional de Bellas Artes entre 1944-1945 e da Facultade de Filosofía da Universidade de Santo Domingo. Máis tarde vai para México.

Profesións: Diplomático / Funcionario

Profesións no exilio Escritor / Profesor

Obra no exilio: "La biblioteca erasmista de Diego Méndez" (1945), Ciudad Trujillo: Ed. Montalvo; "La frontera de la República Dominicana con Haití" (1945-1946) Ciudad Trujillo: Editorial La Nación; "Un lírico domnicano, ensayo sobre la poética de Enrique Henríquez", La Nación, Ciudad Trujillo, (08/04/1940); "Notas a un tema lírico hispano-portugués", Revista Educ. Rep. Dom., XIV:71, (xullo-setembro 1943), 18-36; "El padre Feijóo y América", La Nación, Ciudad Trujillo, (14-20/09/1944); "El Padre Córdoba y su doctrina para Indios", La Nación, Ciudad Trujillo, (15/10/1944), (24/10/1945), (30/07/1945), (10/08/1945) e (17/08/1945)
"Rumbos heterodoxos en México"
"La póstuma peripecia de Goya"
"Yo fui secretario de Trujillo"

Refª.Bibliográficas: VILANOVA RODRÍGUEZ, Antonio (1990:)
LLORENS, Vicente (1975:161-171)
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:7)

---

34 ALONSO BRUFAU, Syra María

Barco
SERPA PINTO

Países: Portugal / México

Biografía

(A Coruña, 1899 - México D.F., 1970) Procede dunha familia da burguesía comercial coruñesa. Con vinteún anos casa co pintor Francisco Miguel Fernández Díaz, o día 19 de novembro de 1920, sendo testigo da voda o poeta uruguaio Julio Casal. Na década dos vinte viaxan xuntos a París onde vivirán por un tempo no barrio de Montparnasse. Despois viaxan con Francisco Alberto, o seu fillo, á Habana, cidade na que Francisco Miguel realizou un retrato ben coñecido do escritor Alejo Carpentier. En 1926 marcharon a México onde o poeta León Felipe foi o seu anfitrión, entrando en contacto ademais con outros intelectuais de esquerda como a chilena Amantina Quintanilla, amiga íntima de Gabriela Mistral. O pintor introdúcese no grupo dos "Contemporáneos" e xunto co pintor David Alfaro Siqueiros e a súa compañeira, a poetisa uruguaia Blanca Luz Brum, vivirán nun convento en ruinas en Taxco, Guerrero. Durante a súa estadía en México coñece ó cineasta Sergei Einsenstein, que se apaixona por ela. En México nacen tamén dous fillos do matrimonio, José Ramón e Sandro. No ano 1932 regresan á Cidade de México e dende alí deciden voltar a Galicia o 10 de novembro de 1933 no barco "Cristóbal Colón". Despois de vivir en Madrid durante un ano, van para Santa Cruz de Oleiros, A Coruña. O 3 de agosto de 1936 a Garda Civil detén a Francisco Miguel acusado de actuar contra o rexime militar golpista. Sae en liberdade pero o 19 de setembro préndeno de novo, e de forma definitiva, xa que Francisco Miguel foi fusilado o día 28 de setembro. Dous anos despois, Syra comeza a escribir un diario no que recolle o período de agochamento en Galicia ata que conseguiu sair cos seus fillos de novo para México vía Lisboa no barco "Serpa Pinto". Syra instalarase co seu fillo José Ramón en Actopán, mentres que Sandro e Alberto quedan en México D.F. Os últimos anos de vida pásaos en México D.F., ata a súa morte producida por un cancro de ósos.

Obra no exilio: "Syra Alonso. Diarios" (2000), Vigo: A Nosa Terra

Refª.Bibliográficas: OTERO, Elva (2000:2-3)
SUMAI, Anxos (2000:40)

Refª.Fotográficas: "Syra Alonso. Diarios" (2000)

---

35 ALONSO DIÉGUEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Sarxento do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936 e que un tempo despois pasa a formar parte do Vº Rexemento de Milicias Populares, e logo intégrase como 4º Batallón da 1ª Brigada Mixta do Exército Popular Republicano. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989:139)

36 ALONSO GIL, Feliciano

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

37 ALONSO IGLESIAS, Eduardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cartelle, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

38 ALONSO LOSADA, Andrés

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Peites, Ribas de Sil, Ourense, 21/01/1908 - Mauthausen, 06/01/1942) Foi trasladado ó comando Gusen 2 do campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)
"Los crímenes del nazifascismo", Cultura Proletaria, XVIII:906, (08/09/1945), 3.

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

39 ALONSO MAGADÓN, Ceferino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

40 ALONSO MIQUIEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cervantes, Lugo, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

41 ALONSO MISA, Inocencio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cambes, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet D´Ariege en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados. Segundo PEREIRA, Dionísio e FERNÁNDEZ, Eliseo (2001), hai un Inocencio Alonso de profesión músico que fora membro da "Columna Durruti", exiliado en Chile onde pasa 11 anos para pasa despois á Arxentina.

42 ALONSO PRIETO, Rosa

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Bande, Ourense, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Ursulinas Beignolo VAD en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

43 ALONSO PUENTE

Países: Portugal / México

Biografía

(? - ?) Médico de Ordes durante a IIª República. Cando entran os militares na vila desaparece. Chegou a Portugal e despois de evita-las persecucións da PIDE, consegue tomar un avión cara a México onde casa con Estrella Concheiro García, cuñada de Francisco Comesaña.

Profesións: Médico

Refª.Bibliográficas: ASTRAY RIVAS, Manuel (1992:112-113)

44 ALONSO RÍOS, Antonio Hipólito

Barco
LIPARI

Países: Portugal / Marrocos / Arxentina

Biografía

(Campo Rapado, Silleda, Pontevedra, 15/08/1887-Bos Aires, 1980) Estudiou na Escola Normal de Santiago a carreira de Mestre, facendo en tres anos os catro cursos. En 1906 remata os estudios e é nomeado profesor auxiliar da mesma Escola Normal. Por razóns de saúde terá que retornar a Silleda onde se dedicará a traballar na terra. En maio de 1908 toma a decisión de marchar como polizón no barco "Aragón" rumbo á Arxentina. En Bos Aires revalida o título de mestre e ingresa a traballar como suplente. De aí pasou a exercer o maxisterio na provincia de Mendoza, cunha praza en propiedade. Posteriormente, volveu a Bos Aires onde exerceu como director de escola e do 1913 ó 1920 de profesor de Historia no Instituto Politécnico. Malia o seu traballo na docencia, fará tempo para participar das actividades dos seus paisanos galegos. É así como, en 1909, colabora na fundación da "Sociedad Hijos de Silleda" entidade que se propuxo a creación de escolas na terra natal. Por aqueles anos, Antonio coñece a Oliva Rodríguez, unha paisana da súa aldea coa que casará e terá catro fillos: Oliva, Chamor, Ombú e Celta. En Bos Aires Alonso Ríos participou tamén das actividades do Partido Socialista Arxentino. Desde 1919 a 1931 leva a xerencia da "Sociedade Científica Arxentina", mentres nos momentos libres inicia a carreira de Filosofía. En 1920 comeza a dar os primeiros pasos, para intentar unificar ós distintos centros galegos. O 24 de setembro de 1921 convócase o I Congreso fundacional da Federación de Sociedades Galegas Agrarias e Culturais. Ese día xuntáronse 12 sociedades galegas na rúa Bolívar 665 de Bos Aires. Ó remata-lo Congreso será elixido Martínez Castro, da sociedade de Ponteareas, Secretario Xeral e Alonso Ríos, que dirixía a sociedade de Silleda, director do xornal "Despertar Gallego", que comezará a editarse a partir do 1º de xaneiro de 1922. En 1931, na Federación convivía o sector vinculado ó Partido Socialista de Martínez Castro así como o que se definía galeguista integrado por Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo e Blanco Amor entre outros. En 1931, coa chegada da República, a Federación virará cara ás posicións galeguistas, impulsando a creación da ORGA. A Federación nomea a Alonso Ríos e Suárez Picallo para que os represente en Galicia, a onde chegan para participar o día 5 de xuño de 1931 na Asamblea Republicana da Coruña, sendo nomeado presidente da mesma, e Suárez Picallo será proposto como candidato a Deputado. Mentres tanto aproveita a escala en Barcelona para se entrevistar con Macías, e de volta para Galicia, fai escala en Madrid, onde ten un forte encontronazo con Casares Quiroga, a quen lle fai chegar as opinións da emigración sobre todo en relación ós dereitos nacionais de Galicia. Durante estes primeiros anos da República, Alonso Ríos traballa tamén como director da escola fundada polos emigrantes de Tomiño, "Aurora del Porvenir". A súa vocación polos problemas do campo lévano a organizar o movemento agrarista na Provincia de Pontevedra, dentro das listas da Fronte Popular. Durante a campaña polo Estatuto de Autonomía, Alonso Ríos percorrerá as distintas aldeas e vilas galegas, entusiasmando ós labregos coa necesidade de contar cun goberno propio. O alzamento de 18 de xullo sorpréndeo en Tomiño, descansando coa súa familia. Durante tres anos, e disfrazado como esmolante, foxe por Pontevedra, Ourense e Portugal, baixo unha nova identidade "Afranio de Amaral", mentres que as forzas reaccionarias o buscaban desesperadamente para asasinalo. Finalmente pode saír a Portugal, de alí a Marrocos, para logo trasladarse a Bos Aires. Chega á capital arxentina en xuño de 1939. Cinco anos despois fúndase en Montevideo o Consello de Galiza coa sinatura de Alfonso Rodríguez Castelao, Elpidio Villaverde, Antonio Alonso Ríos e Ramón Suárez Picallo. Coa morte de Castelao en 1950, Alonso Ríos asume a presidencia efectiva do Consello de Galiza. O 1de outubro de 1945, a delegación do Consello de Galicia sae rumbo a México para participar da convocatoria da reunión das Cortes no exilio. Durante os últimos anos da súa vida, Alonso Ríos continuou participando activamente en tódalas actividades patrióticas da colectividade galega. Escribiu artigos e libros, e tamén ofreceu e dictou gran número de conferencias. Morre na capital arxentina en 1980 con 93 anos.

Organizacións ás que pertenceu:

CONSELLO DE GALIZA
ORGA ORGANIZACIÓN REPUBLICANA GALLEGA AUTÓNOMA
PARTIDO AGRARIO DE IZQUIERDA
PG PARTIDO GALEGUISTA

Profesións: Mestre / Labrego / Dependente

Profesións no exilio Político

Obra no exilio: Ensaios xornalísticos: "Noite i Amañecer de Galiza" (1942), "Da Saudade, Amore, Arte e Misticismo" (1956), "A cultura Galega na súa dimensión Americán" (1961), Bos Aires: Prisciliano
Novelas: "Nidia", "O siñor Afraniao ou como me rispei das gadoupas da morte" (1979)
Tratados: "Tratado da Velocidade" (sobre as matemáticas)
"O mundo de fala galega - I o Hispanismo", El Orensano, I:9, 11.

Refª.Bibliográficas:
ALONSO FERNÁNDEZ, Bieito (1994)
VILANOVA RODRÍGUEZ, A. (1966, II:1361-1362)
NEIRA VILAS, Xosé (1996, III:135-142)
PÉREZ LEIRA, Lois (1999:9-16)
www.cigmigracion.com/alonsor.htm
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b, II:988-989)
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:285-323)

Refª.Fotográficas: Arquivo fotográfico AEG, nº rexistro 195, 455, 460 e 464 e CD-ROM I (Carpeta: Federación de Sociedades Galegas I, nº 3, 51, 66) (Carpeta: FSG III, º 12) e CD-ROM III (Carpeta: Elpidio Villaverde, nº 5), PÉREZ LEIRA, L. (2000), CID CABIDO, Xosé (1993:95), AXEITOS, Xosé Luis (1995 : 54, 121 e 157) e NEIRA VILAS, Xosé (2000:310)

45 ALONSO SALGADO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ourense, ?) Integrou o Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Estivo tamén no campo de refuxio de Vernet d´Ariège (barraca 43) e no de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135 e 142)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

46 ALONSO VILLAR, ?

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

47 ALVAJAR DIÉGUEZ, César

Países: Francia

Biografía

(A Coruña, 1892 - París, 1965) Xornalista e político exiliado en Francia. Durante a súa etapa de estudiante de Maxisterio e Letras, en Santiago de Compostela, fundou o xornal "La República". Colaborou tamén en "Tierra Gallega" e "El Noroeste" e fundou o semanario satírico "La Ciudad". Así mesmo, foi director do semanario político "Adelante" e presidiu o Casino Republicano da Coruña, ademais de exercer como secretario de Manuel Iglesias Corral, alcalde entre 1932-1934. Polo Partido Republicano Radical foi candidato ás eleccións constituíntes de 1931 e membro do Comité Organizador de "Agrupación a la Tercera República". Foi Gobernador Civil de Soria. Membro da Logia Masónica "Pensamiento y Acción número 11" entre 1932 e 1936, na cidade da Coruña, utilizando o nome simbólico "Voluntad". A través deste organismo liderou ós radicais-demócratas seguidores de Martínez Barrio e confluíu cos radicais-socialistas na Unión Republicana en 1934. Preside, a comezos do ano 1936 a "Liga Española de Derechos del Hombre". Durante a Guerra Civil está en Madrid e Barcelona coa súa muller, Amparo L. Jean e a súa filla María Teresa. Foi subsecretario de Propaganda do Ministerio de Estado do Goberno Negrín. Dende Barcelona sae cara a Francia establecéndose nun principio na Bretaña, Vert sur Mer, onde dirixe unha residencia de masóns. Logo despois establécese en París, onde dirixiu "La Nouvelle Espagne", revista do goberno republicano no exilio e o xornal "República", órgano de Acción Republicana Democrática Española. Foi o delegado en París da Irmandade Galega e do Consello de Galiza a partir de 1957. A súa firma tamén aparece na fundación do Bloque Repubricán Nazonal Galego por parte de Unión Republicana.

Organizacións ás que pertenceu:

AGRUPACIÓN A LA TERCERA REPÚBLICA
BRNG BLOQUE REPUBRICÁN NAZONAL GALEGO
CONSELLO DE GALIZA
IRMANDADE GALEGA DE FRANCIA
UNIÓN REPUBLICANA

Profesións: Político / Xornalista / Gobernador Civil / Secretario Municipal

Profesións no exilio Xornalista

Obra no exilio: "El regionalismo gallego", "Estudio crítico de Pondal", "Voces al viento: coplas de César Alvajar" (Antoloxía) (1930), A Coruña: Imprenta Artística

Refª.Bibliográficas:
PÉREZ ALVAJAR, José Antonio (1995)
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b, II:989)
"Hacia la Unidad de los Gallegos Antifranquistas", Galicia, XXIV:946, (02/03/1946), 3. (Sobre a súa afiliación o BNRG)
ÁLVAJAR LÓPEZ, Javier (1992:156)
VELASCO SOUTO, Carlos F. (2000:44) Galiza na IIª Republicana, Vigo: A Nosa Terra, 2000, p. 44.
NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (comp.) (2000:683, n. 619)
LAMELA GARCÍA, Luis (1998:27)
PÉREZ PAÍS, Mª (2001:286)
VALÍN FERNÁNDEZ, Alberto (2001:256)

Refª.Fotográficas: Galicia, XXXVII:1288, (28/02/1958), 1.

48 ALVAJAR LÓPEZ JEAN, Francisco Javier

Países: Francia

Biografía

(A Coruña, 192?) Era fillo de César Alvajar e Amparo López Jean. En 1932 ingresa no Instituto da Guarda. Formou parte da UEA (Unión de Estudiantes Antifascistas) como tesoureiro. Cando tivo lugar o alzamento de xullo de 1936 fuxiu a Teixeiro. Formou parte do exército republicano pouco tempo antes de ter rematada a Guerra Civil na "Quinta del Biberón". Ó remate da guerra voltou á Coruña. Uns anos despois marchou a Ponferrada a traballar como xerente nunha mina de wolfram. No ano 1954 marchou a Francia por primeira vez porque non quiso colaborar coa Garda Civil na captura duns guerrilleiros que actuaban nos montes próximos á mina. Despois retornou á Coruña na procura da súa muller para marchar os dous ó exilio francés. No exilio foi delegado do Consello de Galiza en Europa e Secretario do "Ministerio de Información, Propaganda y Archivos" do goberno republicano español no exilio.

Organizacións ás que pertenceu:

CONSELLO DE GALIZA
UEA UNIÓN DE ESTUDIANTES ANTIFASCISTAS

Profesións: Administrativo

Profesións no exilio Secretario Gubernamental

Obra no exilio: "La Coruña de mi adolescencia. Recuerdos de la Segunda República Española" (1992), Anuario Brigantino, 15, (1992), 149-174
"La Coruña de mi juventud. Recuerdo de la Guerra Civil,"(1993), Anuario Brigantino, 16, (1993), 125-154

49 ALVAJAR LÓPEZ JEAN, María del Amparo

Barco
MASSILIA

Países: Francia / Arxentina / México / Suíza / Portugal

Biografía

(A Coruña, 08/08/1916 - Monçao, Portugal, 17/04/1998) Xornalista filla do coruñés César Alvajar e de Amparo López Jean, tamén exiliados. Dende moi nova destacou polas súas dotes musicais e intelectuais. Matriculada ós 10 anos no Instituto da Guarda, logrou acadar na reválida de terceiro do Instituto unha matrícula de honra. Traballou directamente con Casares Quiroga durante a República. Cando éste foi nomeado presidente do goberno trasládase con el a Madrid para traballar nas oficinas do SIM (Servicios Secretos do Ministerio da Gobernación). Na capital coñece e casa con Arturo Cuadrado Moure. Trasladados a Valencia nace a súa filla Silvia. Despois vai para Barcelona onde tamén estarán os seus pais e a súa irmá María Teresa. En marzo de 1939 o matrimonio Cuadrado Alvajar está en Toulouse (os pais de Amparo atopábanse polas mesmas datas en Vert sur Mer). A súa filla Silvia morre con cinco meses e medio a causa dunha neumonía. Despois de pasar por París embarcan dende Burdeos cara a Bos Aires. Alí comezou a dar clases de piano e despois a ter unha importante actividade editorial traducindo libros do inglés e do francés. Tamén é destacable a súa producción teatral, pois na década dos 50 chegou a estrear dúas obras teatrais: "Amada tú" e "Un balcón para los Lester". Despois dun segundo matrimonio con Luis Ortega Valverde e posterior ruptura, deixa Bos Aires e, de paso por México, decide voltar a Europa. Instalada en Xenebra seguiu co seu labor de traducción para numerosos organismos especializados das Nacións Unidas: funcionaria da Organización Internacional do Traballo (OIT), na Conferencia da Comisión de Estupefacientes das Nacións Unidas, Comité de Desarme, Organización de Energía Atómica, Conferencia sobre Seguridad Europea, etc. Paralelamente dirixía un grupo de teatro e a súa casa era lugar de encontro para a intelectualidade española e hispanoamericana: Cortázar, Calvert Casey, Albeti, Teresa León, etc. Tamén traballou no servicio de traduccións da UNESCO en París. Unha vez retirada decide instalarse definitivamente en Portugal, onde morreu.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA
ORGA ORGANIZACIÓN REPUBLICANA GALLEGA AUTÓNOMA

Profesións: Músico / Funcionaria

Profesións no exilio Escritora / Traductora / Editora

Obra no exilio: Obras teatrais: "Amada tú" e "Un balcón para los Lester"

Refª.Bibliográficas: CAGIAO, Pilar: (1997:90)
DÍAZ PARDO, Isaac (1992:192-199)
ALVAJAR, Ana Mª (2000)
"Revista das letras 352" suplemento de "O Correo Galego", 08/02/2001, páx. 3.

50 ÁLVAREZ ÁLVAREZ, Belarmino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Tomiño, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

51 ÁLVAREZ ÁLVAREZ, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

52 ÁLVAREZ ARIAS, Agustín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Logo estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

53 ÁLVAREZ BERNARDO, Abilio

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Olelas, Entrimo, Ourense, 24/06/1917 - Mauthausen, 02/02/1942) Foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen. Posteriormente morreu no comando Gusen 2 do mesmo campo de concentración.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)
"Los crímenes del nazifascismo", Cultura Proletaria, XVIII:906, (08/09/1945), 3.

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

54 ÁLVAREZ CASTELLANOS, Julio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Redondela, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 5 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

55 ÁLVAREZ CASTIÑEIRAS, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

56 ÁLVAREZ CIBRIÁN, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Caviña, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

57 ÁLVAREZ COUTO, Ángel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas como sarxento durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

Comentarios: O segundo apelido podería ser Curto, xa que o listado do que tomamos os datos préstase a algunha confusión.

58 ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo como refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

59 ÁLVAREZ ENRÍQUEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Monterramo, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

60 ÁLVAREZ ESTÉVEZ, Darío

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - Francia, ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo refuxiado en Barcarès, Francia. Morreu en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

61 ÁLVAREZ ESTÉVEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo no campo de refuxio francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

62 ÁLVAREZ FEIJÓO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936 e que un tempo despois pasa a formar parte do Vº Rexemento de Milicias Populares, e logo intégrase como 4º Batallón da 1ª Brigada Mixta do Exército Popular Republicano. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

63 ÁLVAREZ FERRO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

64 ÁLVAREZ GALLEGO, Xerardo

Países: Cuba / Estados Unidos

Biografía

(Pontevedra, 29/11/1899 - Miami, 04/04/1986) Avogado e xornalista. Foi redactor xefe de "El Pueblo Gallego" de Vigo. Tamén foi secretario do Partido Galeguista. Exiliouse en Cuba onde realizou labores xornalísticos en diversas revistas. No ano 1937 gañou dous premios referentes a un concurso sobre a obra rosaliana na publicación "Cultura Gallega" da Habana. Entre 1938-1939 foi presidente da "Hermandad Gallega" e funda o periódico bilingüe "Loita". Alí tamén gaña a oposición de avogado do Estado. Despois foi secretario dos presidentes cubanos Grau San Martín e Pío Socarrás. Renunciou posteriormente a estes cargos co golpe militar de Batista. Foi delegado do Consello de Galiza en Cuba e colaborador da revista "Saudade" na segunda etapa da mesma no ano 1952. Despois de tentar regresar a España debe exiliarse de novo nos EEUU. Escribe: "Galicia emigrante" "Valle Inclán en la Habana", "Juan Ramón y Rosalía" e "Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda", entre outras. Colabora tamén na publicación periódica de Casa Galicia Unidad Gallega de Nova York. Era cuñado de Alexandre Bóveda.

Organizacións ás que pertenceu:

CONSELLO DE GALIZA
PG PARTIDO GALEGUISTA

Profesións: Xornalista

Profesións no exilio Xornalista / Avogado

Obra no exilio: "Vida paixón e morte de Alexandre Bóveda" (1972), Bos Aires: Editorial Nós
"Galicia emigrante"
"Valle-Inclán en la Habana"
"Juan Ramón y Rosalía"
"Los Pazos: estudio preliminar" (1963) Vigo: Castrelos

Refª.Bibliográficas: GEG
EIRAS ROEL, A. e REY CASTELAO, O. (1992:299)
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000, II:989-990)
FRAGA RODRÍGUEZ, Xan (1994:41)
PRADA, Rodolfo (1945:8)
GURRIARÁN, Ricardo (1999:234)
Información proporcionada por Miguel Anxo Seixas Seoane.
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:311)

Refª.Fotográficas: Arquivo Fotográfico AEG, nº rexistro 206. Fotos en: RODRÍGUEZ FRAGA, Xan (1994:41), MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (et. al.) (1989:42 e 86)

65 ÁLVAREZ GÓMEZ, Santiago

Barco
FLANDRE

Países: Francia / Cuba / México

Biografía

(San Miguel de Outeiro, Vilamartín de Valdeorras, Ourense, 1913) Político, escritor e xornalista. Naceu no seo dunha familia campesiña. Desde 1928 participará nas segas en Castela, tomando parte nos conflictos campesiños, xa con catorce anos. En 1931 afíliase ó PCE, organizando o sindicato da Federación de Traballadores da Terra da UGT con Alfonso Gayoso Frías e Benigno Álvarez, da Federación Campesiña Provincial de Ourense do PCE. En 1934 é detido tralo apoio do Sindicato á Revolución de Asturias. En 1936 trasládase a Madrid para asistir a un curso de formación marxista, alí cólleo a sublevación, e organiza xunto con outros galegos o Batallón de Milicias Populares Gallegas. É nomeado Comisario Político do exército popular (Vº Corpo do Exército). Participou na defensa de Madrid e nas batallas do Xarama, Guadalaxara, Brunete, Sur do Teixo, Garavitas, Teruel, Belchite, o Ebro e Cataluña. Alterna o seu labor de Comisario co de xornalista. Co remate da Guerra Civil, en 1939, comeza un longo exilio en Francia e Cuba. En 1944 viaxa a España clandestinamente, sendo detido en Madrid o 25 de agosto de 1945. É condenado a morte polo cal se organiza unha campaña internacional contra o seu fusilamento e o de Sebastián Zapiraín. Entón é condenado a pena de prisión en Alcalá de Henares, Logroño e Burgos. En 1954 Santiago Álvarez sae do cárcere camiño do exilio latinoamericano, reclamado pola Embaixada de Cuba, sendo elixido membro do Comité Central do PCE trasladándose a México onde traballa na organización do PCE. En 1957 viaxa a París, para tratar o tema da Reconciliación Nacional, ó que se opuxera o Comité de México. En 1958 instálase en Europa para encargarse da actividade internacional do PCE. Un ano máis tarde participa no Congreso da Emigración galega, cunha comunicación sobre os foros. En 1960 é elixido membro do Comité Executivo do PCE. En 1968 créase en París o Partido Comunista Galego, e Santiago Álvarez é elixido secretario xeral, cargo no que é reelixido en 1973. En 1976, tralo regreso clandestino a España, é detido aínda que por pouco tempo. En 1978 Santiago Álvarez abandona a secretaria xeral do PCG. Actualmente vive en Madrid.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS
PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA
PCG PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA

Profesións: Escritor / Xornalista / Labrego

Profesións no exilio Xornalista

Obra no exilio:
"Unha alternativa democrática pra Galicia" (1976), París: Editorial Nova Galicia
"Castelao y nosotros los comunistas" (1984), Sada: Ediciós do Castro
"Las Milicias Populares Gallegas. Un símbolo de la Galicia antifranquista. Ensayo histórico" (1989), Sada: Ediciós do Castro
"Osorio-Tafall. Su personalidad, su aportación histórica" (1992), Sada: Ediciós do Castro
ÁLVAREZ, Santiago: Memorias (volumes I ó VI) (1985-1997), Sada: Ediciós do Castro

Refª.Bibliográficas:
FRAGA RODRÍGUEZ, Xan (1994:42)
VELASCO SOUTO, Carlos F. (2000:60)
SANTIDRIÁN ARIAS, Víctor M. (2000a) (no prelo)
CATÁLOGO EXPOSICIÓN SANTIAGO ÁLVAREZ. Unha vida de loita (1997)
ÁLVAREZ, Santiago (1992)
VARELA SIEIRO, Xaime (2001) (inédito).

Refª.Fotográficas: CATÁLOGO EXPOSICIÓN SANTIAGO ÁLVAREZ. Unha vida de loita (1997) e ÁLVAREZ, Santiago (1989a:apéndice) e ÁLVAREZ, Santiago (1992)

66 ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis / México

Biografía

(Maceda, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia. Posteriormente exiliouse en México onde se dedicou ás actividades comerciais.

Profesións no exilio Comerciante

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.
Información proporcionada por Ana Viéitez Gómez.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

67 ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Nieves

Países: Unión Soviética

Biografía

(Ourense, 1905) Mestra afiliada ó PCE dende 1931. Durante a guerra foi directora dunha gardería en Barcelona. Posteriormente foi á Unión Soviética onde traballou de mestra en Pirobors Karga, na fábrica "Lijachova", en Kokand, Crimea, e Dnepropetrovsk. Casou con Francisco Babado. Voltou repatriada a España en 1985.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Mestra

Profesións no exilio Mestra / Obreira

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986)

68 ÁLVAREZ HORTAS, Eulogio

Países: Portugal

Biografía

(? - ?) Presidente da Sociedade de Oficios Varios de Entrimo, Ourense. En xuño de 1937 foxe a Portugal na mesma noite na que ía ser detido. Foi capturado pola policía portuguesa e despois entregado na fronteira de Tui en novembro de 1939.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PRADA RODRÍGUEZ, Julio (2000)

69 ÁLVAREZ LEÓN, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

70 ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cobas, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

71 ÁLVAREZ MEDELI, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

72 ÁLVAREZ NOGUEIRA, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Meaña, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

73 ÁLVAREZ PAZO, Concepción

Países: México

Biografía

(A Estrada, Pontevedra, ? - A Estrada, Pontevedra, 1980) Mestra Nacional que se exilia en México, xunto co seu home Celestino López López. Alí foi mestra no Colegio Madrid, centro que acolleu ó republicanismo español exiliado nese país. Coa morte do home en 1963 regresa a Galicia e morre en 1980.

Profesións: Mestra

Profesións no exilio Mestra

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Marisa Pazos Pazos.

74 ÁLVAREZ PICHEL, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

75 ÁLVAREZ POSÍO, Domingo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Guntumil, Muiños, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

76 ÁLVAREZ QUINTAS, Daniel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

77 ÁLVAREZ RANCAÑO, Constantino

Países: Francia

Biografía

(Lugo, ?) Refuxiado en Francia.

Refª.Bibliográficas: "C. Castroverde y Unidos de Fonsagrada y Baleira" , Galicia, XVIII:675, (18/05/1940), 2.

78 ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

79 ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, Aurelio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil en Madrid. Despois estivo no campo de refuxiados francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

80 ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, Basilio

Países: Arxentina / Cuba / Estados Unidos

Biografía

(Beiro, Ourense, 10/08/1877 - Tampa, Florida, Estados Unidos, 1943) Nace no seo dunha familia artesá, fillo do ferreiro José Álvarez e de Josefa Rodríguez. Tiña tres irmáns e outras tantas irmás. Como nunca amosou o menor interés polo traballo do seu pai, dedicouse ó estudio. Fixo o bacharelato e posteriormente ingresou no Seminario Conciliar de San Fernando para seguir a carreira sacerdotal. Máis tarde aparece vencellado a diferentes xornais como"La Nueva Época", xornal católico de Francisco Silvela editado en Ourense entre os anos 1896 e 1900, e a "La Galerna". Estivo ligado tamén ó "Círculo Católico de Obreros" de Ourense. Colabora tamén no xornal de Valentín Lamas Carvajal, "El Eco de Orense". Logo exerce como abade rural en Parada de Laviote, no concello do Irixo e alí escribe o seu primeiro folleto independente "El cura rural" (1904). En 1907 trasládase a Madrid para establecerse como capelán do marqués de Urquijo. Alí colabora co Centro Galego e a revista "Galicia" e publica unha colección de contos de ambiente galego baixo o título de "Por los agros celtas" (1907), ó que seguirán "Hablando con los Santos" (1909) e "El libro del periodista" (1912). Na cafetería madrileña de "Excelsior", forma tertulia con varios galegos, da cal xurde a fundación do xornal católico independente "El Debate" e logo regresa a Ourense, á feligresía de Beiro onde da comenzo a súa etapa agrarista e anticaciquil, loitando contra o caciquismo gubernamental que existía en Galicia. Foron moi destacados nese tempo os seus discursos e conferencias de carácter literario e relixioso. Viaxa a América co propósito de solicitar axuda dos compatriotas alí emigrados. Así atopámolo na Habana en 1913. A finais de 1914 e debido a súa radicalización política o bispo dicta un Auto para suspendelo dos seus cargos sacerdotais. Obedecendo a decisión do prelado, deixa a súa parroquia rural e licénciase en Dereito polas universidades de Madrid e Murcia. Pasa logo a dedicarse exclusivamente ás tarefas xurídicas, ó xornalismo e ás actividades políticas. En 1915 fixo unha viaxe a Bos Aires impartindo varias conferencias sobre o conflicto agrario en Galicia. En Bos Aires foi nomeado socio honorario do Centro Gallego. Reaccionando aínda con máis furor contra o caciquismo e polos problemas do agro chega a fundar, xunto con Alfredo Vicenti e Portela Valladares, a "Acción Gallega". De volta en Galicia continúa coa loita ata a chegada da dictadura de Primo de Rivera en 1923. En 1931 é trasladado a Madrid polo Partido Radical, alí exerce de avogado e asume a presidencia da Casa de Galicia. Foi tamén deputado a Cortes nas Constituíntes republicanas de 1931 e vocal do "Alto Tribunal de Garantías Constitucionales". Os acontecementos da Guerra Civil provocaron o seu exilio a Bos Aires onde escribe para o xornal que dirixe Natalio Botana, "La Crítica". Moitos dos artigos escritos para esta publicación foron recollidos nun libro titulado "España en Crisol" (1937). Despois da experiencia arxentina vai a Cuba e máis tarde a EEUU onde morre.

Organizacións ás que pertenceu:

ACCIÓN GALLEGA
PG PARTIDO GALEGUISTA

Profesións: Político / Escritor / Avogado / Sacerdote

Profesións no exilio Escritor / Xornalista

Obra no exilio: "España en Crisol" (1937)

Refª.Bibliográficas:
"¡Ha muerto Basilio Álvarez!", España Libre, V:47, (19/11/1943), 1.
COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio (1951:42-43)
VILANOVA RODRÍGUEZ, Alberto (1966, II:1320-1328)
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:305)
BANDE, E. (1987)
VALCÁRCEL, Marcos (1991)
NEIRA VILAS, Xosé (2000:127-129)
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000, II:989)

Refª.Fotográficas: Arquivo fotográfico AEG, nº rexistro 1400.

81 ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, Leonardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas:
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

82 ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(San Clodio, Ribas de Sil, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

83 ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, Severo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Redondela, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

84 ÁLVAREZ SALDAÑA, Demetrio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados en Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

85 ÁLVAREZ, Demetrio ("O Pecho")

Países: Portugal

Biografía

(? - ?) Pasou moitos anos na cadea de Portugal polos sucesos de Cambedo de 1946.

Refª.Bibliográficas: TÉLLEZ, Antonio (2000:47)

86 ÁLVAREZ, José Benito

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despoise estivo no campo de refuxio de Barcarès, en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

87 ALVEDRO VILLAVERDE, José

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(A Coruña, ? - Mauthausen, 24/01/1943) Morre no campo de concentración de Mauthausen.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:111)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

88 ALVITE GARCÍA, Andrés

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - Francia, ?) Durante a Guerra Civil fora membro Batallón de Milicias Populares Gallegas. Estivo no campo de refuxio francés de Barcarès. Morreu en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

89 ALVITE MIRANDA, Silvestre

Países: Francia / Campos de Refuxio / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Olveira, Ribeira, A Coruña, ? - Mauthausen, 09/11/1941) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia. No ano 1941 morre no campo de concentración de Mauthausen.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:111)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Barcarès e a Mauthausen.

90 AMADO CHOUZA, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Porto do Son, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

91 AMIGO BARCIA, Gabriel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados. Segundo información proporcionada por Miguel Anxo Seixas, est home podería ser Gabriel Amigo García, que naceu na Pobra do Caramiñal o 29 de xullo de 1904.

92 AMIGO OTELO, Eugenio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelés sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

93 AMIL MOSQUERA, Lucas

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cambre, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 6 bis en Francia. Despois marchou exiliado a México onde frecuentou os ambiente socialistas galegos do exilio.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

94 AMOR Y VÁZQUEZ, José

Países: Cuba / Venezuela / Estados Unidos

Biografía

(Cuba, ?) Trasládase de neno cos seus pais a España. Sorpréndeos a Guerra Civil en Galicia, onde Amor y Vázquez iniciaba os seus estudios entre Ribadeo e A Coruña. A familia queda escindida entre Madrid e Galicia. Como exiliado, regresa cos pais de novo a Cuba. Nese país ingresa na Universidade da Habana. Despois vai a Venezuela no ano 1946 onde pasa escasamente un ano dando clases español e como redactor-traductor da Prensa Asociada. Posteriormente e xa instalado nos Estados Unidos exerce como catedrático de Estudios Hispánicos na Brown University, en Rhode Island, Providence. Tamén foi presidente da Asociación Internacional de Hispanistas e Director do Centro de Estudios Latinoamericanos da Brown University. Publicou artigos en revistas especializadas e foi coeditor de "Estudios sobre el teatro antiguo español y otros ensayos" e "De Cadalso a Aleixandre".

Profesións no exilio Traductor / Redactor / Catedrático

Obra no exilio: "Estudios sobre el teatro antiguo español y otros ensayos"
"De Cadalso a Aleixandre"

95 ANCA HERMIDA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(San Sadurniño, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

96 ANEIROS MENDAY, Guillermo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Durante a Guerra Civil servira na frota de submarinos en Cartaxena.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

97 ANIDO CUTEINO, Serafín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Noia, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

98 ANIDO FANDIÑO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(San Pantaleón das Viñas, Paderne, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de concentración de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

99 ANIDO GEIPI, Marcelino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Mugardos, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia. Segundo o xornal de Nova York, Cultura Proletaria, é reclamado dende os Estados Unidos por Luis Anido, residente Newark, N.J.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
"Servicio de Paquetes a los refugiados españoles", Cultura Proletaria, XII:607, (16/12/1939), 3-4.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados. Esta persoa aparece citado de dous xeitos, como Marcelino Anido Geipi e como Marcelino Anido Gelpi, ver "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6 e "Servicio de Paquetes a los refugiados españoles", Cultura Proletaria, XII:607, (16/12/1939), 3-4.

100 ANIDO VILAS, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

101 ANTA CARRACEDO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

102 ANTELO, Faustino

Países: Uruguai

Biografía

(Coristanco, A Coruña, 192?-Montevideo, ?) Tivo que exiliarse en Uruguai a comezos dos anos 40.

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Silvia Facal Santiago.

103 ANTÓN GARCÍA, Pedro

Países: Francia / Cuba

Biografía

(Pontevedra, 1890 - ?) Ensaista, conferencista e profesor licenciado en Filosofía e Letras. Tamén foi sacerdote da Compañía de Jesús. Ó inicio da Guerra Civil foi perseguido e estivo fuxido por Portugal, Canarias e outras rexións ocupadas polos sublevados ata ser detido en Segovia. Preso durante máis dun ano, logrou ser canxeado e chega a Barcelona onde o goberno republicano o nomea funcionario. Ante o avance franquista foxe para Francia. En 1940 chega a Cuba, momento no que se atopa nunha difícil situación económica e recibe axuda da Sociedade de Beneficencia Naturales de Galicia. A partir dende momento pérdeselle o rastro.

Profesións: Sacerdote / Ensaista / Profesor

Obra no exilio: "Los jesuitas desenmascarados, o historia verídica y documentada de un jesuita" (1931), Ourense
"La barbarie franquista. Memoria de un preso" (1940), La Habana: Imprenta Berea

Refª.Bibliográficas: DOMINGO, Jorge e GONZÁLEZ, Roger (ed.) (1998:137-150)
GEG

104 ANTONIO

Países: Francia

Biografía

(? - ?) Guerrilleiro galego amigo de Rogelio Pereiras que tivo que fuxir a Francia.

Refª.Bibliográficas: MARTÍNEZ, José Luis (1999:51)

105 ANTÚNEZ DOMÍNGUEZ, Bernabé

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Entrimo, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet d´Ariege en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

106 AQUIS CARAMÉS, Andrés

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Raxo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

107 ARAÚJO GONZÁLEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Ourense, 15/10/1916 - Mauthausen, 10/10/1941) Foi trasladado a Gusen 2, comando do campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: "Los crímenes del nazifascismo", Cultura Proletaria, XVIII:907, (13/09/1945), 3.
VÁZQUEZ, Lois (1982:113)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

108 ARAÚJO GONZÁLEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

109 ARAÚJO MARTÍNEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

110 ARAÚJO SAMPAYO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Logo estivo en Francia, refuxiado no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

111 ARAÚJO VILA, Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(O Grove, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

112 ARAÚJO, Enrique

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer (P.O.) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

113 ARAÚJO, María (La Guerrillera)

Barco
MARQUÉS DE COMILLAS

Países: Cuba

Biografía

(Carril, Vilagarcía, 1904 - A Habana, 1989) Emigra a Cuba cos seus pais e en 1920 contrae matrimonio con Anxo Carcaño, orixinario de Mugardos. Coa instauración da IIª República volven a Galicia en 1932 con dous fillos pequenos, Sebastián e Antonia. En Vigo, María traballa nunha conserveira e Anxo enrólase nun barco de pesca. Os dous serán delegados sindicais de ideoloxía comunista. Durante un Congreso celebrado en Madrid en 1935 coñece á Pasionaria e pouco despois coinciden tamén en Vigo. Nese ano nace tamén a súa filla Dora. Co estalido da guerra pasan á clandestinidade. Anxo consegue volver a Cuba e María sigue, co nome de Emilia, colaborando nas actividades sindicais de Vigo e Redondela. Estivo detida durante un tempo acompañándoa no cárcere a súa filla Dora. Mediante xestións do cónsul cubano foi liberada e logra embarcar para Cuba no buque "Marqués de Comillas" no ano 1944, acompañada polos seus fillos Sebastián, Antonio e Dora. Percorrerá o país caribeño denunciando o réxime franquista, colaborando tamén na loita contra o dictador Batista. Xa en plena Revolución funda un comité de "Defensa de la Revolución" no barrio mariñeiro de Casablanca. Recibe a condecoración da "Orden Ana Betancourt"en 1975.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA
Obreira / Sindicalista

Refª.Bibliográficas: BARCIA, Tere G. (2000:12-13)
NEIRA VILAS, X. (1998:230-233)

Refª.Fotográficas: NEIRA VILAS, X. (1998:231), BARCIA, Tere G. (2000:12-13)

114 ARCA CADILLA, Eduardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) Estivo refuxiado nos campos de Argelès sur Mer, 8 bis, e no de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

115 ARCA NOVO, Melchor

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña,?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

116 ARCE

Países: México

Biografía

(? - México, ?) Coronel republicano exiliado en México.

Profesións: Militar

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:186)

Comentarios: Florencio Delgado Gurriarán, en ÁLVAREZ, Santiago (1989a:186) non indica o seu nome.

117 ARCE, Ángel "Antonio de Verín"

Países: Portugal

Biografía

(Verín, Ourense, ?) Guerrilleiro que tralo estalido da Guerra Civil foxe a Portugal aínda que de cotío voltaba a Verín.

Refª.Bibliográficas: TÉLLEZ, Antonio (2000:136)

118 ARCOLO ÍNSUA, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Porto do Son, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

119 ARELÓN PRIETO, Rafaela

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

120 ARENAS, Jesús

Países: Estados Unidos / México

Biografía

(? - ?) Anarcosindicalista galego exiliado en Estados Unidos e posteriormente en México. En 1958 formaba parte da agrupación da CNT de España en México.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista

Profesións no exilio Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

121 ARES ARIAS, Víctor

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ares, A Coruña, ?) En agosto de 1936 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 6 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

122 ARES DÍAZ, Rodrigo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Monforte de Lemos, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

123 ARES FERREIRO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Quiroga, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

124 ARES LOSADA, Serafín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Salgueiros, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 3 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

125 ARIAS DE LA MORENA, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

126 ARIAS GONZÁLEZ, Julio

Países: Francia

Biografía

(Lugo, ?) Refuxiado en Francia.

Refª.Bibliográficas: "C. Castroverde y Unidos de Fonsagrada y Baleira", Galicia, XVIII:675, (18/05/1940), 2.

127 ARIAS LÓPEZ, Jesús

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Sarria, Lugo, 17/01/1910 - Mauthausen, 06/01/1941) Foi trasladado ó comando Gusen 2 do campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)
"Los crímenes del nazifascismo", Cultura Proletaria, XVIII:907, (13/09/1945), 3.

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

128 ARIAS MILLÁN, Victoriano

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

129 ARIAS YÁÑEZ, Odilo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi membro durante a Guerra Civil do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Posteriormente estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

130 ARIAS, José

Países: Francia / Estados Unidos / Cuba

Biografía

(Trabada, Lugo, ?) Emigrou moi novo a Cuba e retornou para incorporarse ás Brigadas Internacionais. Era membro do PCE, pasou parte do seu exilio en Francia antes de marchar en 1947 ós Estados Unidos e logo a Cuba.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Refª.Bibliográficas: NEIRA VILAS, Xosé (2000:183-187)

Refª.Fotográficas: NEIRA VILAS, Xosé (2000:183-187)

131 ARIAS, Laura

Países: Arxentina

Biografía

(? - ?) Galega afiliada a Izquierda Republicana que en 1945 estaba exiliada en Bos Aires onde traballaba como empregada.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Empregada

Profesións no exilio Empregada

Refª.Bibliográficas: "Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.

132 ARIVO CANTERO, Leandro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer (P.O) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

133 ARMENTAL SAMPEDRO, Agustín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Corrubedo, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

134 ARMESTO GARCÍA, Alberto

Países: Portugal / Estados Unidos / Venezuela / Perú

Biografía

(Ourense, ? - Perú, ?) Era fillo dun zapateiro ourensán de ideoloxía republicana. Con 24 anos e comezada a Guerra Civil foi condenado a 24 anos de encerro no "Penal de Castigo del Coto", Xixón. Segundo os datos proporcionados pola súa filla posteriormente foi levado a unha presión en Portugal. De alí fuxiu ós Estados Unidos e máis tarde, sendo reclamado por un familiar dende Caracas, chega a Venezuela. Neste país traballou na industria do petróleo para pasar posteriormente a Perú, onde traballou de "adivino". Morreu no exilio.

Profesións: Obreiro

Refª.Bibliográficas: ARMESTO, Marilyn [1999]

135 ARMESTO SARO, Pedro

Países: Unión Soviética

Biografía

(Pobra de Brollón, Lugo, 1910) En maio de 1948 aparece incluído nunha lista nun campo de concentración na Unión Soviética chamado Karagandá.

Organizacións ás que pertenceu:

UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: "Karaganda", Cultura Proletaria, XX:1045, (22/05/1948), 2.

Comentarios: Decoñecémo-lo periplo que o levou ata ó campo de concentración na Unión Soviética.

136 ARZA, Constantino

Países: Arxentina

Biografía

(? - ?) Segundo unha noticia extraída do xornal Galicia (ver referencias), Arza chega a Bos Aires no ano 1942.

Refª.Bibliográficas: "Constantino Arza", Galicia, XXI:791, (08/08/1942), 2.

137 ASENSIO TORRADO, José

Países: Estados Unidos

Biografía

(A Coruña, 1893 - Nova York, 1961) Xefe do sector do exército republicano na Serra do Guadarrama durante a Guerra Civil. En 1937 Largo Caballero nomeouno Subsecretario de Guerra fronte á oposición de comunistas e socialistas que o acusaban da caída de Málaga. Por este motivo foi detido e levado preso a Barcelona. Gracias á axuda da masonería foi posto en liberdade e ingresa na logia "Gran Oriente de España". A finais do ano 1938 o goberno Negrín designouno agregado militar na embaixada española en Washington. No exilio en Nova York foi un importante propagandista da república, chegando a ocupar altos cargos nas Sociedades Hispanas Confederadas e dirixindo o seu xornal "España Libre". O seu antigaleguismo levouno a a ter pouca simpatía polo proxecto autonómico que defendían, entre outros, Castelao ou Emilio González López.

Profesións: Militar

Refª.Bibliográficas: GONZÁLEZ LÓPEZ (2000:39)
NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (comp.) (2000:292, n.302)
ABELLÁN, José Luis (dir.) (1976, I:200)
GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio (1990:39-42)

138 Aurelio

Países: Francia

Biografía

(A Coruña, 1905) Era un socialista que ingresa nas filas comunistas en abril de 1939. Durante a Guerra Civil tivo o cargo de sarxento. Marchou ó exilio francés en 1939.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA
PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ VERDE, Pilar (1996:97-115)

139 AVELAIRA GONZÁLEZ, Basilio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Logo estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

140 BABARRO? SELAS, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Posteriormente estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

141 BAILÍN PÉREZ, Liborio

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(As Nogais, Lugo, 11/02/1916 - Mauthausen, 13/09/1944) Foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen e posteriormente morre no comando Gusen 2 deste mesmo campo.

Refª.Bibliográficas: "Los crímenes del nazifascismo", Cultura Proletaria, XVII:901, (11/08/1945), 1.
VÁZQUEZ, Lois (1982:112)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

142 BAILO AMENEIRO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Mugardos, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

143 BAJO OLIMPIO, Miguel

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Redondela, Pontevedra, ? - Mauthausen, 18/04/1943) Estivo no campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:156)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de concentración.

144 BAL Y GAY, Jesús

Países: México

Biografía

(Lugo, 23/06/1905 - Madrid, 1993) Licenciouse en Letras pola Universidade de Santiago. Foi investigador do folklore musical galego no Centro de Estudios Históricos de Madrid e un dos fundadores da revista "Ronsel" (1924-1925). Foi tamén Lector na Universidade de Cambridge. En 1938 exíliase en México, traballando na Casa de España e no Colexio de México. Chegou a ser xefe da sección de investigación no Instituto Nacional de Belas Artes e profesor de música. Algunhas das súas obras foron: "Hacia el ballet gallego"e "Cancionero Popular Gallego". Regresou a España, onde morreu.

Organizacións ás que pertenceu:

PG PARTIDO GALEGUISTA
SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Profesións: Musicólogo

Profesións no exilio Musicólogo / Profesor

Obra no exilio:
"Hacia el ballet gallego" (1925)
"La generación gallega del 1926"
"Cancionero popular gallego"
"Biografía de Chopin"
"Romance y villancicos españoles del siglo XVI" (1939), México: La Casa de España
"Personalidad musical de Galicia", Grial, 4, (abril-xuño 1964), 248-250.
GARCÍA ASCOT, Concha e BAL Y GAY, J. (1990): Nuestros trabajos y nuestros días, Madrid: Fundación Banco Exterior

Refª.Bibliográficas:
GEG
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000, II:990)
BUXAN, Antón (1981-1983:203-235)
COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio (1951:122-123)
ABELLÁN, José Luis (dir.) (1976, I:149)
BONET, Juan Manuel (1995)
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976, VI:285-334 e 311-312)
SOLER VINYES, Martí (1999)

Refª.Fotográficas: CID CABIDO, Xosé (1994:68)

145 BALADO GÓMEZ, Jaime

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo no campo de refuxiados francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

146 BALADO GÓMEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

Comentarios: Pode ser irmán de Jaime Balado Gómez.

147 BALBOA LÓPEZ, Benjamín

Países: Francia / Campos de Refuxio / México

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) Durante a Guerra Civil fora oficial radiotelegrafista e tamén estivo na Escuadra de Cartagena, fiel á República, co cargo de subsecretario do Ministerio de Mariña. Alí tivo como compañeiros a outros mariñeiros e cabos como Fernández, Rodríguez, Piñeiro, Souto, Antúnez, Sardina, Conesa ou Sierra, moitos deles igualmente galegos, que deron conta dos oficiais sublevados nunha rápida acción rememorada polo escritor ponteareés, exiliado tamén en México, Manuel D. Benavides, no seu libro "La Escuadra la mandan los cabos". En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelés 6 bis en Francia. Despois exiliouse en México.

Profesións: Militar / Subsecretario Gubernamental

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:183)
VILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995b:97-110)

148 BALBOA, Xoaquín

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(? - ?) Galego que estivo no campo de concentración de Mauthausen.

Refª.Bibliográficas: TORRENTE, Manuel (1989)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de concentración.

149 BALSEIRO MAYORAL, Andrés

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:
BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

150 BALTAR DOMÍNGUEZ, Antonio

Barco

Países: Arxentina / Uruguai

CABO DE HORNOS

Biografía

(Santiago de Compostela, A Coruña, 1906 - Bos Aires, 1970) Fillo do cirurxián D. Ángel Baltar. Estudia Medicina na Universidade de Santiago de Compostela, onde foi profesor auxiliar de Histoloxía e ingresa en 1931 no corpo de Médicos Inspectores Municipais de Santiago. En 1929 amplía estudios en París. Chega a Uruguai o 30 de setembro de 1936 no barco"Cabo de Hornos". Viaxou dende A Coruña en terceira clase coa súa muller, a uruguaia Mireya Dieste, sobriña de Rafael Dieste. Despois trasládase á Arxentina en 1937, onde continúa o seu labor como médico tanto en Bos Aires como na Patagonia. Co seudónimo de Luis Estévez colabora en "Galicia Emigrante" e en "De Mar a Mar". Foi secretario da editorial galega Citania. Presidiu a AGUEA con Blanco Amor, fundou un sanatorio con Gumersindo Sánchez Guisande e foi o xefe do Laboratorio Anatomopatolóxico e catedrático de Histoloxía e Anatomía Patolóxica na Universidade de Mendoza.

Organizacións ás que pertenceu:

AGUEA AGRUPACIÓN GALLEGA DE UNIVERSITARIOS, ESCRITORES Y ARTISTAS

Profesións: Médico / Profesor

Profesións no exilio Médico / Catedrático

Refª.Bibliográficas: GEG
VILANOVA RODRÍGUEZ, A. (1966, II:1362)
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:285-323)
TOBÍO, Lois (1994:576)
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b, II:990)
"Lista de pasajeros de barcos de ultramar. Año 1936", Dirección Nacional de Migración do Ministerio do Interior. Montevideo, Uruguai.

Refª.Fotográficas: Arquivo AEG, nº rexistro 206, 139, 147 e CD-ROM III, Carpeta. Elpidio Villaverde, nº 7, 21, 30; Galicia. Revista del centro gallego, XXV:316, (maio de 1939), 18; AXEITOS, Xosé Luís (1995b) e ALLEGUE OTERO, Gonzalo e F. FREIXANES, Víctor (1993:139)

151 BALTAR, Pedro

Países: Arxentina

Biografía

(Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, ?) Exiliado galego na Arxentina onde se dedicou á industria conserveira.

Profesións: Industrial

Refª.Bibliográficas: CALVO, Tucho (1998:207)

152 BAO GÓMEZ, Ángel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Sada, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

153 BARBADO ÁLVAREZ, Talín

Países: Unión Soviética

Biografía

(Ourense, 1936) Estivo en Moscova, Kokand, Dnepropetrovsk e foi agrónomo en Crimea. Pertenceu ó PCE.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións no exilio Agrónomo

Refª.Bibliográficas: Libro Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

154 BARBEIRO PÉREZ DE GUILLADE, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pontearеas, Pontevedra, ?) Foi concelleiro en Pontearеas. En 1939 unha nota no xornal Galicia indica que se atopa exiliado en Francia no campo de refuxiados de Barcarés nº 1 pavillón nº 9.

Profesións: Concelleiro

Refª.Bibliográficas: "Refugiados", Galicia, XVII:620, (29/04/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

155 BARBEITO

Países: Cuba

Biografía

(A Coruña, ? - A Habana, ?) Destacado cirurxián que se exiliou na Habana onde morreu.

Profesións: Médico

Refª.Bibliográficas: VILANOVA RODRÍGUEZ, Alberto (1990:254)

156 BARBEITO PÉREZ, Antonio

Países: Arxentina

Biografía

(Pontearеas, Pontevedra, ?) Fora concelleiro de Pontearеas probablamente por Izquierda Republicana, partido no que militaba. En 1945 estaba exiliado en Bos Aires.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Concelleiro

Refª.Bibliográficas: "Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.

157 BARBEITO SAN MARTÍN, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Outeiro, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 figura nun artigo da revista Galicia como refuxiado no campo de Sepfonds, Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

158 BARBER SERRA, Miguel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

159 BARBERO PASTOR, Adolfo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Logo estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

160 BARCANA FERNÁNDEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) Foi membro durante a Guerra Civil do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Posteriormente estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Gallegos en los campos de concentración franceses, que piden ayuda a sus hermanos de América", Galicia, XVII:619, (22/04/1939), 3.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

161 BARCIA FERNÁNDEZ, Amador "Xicos"

Países: Francia

Biografía

(Regüela, Cabanas, A Coruña, ?) En 1936 formou parte do grupo que cortou o paso ás Forzas sublevadas que ían de Ferrol a Pontedeume. Detido ós poucos días, fuxiu cando o conducían ó cemiterio de Sillobre (Fene) para ser fusilado. Cos anos embarca no Vicedo cara a Francia.

Refª.Bibliográficas: MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo (1988:167)

162 BARCIA TRELLES, Augusto

Países: Arxentina

Biografía

(Vegadeo, Asturias, 5/03/1881 - Bos Aires, 1961) Estudiou Dereito en Oviedo e Madrid. Nesta última cidade vinculouse ó movemento agrarista galego, ingresando na Liga Agrario-Redencionista e escribindo en "Acción Gallega". Pertenceu a "Acción Republicana" e despois foi deputado de "Izquierda Republicana" nas Cortes. Concretamente, foi o presidente da minoría parlamentaria galega no Congreso dos deputados durante os acontecementos revolucionarios de outubro de 1934. Tamén foi varias veces Ministro da República, entre elas de Estado co goberno de Azaña en febreiro de 1936 e con Casares Quiroga en maio de 1936. Catedrático da Escola de Estudios Superiores do Ateneo de Madrid. Marchou á Arxentina e dende o exilio foi Ministro de Facenda no goberno de Giral en 1946, trasladándose dende Bos Aires a París acompañado de Castelao.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Profesor / Xurista / Deputado / Ministro / Catedrático

Profesións no exilio Diplomático / Ministro

Obra no exilio: "San Martín" (1941) Buenos Aires: Editorial Aniceto; "El genio político de Inglaterra, ensayo histórico" (1942) Buenos Aires: Editorial Losada; "La política de no-intervención" (1942, Buenos Aires: Patronato Hispano-Argentino de Cultura; "Las ideas económicas de Wagemann" (1943) Buenos Aires: Editorial Aniceto López; "Un golpe de estado internacional (La política de no intervención) (1944) Buenos Aires: Patronato Hispano-Argentino de Cultura; "Mosaico internacional"; "Jovellanos político"; "El pensamiento vivo de Jovellanos"; "Antes y después de la guerra" (1945) Rosario: Editorial Rosario.

Refª.Bibliográficas: AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:15)
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000c:164 e 175)
"Homenaje en Memoria de don Augusto Barcia Trelles: 6 de octubre de 1962", Bos Aires: Centro Asturiano, 1962.
ABELLÁN, José Luis (dir.) (1976, I:164)
SANTIDRIÁN ARIAS, Víctor M. (2000a)

Refª.Fotográficas: ALLEGUE OTERO, Gonzalo e F. FREIXANES, Víctor (1993:121)

163 BARJA CASANOVA, C.

Países: México

Biografía

(? - ?) Galego exiliado en México onde tivo relación co ambiente socialista do exilio.

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

164 BARRAGÁN BARRAGÁN, Luis

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

165 BARRAL CROSA, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Betanzos, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

166 BARREIRO BARCIELA, Joaquín

Países: México

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) Pertencía ás xuventudes comunistas de Vigo. Era irmán de Francisco Barreiro Barciela, fusilado en 1942 no proceso Larrañaga-Diéguez, no que foi executado tamén Eladio Rodríguez. En 1936, Joaquín estaba en Barcelona participando na Olimpiada Popular onde vivíu os primeiros días do alzamento. En Madrid, traballa con Pedro Checa na Secretaria de Organización do PCE. Exiliouse en México. Co tempo, sería delegado dese país no Vº Congreso do PCE en Praga en 1960. Tamén foi un dos integrantes da Alianza Nazonal Galega.

Organizacións ás que pertenceu:

ALIANZA NAZONAL GALEGA

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Político / Administrativo

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1994:41)
ÁLVAREZ, Santiago (1986:55)
"Manifiesto de Alianza Nazonal Galega de México", Galicia, XXIII:922, (15/09/1945), 8.

167 BARREIRO BUGLIOT, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Melide, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

168 BARREIRO CURTADO, Armando

Países: México

Biografía

(? - ?) Médico galego exiliado en México.

Profesións: Médico

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:183)

169 BARREIRO CURTADO, José

Países: México

Biografía

(? - México, ?) Médico galego que estivo exiliado en México. Era irmán de Armando.

Profesións: Médico

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:183)

170 BARREIRO FEIJOO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Beresmo, Avión, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

171 BARREIRO GARCÍA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Neda, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

172 BARREIRO LORENZO, Olegario

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Beresmo, Avión, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarés en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

173 BARREIRO PÉREZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(San Miguel de Guillade, Ponteareas, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarés en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

174 BARREIRO REGUEIRO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Beresmo, Avión, Ourense, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

175 BARREIRO SUÁREZ, José M.

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Lugo, ?) Fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Tamén estivo no campo de refuxio de Vernet d´Ariège (barraca 43) e no de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137 e 142)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

176 BARRO GÓMEZ, Cipriano

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(San Sadurniño, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

177 BARROS

Países: Alxeria / Unión Soviética

Biografía

(A Coruña, ?) Aínda que naceu na Coruña criouse en Toledo. Foi dirixente das "Juventudes Socialistas Unificadas" do PSOE e do PCE. Co fin da guerra parte no derradeiro barco que sae de Valencia. As autoridades francesas desvían ese barco a Orán (Alxeria), onde o destinarán a un campo de concentración. Pouco despois, e por ser técnico, logrou embarcarse nun barco soviético cara á URSS xunto con outros españois. Alí casou cunha exiliada vasca e naceron os seus fillos. O seu exilio durou dezaoito anos. Voltou a España en 1956.

Organizacións ás que pertenceu:

JSU JUVENTUDES SOCIALISTAS UNIFICADAS

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Enxeñeiro

Refª.Bibliográficas: BARROS, Maribel (1991:179-183)

178 BARROS BOLLO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Franza, Mugardos, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer P.O. en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

179 BARROS PREGO, Luis

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

180 BARROS SANTOS, Ramón

Países: Unión Soviética

Biografía

(A Coruña, 1910) Electricista que ingresou no PCE en 1936. Durante a Guerra Civil foi dirixente das "Juventudes Socialistas Unificadas" no exército do centro e responsable de cuadros da comisión executiva da JSU. Exiliado na Unión Soviética, traballou na fábrica "Lijachov". Repatriouse coa sua muller Isabel Aira.

Organizacións ás que pertenceu:

JSU JUVENTUDES SOCIALISTAS UNIFICADAS

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Electricista

Profesións no exilio Obreiro

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

181 BARROS TROITIÑO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Logo estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

182 BARROS, Fernando

Países: Francia

Biografía

(? - París, Francia, ?) Químico. Durante a Guerra Civil foi comandante no exército republicano. Era moi amigo de Valle-Inclán, do que era o seu secretario. Tivo que exiliarse a Francia. Alí traballou de albanel. A miúdo reuníase no café "Mabillon" de París xunto con outros exiliados.

Profesións: Químico

Profesións no exilio Albanel

Refª.Bibliográficas: HARO TECGLEN, Eduardo (1996:269-275)

183 BARRUEGA CORJÓN, Sebastián

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Santiago de Compostela, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

184 BASTIDA PENA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet d´Ariege en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

185 BATALLA CAULE, Fernando

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(A Coruña, ? - Mauthausen, 22/09/1941) Morre no comando Gusen 2 do campo de concentración de Mauthausen.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:111)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

186 BAZAL, Luis

Países: Francia

Biografía

(? - ?) Mestre e membro do "Sindicato Único de Trabajadores" da CNT en Verín. Exiliouse en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Mestre / Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

Comentarios: Probablemente fose orixinario da vila de Verín, Ourense.

187 BECEIRO, Luis

Países: Francia

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) Pertencía ás "Juventudes Libertarias" da CNT de Ferrol. Como exiliado en Francia pertenceu á "Confederación Regional Galaica" da CNT.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista

Profesións no exilio Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

188 BECERRA LINANES, José

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Arantón, Santa Comba, A Coruña, ?- Mauthausen, 22/09/1941) Morre no comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:111)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

189 BEDÍA CARBALLEIRA, Cecilio

Países: Francia / Arxentina

Biografía

(Viveiro, Lugo, 22/11/1868 - Bos Aires, 18/05/1953) Militar exiliado na Arxentina. Ó comezo da IIª República era artilleiro e gobernador militar de Logroño, sendo sustituído por Sanjurjo na Dirección Xeral de Carabineros. Despois de 1936 é inspector xeral de Industrias Militares. Vai a Francia en 1939 onde trata de embarcar para México en 1942 e despois a Chile reclamado polo presidente Juan Antonio Ríos pero foille denegado o permiso. Ó ser liberada Francia chega a Bos Aires, onde decorre o resto da súa vida.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA
ORGA ORGANIZACIÓN REPUBLICANA GALLEGA AUTÓNOMA

Profesións: Militar / Director Xeral

Refª.Bibliográficas: FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b, II:990)
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos e RODRÍGUEZ, Carlos (1985:57-58)
VILANOVA RODRÍGUEZ, A. (1966, II:1348-1351)

190 BEDÍA GONZÁLEZ, David

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cadavós, A Mezquita, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

191 BELLO MOSQUERA, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Corme, Ponteceso, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

192 BELLO RODRÍGUEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

193 BELLO, José Benito

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pedroso, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

194 BELMAR HERNÁNDEZ, Remedios

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

195 BELNA SALIDO, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

196 BELOSO MACÍAS, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

197 BERBIO BERBIO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) Integrante do "Batallón de Milicas Populares Gallegas" que estivo no campo de refuxio de Vernet d´Ariège (barracón 43) en Francia. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:141)
"Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

198 BEREA FARIÑA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

199 BERMEJO PEREGRÍN, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo en Barcarès, Francia, como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

200 BERMÚDEZ CASAIS, Domingo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia onde morreu.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

201 BERNA BELMAR, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

202 BERNABÉ TRILLO, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Logo estivo en Francia, refuxiado no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

203 BERNAL

Países: Uruguai

Biografía

(? - Uruguai, ?) Foi preso durante a dictadura. Exiliouse en Uruguai onde faleceu pouco tempo despois de que lle diagnosticaran un cancro.

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Rogelio Martínez Barreiro.

204 BERNÁRDEZ GÓMEZ, Basilio

Países: Uruguai / México

Biografía

(Redondela, Pontevedra, ? - México, ?) Fillo do médico redondelán Telmo Bernárdez Santomé e Isabel Gómez. O seu pai fora fusilado na Caeira (Poio) o 12 de novembro de 1936. Basilio marcha exiliado primeiro a Uruguai onde tiña familia, aínda que logo decide marchar tamén a México. Estudiou Filosofía e mantivo contacto cos ambientes do exilio galego en México. Viviu neste país ata a súa morte.

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)
Información proporcionada por Mª Carmen Azorín Bernárdez.
Entrevista a Telmo Bernárdez Gómez, realizada por Nancy Pérez Rey en Redondela (Pontevedra) o 05/09/2001.

205 BERNÁRDEZ GÓMEZ, Carmen

Países: Portugal / Francia / Estados Unidos / México

Biografía

(Redondela, Pontevedra, ?) Filla do médico redondelán Telmo Bernárdez Santomé e de Isabel Gómez. O seu pai foi fusilado na Caeira (Poio) o 12 de novembro de 1936. Coa súa nai e os seus irmáns Pedro, Isabel, María, Rita e José foxen a través de Portugal e dende alí pasan a Burdeos, onde os espera un cónsul amigo dos pais. Dous anos despois, e trala entrada dos alemáns en París, inician de novo a fuxida. Dende o porto de Le Havre e, protexidos por acorazados ingleses, van rumbo a Nova York onde reciben axuda das Sociedades Hispanas Confederadas. Posteriormente viaxarán ata a fronteira mexicana, e nun autobus chamado "El Águila Roja", van ata México D.F. onde xa os esperaba Jesús. Carmen estudiou Ciencias Químicas e reside actualmente en México.

Profesións no exilio Química

Refª.Bibliográficas: OTERO, Belén R. (2000:15)
Información proporcionada por Mª Carmen Azorín Bernárdez.
Entrevista a Telmo Bernárdez Gómez, realizada por Nancy Pérez Rey en Redondela (Pontevedra) o 05/09/2001.

206 BERNÁRDEZ GÓMEZ, Isabel

Países: Portugal / Francia / Estados Unidos / México

Biografía

(Redondela, Pontevedra, ? - México, ?) Filla do médico redondelán Telmo Bernárdez Santomé e de Isabel Gómez. O seu pai foi fusilado na Caeira (Poio) o 12 de novembro de 1936. Era mestra e estaba afiliada á Federación Universitaria Escolar (FUE). Despois da morte do pai, foxe coa súa nai e os seus irmáns José, Pedro, María, Rita e Carmela, a través de Portugal e dende alí pasan a Burdeos, onde os esperaba un cónsul amigo dos pais. Dous anos despois, e trala entrada dos alemáns en París, inician de novo a fuxida. Dende o porto de Le Havre e, protexidos por acorazados ingleses, van rumbo a Nova York onde reciben axuda das Sociedades Hispanas Confederadas. Logo de chegar á fronteira mexicana, e nun autobus chamado "El Águila Roja", viaxan ata México D.F. onde xa os esperaba Jesús. Isabel viviu en México ata a súa morte.

Organizacións ás que pertenceu:

FUE FEDERACIÓN UNIVERSITARIA ESPAÑOLA

Refª.Bibliográficas: CAGIAO, Pilar (1997:89)
OTERO, Belén R. (2000:15)
Información proporcionada por Mª Carmen Azorín Bernárdez.
Entrevista a Telmo Bernárdez Gómez, realizada por Nancy Pérez Rey en Redondela (Pontevedra) o 05/09/2001.

207 BERNÁRDEZ GÓMEZ, Jesús

Países: Portugal / Francia / Campos de Refuxio / México

Biografía

(Redondela, Pontevedra, 1915) Fillo do médico redondelán Telmo Bernárdez Santomé, que foi fusilado na Caeira (Poio) o 12 de novembro de 1936, e de Isabel Gómez. Foi mestre e autor de libros de texto. Durante a República foi tenente do exército. No ano 1936 vai a Portugal e dende alí regresa nun barco noruegués á zona republicana. Estivo no Lazareto de San Simón xunto cos seu irmán Telmo. Ó acaba-la guerra foi recluido nun campo de concentración e logo pasa a México onde esperou a chegada do resto da familia. Foi profesor do grupo que iniciou o Colegio de Madrid así como do Instituto Hispano-Mexicano Ruiz de Alarcón, dirixido por Pedro Martul Rey. Máis tarde foi profesor de Matemáticas no "Instituto Nacional de Capacitación del Magisterio" e catedrático de Análise Alxebraica na "Escuela Normal Superior". Reuníase cada xoves nun xantar con outros republicanos no Centro Republicano de México. Tamén tivo relación co grupo de socialistas galegos exiliados nese país. En 1976 regresa a España aínda que actualmente vive en México.

Organizacións ás que pertenceu:

FUE FEDERACIÓN UNIVERSITARIA ESPAÑOLA
IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Mestre / Militar

Profesións no exilio Profesor / Matemático / Catedrático

Refª.Bibliográficas: ABELLÁN, José Luis (dir) (1976, III:239)
LOZANO, Daniel e DELGADO, Lola (1999:59)
OTERO, Belén R. (2000:15)
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)
Información proporcionada por Luís Martul Tobío.
Información proporcionada por Mª Carmen Azorín Bernárdez.

208 BERNÁRDEZ GÓMEZ, José

Países: Portugal / Francia / Estados Unidos / México

Biografía

(Redondela, Pontevedra, 1924) Fillo do médico redondelán Telmo Bernárdez Santomé e de Isabel Gómez. O seu pai foi fusilado na Caeira (Poio) o 12 de novembro de 1936. Coa súa nai e os seus irmáns Pedro, Isabel, María, Rita e Carmela foxen a través de Portugal e dende alí pasan a Burdeos, onde os espera un cónsul amigo dos pais. Dous anos despois, e trala entrada dos alemáns en París, inician de novo a fuxida. Dende o porto de Le Havre e, protexidos por acorazados ingleses, van rumbo a Nova York onde reciben axuda das Sociedades Hispanas Confederadas. Posteriormente viaxarán dende Nova York ata a fronteira mexicana. Xa en México e, nun autobus chamado "El Águila Roja", viaxan ata México D.F. onde xa os esperaba Jesús. En México estudiou a carreira de Medicina. Actualmente vive en México.

Profesións no exilio Médico

Refª.Bibliográficas: ABELLÁN, José Luis (dir.) (1976, III:247)
OTERO, Belén R. (2000:15)
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)
Entrevista a Telmo Bernárdez Gómez, realizada por Nancy Pérez Rey en Redondela (Pontevedra) o 05/09/2001.
Información proporcionada por Mª Carmen Azorín Bernárdez.

209 BERNÁRDEZ GÓMEZ, María

Países: Portugal / Francia / Estados Unidos / México

Biografía

(Redondela, Pontevedra, ? - México, ?) Filla do médico redondelán Telmo Bernárdez Santomé e de Isabel Gómez. O seu pai foi fusilado na Caeira (Poio), o 12 de novembro de 1936. Coa súa nai e os seus irmáns Pedro, Isabel, José, Rita e Carmela foxen a través de Portugal e dende alí pasan a Burdeos, onde os espera un cónsul amigo dos pais. Dous anos despois, e trala entrada dos alemáns en París, inician de novo a fuxida. Dende o porto de Le Havre e, protexidos por acorazados ingleses, van rumbo a Nova York onde reciben axuda das Sociedades Hispanas Confederadas. Cando chegan á fronteira mexicana, e nun autobus chamado "El Águila Roja", viaxan ata México D.F. onde xa os esperaba Jesús. María viviu na cidade de Puebla ata a súa morte.

Refª.Bibliográficas: CAGIAO, Pilar (1997:89)
OTERO, Belén R. (2000:15)
Entrevista a Telmo Bernárdez Gómez, realizada por Nancy Pérez Rey en Redondela (Pontevedra) o 05/09/2001.
Información proporcionada por Mª Carmen Azorín Bernárdez.

210 BERNÁRDEZ GÓMEZ, Pedro

Países: Portugal / Francia / Estados Unidos / México

Biografía

(Redondela, Pontevedra, ?) Fillo do médico redondelán Telmo Bernárdez Santomé e de Isabel Gómez. O seu pai foi fusilado na Caeira (Poio), o 12 de novembro de 1936. Coa súa nai e os seus irmáns José, Isabel, María, Rita e Carmela foxen a través de Portugal e dende alí pasan a Burdeos onde os espera un cónsul amigo dos pais. Dous anos despois, e trala entrada dos alemáns en París, inician de novo a fuxida. Dende o porto de Le Havre e, protexidos por acorazados ingleses, van rumbo a Nova York onde reciben axuda das Sociedades Hispanas Confederadas. Unha vez que chegaron á fronteira mexicana, e nun autobus chamado "El Águila Roja", viaxan ata México D.F. onde xa os esperaba Jesús. Alí, Pedro chegou a rexentar a librería Washington e tamén tivo un negocio de mobles. Na actualidade sigue residindo en México.

Profesións no exilio Dependente / Libreiro

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Mª Carmen Azorín Bernárdez.
Entrevista a Telmo Bernárdez Gómez, realizada por Nancy Pérez Rey en Redondela (Pontevedra) o 05/09/2001.

211 BERNÁRDEZ GÓMEZ, Rita

Países: Portugal / Francia / Estados Unidos / México

Biografía

(Redondela, Pontevedra, ?) Filla do médico redondelán Telmo Bernárdez Santomé e de Isabel Gómez. O seu pai foi fusilado na Caeira (Poio), o 12 de novembro de 1936. Coa súa nai e os seus irmáns Pedro, Isabel, María, José e Carmela foxen a través de Portugal e dende alí pasan a Burdeos onde os espera un cónsul amigo dos pais. Dous anos despois, e trala entrada dos alemáns en París, inician de novo a fuxida. Dende o porto de Le Havre e, protexidos por acorazados ingleses, van rumbo a Nova York onde reciben axuda das Sociedades Hispanas Confederadas. Logo de viaxar ata a fronteira mexicana, e nun autobus chamado "El Águila Roja", van ata México D.F. onde xa os esperaba Jesús. Rita estudiou Ciencias Químicas e actualmente reside en México.

Profesións no exilio Química

Refª.Bibliográficas: OTERO, Belén R. (2000:15)
Información proporcionada por Mª Carmen Azorín Bernárdez.
Entrevista a Telmo Bernárdez Gómez, realizada por Nancy Pérez Rey en Redondela (Pontevedra) o 05/09/2001.

212 BERNÁRDEZ GÓMEZ, Telmo

Barco

Países: Portugal / México

NACALA

Biografía

(Redondela, Pontevedra, 1913) Fillo máis vello do médico redondelán Telmo Bernárdez Santomé, fusilado na Caeira (Poio), o 12 de novembro de 1936, e de Isabel Gómez. Estudia Maxisterio en Pontevedra, momento no que tamén se afilia á Federación Universitaria Escolar (FUE). Foi mestre en Lérez, Bueu e Mos. Coa chegada da Guerra Civil ingresa en prisión preventiva no cárcere de San Fernando, logo é trasladado a Ponte Caldelas, Lazareto de San Simón e ó cárcere de Figueirido. En marzo do ano seguinte un novo traslado lévao á Prisión Fortaleza San Cristóbal de Pamplona. Volta a Galicia o 18 de marzo de 1939, cando vai para a Prisión Central de Figueirido ata outubro dese ano, momento no que ingresou de novo en San Simón ata que foi posto en liberdade o 28 de agosto de 1940. Chega ó exilio en México despois de pasar por Portugal, de onde sae no barco pesqueiro Nacala cara o porto de Veracruz no ano 1947. Nos comezos traballou como visitador médico e representante de laboratorios, e co tempo, chegou a ser axente comercial do laboratorio Servé da "International Chemical" para Centroamérica, o que lle permitiu viaxar e establecer diferentes residencias. Nos últimos anos da súa vida laboral, e xa instalado en México D.F., traballou como administrador de varias empresas inmobiliarias. Actualmente vive en México.

Organizacións ás que pertenceu:

FUE FEDERACIÓN UNIVERSITARIA ESPAÑOLA

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Mestre

Profesións no exilio Axente Comercial

Refª.Bibliográficas: OTERO, Belén R. (2000:15)
CAEIRO, Antonio, GONZÁLEZ, Juan A. e SAÁ, Clara Mª de (1995:283)
Entrevista a Telmo Bernárdez Gómez, realizada por Nancy Pérez Rey en Redondela (Pontevedra) o 05/09/2001.

Refª.Fotográficas: CAEIRO, Antonio, GONZÁLEZ, Juan A. e SAÁ, Clara Mª de (1995:257, 260, 262, 268 e 274)

213 BERNÁRDEZ, Darío

Países: Estados Unidos

Biografía

(Pontevedra, ?) Mariñeiro que chega en febreiro de 1944 a Ellis Island (Nova York) despois de desertar dun barco franquista chamado "Ritasista".

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: "El caso de los marineros españoles detenidas en Ellis Island", Cultura Proletaria, XVII:826, (04/03/1944), 3.
"Los marineros españoles nos escriben agradecidos", Cultura Proletaria, XVII:827, (11/03/1944) 3. (Carta de agradecemento de Darío Bernárdez a "Solidaridad Internacional Antifascista" SIA)

214 BERTALE BLANCO, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 6 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

215 BERTOLO DIZ, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

216 BESADA BLANCO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase en campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

217 BILAR FEBRERO, Antonio

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Santomé, Cartelle, Ourense, 01/01/1912 - Mauthausen, 11/08/1941) Morre no comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)
"Los crímenes del nazifascismo", Cultura Proletaria, XVIII:907, (13/09/1945), 4.

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen. Segundo a lista aparecida no xorn Cultura Proletaria o seu nome é Antonio Billar Febrero.

218 BILBATÚA RODRÍGUEZ, Demetrio

Países: México

Biografía

(Vigo, Pontevedra, 1935) Cineasta exiliado en México. O seu pai tiña un estudio fotográfico e foi deputado na IIª República e fusilado ó fin da Guerra Civil. A súa familia tivo que marchar para o exilio mexicano. En México, Demetrio dedicouse á actividade cinematográfica, máis concretamente á producción de documentais culturais e etnográficos sobre México, como "El valle sagrado de Urubamba" (1979), "Estofados de la Nueva España" (1980) ou "Sinfonía de México" (1980). Foi o primeiro cineasta en filma-la muralla chinesa e a cidade prohibida de Beijing durante a época de Mao Zedong. En 1971gañou o Oscar ó mellor documental de curtametraxe con "Centinelas de silencio".
Na actualidade vive en México D.F..

Profesións no exilio Cineasta

Refª.Bibliográficas: Academia Mexicana de Artes y Ciencia Cinematográfica, A.C. (http://www.academia-ariel.org.mx)

219 BLANCO AGULLA, Eugenio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

220 BLANCO ALONSO, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo en Barcarès, Francia, como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

221 BLANCO BARREIRO, Francisco

Países: Arxentina

Biografía

(Cristimil, Lalín, Pontevedra, 22/08/1902 - Lalín?, 03/10/1978) Emigra a Bos Aires e retorna a Galicia nos anos trinta. Foi Presidente do Comité Republicano de Gresande-Cristimil. Detido en agosto de 1936, foi xulgado e condenado a 15 anos de prisión, sae en liberdade en 1940. Volve a ser detido en 1948 acusado de colaborar coa guerrilla. Marcha a Arxentina de onde regresa a Galicia nos anos setenta. Morre o 3 de outubro de 1978.

Refª.Bibliográficas: IGLESIAS, Manuel: A IIª República e a represión na comarca do Deza, (Traballo en curso)

222 BLANCO DIÉGUEZ, Gloria

Países: Francia

Biografía

(Freixido, Petín, Ourense, ?) O seu primeiro home foi asasinado logo de ser maltratados os dous por parte dos falanxistas. Esta muller prestou axuda ós fuxidos polo que estivo presa en diversas ocasións no penal de Quiroga e no de Ourense. Cando sae da prisión regresa a Freixido. Posteriormente marcha a Madrid e logo a Burgos. No seu retorno á Rúa xúntase con Roberto López, "O Pajarito", co que foxe a Francia en 1952.

Refª.Bibliográficas: TÉLLEZ, Antonio (2000:153-154)

223 BLANCO DOBARRO, Benedicto

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ourense, ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Estivo ademais no campo de refuxio de Vernet d´Ariège (barraca 43) e no de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132 e 141)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

224 BLANCO FARIÑAS, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

225 BLANCO FOUCIÑOS, Emilio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

226 BLANCO GÓMEZ, Ovidio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil en Madrid. Despois estivo no campo de refuxiados francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

227 BLANCO INCÓGNITO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

228 BLANCO INJERTO, Ángel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - Francia, ?) Durante a Guerra Civil foi tenente do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo refuxiado no campo francés de Barcarès. Morreu en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

229 BLANCO MARTÍNEZ, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados. Pode ser irmán de José Blanco Martínez.

230 BLANCO MARTÍNEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

231 BLANCO MARTÍNEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil en Madrid. Despois estivo no campo de refuxiados francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

232 BLANCO SELAS, José Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

233 BLANCO SEOANE, Arturo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Xares, A Veiga, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

234 BLANCO VIDAL, Joaquín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Boiro, A Coruña, ?) En agosto de 1939 estaba no campo de refuxiados de Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

235 BLANCO, Fernando

Países: México

Biografía

(? - México, ?) Traballou como administrativo na fábrica Senra da Coruña (con dirección republicana)?

Profesións: Administrativo

236 BLÁQUEZ NAVEIRA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Betanzos, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atópase no campo de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

237 BOEDA NÚÑEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

238 BOENTE, Ricardo

Países: Arxentina

Biografía

(Ponteareas, Pontevedra, ?) Industrial que estaba afiliado a Izquierda Republicana, partido polo que fora concelleiro no Concello de Ponteareas. En 1945 estaba exiliado en Arxentina.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Concelleiro / Industrial

Refª.Bibliográficas: "Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.

239 BOLLO DOMÍNGUEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Entrimo, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

240 BOLTUREIRA MÍGUEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cambre, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

241 BORRAJO GUEDE, Gumersindo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

242 BOTELLO BARROS, Ángel

Barco
SALLE, DE LA

Países: Francia / República Dominicana / Haití / Cuba / Porto Rico / Estados Unidos

Biografía

(Cangas do Morrazo, Pontevedra, 1913 - San Juan, Porto Rico, 11/11/1986) Estudia arte en Burdeos e Madrid. Durante a guerra estivo no Vº Reximento comandado por Líster, onde preparaba planos cartográficos. Despois da contenda foxe a Francia e, en xuño de 1939, embarca para o Caribe no vapor De la Salle. Permanece durante un curto período na República Dominicana e Haití. En 1942 vai á Habana onde está case un ano. Logo, en 1948, instalado en Porto Rico ensina na "Academia de Arte de Edna Coll". En 1950 vai a Nova York onde vive tres anos. Posteriormente regresa a Porto Rico onde se instala definitivamente e inaugura a galería "Las Antillas" no hotel" Caribe Hilton".

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Pintor

Refª.Bibliográficas: ALBERT ROBATTO, Matilde (1995)
GONZÁLEZ LAMELA, Mª del Pilar (1997)
GONZÁLEZ LAMELA, Mª de Pilar (1999:95)

243 BOURIO FERNÁNDEZ, José María

Países: Cuba

Biografía

(Lugo, 11/12/1907 - ?, 16/02/1986) Foi profesor de mercantil, caligrafía e debuxo no Instituto Feminino de Lugo. Ademais exerceu como funcionario da Delegación de Traballo en Lugo. Casou con Isabel Villariño del Riego coa que tivo dous fillos, José Marcos e Carlos Eduardo. Pertenceu ás "Juventudes Socialistas", organización da que foi secretario durante unha etapa. Posteriormente pertenceu ó PSOE. Co estalido da Guerra Civil, nun primeiro momento, refuxiouse en varios domicilios da cidade de Lugo e logo fuxiu ós montes do concello de Barreiros onde permaneceu agochado. Posteriormente, con identidades falsas e disfraces, logrou embarcar cara a Cuba vestido de cura. Tras uns primeiros meses de incertidume comezou a traballar na empresa de "Ferretería Celestino Joaristi y Cía."e máis tarde na empresa norteamericana "Remintong Rand" como xefe de ventas especiais. Adquiriu a nacionalidade cubana. En 1947 con permiso de 3 meses, volveu a Galicia co seu fillo menor Carlos. Dous anos despois veu con toda a familia pero por problemas na renovación do permisio de estancia, voltaron a Cuba. No exilio mantivo contactos con "El Círculo Republicano" e "La Casa de la Cultura". Tivo contactos con casi todas as personalidades do exilio español que pasaban por Cuba camiño de México e Estados Unidos tales como: Marcelino Domingo (Ministro da República), Indalecio Prieto (Ministro da República), Santiago Álvarez, Gordón Ordax, Álvarez de Vayo, Castelao. En canto ós exiliados instalados na Habana, tivo trato directo con: Antonio Santamaría Monxardín, Leandro Santamaría, Antonio López Saavedra, Ramona Varela, natural de A Golada, Dr. Barbeito e Álvarez Gallego. En agosto de 1958 retorna definitivamente. Na viaxe de volta entablou amistade con R. Castro (irmán de Fidel Castro).

Organizacións ás que pertenceu:

JJ.SS JUVENTUDES SOCIALISTAS
PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Profesor / Funcionario

Profesións no exilio Dependente

Refª.Bibliográficas: Información aportada por Carlos Bourio Villarino. Contacto María Presas Beneyto.

244 BOUZA BARROS, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 6 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

245 BOUZAS BOUZAS, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Chegou en 1939 a Barcarès como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

246 BOUZAS PÉREZ, María

Países: México

Biografía

(Allariz, Ourense, 1908) Mestra exiliada en México a comezos de 1939. Era a muller do médico pediatra Antonio Fernández Carnicero.

Mestra

Refª.Bibliográficas: FERNÁNDEZ, Miguel Anxo (1996:102-103)
Rexistro de entrada de inmigrantes en México (Archivo General de la Nación, México D.F.)

247 BOUZÓ BARREIRO, José María

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Guillada, Ponteareas, Pontevedra, ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Gallegos en los campos de concentración franceses, que piden ayuda a sus hermanos de América", Galicia, XVII:619, (22/04/1939), 3.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131 e 144)

248 BRAÑA CRESPÍO, Avelino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Barroso, Santa Baia, Avión, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarés en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

249 BRAÑA VILLAR, Cándido

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Combarro, Poio, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

250 BRAVO COSTA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(O Grove, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

251 BRAVO SILVARES, Manuel "Mariño"

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Froufe, Ourense, 1909 - Carballino, Ourense, 22/04/2001) Procede dunha familia de orixe campesiña. Fillo de Jesús Bravo Trigo e María Josefa Silvares Penedo. Seu pai morreu moi novo e logo tivo que pórse a traballar emigrando con 14 anos para traballar nunha mina en Duro Felguera, Asturias. Alí comezou a súa militancia política, primeiro nas filas anarquistas e, despois, nas do Partido Comunista. Logo marchou a Mieres a traballar de canteiro durante dous anos. Na década dos trinta traballa tamén como canteiro en Asturias, en Ávila e Teruel. Foi nesta última provincia onde o sorprendeu a sublevación militar do 18 de xullo de 1936. Tras formar parte das milicias republicanas, Manuel ingresou no Exército Popular no que acadou o grao de tenente. Estivo loitando nas batallas de Madrid, Málaga, Belchite e na do Ebro. Ferido durante o conflicto, foi dos últimos combatentes republicanos en cruza-la fronteira polos Pireneos, camiño do exilio. Ó sair de España, estivo internado en varios campos de refuxiados en Francia. Tentaron deportalo a un campo de concentración da Alemania nazi pero fuxiu do tren que o transportaba. Naqueles primeiros anos do seu exilio francés, Bravo traballou, co alcume de "Mariño", como enlace do Partido Comunista de España. Foi tamén un dos guerrilleiros que participou na chamada "invasión" do Val de Arán. Dende os anos corenta foi membro do aparato de propaganda do Partido Comunista en Francia. Entre as súas responsabilidades estaba a de facturar maletas, bolsos e tamén a de construi-los dobres fondos dos coches nos que se trasladaba a propaganda dende Francia ó interior. Xa nos anos sesenta, Mariño participou na creación do Partido Comunista de Galicia e foi membro do seu primeiro Comité Central. Regresou definitivamente a Galicia ó redor de 1995. No ano 1998 recibiu o "Premio 10 de Marzo" outorgado polo Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia. Na actualidade Víctor M. Santidrián Arias está a redactar-las súas memorias.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO
PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA
PCG PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA

Profesións: Obreiro / Canteiro

Profesións no exilio Sindicalista

Refª.Bibliográficas: SANTIDRIÁN ARIAS, Víctor M. (1999:571-572)
SANTIDRIÁN ARIAS, Víctor M. (2000c:87-96)

Refª.Fotográficas: SANTIDRIÁN ARIAS, Víctor M. (2000c:87 e 89)

252 BRETAÑA CARBALLO, Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi membro durante a Guerra Civil do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Posteriormente estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

253 BRIONES POUSA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Lugo, ?) Traballou como debuxante no xornal "Nueva Galicia" primeiro en Madrid e logo en Barcelona. En xullo de 1939 atopábase no campo de concentración Argelès sur Mer en Francia.

Profesións: Debuxante

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.
"Nuestros refugiados gallegos", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 1.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

254 BRUNO IGLESIAS, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cangas, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

255 BÚA RIVAS, Benito

Barco
IPANEMA

Países: Francia / Campos de Refuxio / México

Biografía

(Caldas de Reis, Pontevedra, ?) Estudiaba Medicina cando comezou a Guerra Civil e militaba no Partido Socialista. Tivo que marchar ó exilio mexicano dende Francia logo de permanecer algún tempo nun campo de refuxiados. Chegou a Veracruz o 13 de xullo de 1939 no Ipanema. Pasou o seu exilio en Puebla, onde completou os seus estudios de Medicina. Foi membro do "Comité das Juventudes Socialistas" en México. Pertenceu tamén ó consello de redacción da revista "Saudade".

Organizacións ás que pertenceu:
PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Médico

Obra no exilio: "Manifiesto" en Voces Socialistas en el Exilio: Algunas consideraciones sobre el problema gallego (1945:1-2) (firma este manifes xunto con outros socialistas galegos instalados en México)
"Comentario. En torno a un pacto tripartito" en Voces Socialistas en el Exilio: Algunas consideraciones sobre el problema gallego (1945:10-12)

Refª.Bibliográficas: GURRIARÁN, Ricardo (1999)
NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (comp.) (2000:458 e 469)
"Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:2 e 10)

Refª.Fotográficas: RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:232)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

256 BUCETA, Cándido

Países: Francia

Biografía

(Ponte Barbanza, Pobra do Caramiñal, A Coruña, ?) Estivo exiliado varios anos en Francia.

Refª.Bibliográficas: Información facilitada por Miguel Anxo Seixas Seoane.

257 BUJÁN RIVAS, Luis

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Barro, A Coruña,?) En agosto de 1939 atópase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 7 bis en Francia. Na información proporcionada polo xornal Cultura Proletaria de Nova York, aparece un home co nome Luis Buján, non se sabe se é o mesmo home, neste caso indícase que se atopa no Ancien Hospital Militaire, Perpignan, e está sendo reclamado por un irmán que vive en Baltimore, Md., Estados Unidos.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
"Servicio de Paquetes a los refugiados españoles", Cultura Proletaria, XVII:607, (16/XII/1939), 3-4.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

258 BUJÁN RODRÍGUEZ, Magín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Castro Caldelas, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

259 CAAMAÑO FERNÁNDEZ, Cipriano J.

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

260 CAAMAÑO FERNÁNDEZ, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, 3/12/1907 - Mauthausen, 3/11/1941) En agosto de 1939 atópase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia. Posteriormente é trasladado ó comando Gusen 2 do campo de concentración de Mauthausen, e alí morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:111)
"Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
"Los crímenes del nazifascismo", Cultura Proletaria, XVII:901, (11/08/1945), 1.

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída cara o campo de refuxiados e posteriormente cara o campo de concentración deste galego.

261 CAAMAÑO NOVO, Isolino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi tenente do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

262 CAAMAÑO NÚÑEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarés en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

263 CAAMAÑO PATO, Alfredo

Países: Portugal / Francia / Campos de Refuxio / México / Venezuela

Biografía

(Negreira, A Coruña, ?) Tralo alzamento militar, Caamaño Pato tivo fuxir co seu irmán Manuel dende Galicia a Valencia a través de Portugal e Francia. Segundo a testemuña de Domingo García Tomé, foron presentados á Pasionaria. Alfredo exerceu de xuíz de Belchite. Ó caer Belchite estivo en Barcelona como xefe de armamento. Despois acabou en Francia, en torno ó ano 1939, nun campo de refuxio. Posteriormente exiliouse en México e logo en Venezuela. Neste último país dedicouse á venda de libros.

Profesións: Xuíz

Profesións no exilio Dependente

Refª.Bibliográficas: LIÑARES GIRAUT, X. Amancio (1993:109, 127 e 144)
"Refugiados", Galicia, XVII:260, (29/04/1939), 6.
"Gallegos en los campos de concentración franceses, que piden ayuda a sus hermanos de América", Galicia, XVII:619, (22/04/1939), 3.

Comentarios: O testemuño de Domingo García está recollido no libro de Liñares Giraut.

264 CAAMAÑO PATO, Manuel

Países: Portugal / Francia / Venezuela / México

Biografía

(Negreira, A Coruña, ?) Fuxiu xunto co seu irmán Alfredo dende Galicia a Valencia a través de Portugal e Francia. Estivo exiliado en Venezuela e logo en México. Segundo o testemuño de Domingo García Tomé foron presentados á "Pasionaria". Foi nomeado membro do Socorro Vermello Internacional.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL
SVI SOCORRO VERMELLO INTERNACIONAL

Profesións: Farmacéutico

Refª.Bibliográficas: LIÑARES GIRAUT, X. Amancio (1993:109 e 127)
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

Comentarios: O testemuño de Domingo García está recollido no libro de Liñares Giraut.

265 CAAMAÑO, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" en Madrid durante a Guerra Civil. Logo estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

266 CABALEIRO GARCÍA, Enrique

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Teis, Vigo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

267 CABANA LÓPEZ, Evaristo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

268 CABANAS, Beningo

Países: Francia

Biografía

(A Coruña, ? - Francia, 1959) Militante da CNT e do Sindicato da Construcción da Coruña. Durante a Guerra Civil permanece agochado e despois vai a Francia. Nese país milita na "Federación Libertaria" de Agen ata a súa morte.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Obreiro / Sindicalista

Profesións no exilio Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

269 CABANELAS CONDE, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas"en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

270 CABANILLAS ÁLVAREZ, Ramón

Barco

IPANEMA

Países: Francia / México

Biografía

(? - ?) Fillo do escritor Ramón Cabanillas. Foi capitán do exército republicano durante a Guerra Civil. En Barcelona colaborou en xornal galego "Nova Galiza". Tivo que exiliarse en Francia e de alí vai cara a México no Ipanema en 1939. En México foi editor da revista "Saudade" no nº 4.

Obra no exilio: "Romance de Loita. Aos loitdores galegos", Nova Galiza. Boletín Quincenal dos Escritores Galegos Antifeixistas, 4, (20/05/1937), 1 (Edición Facsímil de Ediciós do Castro)
"Río Miño", Nova Galiza. Boletín Quincenal dos Escritores Galegos Antifeixistas, 13, (20/12/1937), 2 (Edición Facsímil de Ediciós do Castro)

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por X. Manoel Núñez Seixas.
GURRIARÁN, Ricardo (1999:159)
RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:232)

Refª.Fotográficas: GURRIARÁN, Ricardo (1999); LONGO FORMOSO, Miguel (1999:436)

271 CABEZÓN FREIRE, Aurelio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

272 CABRERA GONZÁLEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

273 CÁCERES, Victor Francisco

Países: Francia

Biografía

(Albalá, Cáceres, ? - Vigo, 1976) Estivo condenado a morte durante a Guerra Civil. Militou clandestinamente na CNT na Rioxa. Posteriormente desplazouse a Vigo para traballar na factoría de Enrique Lorenzo. Dende 1949 traballa como contable en "Vulcano". En Galicia foi un dos organizadores dos traballadores nos asteleiros, ademais chegou a colaborar no Frente Democrático Juvenil. En 1960 é detido xunto con outros militantes cenetistas acusado de propaganda e relación co exilio. Ó sair do cárcere tivo que fuxir a Francia debido á presión policial. En Toulouse traballa como albanel e permanece nesa cidade ata agosto de 1976 cando decide voltar a Vigo en misión orgánica. Pero morre ós nove días do seu regreso.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista / Contable

Profesións no exilio Albanel

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

Comentarios: A pesar de non ser galego, incluímolo aquí pola súa longa e importante actividade no movemento obreiro en Galicia.

274 CACHARRÓN LÓPEZ, Emilio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

275 CACHAZA CABAÑOS, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

276 CACHEIRO DIÉGUEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrou o "Batallón de Milicias Populares Gallegas" en Madrid durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

277 CACHEIRO FERNÁNDEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" na Guerra Civil. Chegou en 1939 a Barcarès como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

278 CACHEIRO VARELA, Maximino

Países: Francia

Biografía

(? - ?) Exiliado en Francia. Escribiu unhas memorias do seu exilio, "Memorial do Exilio", cunha traducción ó ruso feita por Ana María Fernández Santos.

Obra no exilio: "Memorial do exilio"
"América na poesía galega" (1992), A Coruña: Deputación Provincial

Refª.Bibliográficas: FERNÁNDEZ SANTOS, Ana María (1998:99-101)

279 CADENAS RODRÍGUEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Fora membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" na Guerra Civil. Estivo como refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

280 CAGIAO LÓPEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Miño, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

281 CAÍDO OUTEMURO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Santa Eulalia, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

282 CAL LAGE, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Fornelos de Montes, Pontevedra, ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia e no Saint Cyprien, nos Pirineos Orientais en 1939.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Gallegos en los campos de concentración franceses, que piden ayuda a sus hermanos de América", Galicia, XVII:619, (22/04/1939), 3.
"Nuestros refugiados gallegos", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 1.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

283 CALLÓN POCH, José

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Santa Uxía de Ribeira, A Coruña, ? - Mauthausen, 19/02/1943) Foi trasladado ata o campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:111)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

284 CALO VIDAL, Lino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) Fora membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas". En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Tamén estivo no campo de refuxio Vernet d´Ariège (barraca 43).

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:141)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

285 CALOTO, Hilario

Países: México

Biografía

(? - ?) Militante do PCE, foi membro do Comité Nacional da UGT e Secretario Xeral da "Federación Obrera de Hostelería de España". Exiliouse en México onde foi membro da Comisión Galega da "Junta Suprema de Unión Nacional" e colaborador da revista "Vieiros".

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA
UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Sindicalista

Obra no exilio: "A eleitrificación da Galiza", Vieiros, 1, 1959, (sen paxinar)

Refª.Bibliográficas: MACEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Manuel (1995:234)

286 CALVAR CARRACEDAS, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Marín, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

287 CALVIÑO BARCIELA, Andrés

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

288 CALVIÑO DOMÍNGUEZ, José

Países: Francia

Biografía

(Cambados, Pontevedra, ?) Foi militante da Irmandade Nacionalista Galega "ING" (1922-24), sección de Casares Quiroga e das Irmandades da Fala da Coruña entre 1926-31. Foi nomeado Director Xeral de Administración Local por Casares Quiroga cando este foi nomeado ministro en 1931. Posteriormente é nomeado Gobernador Civil de Biscaia. Nas eleccións de 1936 é candidato de Izquierda Republicana sendo electo deputado pola provincia da Coruña. Participou de xeito fugaz na constitución do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" xa que pouco despois vai para Francia, instalándose en Burdeos. Neste país foi acusado por Indalecio Prieto de delatar, ante as autoridades alemanas, a Julián Zugazagoitia e ó xornalista Guez Salido, ámbolos dous do Partido Socialista, polo que foron deportados a España dende o exilio para ser condenados a morte.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS
IRMANDADES DA FALA
IR IZQUIERDA REPUBLICANA
ORGA ORGANIZACIÓN REPUBLICANA GALLEGA AUTÓNOMA

Profesións: Avogado / Deputado / Gobernador Civil / Director Xeral

Refª.Bibliográficas: COSTA CLAVELL, Xavier (1977:279)
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000c:186)
NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (comp.) (2000:205, n. 203)
GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio (1988:131 e 164-166)

289 CALVIÑO OZORES, Xosé

Países: Francia

Biografía

(Lalín, Pontevedra, ?) Militante socialista exiliado en París. Foi albacea de Largo Caballero.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Refª.Bibliográficas: CALVO, Tucho (1998:186)

290 CALVO SANTAMARINA, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" na Guerra Civil. Chegou en 1939 a Barcarés como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

291 CAMAY LANDEIRA, Rogelio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" durante a Guerra Civil. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

292 CAMENAR SAN ISIDRO, Juan

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, 03/11/1910 - Mauthausen, 29/09/1941) Morre no comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:111)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

293 CAMESELLE FERNÁNDEZ, Agustín

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ? - Mauthausen, 1/11/1941) Foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen e posteriormente morreu no comando Gusen.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

294 CAMESELLE MÉNDEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" durante o transcurso da Guerra Civil. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

295 CAMESELLES BLANCO, Emilio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) En xullo 1939 atopábase no campo de refuxiados Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

296 CAMINO NORIEGA, Tomás

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Refuxiado en Francia. Estivo nun campo de concentración francés.

Refª.Bibliográficas: "Gallegos en los campos de concentración franceses, que piden ayuda a sus hermanos de América", Galicia, XVII:619, (22/04/1939), 3.

297 CAMPELLO ALVARIÑO, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" durante a Guerra Civil. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:147)

298 CAMPOS RAMÍREZ, Alejandro "Finisterre"

Países: Francia / México

Biografía

(Fisterra, A Coruña, 1919) Antes do ano 1936 funda xunto co poeta Sánchez Ortega a revista "Paso a la juventud". Trala Guerra Civil vai a Francia pero debe voltar por razóns familiares. Durante a súa estadía en París realiza unha extensa actividade cultural onde é, entre outras cousas, albacea literario de León Felipe. Emprende o camiño ó exilio mexicano en 1947 onde realiza un labor editorial importante dedicado a Galicia e á súa cultura. En 1949 é nomeado secretario de redacción de "L´Espagne". Alí tamén publica, en 1962, unha antoloxía sobre a poesía galega e o número 1 da revista "Compostela. Revista de Galicia", fundando ademais a "Revista de Poesía Universal Ecuador". Campos Ramírez foi tamén o inventor do futbolín.

Profesións: Xornalista / Editor

Profesións no exilio Xornalista / Editor

Obra no exilio: "Lembranza de María Casares no seu 75 aniversario", Ferrol Análisis, 13, (1998), 72-79.

Refª.Bibliográficas: MEILÁN, Xabier (1994:26-29)
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b, II:991)
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:285-334)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:186-187)

299 CANABAL CARRAFEIRO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Acibeiro, Forcarei, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

300 CANABAL TROITIÑO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Andón, Forcarei, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

301 CANCELAS, José

Países: Francia

Biografía

(Moaña, Pontevedra, ?) Foi militante do"Sindicato de Pescadores de Moaña". Exiliouse en Francia e alí pertenceu á "Confederación Regional Galaica" da CNT.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista / Mariñeiro

Profesións no exilio Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

302 CANCIO LÓPEZ, Nicasio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 6 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

303 CANDEIRA ÁLVAREZ, Pastor

Países: Francia

Biografía

(Pontearéas, Pontevedra, ?) Fora deputado pola provincia de Pontevedra. Exiliouse en Francia.

Profesións: Deputado

Refª.Bibliográficas: "Refugiados", Galicia, XVII:620, (29/04/1939), 6.

304 CANEIRO PEONES, Constantino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados Argelès sur Mer 6 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

305 CANOSA GONZÁLEZ, Luis

Países: México

Biografía

(A Baña, A Coruña, ?) Marchou exiliado a México.

Refª.Bibliográficas: LIÑARES GIRAUT, X. Amancio (1993:109)

306 CANTO PATIÑO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

307 CAÑAMAL SALGADO, Arturo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Gargallóns, Campo Lameiro, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

308 CAÑEDA MACÍA, José

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Vilar de Donas, Palas de Rei, Lugo, ? - Mauthausen, 07/01/1942) Foi trasladado ó comando de Gusen no campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

309 CAO VILLAR, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - Francia, ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" durante a Guerra Civil, onde tivo o cargo de tenente. Estivo refuxiado no campo francés de Barcarès. Morreu en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

310 CAPELO FRANCO, Alfonso

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas", creado en Madrid en agosto de 1936. Posteriormente estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

311 CARBALLEIRA CILLERO, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas", creado en Madrid en agosto de 1936. Estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

312 CARBALLO ?, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" na Guerra Civil. Estivo en Barcarès, Francia, como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

313 CARBALLO TAJES, Ramón

Países: Portugal

Biografía

(Ponte do Porto, Camariñas, A Coruña, ?) Viaxante de comercio de Ponte do Porto. Durante a Guerra Civil pasou varios meses agochado no monte e nalgunhas casas da zona debido á persecución dos falanxistas de Ponte de Porto. Coa axuda do seu irmán Gumersindo, consegue escapar con outros dous sindicalistas, Andrés Balsa e outro non identificado, cara a costa de Merexo. Dende alí, e a bordo dunha motora pesqueira muxiana, diríxense cara Porto, desembarcando poucos días despois en Leixoes. Tiñan previsto viaxar a América Latina coa axuda dos familiares dun veciño, pero este plan viuse frustrado ó seren detidos pola policía portuguesa nun restaurante de Lisboa. Unha vez entregados ás autoridades franquistas de Tui, Andrés Balsa e outro compañeiro foron "paseados," mentres que Ramón Carballo conseguiu salvarse cun intento de suicidio fallido que provocou o seu traslado ó cárcere de Corcubión. Posteriormente foi enviado á Prisión Provincial da Coruña e posto a disposición do Xeneral da División Orgánica.

Profesións: Viaxante

Refª.Bibliográficas: LAMELA GARCÍA, Luis (1995:157-159)

314 CARBALLO, Antonio

Países: Chile

Biografía

(Redondela, Pontevedra, ?) Era xenro dun socialista de Vigo que foi tenente alcalde no ano 1936. Estivo exiliado perto de Valparaíso en Chile onde tiña un hostal.

Profesións no exilio Empresario

Refª.Bibliográficas: CALVO, Tucho (1998:222)

315 CARCAÑO ARAÚJO, Antonia

Barco
MARQUÉS DE COMILLAS

Países: Cuba

Biografía

(Cuba, ?) Era filla de Anxo Carcaño e María Araújo. Volta de Cuba a Galicia cos seus pais en 1932. Logo de rematada a Guerra Civil regresa a Cuba coa a súa nai e os seus irmáns, onde xa estaba o pai.

Refª.Bibliográficas: BARCIA, Tere G. (2000:12-13)

Refª.Fotográficas: BARCIA, Tere G. (2000:123-13)

316 CARCAÑO ARAÚJO, Dora

Barco
MARQUÉS DE COMILLAS

Países: Cuba

Biografía

(Vigo, 1935) Era filla de Anxo Carcaño e María Araújo "La Guerrillera". Cando a súa nai estivo detida en Vigo ela permaneceu con ela en prisión. Logo da saída do cárcere van para Cuba no ano 1944 no buque Marqués de Comillas. Nese país tivo unha importante actividade no Partido Comunista cubano. Mestra e licenciada en Ciencias Sociais. Actualmente é a coordinadora para América Latina da Federación Democrática Internacional de Mulleres. O día 28 de xaneiro de 2000 participou no Congreso sobre "Muller e retorno", organizado pola CIG-Migración en Vigo.

Organizacións ás que pertenceu:
PARTIDO COMUNISTA CUBANO

Profesións no exilio Mestra / Sindicalista

Refª.Bibliográficas: NEIRA VILAS, Xosé (1998:238-239)
BARCIA, Tere G. (2000:12-13)

Refª.Fotográficas: BARCIA, Tere G. (2000:12-13)

317 CARCAÑO ARAÚJO, Sebastián

Barco

Países: Cuba

MARQUÉS DE COMILLAS

Biografía

(Cuba, ?) É fillo dos galegos emigrados a Cuba Anxo Carcaño e María Araújo, "La Guerrillera". Coa instauración da República volve a Galicia xunto coa a súa familia en 1932. No ano 1944 embarca no buque "Marqués de Comillas", acompañado pola súa nai e as súas irmás Dora e Antonia, cara o exilio en Cuba, onde xa estaba o seu pai.

Refª.Bibliográficas: BARCIA, Tere G. (2000:12-13)

Refª.Fotográficas: BARCIA, Tere G. (2000:12-13)

318 CARCAÑO, Anxo

Países: Cuba

Biografía

(Mugardos, A Coruña, ?) Militante comunista e dirixente sindical. Emigra a Cuba onde casa en 1920 con María Araújo, "La Guerrillera", coa que ten dous fillos, Sebastián e Antonia. En 1932 voltan a Galicia onde el pasa a enrolarse nun barco de pesca e exerce como Secretario Xeral do "Sindicato de Marineros" de Vigo. Co comenzo da Guerra Civil pasa á clandestinidade botándose ó monte e agochándose en casas de amigos ata ser detido e condeado a traballos forzosos que minan a súa saude. Gracias á intervención do cónsul de Cuba en Vigo, que solicita a súa liberdade, é enviado a Cuba vía Lisboa onde espera pola súa familia que chega ó pouco tempo.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Sindicalista / Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: NEIRA VILAS, X. (1998:238-239)
BARCIA, Tere G. (2000:12-13)

319 CARDAMA, Manuel

Países: México

Biografía

(? - ?) Xuíz galego exiliado en México.

Profesións: Xuíz

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:186)

320 CARDERO, Antonio

Barco

Países: Francia / México

IPANEMA

Biografía

(Celanova, Ourense, ?) Membro dunha familia moi coñecida de preto de Celanova e curmán dun ex-alcalde de Bande. Durante o goberno da República fora Gobernador Civil de Córdoba. Durante a Guerra Civil o seu fillo Alberto, íntimo amigo de Elixio Rodríguez Domínguez, foi asasinado polos franquistas en Lugo. Trala guerra Cardero toma o camiño do exilio, primeiro en Francia e logo en México, ata onde viaxou no Ipanema no ano 1939, xunto con Elixio Rodríguez Domínguez. Neste país tivo contacto cos galegos socialistas exiliados.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Farmacéutico / Gobernador Civil

Profesións no exilio Farmacéutico

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:14)
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

321 CARIDAD MATEO, Carlos

Países: Francia / Campos de Refuxio / Estados Unidos

Biografía

(A Coruña, ?) Fillo do xeneral republicano José Caridad Pita e irmán dos exiliados en México José, Vicente e Francisco En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarés en Francia. Carlos exiliouse nos Estados Unidos onde foi profesor.

Profesións: Estudiante

Profesións no exilio Profesor

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:185)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

322 CARIDAD MATEO, Francisco

Países: México

Biografía

(A Coruña, ?) Era fillo do Xeneral republicano José Caridad Pita e irmán dos exiliados José, Carlos e Vicente. Pertencía á "Comisión Galega" do Partido Comunista e durante a Guerra Civil foi xefe de servicios da XIª División do Exército Popular. Despois tivo que fuxir cara a México onde fundou xunto con outros exiliados galegos a "Alianza Nazonal Galega" no ano 1943, sendo vicesecratrio xeral da mesma.

Organizacións ás que pertenceu:

ALIANZA NAZONAL GALEGA
PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Político

Refª.Bibliográficas: MARTÍNEZ, José Luis (2000:96)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:185)
"Manifesto da Alianza Nazonal Galega de México", Galicia, XXI:826, (10/04/1943), 8.

323 CARIDAD MATEO, José

Barco
SINAIA

Países: Francia / Campos de Refuxio / México

Biografía

(Betanzos, A Coruña, 1906) Arquitecto fillo do Xeneral republicano José Caridad Pita e irmán dos exiliados Carlos, Francisco e Vicente. Pertenceu ó Partido Galeguista e despois de loitar co Exército Republicano durante a Guerra Civil, chegou ó campo francés de refuxiados de Argelès sur Mer, para exiliarse logo en México. Alí funda, xunto a outros exiliados galegos, a "Alianza Nazonal Galega" en 1943, da que era secretario de propaganda. Nese país edita tamén a Revista "Saudade" (os números 1 e 2). Foi ademais director do terceiro número da revista "Vieiros" en 1965, sustituíndo a Florencio Delgado Gurriarán.

Organizacións ás que pertenceu:

ALIANZA NAZONAL GALEGA
PG PARTIDO GALEGUISTA

Profesións: Arquitecto

Profesións no exilio Xornalista / Editor / Arquitecto

Obra no exilio: "Pranificazón e humanismo", Vieiros, 2, (outono 1962)
"Humanismo: fundamento e pantalla", Vieiros, 4, (primavera 1968)

Refª.Bibliográficas: FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b, II:1000)
GURRIARÁN, Ricardo (1999:250)
MARTÍNEZ, José Luis (2000:96)
"Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires, XXIII:922, (15/09/1945), 8.
BONET, Juan Manuel (1995)
MACEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Manuel (1995:233)
"Manifesto da Alianza Nazonal Galega de México", Galicia, XXI:826, (10/04/1943), 8.
Sinaia. Diario de la Primera Expedición de Republicanos Españoles a México (1999)

324 CARIDAD MATEO, Rogelio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Quiroga, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 7 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

325 CARIDAD MATEO, Vicente

Países: México

Biografía

(A Coruña, ?) Avogado, fillo do xeneral republicano José Caridad Pita e irmán de José, Carlos e Francisco. Durante a Guerra Civil loitou no bando republicano e despois foi para o exilio en México.

Profesións: Avogado

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:185)

326 CARLÉS, Eloy

Biografía

(Pontecesures, ? - O Grove, ?) Estivo afiliado a Izquierda Republicana. Mecánico e propietario de dous lanchóns para o carrexo de area. Estivo preso no 1936, e ó saír do cárcere fuxiu a América, voltando no 1943. Residiu no Grove ata a súa morte.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Mecánico

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Xosé Manoel Núñez Seixas. (19-X-2000).
DÍAZ FERNÁNDEZ, Xosé (1982)

Refª.Fotográficas: DÍAZ FERNÁNDEZ, Xosé (1982:anexo)

327 CARNERO ?, Silverio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

328 CARNERO COELLO, David

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do "Batallón de Milicias Populares Gallegas". Despois estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

329 CARREÑO PÉREZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Castrelo, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

330 CARREÑO TORVA, Salomón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Noia, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

331 CARRERAS, Aurora

Países: Cuba

Biografía

(Cuba, ?) Era filla de galegos, casou con Luis Huice, dono dun dos obradoiros de xastrería da Coruña. Home moi culto, debuxante, pintor e gravador, polo seu estudio pasa Luís Seoane, Fernández Mazas e Arturo Souto. Foi asasinado durante a Guerra Civil momento no que a súa muller marcha ó exilio para voltar máis tarde a Galicia.

Refª.Bibliográficas: FRAGA RODRÍGUEZ, Xan (1994:42)

332 CARRILLO CONSILLO, Cándido

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados en Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

333 CARRIZO GARCÍA, Emilio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Miño, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

334 CARRO NAVEIRA, Bautista

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Betanzos, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

335 CARRO OTERO, Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Betanzos, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

336 CASA DOPICO, Evaristo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cariño, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezières en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

337 CASAL BROULLÓN, Alberto

Países: Unión Soviética

Biografía

(Vigo, Pontevedra, 1912) Mariñeiro afiliado ó PCE dende 1937. Durante a Guerra Civil loitou na flota no cruceiro “Miguel de Cervantes”. No seu exilio na URSS traballou en Gorki.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Mariñeiro

Profesións no exilio Obreiro

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

338 CASAL NOVO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do "Batallón de Milicias Populares Gallegas". Despois estivo refuxiado no campo francés de Barcarès. A finais de xullo de 1939 estaba desparecido.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

339 CASAL, Antonio

Países: Reino Unido / Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ? - Merignac, Francia, 1950) Tabaqueiro que no ano 1945 estaba no campo de concentración de Kirkham (Reino Unido). Finalmente vai para o campo de refuxio Mérignac (Francia) onde morre.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Tabaqueiro

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

340 CASANOVA, Antonio

Países: Francia / Arxentina

Biografía

(Betanzos, A Coruña, 07/06/1898 - Bos Aires, 08/07/1966) Emigra á Arxentina onde foi panadeiro no barrio de Avellaneda e onde se afiliou ó Sindicato de Panadeiros, formado en grande medida por galegos. Coa súa incorporación ó sindicato comeza a súa militancia anarquista chegando a liderar o grupo libertario "Ateneo Libre". Así mesmo, en decembro de 1932 participou no II Congreso Anarquista Rexional celebrado en Rosario. No ano 1935 forma ademais parte do grupo fundador da Federación Anarco-Comunista Arxentina (FACA). Co estalido da Guerra Civil volve para combater en pro da República utilizando o nome falso de "Manuel Freire", que en realidade era o nome de outro galego anarquista e panadeiro. Chega a Barcelona para combater no 28º División comandada por Gregorio Jover. Posterioremente exíliase en Francia onde dirixe o xornal "Solidaridad Obrera" de París e milita na CNT. Alí tamén se integra na resistencia francesa. Co tempo voltou á Arxentina onde morreu ós 68 anos.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista / Panadeiro

Profesións no exilio Sindicalista / Panadeiro

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)
www.cigmigracion.com/casano.htm

Refª.Fotográficas: www.cigmigracion.com/casano.htm

341 CASARES PÉREZ, María Victoria

Países: Francia

Biografía

(A Coruña, 21/11/1922 - París, 22/11/1996) Escritora e actriz, filla de Santiago Casares Quiroga e Gloria Pérez Corrales. Pasou os seus primeiros anos da súa infancia na cidade herculina. Cando o seu pai é nomeado Ministro de Mariña coa chegada da República ten que ir con el e coa súa nai e irmá Esther a Madrid. Na súa estadía en Madrid, e durante a guerra alístase de enfermeira coidando soldados republicanos. Ó pouco tempo o seu pai decide que vaia a Barcelona coa súa nai. En 1937 cruza a fronteira pola Jonquera cara ó exilio francés, en París comezou a asistir no pavillón de estranxeiros ás clases do Liceo "Victor Duruy" de Versalles, onde estudiara a súa irmá Esther. Posteriormente, convértese en actriz do cine e do teatro francés co nome de Marie-Victorie Casarés. Estivo tamén de xira continua en 1957 por Brasil, Perú, Chile e Uruguai. Tamén viaxou a Finlandia, Dinamarca, Unión Soviética, Noruega. E máis tarde, en 1968, vai a México de xira co teatro e alí visita a súa irmá que morreu ó pouco tempo. Regresa a España en xullo de 1976 para traballar nunha obra de Rafael Alberti, "El Adefesio", e dous anos despois casa con André Schessler. Entre as súas interpretaciones cinematográficas destacan as seguintes: " Les enfants du paradis" de Marcel Carné; "Les dames du Boulogne" de Robert Bresson; "Orfeo" de Jean Cocteau ou "Monte bajo" en 1989 con Jorge Sanz. Morreu o 22 de novembro de 1996.

Profesións: Enfermeira

Profesións no exilio Escritora / Actriz

Obra no exilio: "Residente privilegiada"

Refª.Bibliográficas: ESTÉVEZ, Arantxa (1999)
NEIRA VILAS, Xosé (1999)
GUBERN, Román (1976:11, 44, 61 e 170)
CAGIAO, Pilar (1997:91)
C.F. (2000:23)
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000c:248)

Refª.Fotográficas: Fondo Fotográfico do AEG, nº rexistro 334, 335, 336, 139, 147 e CD-ROM III: Carpeta: Elpidio Villaverde, nº 5, 21. NEIRA VILAS, Xosé (1999:156), GUBERN, Roman (1976),. Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires, XXXIII:397, (febreiro 1946), 14-15 e dúas no mesmo xornal, XXX:531, (maio-xuño 1963), 26-27; ESTÉVEZ, Arantxa (1999: 9, 17, 20, 21, 28, 45, 46, 47, 53, 61, 64, 80, 81, 96, 97, 105, 113); CID CABIDO, Xosé (1994:126) e ALLEGUE OTERO, Gonzalo e FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor (1993:138, 139).

342 CASARES QUIROGA, Santiago

Países: Francia / Reino Unido / Suíza

Biografía

(A Coruña, 1884 - París, 17/02/1950) Era fillo do avogado republicano da Coruña, Santiago Casares Paz. Estudiou no colexio Dequidt e o bacharelato no Instituto Eusebio da Guardia. Estudiou a carreira de Dereito en Santiago de Compostela e logo marchou a Madrid por motivos de saúde, xa que tiña problemas respiratorios. En abril de 1910 participou activamente na I Asamblea Rexional de Solidariedade Galega, celebrada en Monforte de Lemos. Regresou á Coruña no verán de 1910 co título de avogado e cunha filla, Esther. En novembro de 1911 comeza a traballar como avogado, e é elexido concelleiro nas listas republicanas. En 1914 repite no cargo sendo elixido 5º Tenente de Alcalde. Participa activamente na vida política da súa cidade tomando parte na folga xeral de 1917, sen embargo rexeita colaborar na "Fundación das Irmandades da Fala", creadas nese mesmo ano. O 25 de outubro de 1920 casou na Coruña con Gloria Pérez Corrales e dous anos despois nace a súa filla María Victoria. A súa relación coa masonería tamén foi importante xa formou parte da Loxia Hispano-Americana de Madrid co nome simbólico de "Saint Just" e á loxia Suevia onde foi "venerable maestro". En 1926 xúntase á "Alianza Republicana" a través do Casino Republicano da Coruña. En outubro de 1929 creouse a ORGA en Santiago, significando un trampolín de ascenso persoal para Casares Quiroga. Participa tamén no "Pacto de Lestrove" o 16 de marzo de 1930 do que surxe a Federación Republicana Galega. Como representante desta organización viaxou ata San Sebastian á xuntanza que daría orixe ó chamado "Pacto de San Sebastian", sendo o encargado de pór a Galicia a favor da sublevación de Jaca, sendo encarcelado por iso. O 20 de marzo de 1931 no consello de guerra ó que foi sometido foi condenado a seis meses e un día de prisión, aínda que lle foi aplicada a liberdade condicional e foi posto en liberdade o 24 de marzo de 1931. Nas eleccións do 12 de abril de 1931 saiu concelleiro na cidade da Coruña nas ringleiras da ORGA. Tras coñece-los resultados noutras capitais, marchou a Madrid, e coa constitución do goberno provisional, foi nomeado Ministro de Mariña. En xuño de 1931 foi o candidato maís votado na cidade herculina. A fins de ano é nomeado ministro de Gobernación sustituindo a Miguel Maura. En 1932 celebrouse en Lugo a Asamblea fundacional do PRG e a presidencia foille ofrecida a Casares Quiroga. O goberno de outubro de 1933 presidido por Marcelino Domingo ten o apoio do grupo de Casares, sendo o seu representante no novo executivo Leandro Pita Romero, no ministerio de Mariña. Santiago Casares Quiroga presentouse na candidatura do Partido Republicano Gallego ás eleccións de 1933 pola circunscripción da Coruña, saíndo deputado. En marzo de 1934 pretendía disolver a ORGA e pasar a integrarse en Acción Republicana, atopando só a oposición do Comité de Vilagarcía. Izquierda Republicana nace o 2 de abril de 1934 coa unión de Acción Republicana, Partido Radical Socialista Independiente e o Partido Republicano Galego. En outubro, cos acontecimientos de Asturias, Casares Quiroga foi perseguido, fuxindo cara a Barcelona onde se encontrou con Azaña. Tralo triunfo da Fronte Popular en febrero de 1936 Casares Quiriga é nomeado ministro de Obras Públicas, e o 3 de maio sustitúe a Amós Salvador no ministerio de Gobernación. Cando Manuel Azaña foi elexido presidente da República, comezou as consultas para a formación do novo Goberno, optando por Casares Quiroga, asumindo este cargo de presidente do Goberno e o de ministro de Guerra. Tralos acontecimientos de xullo de 1936 Casares presenta a súa dimisión , sendo aceptada por Azaña; aínda así non saíu de Madrid. En 1936 foi miliciano na Serra do Guadarrama. Finalmente sae de España para exiliarse en París. Coa chegada dos nazis, ten que marchar a Londres, onde está ata que remata a IIª Guerra Mundial. O Tribunal Especial para a Represión da Masonería e o Comunismo dicta sentencia o 11 de novembro de 1941 pola que se condena ó poítico galego a trinta anos de reclusión maior. En 1944 cando se crea o Consello de Galiza en Montevideo, Casares manifestou a súa adhesión, e cando en 1946 nace en Toulousse, o "Bloque Republicán Nacional Galego", que presidiu Portela Valladares, Casares foi un dos seus vocais. Tamén estivo en Suiza algunha tempada repoñéndose da tuberculose. Desde 1947 a enfermidade agrávase e morre o 17 de febreiro de 1950 dun fallo cardíaco.

Organizacións ás que pertenceu:

BRNG BLOQUE REPUBRICÁN NAZONAL GALEGO
FRG FEDERACIÓN REPUBLICANA GALEGA
IR IZQUIERDA REPUBLICANA
ORGA ORGANIZACIÓN REPUBLICANA GALLEGA AUTÓNOMA
PRG PARTIDO REPUBLICANO GALLEGO

Profesións: Avogado / Concelleiro / Deputado / Ministro

Refª.Bibliográficas:
PORTELA VALLADARES, Manuel (1986)
CASARES, María (1981)
Suplemento Especial, La Voz de Galicia, 17 de febreiro de 2000.
A Nosa Terra, 17 de febreiro de 2000, p. 32.
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000c)
PARRILLA, José Antonio (1995)
ALFONSO BOZZO, A. (1976:371)
El Pais, (20/02/2000), 10 (Suplemento El Domingo)
www.cigmigracion.com/somoza.htm
"Hacia la Unidad de los Gallegos Antifranquistas", Galicia, XXIV:946, (02/03/1946), 3. (Sobre a súa afiliación o BNRG)
ESTÉVEZ, Arantxa (1999)
ARES BOTANA, Oscar (1996)
NÚÑEZ DÍAZ-BALART, Mirta (1999:47-65)
ARES BOTANA, Oscar (2001:226)

Refª.Fotográficas: ESTÉVEZ, Arantxa (1999:33), ÁLVAREZ, Santiago (1992)

343 CASARES RODRÍGUEZ, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos membros do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" durante a Guerra Civil en Madrid. Despois estivo no campo de refuxiados francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

344 CASARES, Esther

Países: México

Biografía

(Madrid, ? - México, 1969) Era filla de Santiago Casares Quiroga, fóra do matrimonio con Gloria Pérez. Cando Casares Quiroga chega a Galicia tras doutorarse en Dereito, trae a Esther. Malia o ríxido carácter do avó Casares Paz, a nena vai ser criada como un membro máis da familia. Gloria Pérez, cando casa con Santiago, acepta como filla a Esther. O 3 de xullo de 1931 casa con Enrique Varela que despois será estreito colaborador de Casares Quiroga. Cando comeza a Guerra Civil é detida en Miño (A Coruña). Despois de estar presa un tempo na Coruña marcha exiliada a México coa súa filla Cuca e xunto ó seu home nun avión da Air France en 1955. Morre alí no ano 1969 a causa dun efisema pulmonar despois da visita da súa irmá María.

Refª.Bibliográficas: FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b, II:991)
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000c:125 e 298)
ESTÉVEZ, Arantxa (1999:14 e 19)

345 CASAS BLANCO, Álvaro Mª (Álvaro de las Casas)

Países: Alemaña / Portugal / Chile / Uruguai / Brasil / Arxentina

Biografía

(Ourense, 1901 - Barcelona, 08/03/1950) Na súa cidade natal fai os estudios de bacharelato ata que marcha para Valladolid, onde se licencia en Filosofía e Letras en 1920. Militante do Partido Galeguista do que acaba separándose e tomando posturas máis radicais. En 1928 gaña unha cátedra de Xeografía e Historia para Institutos Elementais, sendo profesor no Instituto de Noia, do que foi director ata o ano 1936, momento no que ten que sair exiliado. Nesa época funda a agrupación estudiantil galeguista dos "Ultreyas". Dirixiu a Biblioteca de Estudios Gallegos e, en 1934, fundou o Boletín de Estudios Políticos "Alento". Está en Alemaña a fins de 1936 e despois foxe a Portugal. Logo trasládase a América e recorre Chile, Uruguai e Brasil. Foi catedrático da universidade de Niterói. Finalmente fixa a súa residencia na Arxentina. Publicou artigos en xornais e revistas, así como numerosos libros e ensaios. Foi ademais cofundador da editorial Emecé. Nos últimos anos da súa vida tivo unha viraxe ideolóxica cara ó franquismo. Retorna a España no 1950 morrendo o 8 de marzo dese mesmo ano.

Organizacións ás que pertenceu:

PG PARTIDO GALEGUISTA

Profesións: Escritor / Profesor / Poeta

Profesións no exilio Escritor / Editor / Catedrático

Obra no exilio: Obras de carácter divulgativo: "Escolma de Cantigas ordeadas por Álvaro de las Casas" (1934); "Cancionero Popular Gallego" (1939); "Antología de poetas gallegos" (1939) Bos Aires
Novelas:
"O xardín do Castelo de Vidre" (1926) (colección Lar); "Ladaíña" (1927) (colección Lar)
Poesía: "Sulco e vento" (1931) (libro de poemas)
No Seminario de Estudos Galegos escribiu: "Cuestionario de Xeografía e Historia" (1932)
Pezas dramáticas: "A morte de Lord Staüler" (1929); "O Outro" (1932); "Pancho de Rábade" (1932). No volume "Tres Conversas" (1931) inclúense os textos dramáticos "O tolo de Lastra" "Dente D'Ouro" "A gavilla", mentres que na revista "Nós" aparece a peza "A volta" (1933)

Refª.Bibliográficas:
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b,II:991)
VILANOVA RODRÍGUEZ, Alberto (1966:1345-1348)
COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio (1951:242-244)
BOROBÓ (2000a:27)
BOROBÓ (1990)
HERMIDA IGLESIAS, M. (1999:46)
CARBALHO CALERO, Ricardo (1962)
OTERO PEDRAYO, Ramón (1953:119-2-121)
ULLOA FERNÁNDEZ, E. (1977)
VARELA IGLESIAS, X. L. (ed.) (1995:109-127)

Comentarios: En VILANOVA RODRÍGUEZ, A. (1966, II:1346-1347) aparece unha ampla lista de obras de Casas Blanco en lingua galega e castelán.

346 CASAS IGLESIAS, Horacio

Barco

Países: Francia / México

IPANEMA

Biografía

(? - México, ?) Durante a Guerra Civil loitou no corpo de asalto do Exército Republicano. Logo, embarca no Ipanema con destino a México xunto con outros refuxiados como Elixio Rodríguez Domínguez, Serafín Ferro, Xusto Couto e Búa Rivas, no ano 1939. Foi contador do Padroado da Cultura Galega no ano 1953.

Organizacións ás que pertenceu:

PADROADO DA CULTURA GALEGA
PG PARTIDO GALEGUISTA

Profesións no exilio Contable

Refª.Bibliográficas:
RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:186)

347 CASAS VÁZQUEZ, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pontedeume, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Adge (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

348 CASAS, Augusto María

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Escritor que traballou no "Céltiga" e no xornal "El Despertar Gallego". Marchou cara o exilio en Francia onde foi trasladado ó campo de concentración de Argelès sur Mer (Plage).

Profesións: Escritor

Refª.Bibliográficas: "Nuestros refugiados gallegos", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 1.

349 CASQUEIRO QUINTEIRO, Esteban

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Redondela, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

350 CASTAÑEDA OCHANTADO, Ángel

Países: Unión Soviética

Biografía

(Catoira, Pontevedra, 1909) Irmán de Manuel Castañeda Ochantado. Fora mariñeiro do "Cabo San Agustín" e pertenceu á CNT. En maio de 1948 aparece incluído nunha lista nun campo de concentración na Unión Soviética chamado Karagandá.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista / Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: "Karaganda", Cultura Proletaria, XX:1045, (22/05/1948), 2.

351 CASTAÑEDA OCHANTADO, Manuel

Países: Unión Soviética

Biografía

(Catoira, Pontevedra, 1901) Era mariñeiro do "Cabo San Agustín" e pertencía á UGT. En maio de 1948 aparece incluído nunha lista nun campo de concentración na Unión Soviética chamado Karagandá.

Organizacións ás que pertenceu:

UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: "Karaganda", Cultura Proletaria, XX;1045, (22/05/1948), 2.

352 CASTELEIRO, Cipriano

Países: Francia / Uruguai

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) Foxe a Francia cando remata a Guerra Civil dende Ares no pesqueiro "Ramón". Posteriormente exíliase tamén en Uruguai.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

353 CASTILLO SOUDELO, Adriano

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(A Coruña, ? - Mauthausen, 24/04/1941) Foi trasladado ó comando Gusen do campo de concentración de Mautahusen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:111)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

354 CASTIÑEIRA GALÁN, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

355 CASTRILLÓN ROÑOANA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Río Xoán, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

356 CASTRO AMIGO, José

Barco
WINNIPEG

Países: Francia / Campos de Refuxio / Chile

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) Mariñeiro que fuxiu de Malpica o 22 de xuño de 1938. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia. Posteriormente trasladouse a Chile a bordo do Winnipeg.

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: Documentación do Concello de Malpica (listado de recrutamento)
"Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
FERRER MIR, Jaime (1989:121)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

357 CASTRO CASTRO, Julio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do "Batallón de Milicias Populares Gallegas". Estivo despois refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

358 CASTRO DEL RÍO, Plácido Ramón

Países: Portugal / Reino Unido

Biografía

(Cee, A Coruña, 25/01/1902 - Cambados, Pontevedra, 17/06/1967) Dende rapaz inicia os seus estudios no Reino Unido (Glasgow), e alí residiu un tempo importante no que entra en contacto coa intelectualidade do momento, traducindo moitas das súas obras. Nalgunha breves viaxes a España consegue o título de profesor de Idiomas regresando de novo ó Reino Unido. Nos anos inmediatos á proclamación da IIª República volve a Galicia (1930) e toma parte activa en moitos actos e mitins galeguistas, en pro da aprobación do Estatuo de Galicia, e na compaña de Castelao, Alexandre Bóveda, Xerardo Álvarez Gallego, Suárez Picallo, etc. Coa chegada da Guerra Civil é detido na Coruña e despois de varios meses de prisión foi deportado a máis de 100 km. da capital. Foi secretario de Relacións Internacionais do Partido Galeguista e en 1935 foi presidente das Irmandades de Fala. A comezos do 36 pertenceu como socio fundador á "Asociación de Escritores Gallegos". Agóchase en Vigo e vive aillado no barrio de Coruxo. Neste retiro interno adícase á Astronomía e a traducir ó galego poesías irlandesas, inglesas e gaélicas, así como á pintura. Casa en Cambados e despois de vivir varios anos en Vigo vai para Lisboa e logo a Londres. Nesta cidade destaca a súa actividade como locutor durante 6 anos na BBC, nas seccións do programa español, do programa galego e portugués, así como crítico teatral en lingua inglesa. Colaboraba tamén con xornais españois e americanos. Cando regresa definitivamente a Galicia será profesor de inglés no Instituto de Vilagarcía de Arousa. Gracias ó seu dominio das linguas nórdicas sigue traducindo numerosas obras inglesas. Sendo a súa obra traducida máis importate " Os Rubáyyát", obra do poeta persa do s. XI Omar Khayyam a través da versión inglesa do poeta Edward Fitgerald.

Organizacións ás que pertenceu:

IRMANDADES DA FALA
PG PARTIDO GALEGUISTA

Profesións: Xornalista / Traductor / Profesor

Profesións no exilio Traductor / Profesor / Locutor Radio

Obra no exilio: TORO SANTOS, Antonio Raúl de (ed.) (1994) (Contén os seus programas radiais).
"Mostras de poesía de Christine Rosetti vertidas do inglés ó galego" (1997) Cambados

Refª.Bibliográficas: GEG
NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (comp.) (2000:426, n. 433)
LAMELA GARCÍA, Luis (1998:160-162)
CASTRO, Xabier (2000:96)

Refª.Fotográficas: Unha fotografía acompañado de Eduardo Noya, Antón Villar Ponte, Plácido R. Castro del Río, Benigno Varela, Enrique Rodríguez Sabio e outros en LAMELA GARCÍA, Luis (1998:23)

359 CASTRO FERNÁNDEZ, Julio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas"en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

360 CASTRO FERNÁNDEZ, Sebastián

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas", creado en Madrid en agosto de 1936. Posteriormente estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

361 CASTRO LAMEIRO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas", creado en Madrid en agosto de 1936 e que un tempo despois pasa a formar parte do Vº Rexemento de Milicias Populares, e logo intégrase como 4º Batallón da 1ª Brigada Mixta no Exército Popular. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

362 CASTRO LÓPEZ, Juan

Países: Unión Soviética

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, 1906) Foi mariñeiro do "Cabo San Martín" e pertenceu á UGT. En maio de 1948 aparece incluído nunha lista nun campo de concentración na Unión Soviética chamado Karagandá.

Organizacións ás que pertenceu:

UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: "Karaganda", Cultura Proletaria, XX;1045, (22/05/1948), 2.

363 CASTRO MARTÍNEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ribeira, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

364 CASTRO MATO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrou o "Batallón de Milicias Populares Gallegas" en Madrid durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

365 CASTRO MIGUEL, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Belmontes, Ourense, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

366 CASTRO MILLÁN, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

367 CASTRO MOLARES, Domingo

Países: Campos de Concentración Nazis / Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cebral, O Irixo, Ourense, ? - Mauthausen, 2/02/1942) Sarxento do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" durante a Guerra Civil. Estivo no campo de refuxio francés de Barcarès. Despois foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar ó campo de refuxio e a Mauthausen.

368 CASTRO MOUZO, Vicente

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

369 CASTRO OTERO, Wenceslao

Países: Francia / Campos de Refuxio / República Dominicana / Venezuela

Biografía

(Chapela, Redondela, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia. No ano 1945 está en Santo Domingo e sae cara a Venezuela en marzo do mesmo ano xunto con dous familiares.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.
SANMARTÍ, A. (1945:3)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

370 CASTRO PUENTE, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Verín, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Centro d´Hebergement de Montolieu (Aude) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

371 CASTRO RODRÍGUEZ, Manuel

Países: Francia

Biografía

(Castro Caldelas, Ourense, 1916 - Alcalá de Henares, Madrid 21/02/1946) Militante comunista que foi comisario político no Vº Reximento do Exército Republicano. Trala derrota republicana incorpórase ás Forzas Francesas do Interior, chegando a ser Tenente Coronel. Dirixiu tamén a 26 División do maquis francés en Tarbes-Perpignan, onde era coñecido co alcume de "El Gallego". Baixo as ordes directas de Cristino García Granda participou na liberación dos Departamentos de Ariege, Pirineos Orientais e Aube. En outubro de 1944 participa na invasión do val de Arán organizada polo P.C.E., e dende alí volta a Galicia coa misión específica de organiza-los grupos guerrilleiros segundo as directrices do P.C.E. Pero ante o pouco éxito do seu mando vai para Madrid onde en outubro de 1945 é detido e condenado a morte. Foi fusilado en Alcalá en 1946 con 9 antifranquistas máis.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Militar

Profesións no exilio Militar

Refª.Bibliográficas: MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo (1988:168)
FERRERÓNS, R. e GASCÓN, A. (1981)
COSSÍAS, Tomás (1956)
Información proporcionada por Víctor Santidrián Arias.

372 CASTROVIEJO Y BLANCO-CICERÓN, Concha

Países: México

Biografía

(Santiago de Compostela, 1915) Licenciada en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago de Compostela. Ten estudios de Literatura Francesa na Universidade de Burdeos. Trasládase co seu home no ano 1939 a México onde dicta varios cursos na Universidade de Campeche, lugar onde participa en excavacións arqueolóxicas. Volta a España en 1950 e colabora en diarios como "La Noche" de Santiago de Compostela. Fixo cursos de xornalismo e ingresa na redacción de "Informaciones". Colaborou noutras publicacións, entre elas: "Mundo Hispánico", "El Español", "La Vanguardia, "Revista de Occidente" e outros. É membro da "Association Internacionale des Critiques Literaires". A súa obra narrativa principalmente é novela e relato infantil.

Profesións: Escritora / Xornalista

Profesións no exilio Escritora / Profesora

Obra no exilio: "Los que se fueron" (1957)
"Víspera del odio" (1958)
"El jardín de las siete puertas" (1961)

Refª.Bibliográficas: GEG
DOMINGUEZ REY, Antonio: "Concha Castroviejo en la estafeta literaria" nº 528, 1973
VARELA JÁCOME, Benito (1992)
FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1996)

373 CENIATOYA GONZÁLEZ, Mercedes

Países: Unión Soviética

Biografía

(Lugo, 1900 - Riga, URSS, 1969) Pertenceu ó PCE dende o ano 1934. Durante a guerra estivo en Asturias. Chegou á URSS en 1954 co seu home para reunirse cos seus fillos. Á altura do ano 1986 xa estaba xubilada e establecida en Riga onde posteriormente faleceu.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Administrativa

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

374 CERNADAS ÁLVAREZ, Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

375 CERNADAS RUIZ, Anselmo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - Francia, ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo francés de Barcarès. Morreu en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

376 CESTA DÍAZ, César

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(¿Meaña?, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarés en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

377 CHACÓN BERGUEIRO, Severino

Países: Francia / República Dominicana / Venezuela / Checoslovaquia

Biografía

(A Estrada, Pontevedra, 14/11/1884 - Madrid, 31/07/1978) Entre 1916 e 1936 foi o máis destacado organizador sindical das cigarreiras e tabaqueiras, fundando a "Federación Tabaqueira Española" (FTE) da que foi o Secretario Xeral. Ademais de ter unha activa vida sindical, tivo un destacado protagonismo como socialista na Coruña e Cuba - onde emigrara a comezos do século XX - e posteriormente como un dos fundadores do PCE e membro de varias organizacións promovidas desde os ámbitos comunistas durante a IIª República. O alzamento militar do 36 sorprende a Chacón na Coruña, a onde se trasladara para ultimar xestións relacionadas co edifcio construído coas aportacións dos federados para a Casa Social das cigarreiras e tabaqueiras. Agachado durante un ano na Coruña, pasa a Valencia e incorpórase ós traballos da dirección da UGT como secretario da Federación de Tabacos. En febreiro de 1939 inicia un longo exilio que o leva, xunco coa súa familia, a Francia. Unha vez alí solicitou axuda do SERE para marchar a América, chegando primeiro a Santo Domingo e logo a Venezuela a finais de abril de 1940. En Caracas desempeñou a presidencia da Delegación da UGT (negrinista) ata a súa marcha a Francia en 1946. Unha vez alí incorpórase rapidamente ós traballos da UGT parisina xunto con Rodríguez Vega. Fora elixido pola Comisión Executiva para asistir ó Congreso dos Sindicatos Unitarios de Holanda que se celebrou en Amsterdam en febreiro de 1947. Uns anos despois decide deixa-la actividade sindical en París e diríxese coa familia a Checoslovaquia e novamente a Venezuela. En 1967 decide voltar a España con 83 anos.

Organizacións ás que pertenceu:

FTE FEDERACIÓN TABAQUERA ESPAÑOLA
PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA
PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL
UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: ROMERO MASIÁ, Ana: "Severino Chacón: un líder sindical no mundo do tabaco" Tese de Doutoramento da Universidade da Coruña, Departamento de Humanidades, Ferrol.

Refª.Fotográficas: ROMERO MASIÁ, Ana: 391, 397, 401, 559, 601.

378 CHACÓN, Otilia

Países: Francia / República Dominicana / Venezuela / Checoslovaquia

Biografía

(? - ?) Filla de Severino Chacón. Regresa a España en 1967 xunto co seu pai. Tentou sen éxito continua-lo labor sindical do seu pai.

Química

Refª.Bibliográficas: ROMERO MASIÁ, Ana: "Severano Chacón: un líder sindical no mundo do tabaco" Tese de Doutoramento da Universidade da Coruña, Departamento de Humanidades, Ferrol.

379 CHAMORRO, Luis

Países: Francia / Marrocos / Bélxica

Biografía

(? - ?) Nos anos vinte militou no ramo do transporte da cidade da Coruña. Emigrado na Arxentina militou no sindicato FORA. Regresa a España durante a Segunda República, onde volve a integrarse na CNT e participar das actividades da Federación Anarquista Ibérica (FAI). Durante a Guerra Civil foi un dos organizadores da "Agrupación Confederal Galaica" de Cartaxena. Trala guerra foxe a Francia onde toma parte activa na resistencia. En 1950 participa, xunto con outros galegos da "Regional Galaica" en Francia e na recolecta de cartos en Casablanca para axuda-los presos galegos. Finalmente irá a Bélxica.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO
FAI FEDERACIÓN ANARQUISTA IBÉRICA

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

380 CHÁN CASTRO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pontevedra, ?) Formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Tamén estivo no campo de Vernet d´Ariège (barraca 44) e no de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138 e 142)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados.

381 CHANS LAMAS, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Corme, Ponteceso, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

382 CHOUCIÑO FARIA, Celestino

Barco
WINNIPEG

Países: Francia / Chile / Perú

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) Chegou a Chile a bordo do Winnipeg aínda que despois se traslada a Perú, onde traballou como mariñeiro xunto co seu irmán Pedro.

Profesións no exilio Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: GARCÍA DOMÍNGUEZ, Teresa (1998:187)

383 CHOUCIÑO FARIA, Pedro

Barco
WINNIPEG

Países: Francia / Campos de Refuxio / Chile / Perú

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atópase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia. Máis tarde vai para Chile no Winnipeg aínda que acabará instalándose en Perú como mariñeiro ó igual que o seu irmán Celestino.

Profesións no exilio Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
GARCÍA DOMÍNGUEZ, Teresa (1998:187)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

384 CID DALAMA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ourense, ?) Pertenceu ó "Batallón de Milicias Populares Gallegas" durante a Guerra Civil. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Tamén estivo no campo de refuxio de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

385 CID DAQUINTA, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas", creado en Madrid en agosto de 1936. Posteriormente estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

386 CID DÍAZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Río Pinto, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds, Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

387 CID RIVO, Isidoro

Países: Portugal / Uruguai

Biografía

(Seixalvo, Ourense, ?) Mestre vencellado ó PCE, exiliado en Montevideo a onde chega en 1936 xunto coa muller e tres fillas, entre elas Rosaura e Carmen. Sae dende Lisboa cara Uruguai, país no que traballou na Casa de Galicia como cobrador. Posiblemente colaborara na Audición Radial "Sempre en Galiza". Non voltou a España.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Mestre

Profesións no exilio Contable

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Xesús Alonso Montero.
Entrevista a Rogelio Martínez Barreiro. Realizada por Silvia Facal Santiago. Montevideo, 10 de marzo de 2001.

388 CID VILA, Teófilo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do "Batallón de Milicias Populares Gallegas". Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

389 CID, Carmen

Países: Portugal / Uruguai

Biografía

(Ourense, ?) Filla do mestre comunista Isidoro Cid Rivo. A través de Portugal vai coa familia para Uruguai no ano 1936.

Refª.Bibliográficas: Entrevista a Rogelio Martínez Barreiro. Realizada por Silvia Facal Santiago. Montevideo, 10 de marzo de 2001.

390 CID, Rosaura

Países: Portugal / Uruguai

Biografía

(Ourense, ?) Filla do mestre comunista Isidoro Cid Rivo. Foxe coa súa famila a través de Portugal para Uruguai no ano 1936.

Refª.Bibliográficas: Entrevista a Rogelio Martínez Barreiro. Realizada por Silvia Facal Santiago. Montevideo, 10 de marzo de 2001.

391 CIVES PARÍS, Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) Durante a Guerra Civil formara parte do "Batallón de Milicias Populares Gallegas". En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Tamén estivo no campo de refuxio de Vernet d´Ariège (barraca 43) así como no de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133 e 142)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

392 CLÍNENTES RODRÍGUEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vilar de Barrio, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

393 COBA TROITIÑO, Severino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas", creado en Madrid en agosto de 1936 e que un tempo despois pasa a formar parte do Vº Rexemento de Milicias Populares, e logo intégrase como 4º Batallón da 1ª Brigada Mixta no Exército Popular. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

394 COBAS COBAS, Domingo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

395 COLLADO, Eduardo

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) Sindicalista vigués membro, ata 1918, do Partido Socialista. Posteriormente a súa simpatía anarquista lévao a formar parte do Ateneo Sindicalista. En xaneiro de 1922 e xunto con Villaverde e outros anarcosindicalistas de Vigo e Tui, do grupo libertario "¡Despertad!", funda o periódico do mesmo título. En maio do mesmo ano "¡Despertad!" pasa a chamarse "Solidaridad Obrera", periódico ó servicio dos Sindicatos Confederados da provincia de Pontevedra, subtitulado: "Órgano del Ateneo Sindicalista de Vigo, de la Federación Local de Tui y portavoz de la C.N.T. de España". Participa con Villaverde na publicación "El Despertar Marítimo" de decembro de 1926, co patrocionio da Federación Marítima Gallega. Finalmente colabora en la redacción de "¡Despetad!" reaparecido en 1928. Dende a sublevación militar en 1936 non se soubo nada máis del.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO
PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: GEG, tomo 7

396 COLLAZO GONZÁLEZ, Emilio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Espiñeiro, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

397 COLLAZO MARTÍNEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" durante o transcurso da Guerra Civil. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

398 COLMEIRO GUIMARÁS, Manuel

Países: Portugal / Arxentina

Biografía

(Silleda, Pontevedra, 1901 - Salvaterra de Miño, Pontevedra, 01/10/1999) Pertenceu ó Partido Galeguista. Foxe a Lisboa en 1936 e logo trasládase a Bos Aires. Alí obtén o premio para artistas extranxeiros na XXXI Exposición de Belas Artes en 1941. Nos 50 voltou a Galicia, pero instálase en París retornando definitavamente anos máis tarde a Bos Aires.

Organizacións ás que pertenceu:

PG PARTIDO GALEGUISTA

Profesións: Pintor

Obra no exilio: Carta a Valentín Paz-Andrade (Margaride, 18 de setembro do 48) en: PORTELA YÁÑEZ, Charo e Isaac Díaz Pardo (ed.) (1997a)
"25 dibuxos: dos anos 1935-1936" (1964), Vigo: Galaxia
"Manuel Colmeiro, exposición antolóxica celebrada en Pontevedra no ano 1983" (1983)
Exposicións:
Bos Aires: Amigos del Arte, 1937; Galería Müller, 1938; Amigos del Arte, 1941; Instituto Francés de Estudios Superiores, 1943; Galería Luisa Fanning, 1943; Agrupación Impulso, 1944.
Montevideo: Amigos del Arte, 1939, 1941.
Publicacións:
Ilustracións nos seguintes libros: ANTONIO, Manuel (1940): De cuatro a cuatro, Buenos Aires: Emecé Editores; DIESTE, Rafael (1941): Colmeiro, breve discurso acerca de pintura, con el ejemplo de un pintor, Buenos Aires: Emecé Editores; RODRÍGUEZ DEL PADRÓN, Juan (1943): Siervo libre de amor..., Buenos Aires: Editorial Nová; VIRGILIO MARÓN, P. (1945): Las Geórgicas, Buenos Aires: Editorial Poseidón

Refª.Bibliográficas: DIESTE, Rafael (1941)
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b, II:991-992)
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:30)
NEIRA VILAS, Xosé (2000:315-319)

Refª.Fotográficas: Galicia. Revista del centro gallego, XXV:317-318, (xuño-xullo 1939), 30; AXEITOS, Xosé Luís (1995b:95); CID CABIDO, Xosé (1993:77) NEIRA VILAS, Xosé (2000:316) e ÁLVAREZ, Santiago (1992)

399 COLOMBO, Andrés (Andrés García de la Riva Colombo)

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pontecesures, Pontevedra, 23/06/1911 - Valencia, 1991). Entre 1931 e 1936 publica os seus debuxos en semanarios madrileños como a revista "Nosotros", dirixida por César Falcón, e noutras publicacións galegas.
Durante a súa mocedade comeza unha actividade sindicalista que lle condicionará posteriormente a fuxida tralo alzamento de xullo de 1936. Era secretario do Sindicato de Oficios Varios afiliado á UGT. Posteriormente trasládase a Santiago e toma contacto con S. Montero Díaz, Seoane, Maside, Dieste, o escultor Eiroa, Pepe Caamaño, Sixto Aguirre, Cuadrado, etc. Durante a revolución de 1934 foi detido e ingresa no cárcere de Santiago de Compostela, consigue a liberdade a través da súa familia e vai para Madrid. Estará na capital entre novembro de 1934 e febreiro de 1936 e volta a Galicia ante o triunfo da Fronte Popular. Pertenceu á Izquierda Comunista Española e posteriormente ó POUM. A represión franquista iniciada co golpe de xullo de 1936, e segundo a súa testemuña, costou en Padrón ó redor de 60 fusilamentos nos primeiros días da rebelión. Ante esta situación vai para Vigo coa idea de saír de España, aínda que aconsellado por un amigo da familia vai para o balneario de Molgas onde, pensaba, podía pasar desapercibido. Pero tras comprobar a inseguridade do lugar sae para Zaragoza. Alí, gracias á axuda dun falanxista padronés, Ubaldo Pazos, consegue documentación que o facía persoa próxima ó Movemento Nacional no caso de que tivese problemas. De Zaragoza sae cara a zona republicana o 1º de novembro de 1937, acompañado dun ferroviario comunista. Chega a Valencia onde estivo un mes, logo, e tras pasar pola fronte de Toledo chega finalmente a Figueres. En febreiro de 1939 cruza a fronteira francesa a pé ata que chega as costas francesas onde foi instalado o campo de Argelès sur Mer. Cando logra sair do campo vai a Perpignan e despois a París onde é detido para ser enrolado na Lexión Extranxeira pero logra escapar e toma un autobus cara ó sur. Novamente é apresado e volta de novo a Argelès (neste momento utiliza outro nome: Avelino Álvarez Espinar) para formar parte dunha compañía de "traballadores españois" para traballar nos montes do departamento de Ardenes. Axudado por un pariente, primo do seu pai que fora cónsul de Cuba na Coruña, que lle facilita a documentación que o fai súbdito cubano. Posteiormente estivo traballando como obreiro do porto de Burdeos e como peón no campo de aviación de Merignao. Dificultades neste traballo fan que se tralade a Lyon onde pasa días críticos de fame e represión. Xa rematada a IIª Guerra Mundial consegue marchar a España, en concreto a Valencia onde vivía un irmán del. Despois pasa unha tempada no sanatorio de antituberculosos de Boltaña (Huesca), pouco máis tarde vai a Zaragoza e volve a ser perseguido polas autoridades franquistas. Esta nova persecución fai que saia de novo cara París, onde coñecía un grupo troskista e despois regresa a España para ser detido e levado preso ó cárcere de Figueras para ser xulgado por un tribunal de espionaxe e alta traición. Despois foi trasladado ó carcere de Gerona (dous anos) e dalí é trasladado á Modelo de Barcelona. Unha vez máis, gracias á intercesión de Ubaldo Pazos, xa ex-falanxista nese momento, sae do cárcere.
Retoma a súa actividade pictórica a comezos dos anos 60, facendo unha exposición de pintura en Valencia e tres de debuxo en Madrid. En 1969 participa nunha exposición de pintura española colectiva en Holanda no Museo de Delft. En Barcelona foi seleccionado, durante tres anos consecutivos, para o premio internacional de debuxos Joan Miró. En abril de 1976 preséntase no World Surrealist Exhibition de Chicago. O museo de Lugo conta cun debuxo de Colombo e o Carlos Maside de Sada con diversas obras de pintura e debuxo.

Organizacións ás que pertenceu:

ICE IZQUIERDA COMUNISTA DE ESPAÑA
POUM PARTIDO OBRERO DE UNIFICACIÓN MARXISTA
UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Pintor

Obra no exilio: COLOMBO, A.: Andrés Colombo, Sada: Ediciós do Castro, 1983. (testemuña e memorias)

Refª.Bibliográficas: GEG, tomo 7
VELASCO SOUTO, Carlos F. (2000:64)
COLOMBO, Andrés (1983)

Refª.Fotográficas: Na GEG tomo 7, p. 6, aparece un debuxo de Andrés Colombo e COLOMBO, Andrés (1983:4, 23 e 45)

400 COMESAÑA RENDO, Francisco

Barco

Países: Cuba / México

MARQUÉS DE COMILLAS

Biografía

(Cuba, ? - Tui, ?) Médico de Tui de ideoloxía comunista. Foi presidente das Xuventudes Socialistas Unificadas. Durante a Guerra Civil foi condenado a morte pola súa defensa da República, pero ante a intensa campaña internacional pudo salvarse pola súa condición de "extranxeiro" pois nacera en Cienfuegos (Cuba). Pasou por varios cárceres e sae en liberdade o 13 de agosto de 1943. Casou con Asunción Concheiro por poderes, pois el estaba no cárcere de Valencia e ela estaba aínda en Santiago de Compostela. Estivo agochado en Galicia e no ano 1944 sae de Vigo no "Marqués de Comillas" cara o exilio en México. Retorna a Galicia e morre en Tui.

Organizacións ás que pertenceu:

JSU JUVENTUDES SOCIALISTAS UNIFICADAS

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Médico

Obra no exilio: "Cavilando.....", Vieiros, 4, (primavera 1968)

Refª.Bibliográficas: FRAGA RODRÍGUEZ, Xan (1994:42)
DÍAZ FERNÁNDEZ, Xosé (1982)
"REVISTA DAS LETRAS 352", suplemento de "O Correo Galego", (08/02/2001), páx. 7.

Refª.Fotográficas: DÍAZ FERNÁNDEZ, Xosé (1982); ASTRAY RIVAS, Manuel (1992:páxinas centrais) e BARCIA, Tere G. (2000:12-13)

401 CONCHEIRO GARCÍA, Luciano

Países: México / Portugal

Biografía

(Ordes, A Coruña, ?) Ante os acontecementos da Guerra Civil pasa a Portugal e dende Lisboa toma un avión a México.

Refª.Bibliográficas: ASTRAY RIVAS, Manuel (1992:184-185)
LAMELA GARCÍA, Luis (1998:154)

Refª.Fotográficas: ASTRAY RIVAS, Manuel (1992:páxinas centrais)

402 CONCHEIRO, Asunción (Choncha)

Barco

Países: Cuba / México

MARQUÉS DE COMILLAS

Biografía

(? - ?) Pertenceu ó Partido Comunista, casou co médico Francisco Comesaña ó que coñeceu en Santiago de Compostela cando este estudiaba Medicina. Logo de sair Francisco do cárcere tiveron que exiliarse. Primeiro estiveron en Cuba onde chegaron en 1944 tras unhas tres semanas de travesía no vapor "Marqués de Comillas", que saira do peirao de Vigo. Era o mesmo barco onde viaxaba María Araújo e os seus fillos. Choncha ía embarazada do seu primeiro fillo. Logo de pasar por Cuba instaláronse en México, país no que pertenceu á "Unión de Mujeres Españolas Mariana Pineda" de apoio ós presos republicanos. Co tempo voltaron a Galicia e na actualidade Choncha reside en Tui.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA
UNIÓN DE MUJERES ESPAÑOLAS MARIANA PINEDA

Refª.Bibliográficas: "Revista das letras 352" suplemento de "O Correo Galego", (08/02/2001), páx.3,5.
EYO, María G. (2001)
LÓPEZ, Belén (2001:63)

Refª.Fotográficas: BARCIA, Tere G. (2000:12-13), EYO, María G. (2001) e LÓPEZ, Belén (2001:63)

Comentarios: A novela de Manuel Rivas "O lápiz do carpinteiro" fai unha recreación da súa vida, especialmente dos anos da Guerra Civil.

403 CONDE BRAVO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(O Grove, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

404 CONDE CATOIRA, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do "Batallón de Milicias Populares Gallegas". Despois estivo refuxiado no campo francés de Barcarès. A finais de xullo de 1939 estaba desaparecido.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

405 CONDE FERNÁNDEZ, Xosé

Países: Arxentina

Biografía

(Barbantes, Ourense, 1918 - Porriño, Pontevedra, 1990) Poeta exiliado na Arxentina. Alí estivo dende 1936 ata 1980 facendo, neste período, fugaces viaxes a España. En Bos Aires tomou contacto coa cultura arxentina asistindo polas noites de oínte ás clases de literatura na Facultade de Filosofía e Letras. Durante o día traballaba de enfermeiro no Hospital Español ata a súa xubilación. Os temas da súa obra poética céntranse no exilio e na saudade da emigración. Foi nomeado membro da "Sociedad Argentina de Escritores". Rexeitou tamén cargos de responsabilidade da Intendencia de Bos Aires. Co gallo das súas múltiples viaxes a España os poetas porteños agasallárono cun medallón de ouro cunha inscrición alusiva á importancia da súa poesía. Viviu o seus derradeiros anos na cidade de Ourense.

Profesións: Poeta

Profesións no exilio Poeta / Enfermeiro

Obra no exilio: En Galego:
"Nouturnio de soedades" (1952), "Muiñada noitébrega" (1955), "Terra aluciada" (1959), "Os meus cantiles" (1981)
Obra inédita en galego: "Os penedos xunguidos", "Abóndanme os paxaros"
Obra publicada en castelán: "Penas son cantares" (1951), "Canto y grito" (1956), "Desde el tiempo" (1966), "Otoñó en soliloquio" (1972), "España en lonjas" (1975)
Obra inédita en castelán: (consta dun corpus poético de 862 poemas en tódalas modalidades métricas)

Refª.Bibliográficas: PEREIRA GONZÁLEZ, Víctor Campio (1999:51-53)

Refª.Fotográficas: Galicia, XXXIII:1245, (30/03/1955), 3.

406 CONDE GALINANES, José

Países: Unión Soviética

Biografía

(Pontevedra, 1905 - Moscova, 1986) Mariñeiro afiliado ó PCE dende 1957 e ata 1970. Durante a guerra foi cabo artilleiro no acorazado "Jaime I". Chegou á URSS no barco "Juan Sebastián Elcano" e alí traballou en Rostov, Ordzhonikidze, Kazajstán, Crimea e Kiev. Faleceu en maio de 1986.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Militar / Mariñeiro

Profesións no exilio Obreiro

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986)

407 CONDE MANEIRO, Salvador

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Carril, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet D´Ariege en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

408 CONDE PALACIOS, Agustín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas". Logo estivo en Francia, refuxiado no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

409 CONDE PÉREZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Fora membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

410 CONDE RAMOS, Ramón

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Maceda, Ourense, ? - Mauthausen, 01/12/1941) Morre no comando de Gusen do campo de concentración de Mauthausen.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)
"Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen. No listado que aparece na "Lista d Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5, aparece o mesmo nome e apelidos dun home do que se di qu é natural de Ourense capital, pode tratarse ou non da mesma persoa. Neste caso indica que estivo no campo de refuxiados de Arge sur Mer 8 bis en Francia.

411 CONDE SELAS, Odilo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi membro durante a Guerra Civil do "Batallón de Milicias Populares Gallegas". Posteriormente estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

412 CONDE, José

Países: Alxeria / Campos de Refuxio / Bélxica

Biografía

(Camariñas, A Coruña, ?) Militante da CNT exiliado en Alxeria onde estivo en campos de concentración. Nese país tamén fora incorporado nas "Compañías de Traballadores Estranxeiros". Finalmente vai para Bélxica.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

413 CONTEÑO CHAVE, Aurelio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Corme, Ponteceso, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

414 CORBACHO REQUEJO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Sanxenxo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

415 CORBILLÓN FERNÁNDEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Estivo no "Batallón de Milicias Populares Gallegas" durante a Guerra Civil. Despois foi como refuxiado ó campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

416 CORDAL, Carmen

Países: Arxentina / Chile

Biografía

(? - ?) Exiliada galega en Valparaíso, Chile, a onde chegou dende Bos Aires.

Profesións: Ama de casa

Profesións no exilio Ama de casa

Refª.Bibliográficas: LEMUS, Encarnación (1998:293)

417 CORDERO PÉREZ, Manuel

Barco

KATIOLA

Países: Arxentina / Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Castroverde, Lugo, 1881 - Bos Aires, 24/04/1941) Abandonou o oficio de pastor moi novo e trasladouse a Madrid, onde desempeñou diferentes traballos. Aprendeu a ler na Casa do Pobo de Madrid, ingresa no Partido Socialista, polo que foi concelleiro en Madrid, tenente alcalde, deputado a cortes en 1931 e presidente da Comisión de Responsabilidades do Congreso. Foi colaborador habitual de "El socialista" e outros xornais da época. Durante a Guerra Civil permaneceu en Madrid como destacado líder sindical da UGT madrileña. Opúxose na sesión das Cortes de Valencia á discusión do Estatuto Galego xa que pensaba que o primordial era gaña-la guerra. Ó fin da mesma vai para Francia onde estivo nun campo de concentración. Logo pasa embarcado, no vapor "Katiola", para Arxentina, a onde chega en decembro do 1940. En Bos Aires tamén se atopaba a muller del , Rosa A.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL
UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Obreiro / Sindicalista / Labrego / Concelleiro / Deputado

Refª.Bibliográficas: GEG
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b, II:992)
VILANOVA RODRÍGUEZ, Alberto (1966, II:1315-1319)
GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio e RICÓN VIRULEG, Amado (2000:25, n. 7)
"Relación de los Gallegos que se hallan refugiados en Francia y dirección de los mismos ", Galicia XVII:621, (16/05/1939), 1.
NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (comp.) (2000:310, n. 324)

Refª.Fotográficas: Galicia, XXI:828, (24/04/1943), 3.

Comentarios: Segundo González López e Amado Ricón, cando remata a Guerra Civil Cordero Pérez fuxe a Casablanca.

418 CORES SOTO, Bernardo

Países: Francia / Campos de Refuxio / Estados Unidos / México

Biografía

(Panxón, Nigrán, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia. Foi evacuado polas Sociedades Hispanas Confederadas de Nova York en 1940 e máis tarde marcha a México.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.
"Cómo ayuda SHC a los refugiados", España Libre, II:52, (25/10/1940), 4.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

419 CORRAL CORRAL, Eliseo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" durante o transcurso da Guerra Civil. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

420 CORRAL DÍAZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

421 CORRAL PEREIRA, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Arcos, Ourense, ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" na Guerra Civil e que en xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

422 CORRAL SAMOS, Pedro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

423 CORTÉS MARTÍNEZ, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Calvos de Randín, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

424 CORTIÑAS PALMEIRO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" na Guerra Civil. Chegou en 1939 a Barcarès como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

425 CORTIÑAS, Antonio

Países: Arxentina

Biografía

(Betanzos, A Coruña, ?) Avogado exiliado na Arxentina. Autor de "Traición consagrada".

Profesións: Avogado

Obra no exilio: "Traición consagrada"

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Xosé Neira Vilas.

426 COSTA RAMOS, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Estrada, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

427 COSTA, Balbino

Países: México

Biografía

(Moaña, Pontevedra, ?) Anarcosindicalista que pertenceu ó "Sindicato de Industria Pesquera". Exíliase en México.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

428 COSTAL BELLO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:148)

429 COTELO, Roberto

Países: Uruguai

Biografía

(? - ?) Emigrou a Uruguai onde realizou unha importante actividade sindical. Regresa a Galicia para participar na Guerra Civil incorporándose ó bando republicano, onde realiza actividades de responsabilidade na CNT. Rematada a guerra regresa a Uruguai e dende alí colabora na publicación "Comunidad Ibérica" de México.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

430 COTO MARTÍNEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Marcón, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

431 COUCEIRO CORRAL, Pedro

Países: Francia / Uruguai

Biografía

(A Coruña, ?) Estudiou a carreira de Medicina e Química en Santiago de Compostela e chegou a vivir na mesma pousada que un compañeiro de clase de Luís Tobío. Alí foi profesor da Facultade de Química. Máis adiante, en Madrid, foi discípulo de José Giral. Tamén tocaba o violín. Casou coa coruñesa Elvira Durán. Exiliouse en Uruguai despois de ter pasado por Francia. Ó pouco tempo de chegar a Montevideo, Couceiro coñeceu a dous químicos uruguaios que lle propuxeron fundar un laboratorio de productos farmacéuticos, "Proteo". Foilles moi ben con esta empresa. Alí tamén frecuentaba con outros exiliados republicanos o "Café Tupinamba", na Plaza Independencia, e o "Café Montevideo" na Avenida 18 de Julio. En 1950 crea, xunto con outros galegos, a Audición Radial "Sempre en Galicia", sendo o primeiro programa de radio feito integramente en galego.

Profesións: Profesor / Químico

Profesións no exilio Químico

Refª.Bibliográficas: TOBÍO, Lois (1994:495)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:186)
Información proporcionada por Mónica Rebolo.

432 COUSILLAS, Joaquín

Países: Arxentina

Biografía

(Ponteceso, A Coruña, ?) Alcalde republicano de Ponteceso afiliado a Izquierda Republicana. Estivo exiliado en Bos Aires onde chegou a posicionarse en contra do Consello de Galiza.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Labrego / Alcalde

Refª.Bibliográficas: NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (comp.) (2000:292, n. 302)
"Vertedeiro", ANT, 444, (xaneiro 1946), 2.
"Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.

433 COUTO MARTÍNEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Pontevedra, ? - Mauthausen, 02/06/1942) Estivo no campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:156)

434 COUTO, Aquilino

Países: Arxentina / Portugal

Biografía

(Cotobade, Pontevedra, ?) Fuxiu á Arxentina a través de Portugal no ano 1936.

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Xosé Manoel Núñez Seixas.

435 COUTO, Xusto

Barco
IPANEMA

Países: Francia / México

Biografía

(? - ?) Exiliado galego que viaxa con Elixio Rodríguez Domínguez no "Ipanema" dende Francia cara a México no ano 1939.

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:9)

Refª.Fotográficas: RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:232)

436 COVELO, Ángel

Países: Campos de Refuxio

Biografía

(Vigo, ? - ?, 1964) Exiliado nos campos de concentracións africanos.

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

437 CRESPO FERNÁNDEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pazos, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

438 CRESPO GONZÁLEZ, Benedicto

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Posteriormente estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

439 CRESPO MÉNDEZ, Julio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi sarxento do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

440 CRESTAR, Manuel

Países: Arxentina

Biografía

(Betanzos, A Coruña, ?) Durante a Guerra Civil fora directivo da Agrupación de Gallegos Libertarios da CNT en Valencia. Logo exíliase en Arxentina.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista / Gravador

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

441 CRIADO GAVEIROS, Vicente

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(San Felipe, Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

442 CRIADO LUCENA, Mariano

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

443 CRUZ GIL, Esther

Países: Unión Soviética

Biografía

(Lugo, 1911) Membro do PCE dende 1936. Era a muller de Muñoz Díaz e vivían no Lux. Foi repatriada.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986)

444 CRUZ GÓMEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

445 CRUZ VARELA, Eliseo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936 e que un tempo despois pasa a formar parte do Vº Rexemento de Milicias Populares, e logo intégrase como 4º Batallón da 1ª Brigada Mixta no Exército Popular. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

446 CUADRADO MOURE, Arturo

Barco

Países: Arxentina / Francia / Campos de Refuxio

MASSILIA

Biografía

(Denia, Alacante, 1905 - Bos Aires, 05/08/1998) O seu pai, Arturo Cuadrado, natural de Valladolid, casa con Mercedes Moure Carollo de Agualada, A Coruña. Despois do casamento trasládanse a Denia xa que el era mestre e alí tiveron ós seus catro fillos. O pai morre moi novo a súa nai resolve volver á súa aldea de Agualada. Nese lugar Arturo Cuadrado vive a maior parte da súa nenez e adolescencia. En 1920 trasládase coa súa nai e irmáns a vivir a Santiago de Compostela, onde remata os estudios secundarios. Nos anos 20 participa activamente nos grupos de oposición á dictadura de Primo de Rivera e frecuenta as tertulias literarias. Comeza a escribir os seus primeiros poemas e a participar como xornalista na maioría das revistas literarias de Santiago. O seu primeiro traballo foi como vendedor na "Casa Don Segundo García de Arriba" na rúa do Preguntoiro vendendo teas e roupa. En Santiago tamén coñeceu a Luís Seoane, con quen manterá unha longa amizade. Como moitos mozos daquela época sentía unha grande devoción pola figura de Valle Inclán e trabou unha fonda amizade con el. En 1934 foi tamén director da revista de poesía "Resol" en Compostela. Tralo éxito de "Resol", Arturo e Xoán Xesús González, deciden abrir unha librería, "Niké", situada na rúa de Caldereria, chegando a ter características revolucionarias para o seu tempo. En 1936 participa na constitución en Santiago da Asociación de Escritores Galegos, tendo Cuadrado unha activa participación nela. En canto á actividade política, sumouse á Organización Republicana Galega Autónoma (ORGA) liderada por Casares Quiroga, Vilar Ponte e Alfredo Somoza e logo participa na redacción do manifesto de Esquerda Galeguista. Tamén mantén boas relacións con Castelao, Casares Quiroga e Azaña. Como funcionario do concello de Santiago de Compostela foi subsecretario na Comisión do Estatuto de Autonomía de Galiza. Coa conformación da Fronte Popular participa activamente na campaña electoral que remata co triunfo das esquerdas. Por aqueles anos é correspondente do xornal "El Sol" de Madrid, "Pueblo Gallego" de Vigo e da revista "Yunque" de Lugo. O día da rebelión militar, en xullo de 1936, Cuadrado atopábase en Madrid despois de ir coa delegación galega que levara o Estatuto de Galicia ó Presidente da República. Este feito casual sálvalle a vida. O resto da comitiva, agás os deputados establecidos en Madrid, son fusilados ó chegar a Galicia. Cuadrado pónse dende o primeiro momento á disposición do Goberno Republicano e en coordinación directa cos deputados galeguistas Castelao e Ramón Suárez Picallo. Traballou para o Ministerio de Información colaborando nunha morea de xornais e revistas que alentaban ás tropas republicanas. Tamén participou con outros galegos no 4º "Batallón de Milicias Populares Gallegas" desde a súa fundación en 1936. Co traslado do goberno a Valencia, Cuadrado vai con Castelao e Picallo. Nesta cidade casa con Amparo Alvajar, filla do republicano coruñés César Alvajar, sendo Castelao o padriño da cerimonia. Logo dunha tempada en Valencia, tanto o Goberno como o Parlamento, así como a delegación galega, trasládanse a Barcelona. Alí esperan o remate da guerra. Arturo participa na fundación da revista "Nova Galiza", onde escriben Castelao, Picallo, Dieste, etc. Coa derrota do bando republicano foxe con Amparo Alvajar a Francia onde permanecen nun campo de refuxio. Os vínculos de César Alvajar coa Masonería, á que pertenecía Cuadrado, facilitan a súa liberación. Ós poucos meses falece en Toulouse a súa filla Silvia de 5 meses. Logo conseguen embarcar no barco "Massilia", fletado polas organizacións solidarias arxentinas. No barco que saíu de Burdeos en 1940 ían entre outros exiliados o ex-alcalde de Vilagarcía, Elpidio Villaverde, en compaña da súa compañeira e dos seus fillos, Rosina, Mariví e Francisco. En Bos Aires, Seoane estaba agardando por eles. Ós poucos días de chegar e por suxerencia de Seoane fundaron, xunto a outros exiliados como Sánchez Guisande, Elpidio Villaverde e Rey Baltar, a loxia "Antolín Faraldo". Unha das principais obras desta loxia foi a fundación do "Fogar Galego para Anciáns". Arturo Cuadrado realizou en Bos Aires un intenso labor editorial. Foi confudador e codirector de varias editoriais, Emecé, Editorial Nova, Botella al Mar, Dorna e Camino de Santiago. Na capital arxentina reuníase con outros exiliados como Luís Seoane, Rafael Dieste e a súa compañeira Carmen Muñoz, Antonio Baltar, Gurmesindo Sánchez Guisande, Colmeiro, Otero Espansandín e Lorenzo Varela e escritores arxentinos de moita sona no momento como Neslé Roxlo e outros intelectuais extranxeiros como o escritor brasileiro Newton Freitas, o debuxante norteamericano Tom Fanning e o debuxante alemán Ckement Moreau no "Café Tortoni". Neses anos tamén dirixiu con Seoane a revista quincenal "El Correo Literario" (1943-45). O 18 de novembro de 1952 a editorial "Botella al Mar" edita o seu libro de poemas "Soledad Imposible" con debuxos de Seoane. Durante o seu longo exilio en Bos Aires tivo que sufrir algúns momentos de persecucións e algunha que outra detención. Durante o primeiro goberno de Perón estivo vivindo unha tempada en Montevideo xunto ó poeta comunista Varela. Durante varias décadas foi director do emblemático xornal "Galicia", órgano da "Federación de Sociedades Galegas". Na década dos setenta casou cunha mestra noviña coa que tivo dous fillos, Presiliana e Ramón. Co restablecemento da democracia en España puido recuperar o grao de comandante que adquirira durante a Guerra e foi homenaxeado polo Parlamento como deputado honorario. As autoridades españolas, a través do propio rei Juan Carlos I, outorgáronlle a máis alta condecoración polo seu labor cultural e político. Foi operado dun tumor intestinal por un fillo de Sánchez Guisande, superando a enfermidade temporalmente. Morreu cando tiña 95 anos de idade nun centro xeriátrico bonaerense.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS
ORGA ORGANIZACIÓN REPUBLICANA GALLEGA AUTÓNOMA

Profesións: Escritor / Xornalista / Dependente / Funcionario / Libreiro

Profesións no exilio Escritor / Xornalista / Editor

Obra no exilio:
"Veinte cuentos gallegos" (antoloxía)
"Soledad imposible" (1952) poemas
"Heredia"
"Dibujos de Seoane"
"Antalogía de la poesía medieval gallega"

Refª.Bibliográficas:
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b,II:992)
VILANOVA RODRÍGUEZ, A. (1966, II:1364-1365)
PÉREZ LEIRA, Lois (1999:93-102)
www.cigmigracion.com/cuadrado.htm (Autor: Lois Pérez Leira).

España Republicana, XXXI:1009, (30/11/1950), 6.
ÁLVAREZ,Santiago (1986:102)
NEIRA VILAS, Xosé (1999:105-108)
"Arturo Cuadrado. A fantasía dun pobo (1999), A Coruña: Fundación Luís Seoane,
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:300)

Refª.Fotográficas: Arquivo AEG, fotografía nº 15 (Carpeta: Federación de Socieades Galegas I, CD-ROM 1, nº 8, 40, 42, 59, 68, 74, 77); PÉREZ LEIRA, Lois (1999:93-102) e CID CABIDO, Xosé (1993:64, 69 e 120)

447 CUBERES COSTA, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Chapela, Redondela, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

448 CUENCA VÁZQUEZ, Manuel

Países: Francia

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En 1939 atopábase en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Refugiados", Galicia, XVII:260, (29/04/1939), 6.

449 CUERVO SUÁREZ, Julio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Robledo, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados en Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

450 CUESTA URZÁIZ, L.

Países: México

Biografía

(? - ?) Tenente coronel de Artillería durante a Guerra Civil. Posteriormente exíliase en México onde se aproximou ó grupo dos socialistas galegos no exilio.

Profesións: Militar

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

451 CUEVAS GARROTE, Santiago

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cariño, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

452 CUNTIÑA PARDO, Balbina

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Quiroga, Lugo, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

453 CURRÁS COLORETA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Meaña, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

454 DAINOV, Elena

Países: Colombia / Estados Unidos

Biografía

(? - ?) De orixe rusa, Elena Dainov era a muller do dentista xudeo asentado na Coruña, Salvador Rozenthal. A través de Emilio González López conseguen a nacionalidade española. A Guerra Civil sorpréndeos en Madrid e despois de traballar para o Servicio de Sanidade do Exército Republicano deciden partir, en outono de 1937, cara a Colombia. En Bogotá tamén retomarán a súa actividade como dentistas. Co tempo e ante a súa importante actividade a favor da creación do Estado de Israel, trasládanse primeiro a Nova York e máis tarde a Israel.

Profesións: Dentista

Profesións no exilio Dentista

Refª.Bibliográficas: GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio (1990:130)

455 DÁVILA ARIAS, Manuel

Países: Unión Soviética

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, 1900) Foi mariñeiro do "Cabo San Agustín". Pertencía a UGT. En maio de 1948 aparece incluído nunha lista nun campo de concentración na Unión Soviética chamado Karagandá.

Organizacións ás que pertenceu:

UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Sindicalista / Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: "Karaganda", Cultura Proletaria, XX:1045, (22/05/1948), 2.

456 DÁVILA GONZÁLEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, 20/04/1904) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 7 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
Información proporcionada por Miguel Anxo Seixas Seoane.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

457 DÁVILA, Antonio

Países: México

Biografía

(? - ?) Anarcosindicalista exiliado en México. Alí colabora na revista dos exiliados galegos "Vieiros".

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

458 DE CASTRO CALVELO, Ricardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 6 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

459 DE PEDRO PALACIOS, Joaquín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vilalba, Lugo, ?) En Xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

460 DEL RÍO GARCÍA, Juan

Países: Unión Soviética

Biografía

(Pontevedra, 1898) Era mariñeiro do barco “Inocencio Figaredo” e afiliado ó PCE. Posteriormente exiliouse na URSS vivindo en Kramatorsk e Kiev. Repatriouse coa sua muller Josefa Altuna Bengoechea.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Mariñeiro

Profesións no exilio Obreiro

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986)

461 DEL VALLE RODRÍGUEZ, Atanasio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrou o "Batallón de Milicias Populares Gallegas" en Madrid durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

462 DELGADO CRIADO, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio / Chile

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia. Logo pasa a Chile.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (1999:311-335)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

463 DELGADO GURRIARÁN, Florencio

Barco
IPANEMA

Países: Portugal / Francia / México

Biografía

(Córgomo, Vilamartín de Valdeorras, Ourense, 27/08/1903 - Estados Unidos, 14/05/1987) Entre 1914 e 1924 estudia Dereito en Valladolid. En 1928 faise socio protector do Seminario de Estudios Galegos. De regreso a Córgomo prepárase para rexistrador da propiedade, comezando a traballar de pasante no Barco de Valdeorras. A comezos da década de 1930 publica poesías en "Heraldo de Galicia" e "A Nosa Terra". Funda grupos culturais en Valdeorras, e mesmo un equipo de fútbol en Córgomo. No ano 1932 marcha a Madrid, presionado pola familia, a preparar as oposicións a notarías e en setembro volta á súa aldea. En 1933 ingresa no Partido Galeguista, e un ano máis tarde publica Bebedeira, editada por Nós en Santiago. Colabora con Santiago Álvarez a pesares da súa ideoloxía comunista. Co alzamento militar de 1936, Florencio Delgado Gurriarán foxe á casa duns familiares no Barco. Posteriormente marcha a Zamora, Valladolid e de aí a Portugal. Instálase en Porto onde negocia o seu traslado a Burdeos. En Francia estivo uns meses ata que pasou a Barcelona onde ingresou co grao de tenente no Servicio de Información do Estado Maior do Exército de Terra do Vº Corpo do Exército Republicano. Alí afiliouse tamén á UGT. A fins do verán de 1938, entra a formar parte da executiva do PG colaborando coa Solidaridade Galega Antifeixista, e " Nueva Galicia", onde publicou seis poemas. En 1939 marcha a Francia para xestionar a saída dos refuxiados a América. A mediados de xuño partíu no Ipanema dende Burdeos con destino a México onde traballou, entre outras cousas, como vendedor de zapatos. En xullo de 1944 casa con Celia, tendo cinco fillos. Nese mesmo ano fora representante do PG para negociar o pacto Galeuzca, formando parte da delegación do Consello de Galiza en México. Non convalidou a súa carreira de avogado porque pensaba que Franco caería e podería voltar axiña a Galicia. Desde 1949 a 1973 foi representante de Farmacia. En 1951 trasládase a Guadalajara, onde mantiña tertulia con outros republicanos no café "Madoca". Un ano máis tarde aparece no Consello de Redacción da revista "Saudade". En 1959 codirixe os dous primeiros números de Vieiros (1959 e 1962). En 1963 era o delegado en Guadalajara da Irmandade Galeguista. Dende 1968 voltou a España en varias ocasións.

Organizacións ás que pertenceu:

CONSELLO DE GALIZA
IRMANDADE GALEGA DE MÉXICO
PG PARTIDO GALEGUISTA
SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS
SOLIDARIDADE GALEGA ANTIFEIXISTA
UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Escritor / Avogado / Traductor / Poeta

Profesións no exilio Escritor / Xornalista / Viaxante / Dependente

Obra no exilio:
"Bebedeiras" (1934)
"Galicia infinda"
"O soño do guieiro: poemas, poemiñas e poemoides" Sada: Ediciós do Castro, 1980.
Traduce a obra: "Cementerio marino"
"Pintura de feira" en Saudade, nº2, México, 1942, pp. 9-10.
"Cantarenas. Poemas 1934-1989", Sada (A Coruña), Ediciós do Castro, 1981.
Carta a Valentín Paz-Andrade (Guadalajara, 10 de maio do 80) en: PORTELA YÁÑEZ, Charo e Isaac Díaz Pardo (ed.). Epistolario, ediciós do Castro, Sada (A Coruña), 1997.

Refª.Bibliográficas:
CACHEIRO VARELA, Maximino (1992)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a)
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b, II:992)
GURRIARÁN, Ricardo (1999)
COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio (1951, I:345)
LAMA LÓPEZ, Mª Xesús (1999b:529-559)
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:312-313)

Refª.Fotográficas: Arquivo Fotográfico AEG: Rº 2939. GURRIARÁN, Ricardo (1999); RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:232) e ÁLVAREZ, Santiago (1992)

464 DÍAZ CABALLERO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas", creado en Madrid en agosto de 1936 e que un tempo despois pasa a formar parte do Vº Rexemento de Milicias Populares, e logo intégrase como 4º Batallón da 1ª Brigada Mixta no Exército Popular. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

465 DÍAZ CANEDO, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

466 DÍAZ CAO, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) Formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Tamén estivo no campo de refuxio de Vernet d´Ariège (barraca 43) e no de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135 e 141)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados.

467 DÍAZ CUBELAS, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Logo estivo en Francia, refuxiado no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

Comentarios: Pode ser irmán de José Díaz Cubelas.

468 DÍAZ CUBELAS, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

469 DÍAZ FERNÁNDEZ, Xerardo

Países: Uruguai

Biografía

(Porto do Son, A Coruña, 18/12/1907 - Montevideo, 1992) En 1924 vai a Noia a estudiar no colexio de D. César Carreño e máis tarde á Escola Normal de Santiago de Compostela onde se fixo mestre. Pertenceu a Izquierda Republicana e por este motivo pasou dous anos na cadea en Santiago de Compostela e outros dous na Coruña. Xa liberado, na década dos 40 traballa no que pode e faise Procurador, unha profesión que non pode exercer polos seus antecedentes. En 1947 casou con Carmen Moreira García, tamén natural do Porto do Son e alí tiveron dous fillos. O 29 de setembro do ano 1951 embarcou para Montevideo, cidade na que traballou nunha casa importadora, logo nun comercio de ramos xerais de campaña no Departamento de Soriano para logo voltar a Montevideo onde fixo de todo, dende sereo ata porteiro pasando por traballar de noite nun supermercado. Levou ademais a contabilidade dunha empresa.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Mestre / Procurador

Profesións no exilio Contable / Dependente

Obra no exilio: "Os que non morreron" (1982), Sada: Edicións do Castro
"A crueldade inútil" (1985), Sada: Ediciós do Castro
"Nebra: (Historia de unha infancia)" (1988), Sada: Ediciós do Castro
"Desde la diáspora" (1991), Sada: Edicións do Castro

Refª.Bibliográficas: DÍAZ FERNÁNDEZ, Xosé (1982)

Refª.Fotográficas: DÍAZ FERNÁNDEZ, X. (1982:últimas páxinas) e no AEG: CD-ROM I (Carpeta: Federación de Sociedades Galegas I, nº 4, 8, 10, 11, 24, 28, 42, 48, 49)

470 DÍAZ HERRERA, Antonio

Países: Cuba

Biografía

(Pontevedra, ?) Escritor de orixe fidalga que colaborou en "Cristal" e na "Revista Nós". Trala Guerra escapou para a Habana.

Profesións: Escritor

Refª.Bibliográficas: HERMIDA GARCÍA, Modesto (1987:107)

471 DÍAZ LOBELOS, José

Países: Francia / Estados Unidos

Biografía

(Fisterra, A Coruña, ?) Era secretario do Sindicato de Oficios Varios. Despois de lograr salva-la vixilancia das autoridades franquistas no porto de Corcubión, consegue chegar, xunto co seu irmán Juan, a terras asturianas desembarcando en San Esteban de Pravia. Os dous loitan na fronte de Asturias e cando a República é definitivamente derrotada van a Francia para despois exiliarse nos Estados Unidos.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: LAMELA GARCÍA, Luis (1995:281-282)

472 DÍAZ LOBELOS, Juan

Países: Arxentina / Francia

Biografía

(Fisterra, A Coruña, ?) Era irmán de José, secretario do Sindicato de Oficios Varios. Despois de lograr salva-la vixilancia das autoridades franquistas no porto de Corcubión, consegue chegar a terras asturianas, desembarcando en San Esteban de Pravia xunto co seu irmán José. Os dous loitan na fronte de Asturias e logo van a Francia, máis tarde vai para a Arxentina.

Refª.Bibliográficas: LAMELA GARCÍA, Luis (1995:281-282)

473 DÍAZ LÓPEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

474 DÍAZ LÓPEZ, Ricardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - Francia, ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Posteriormente estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia onde morreu.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

475 DÍAZ ORTAS, Aurelio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

476 DÍAZ ORTOS, Victoriano

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Mosteiro, Lugo, ? - Mauthausen, 06/01/1942) Morre no comando de Gusen do campo de concentración de Mauthausen.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

477 DÍAZ PARDO, Pedro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

478 DÍAZ PÉREZ, Agustín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

479 DÍAZ RIBAS, José

Países: Unión Soviética

Biografía

(Vilaxoán, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, 1904) Foi mariñeiro do "Cabo San Agustín" e estaba afiliado á UGT. En maio de 1948 aparece incluído nunha lista nun campo de concentración na Unión Soviética chamado Karagandá.

Organizacións ás que pertenceu:

UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: "Karaganda", Cultura Proletaria, XX:1045, (22/05/1948), 2.

480 DÍAZ RIVAS, Ramón

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Pontevedra, ? - Mauthausen, 27/01/1941) Foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen e, posteriormente morreu no comando de Gusen do mesmo campo.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

481 DÍAZ RODRÍGUEZ, Ricardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

482 DÍAZ TERESA, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garnonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

483 DÍAZ TRIGO, Alfonso

Países: Arxentina

Biografía

(Arxentina, ?) Estudiou Medicina en España e tivo que fuxir a Arxentina por mor da guerra. Militou na "Agrupación de Intelectuales Demócratas", na AGUEA e na Comisión de Cultura do Consello de Galiza. Foi tamén presidente do Centro Lucense e director da revista do mesmo e catedrático de Hª da Medicina. Publicou diversos traballos sobre tisioloxía.

Organizacións ás que pertenceu:

AGRUPACIÓN DE INTELECTUALES DEMÓCRATAS
AGUEA AGRUPACIÓN GALLEGA DE UNIVERSITARIOS, ESCRITORES Y ARTISTAS
CONSELLO DE GALIZA

Profesións: Médico / Profesor

Profesións no exilio Médico / Catedrático

Refª.Bibliográficas: GEG
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b, II:992)
VILANOVA RODRÍGUEZ, A. (1966, II:1365)

484 DÍAZ, José Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Logo estivo en Francia, refuxiado no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

485 DÍAZ, Melchor "Pepito"

Países: Francia

Biografía

(? - ?, 1952) Militante do PCE. En 1950 é nomeado Secretario de Organización do PCE e encargado da súa propaganda co propósito de reconstruí-lo partido. Marcha para Francia en dúas ocasións. É asasinado pola Garda Civil en xullo de 1952 cando voltaba a Galicia.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Político

Refª.Bibliográficas: MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo (1988:170)

486 DÍAZ, Pilar

Países: Francia

Biografía

(Lugo, ?) Refuxiada en Francia xunto co seu home, Antonio Molina Gutiérrez, e os seus dous fillos.

Refª.Bibliográficas: "C. Castroverde y Unidos de Fonsagrada y Baleira", Galicia, XVIII:675, (18/05/1940), 2.

487 DIÉGUEZ BLANCO, Antonio

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Freixido, Larouco, Ourense, ? - Mauthausen, 03/01/1942) Morre no comando de Gusen do campo de concentración de Mathausen.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

488 DIÉGUEZ DÍAZ, Gumersindo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Freixido, Larouco, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds, Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

489 DIÉGUEZ DIÉGUEZ, Aladino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

490 DIÉGUEZ POUSADA, Alfredo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ourense, ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet d´Ariège (barraca 43) en Francia. Tamén estivo no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

491 DIESTE GONZÁLEZ, Eduardo

Países: Uruguai

Biografía

(Rocha, Uruguai, ? - Chile, 1954) Era fillo dun galego, Eladio Dieste Muriel, e dunha uruguaia, Olegaria González. Na década dos vinte foi cónsul uruguaio en Londres. Despois trasladárono a España onde estivo a cargo do consulado de Uruguai en Madrid. En Rianxo fíxose amigo e compañeiro de Castelao. Durante a Guerra Civil regresou a Uruguai por discrepar coa decisión do presidente Terra de romper relacións co goberno republicano.Tamén estivo desempeñando misións diplomáticas en Chile e Nova York. En 1954 morre en Chile. Na súa faceta como escritor destacan os traballos como "Buscón poeta" e o guión cinematográfico que escrebeu xunto con Rafael Dieste, "Promesa del viejo y la doncella".

Profesións: Escritor / Diplomático

Profesións no exilio Escritor / Diplomático

Obra no exilio: "Buscón poeta"

Refª.Bibliográficas: TOBÍO, Lois (1994:575)
AXEITOS, Xoxé Luís (1995b)
"España Democrática"

Refª.Fotográficas: AXEITOS, Xosé Luís (1995b)

492 DIESTE GONZÁLEZ, Rafael

Barco
ALWAKI

Países: Francia / Campos de Refuxio / Uruguai / Arxentina / México

Biografía

(Rianxo, A Coruña, 29/01/1899 - Santiago de Compostela, A Coruña, 15/10/1981) Era fillo de Eladio Dieste Muriel e da uruguaia Olegaria González. Ingresa na Escola Normal de Santiago en 1914. Na súa primeira viaxe a Tampico (México), escribe os seus primeiros relatos. En 1918 regresa a España despois dunha longa parada na Habana. Ó ano seguinte ingresa na Escola Normal de Santiago e publica os seus primeiros relatos no diario "Galicia Nueva" de Vilagarcía de Arousa. En 1921 comeza o servicio militar prolongado por dous anos en África. En 1923 comeza a facer as primeiras colaboracións co xornal "Faro de Vigo". En 1924 publica por primeira vez no diario "Galicia" e tamén publica varios contos en medios periodísticos. En 1925 incorpórase á redacción de "El Pueblo Gallego", ano que tamén foi nomeado secretario-contador da Asociación da Prensa de Vigo. En 1926 publica "Dos Arquivos do Trasno". En 1927 regresa á redacción de "El pueblo Gallego" e ingresa no Seminario de Estudios Galegos coa lectura de "A fiestra valdeira". En 1928 visitou Londres e viviu en Francia ó redor de dous meses. En 1931 é candidato ás Cortes pola Federación Republicana Gallega. Ó ano seguinte convírtese en director e animador das Misións Pedagóxicas. Crea, por indicación de Salinas, o Teatro Guiñol das Misións para o que escribe e dirixe numerosas farsas. En 1934 coñece a Carmen Muñoz nun pobo estremeño onde estaba como misioneiro e casa con ela o 3 de setembro. Logo dunha visita a Rianxo van para Madrid. En 1935 estudia teatro e escenografía en Francia e Bélxica cunha bolsa da Junta de Ampliación de Estudios. Nese mesmo ano viaxa coa súa muller, Carmen Muñoz, a Holanda e Italia, e en setembro regresa a España. Durante a Guerra Civil atópase encadrado en "Milicianos de la Cultura" percorrendo as frontes de guerra animando e alfabetizando ós combatentes. En 1936 participa na organización e actividades da Alianza de Escritores Antifascistas e dirixe o Teatro Español de Madrid así como o Museo do Pobo, tamén colabora con outros galegos no 4º Batallón de Milicias Populares Gallegas. No ano 1937 foi un dos fundadores de "Hora de España" xunto con Antonio Sánchez Barbudo e Juan Gil-Albert. En outubro dese mesmo ano faise cargo da dirección da revista "Nova Galiza" en Barcelona. En novembro de 1938 vai como voluntario ó exército e comparte con Sánchez Barbudo a publicación de "El Combatiente del Este". En febreiro de 1939 sae de España co exército do Leste despois da caída de Barcelona. Foi confinado no campo de concentración de Saint-Cyprien durante vinte días, mentres, a súa muller atopábase nun hospital de París ferida por un bombardeo. O 29 de febreiro sae do campo de concentración por influencia da Asociación de Escritores Franceses e é acollido na La Mérigotte (Poitiers). En abril chega a París, dende onde se traslada coa súa muller ata A Haya. Dende Rotterdam parten cara a Montevideo, vía o Reino Unido, no buque Alwaki. De Montevideo pasa á Arxentina. Instalado en Bos Aires foi director literario da Editorial Atlántida ata 1948, e ten actividade literaria en varias revistas. En 1949 retorna a Europa no "Tacoma", viaxando por Bélxica, Holanda, Italia, Francia e Inglaterra co obxeto de facer un informe sobre a arte europea para o goberno uruguaio. En Europa participa tamén no programa galego da BBC de Londres co tema "As colectividades galegas en Bos Aires". Alí tamén coñece ó profesor Trend que o propón como lector de español da Universidade de Cambridge onde traballa entre os anos 1951 e 1952. Logo de rematado o seu traballo no Reino Unido viaxa a Nova York onde residía o seu irmán Eduardo. Máis tarde vai a México onde é catedrático de Lingua e Literatura Española no "Instituto Tecnológico y de Estudios Superiores (Sección de Humanidades)"entre os anos 1953 e 1954. Decide regresar a Bos Aires onde reanuda o seu traballo coa editorial Atlántida. Retorna a Rianxo en 1961 e a partir de 1964 vive entre A Coruña e Rianxo. Durante o ano 1966 adícase a dar conferencias en varias cidades cunha exposición da obra de Carlos Maside e diversas actividades culturais co "Laboratorio de Formas de Galicia". En 1970 ingresa na Real Academia Gallega como membro numerario. Morre en Santiago o 15 de outubro de 1981.

Organizacións ás que pertenceu:

AGUEA AGRUPACIÓN GALLEGA DE UNIVERSITARIOS, ESCRITORES Y ARTISTAS
BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS
SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Profesións: Escritor / Xornalista / Mestre

Profesións no exilio Escritor / Editor / Profesor / Catedrático

Obra no exilio: "De como veu a Rianxo unha balea"; "Dos arquivos do trasno" 1926 (colección de contos); "Fiestra valderia" 1927; Libros monografías, libros e folletos: "Viaje y fin de don Frontán" (1930);"El retablo de ls fantoches" (1932); "Rojo farol amante"(publicado por primeira vez en 1933 e cunha segunda edición en Buenos Aires: Editorial Emecé, 1940); "Quebranto de doña Luparia y otras farsas" (1934); "La vieja piel del mundo" (1935); "Promesa del viejo y la doncella" (guión cinematográfico que fai en colaboración co seu irmán Eduardo en 1938); "El combatiente del Este" (que redacta xunto con Sánchez Barbudo); "Colmeiro, breve discurso acerca de pintura con el ejemplo de un pintor" (1941) Buenos Aires, Emecé Editores; "Muiñeira (Poema glosando cinco litografías de Luís Seoane)" (1941) Buenos Aires: Ediciones Resol; "De cómo vino a mundo Félix Muriel" (1942); "Historias e invenciones de Félix Muriel" (1943); "Cuentos simples (en Galicia y en las nubes)", Correo Literario, II:4, (01/01/1944); "Tratado mínimo del arte de la escena" (1944); "Viaje, duelo y perdición; tragedia, humorada y comedia" (1945) Buenos Aires, Editorial Atlántida; "A Esther de Cáceres", poema que acompaña a súa "Antoloxía 1929-1945" (1945) Buenos Aires: Correo Literario; "Camino de Santiago" (1945); "Luchas con el desconfiado" (1948) Buenos Aires: Sudamericana; "As colectividades galegas en Bos Aires" en TORO SANTOS, Raúl del (ed.) 1994); "Pequeña clave ortográfica" (1956) Bos Aires, Atlántida; "Nuevo tratado del paralelismo" (1956) Bos Aires; "Diálogo de Manuel y David" (1965); "Testamento geométrico" (1975) Sada:Ediciós do Castro; "Antre a terra e o ceo" (1981) Sada:Ediciós do Castro; "Teatro I e Teatro II" (1981) Barcelona: Laia; "El alma y el espejo" (1981) Madrid:Alianza Editorial

Refª.Bibliográficas:

AXEITOS, Xosé Luis (1995a)
AXEITOS, Xosé Luis (1995b)
REI NÚÑEZ, Luis (1987)
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b, II:992-993)
NEIRA VILAS, Xosé (1999)
ACUÑA, Xosé Enrique (coord. e ed.) (1995)

NEIRA VILAS, Xosé (1996:159-182)
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:35)
"Cronoloxía e biografía de Rafael Dieste", Grial, XX:78, (1982), 489-500.
VELASCO SOUTO, Carlos F. (2000:144)
ÁLVAREZ, Santiago (1986:102 e 238)
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:285-334)
CASAS, Arturo (1999:233-246)
FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1999:133-137)
FERNÁNDEZ, Luis Miguel (1999:105-110)
AXEITOS, Xosé Luis (2000:140-151)

Refª.Fotográficas: Arquivo AEG, nº rexistro 206, 139, 147 e CD-ROM III (Carpeta: Elpidio Villaverde, nº 21)). NEIRA VILAS, Xosé (1999:244); varias fotografías de Dieste en Grial, tomo XX, nº 78, 1982, p. 432 e 448. AXEITOS, Xosé Luis (1995b); CID CABIDO, Xosé (1993:111, 156, 157 e 192) e ALLEGUE OTERO, Gonzalo e F. FREIXANES, Víctor (1993:139, 156 e 203)

493 DIEVE FERREIRO, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Betanzos, A Coruña, ?) En agosto de 1939 estaban no campo de refuxiados de Agde (Herault) Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

494 DIGÓN QUIROGA, Balbino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vilapena, Taboada, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados deVernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

495 DIOS, José Benito

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

496 DIVINA (Compañeira de Domingo "O Inca")

Países: Francia

Biografía

(Ricosende, Ourense, ?) Foxe a Francia con Mario de Langullo no ano 1948.

Refª.Bibliográficas: REIGOSA, Carlos G. (1989:94)

497 DIZ FUENTES, Rogelio

Barco
VILLANUEVA

Países: México

Biografía

(Lagoa, Vilaxoán, Vilagarcía de Arousa, 1912) Fillo dunha familia campesiña. Dende pequeno adícase á agricultura e á cantería. Con 17 anos vai para Xixón, onde traballa no cargueiro "Orduntamendi" da Cía. Sota e Aznar. Posteriormente vai para Bilbao pero ante as dificultades para atopar traballo regresa de novo a Galicia. Dedicouse á cantería ata os 19 anos, momento no que tivo que cumplir o servicio militar en Ferrol e Cartaxena. Co comezo da Guerra Civil decide fuxir ó monte xunto co seu amigo Santiago Rivas. Coa morte deste último regresa a Vilagarcía a pesar de sufrir constantes persecucións, chegando a ser detido en varias ocasións. Despois de pasar pola prisión de Cambados foi trasladado ó Lazareto de San Simón, despois de ser xulgado en Pontevedra xunto con outros presos. Posteriormente foi trasladado ó penal de San Cristóbal en Pamplona do que logrou fuxir con outros compañeiros tras pasar case dous anos de continuas calamidades (1938). A través do monte chegan a Estella onde novamente son detidos e trasladados a Pamplona. A finais do ano 1939 puido sair en liberdade condicional e conseguiu voltar a Vilagarcía, aínda que de novo é chamado para o penal a cumplir unha condena de 16 meses. A mediados do ano 1940 regresa unha vez máis a Vilagarcía para desempeñar o oficio de canteiro, onde casa cunha moza de Vilaxoán. Traballa para a constructora Agroman S.A., coa que se trasladou a Badaxoz como encargado de obras durante dous anos. Máis tarde vai ás Palmas de Gran Canaria pero ante os desexos de saír de España consegue plaza como mariñeiro no buque "Villanueva" para ir a México onde vivía o seu irmán Antonio. Neste país foi representante de ventas de varias compañías, entre elas Colchones Ideal S.A. Conseguiu reunirse coa súa muller e o seu fillo para vivir durante catorce anos en México D.F. antes de decidir voltar a España a finais dos anos 50. Instálase en Vilagarcía e pón en marcha unha plataforma de mexillóns. Co tempo, o negocio resulta infructuoso e ante a constante represión aínda presente do goberno franquista decide voltar a México, reunindose de novo coa muller e co seu fillo, catro anos despois.

Profesións: Labrego / Canteiro / Albanel

Profesións no exilio Comerciante / Axente Comercial

Refª.Bibliográficas: DIZ RUBIANES, Rogelio [2001]

Refª.Fotográficas: DIZ RUBIANES, Rogelio [2001]

498 DOCAL BREIJO, Manuel

Barco
WINNIPEG

Países: Chile / Francia

Biografía

(Cariño, A Coruña, ?) Membro do Sindicato de Pescadores de Cariño. Chega a Valparaíso no "Winnipeg" en setembro de 1939.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista / Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)
FERRER MIR, Jaime (1989:123)

499 DOCAMPO GONZÁLEZ, Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Logo estivo en Francia, refuxiado no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

500 DOCET, Juan

Países: México

Biografía

(? - ?) Exiliouse en México onde frecuentou os ambientes socialistas do exilio.

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

501 DOMINGO ?, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

502 DOMINGO BOULLOSA, Celso

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Chapela, Redondela, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

503 DOMÍNGUEZ AGULLAR, Anastasio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atópase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

504 DOMÍNGUEZ ÁLVAREZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

505 DOMÍNGUEZ BENAVIDES, Manuel

Países: Francia / México

Biografía

(Ponteareas, Pontevedra, 19/04/1895 - México, 1947) Estudiou en Santiago de Compostela. Logo emigrou a Barcelona e Madrid. En 1928 obtivo o segundo premio de obras teatrais convocado por ABC con "El protagonista de la virtud". En Madrid foi tamén redactor do semanario "Estampa"e comisario político da Armada Republicana. Rematada a Guerra Civil exiliouse en Francia e en México. Neste último país foi secretario de redacción de "Reconquista de España" e profesor do "Instituto Hispano-Mexicano Ruíz de Alarcón" como responsanble da Ensinanza Primaria do mesmo. En México escribiu "La escuadra la mandan los cabos" (1944), crónica da resistencia republicana (con mención especial a Galicia) dos primeiros días da sublevación franquista. Aínda que a obra de maior fama foi "El último pirata del Mediterráneo" onde denuncia as actividades de Juan March, involucrado co caciquismo galego, a edición deste libro foi adquirida polo interesado para que non circulase.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Escritor / Xornalista

Profesións no exilio Escritor / Xornalista / Mestre

Obra no exilio: "Lamentación", (1922); "En lo más hondo", (1923); "Un hombre de 30 años", (1933); "La revolución fue así", (1935); "Curas e mendigos. Prólogo de la Guerra Civil", (1936); "El último pirata del Mediterráneo" (biografía de Juan March), (1995) Sada: Ediciós do Castro (Edición facsímil); "La escuadra la mandan los cabos" (1944) Colección Luz de España: México; "Los nuevos profetas" (1942) México D.F.: Artes Gráficas Comerciales

Refª.Bibliográficas:
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b,II:993)
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:16)
CACHEIRO, Maximino e VALCÁRCEL, Dolores (1995:111-118)
SOTO, Luís (1983:190)
ABELLÁN, José Luis (1976, I:146)
Información proporcionada por Miguel Anxo Seixas Seoane.
Información proporcionada por Luís Martul Tobío.

506 DOMÍNGUEZ FERREIRO, Sabino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Tenente do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

507 DOMÍNGUEZ FONTÁN, Antonio Santiago Cipriano

Países: Portugal

Biografía

(A Pobra do Caramiñal, A Coruña, 26/01/1901 - Portugal, 193?) Fillo de Tomás Domínguez Martínez e Pilar Fontán Tovío. Dirixiu o xornal pobrense "La lucha". Foi concelleiro socialista en 1931 e 1936. Fuxido trala Guerra Civil, morreu en Portugal dunha enfermidade do pulmón e nese país foi soterrado polos seus compañeiros de fuxida.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Concelleiro

Refª.Bibliográficas:
VILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995a:54)
RODRÍGUEZ, X.P. (2001)

508 DOMÍNGUEZ FRANCO, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Palmeira, Ribeira, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

509 DOMÍNGUEZ GARCÍA, Agustín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

510 DOMÍNGUEZ GARCÍA, Xosé María

Países: Italia

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) Estudia Dereito en Santiago a comezos da IIª República. Era moi coñecido en Compostela pola súa calidade intelectual, a súa posición económica e a súa mentalidade revolucionaria. Frecuentaba a miúdo a tertulia do "Café Español". Alí coñeceu a García Lorca, Jiménez de Asúa e Castelao, entre outros, e foi discípulo predilecto de Recaséns Siches e de García Labella. Foi un dos membros da FUE xunto con García Sabell, Carballo Calero, Luís Seoane, Del Riego, Cunqueiro, etc. Máis tarde trasládase a Madrid vivindo na Residencia de Estudiantes para facer o Doutoramento na Universidade Central. Gaña a oposición como Presidente dun Tribunal Permanente do Corpo do Exército. Durante a guerra e a loita en Madrid, foi nomeado Tenente Xefe das oficinas da Comandancia. Nesta época colabora en "Estímulo"onde mostra o seu pensamento socialista, que era tamén o do fundador e director do xornal, Juan Francisco Aguado, comisario político de Artillería. Logo pasa a Murcia onde casa con Agustina Martínez Castroverde. Exiliouse en Italia, concretamente en Roma como alto funcionario da FAO.

Organizacións ás que pertenceu:

FUE FEDERACIÓN UNIVERSITARIA ESPAÑOLA

Profesións: Avogado / Profesor

Profesións no exilio Avogado / Funcionario

Refª.Bibliográficas: BOROBÓ (2001a:35)

511 DOMÍNGUEZ MÍGUEZ, Leonardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Chedas, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados en Sepfonds, Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

512 DOMÍNGUEZ PAZOS, Juan

Países: México

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, ?) Estivo exiliado en México.

Refª.Bibliográficas: V ILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995:58)

513 DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ, Julio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Allariz, Ourense, ?) Tenente do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado en Francia no campo de refuxio de Saint Cyprien nos Pirineos Orientais en 1939. Tamén estivo no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Gallegos en los campos de concentración franceses, que piden ayuda a sus hermanos de América", Galicia, XVII:619, (22/04/1939), 3.
"Nuestros refugiados gallegos", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 1.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

514 DOMÍNGUEZ SÁNCHEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Posteriormente estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

515 DOMÍNGUEZ SANTOS, Celedonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, 07/02/1902) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

516 DOPICO ARES, Ángel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Betanzos, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

517 DOPICO BARREIRO, Jesús

Países: México

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) Violonista que fora solista do Teatro Lírico Nacional, diplomado no Conservatorio de París e catedrático de violín no Conservatorio da Coruña. Participou no Batallón de Milicias Populares Gallegas. Tivo que exiliarse en México onde foi presidente do "Padroado da Cultura Galega" e responsable da área de Música no Institutuo Hispano-Mexicano Ruiz de Alarcón que dirixía Pedro Martul. Colaborou tamén na publicación do libro "Presencia de Galicia".

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS
PADROADO DA CULTURA GALEGA

Profesións: Músico / Profesor / Catedrático / Delegado de Carabineiros

Profesións no exilio Músico / Profesor

Obra no exilio: "Un Gallego genial : Manolo Quiroga", Compostela, 1, (1967), 379-388.
"El Mirlo", Saudade, 5, (1952), 3.9

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:183)
Información proporcionada por Luís Martul Tobío.

518 DOPICO FERREIRO, Benito

Países: Francia / Campos de Refuxio / México

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) Durante a Guerra Civil fora auxiliar primeiro da Armada. Logo, en agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia. Posteriormente exiliouse en México.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

519 DOPICO, José María

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?)En agosto de 1939 atópase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

520 DORADO, Joaquina

Países: Francia

Biografía

(A Coruña, ?) Militante da CNT que emigrou a Cataluña. Alí participou das "Juventudes Libertarias de Pueblo Seco". Ó remate da Guerra Civil marcha cara ó exilio francés de onde volve no 1943 para incorporarse na loita clandestina. Actuou xunto cos militantes das FIJL (Federación Ibérica de Juventudes Libertarias) ata a súa caida en febreiro de 1948. Despois dun tempo na cadea voltou a Francia onde fixou a súa residencia.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO
FIJL FEDERACIÓN IBÉRICA DE JUVENTUDES LIBERTARIAS

Sindicalista

Refª.Bibliográficas: "Revista das letras 352", suplementeo de "O Correo Galego", 08/02/2001, páx.3.
PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

521 DOSANTOS SANTORJO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Chapela, Redondela, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/)1939, 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

522 DOVAL LÓPEZ, Constantino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - Francia, ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès. Morreu en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

523 DOVAL, Enrique

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(? - ?) Estivo no campo de concentración en Mauthausen.

Refª.Bibliográficas: TORRENTE, Manuel (1989)

524 DURÁN DOPICO, Enrique

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

525 DURÁN DURÁN, Santiago

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Ribadavia, Ourense, ? - Dachau, 08/11/1942) Foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen e posteriormente a Dachau onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:114)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen/Dachau.

526 DURÁN SORIA, Pedro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Logo estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

527 DURÁN TABOADA, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Logo estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

528 DURÁN VIDAL, Celso

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pouso, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

529 DURÁN, Elvira

Países: Uruguai

Biografía

(A Coruña, ?) Era filla dun avogado moi coñecido e familiar dos Durán plateiros de Madrid, que co tempo abrirían na mesma cidade unha galería e casa de subastas de arte. Exiliouse en Uruguai xunto co seu home, Pedro Couceiro Corral de quen fora discípula na Universidade de Santiago de Compostela.

Química

Refª.Bibliográficas: TOBÍO, Lois (1994:495)

530 Egdumio

Países: Francia

Biografía

(Vigo, Pontevedra, 1914) Era obreiro e estivo afiliado á CGT. Marchou cara o exilio francés en 1939.

Organizacións ás que pertenceu:

CGT CENTRAL GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Obreiro

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ VERDE, Pilar (1996:97-115)

531 EIBE VILAR, Evaristo

Países: Francia

Biografía

(? - ?) Guerrilleiro que tivo que fuxir polos montes de Eume. O seu irmán, Manuel, foi detido en agosto de 1946. No Nadal dese ano Evaristo Eibe chega a Francia.

Refª.Bibliográficas: MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo (1988:171)

532 EIRAS VICENTE, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Rianxo, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès P.O. en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

533 ELÍAS CABISSA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

534 ELÍAS ROMERO, Juan

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Castro de Rei, Lugo, ? - Mauthausen, 18/12/1941) Estivo no campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:154)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

535 ENCINAS RODRÍGUEZ, Antonio

Países: México

Biografía

(Ribadavia, Ourense, 1892 - México, 1974) Médico pediatra. Estivo exiliado en México.

Profesións: Médico

536 ENRIQUE OLIVERA, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Corrubedo, Ribeira, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet d´Arlege en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

537 ERQUIZA, Julio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Redondela, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 5 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

538 ESPERANTE VILA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

539 ESPINOSA FEIJÓO, Julio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Monforte de Lemos, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

540 ESPINOSA IGLESIAS, Xulio

Países: Francia / Campos de Refuxio / México

Biografía

(Monforte de Lemos, Lugo, ?) Estivo, xunto con Elixio Rodríguez, no campo de concentración de Argelès sur Mer. Alí estaba ó servicio da Xendarmería como chofer. Posteriormente, exiliouse en México onde xa estaba en xullo de 1939.

Profesións no exilio Chofer

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:259 e 254)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

541 ESPIÑA FERNÁNDEZ, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Chegou en 1939 a Barcarès como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

542 ESPOSA DE Argentino Novo Romeo

Países: Francia

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) Atopábase con seu home en Francia en 1939.

Refª.Bibliográficas: "Refugiados", Galicia, XVII:260, (29/04/1939), 6.

543 ESPOSA DE Isidoro Cid Rivo

Países: Uruguai / Portugal

Biografía

(? - ?) Muller do mestre comunista Isidoro Cid Rivo que se exilia coa familia a Uruguai, despois de pasar por Portugal, en 1936.

Refª.Bibliográficas: Entrevista a Rogelio Martínez Barreiro. Realizada por Silvia Facal Santiago. Montevideo, 10 de marzo de 2001.

544 ESPOSA DE Manuel Moure Gómez

Países: Francia

Biografía

(Santiago de Compostela, A Coruña, ?) Estaba en 1939 en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Refugiados", Galicia, XVII:260, (29/04/1939), 6.

545 ESPOSA DE Miguel Vázquez Valiño

Países: Francia / Brasil / Uruguai

Biografía

(? - ?) Marchou co seu home e filla ó exilio. Estivo en Francia, Brasil e Uruguai.

Refª.Bibliográficas: Entrevista a Miguel Vázquez Valiño realizada por Pilar Cagiao Vila. Fondo HISTORGA (AHUS), entrevista nº 912.
AGRAFOXO PÉREZ, Xerardo (1995:377-381)

546 ESTÉVEZ CONGIL, José

Países: Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

547 ESTÉVEZ FERNÁNDEZ, Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - Francia, ?) Formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois, estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia onde morreu.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

548 ESTÉVEZ MARTÍNEZ, Serafín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ourense, ?) Fora durante Guerra Civil tenente do Batallón de Milicias Populares Gallegas. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Tamén estivo no campo de refuxio de Vernet d´Ariège (barraca 43) e no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132 e 141)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

549 ESTÉVEZ PÉREZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Fora membro do Batallón de Milicas Gallegas durante a Guerra Civil. Logo estivo como refuxiado no campo de Vernet d´Ariége (barraca 43) en Francia.

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:141)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

550 ESTEVEZ RODRÍGUEZ, Amadeo

Países: Francia

Biografía

(Ourense, ?) En 1939 atopábase en Toulouse Francia.

Refª.Bibliográficas: "Relación de los gallegos que se hallan refugiados en Francia y dirección de los mismos", Galicia, XVII:826, (06/05/1939), 8.

551 ESTURAU CALVO, Ramón

Barco
IPANEMA

Países: Cuba / México / Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vidaloiso, Bastavales, Brión, A Coruña, 31/12/1909) Estudiante de Bacharelato e de Dereito en Santiago de Compostela. Polos anos 20 foi coeditor da revista "O vencello maiano". En xullo de 1936 incorpórase a un rexemento de artillería, e dous meses despois colle un barco inglés, o "Orbita", na Coruña para fuxir a Cuba. Neste país ocupouse de actividades de propaganda na embaixada española da Habana. Un ano despois embarcou rumbo a Francia no vapor inglés "Oropesa"e de alí foi a Valencia. Alistouse nunha brigada da 11ª División e tomou parte na ofensiva de Aragón co grao de Tenente. Estivo tamén na defensa de Teruel e foille encomendada a organización do Vº Corpo do Exército en Cataluña. Ascendeu sucesivamente por méritos de guerra chegando a ser capitán no exército da República e comandante do Vº Rexemento. Cando rematou a guerra Esturau era membro do Estado Maior de Líster. Pasou a Francia xunto ós 57 homes que tiña subordinados en febreiro de 1939. Ingresaron na prisión de Montpellier e máis tarde no campo de refuxio nº 3 de Agde. Ós sesenta días consegue sair para México no barco "Ipanema". Nese país creou, xunto con outros xefes e oficiais exiliados, a "Asociación de Militares Leales a la República", que presidiu durante tres anos. Durante a IIª Guerra Mundial a Asociación ofreceus ó presidente Lázaro Cárdenas para loitar na contenda no que caso de que México se incorporase á mesma. Esturau, estivo vencellado ó "Padroado da Cultura Galega" e á revista "Vieiros", e foi amigo persoal de Luis Soto, Carlos Velo, Florencio Delgado Curriarán e Arturo Souto. En México vendeu libros, dirixiu a producción dunha industria de mosaicos, foi xerente da fábrica Celmex de fabricación de cubertos, pero dedicouse, sobre todo, á venda de equipos de oficina chegando a representar en nove estados á empresa de computadoras electrónicas "UNIVAC" de Sperry Rand Cop. Casou coa filla dun refuxiado político catalán coa que tivo dous fillos. Actualmente vive en Guadalaxara, México.

Organizacións ás que pertenceu:

ASOCIACIÓN DE MILITARES LEALES A LA REPÚBLICA
PADROADO DA CULTURA GALEGA

Profesións: Avogado / Militar

Profesións no exilio Empresario / Comerciante

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:165-170)
V ILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995:31)
NEIRA VILAS, Xosé (2001:4)
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

Refª.Fotográficas: NEIRA VILAS, Xosé (2001:4) e ÁLVAREZ, Santiago (1989a:anexo).

552 ETCHEVERRÍA BRAÑAS, Salvador

Países: Portugal / Cuba / República Dominicana / Haití / México / Guatemala / Francia

Biografía

(Ferrol, A Coruña, 22/05/1894 - París, 23/09/1957) Os seus primeiros estudios cursounos no colexio dos xesuitas da Garda e no dos escolapios en Monforte de Lemos. En 1917 obtén a licenciatura de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela. A partir dese momento, dedícase ós negocios herdados dos seus pais e casa coa aristócrata Carmen Vázquez de Hermida, da casa Ducal de Aquitania. En 1924 é requerido polo Xeneral Primo de Rivera para ocupar un cargo político na Coruña. En 1930 foi un dos fundadores da "Organización Repúblicana Galega Autónoma" (ORGA) e pouco tempo despois incorpórase ó Partido Radical Socialista, do que chegou a se-lo presidente do seu comité provincial na Coruña e membro do comité nacional. Despois pasou á Union Republicana. En 1932 foi nomeado Gobernador Civil de León. En xullo de 1936 é detido polos sublevados na Coruña e permanece na cadea ata xaneiro do ano seguinte, cando conseguiu fuxir cara a Lisboa, onde embarcou rumbo a Cuba. En América desempeñou distintos cargos diplomáticos e desenvolveu unha intensa actividade propagandística a prol da República. En 1937 foi nomeado Secretario da embaixada española na Habana e en xullo do mesmo ano recibiu o encargo de traballar no consulado de Veracruz en México. Entre 1938 e 1939 foi o encargado de negocios en Santo Domingo e Haití. Ó remata-la Guerra Civil trasládase novamente a México onde participa na fundación da "Alianza Nazonal Galega". En 1946 incorpórase de novo á diplomacia como encargado de negocios en Guatemala, ata que dous anos despois é destinado a México, para asumi-la representación da República no exilio. Permaneceu alí ata 1955, ano no que se traslada a París para ocupa-la carteira de Información, Propaganda e Arquivos no goberno republicano no exilio, así como a secretaría do Consello de Ministros. En 1957, sendo aínda ministro do goberno republicano no exilio, Etcheverría sufriu un cólico diabético e tivo que ser internado nun centro sanitario de París. Pouco tempo despois, o 23 de setembro, tivo unha complicación cardíaca e morre inesperadamente.

Organizacións ás que pertenceu:

	ALIANZA NAZONAL GALEGA
IR	IZQUIERDA REPUBLICANA
ORGA	ORGANIZACIÓN REPUBLICANA GALLEGA AUTÓNOMA
PRRS	PARTIDO REPUBLICANO RADICAL SOCIALISTA

Profesións: Político / Avogado / Gobernador Civil

Profesións no exilio Diplomático / Ministro / Secretario Gubernamental

Obra no exilio: "Eclipse en España: apuntes del diario íntimo de un diplomático de la República Española" (1989) Sada: Ediciós do Castro

Refª.Bibliográficas: GÓMEZ RIVAS, Isabel (1995:175-192)
GRANDÍO SEOANE, Emilio (2001:160)

553 EXPÓSITO FERNÁNDEZ, David

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Villairgite, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds, Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

554 EXPÓSITO GONZÁLEZ, Luis

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no camo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

555 EXPÓSITO GONZÁLEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados. Pode ser irmán de Luis Expósito González.

556 FANDIÑO RICART, Alfonso

Países: Francia

Biografía

(Santiago de Compostela, A Coruña, ?) Irmán do anarcosindicalista Manuel Fandiño, era pintor de profesión e Secreatrio da Federación Local da CNT de Santiago. Foxe nun bou que partiu de Muros cara Francia e de alí retornou á zona leal para ser un dos animadores da Federación de Agrupación de Gallegos Libertarios radicada en Valencia. Despois vive a posguerra na Coruña.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO
FEDERACIÓN DE AGRUPACIÓN DE GALLEGOS LIBERTARIOS

Profesións: Pintor / Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionísio (1998:45-48)

557 FARIÑA CHOUCIÑO, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Malpica, A Coruña, 09/07/06 - Mauthausen, 06/05/1941) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia. Posteriormente foi trasladado ó comando Gusen 2 do campo de concentración de Mauthausen onde morreu en maio de 1941.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
VÁZQUEZ, Lois (1982:111)
"Los crímenes del nazifascismo", Cultura Proletaria, XVII:901, (11/08/1945), 1.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados e de concentración. Na lista localizada no xornal de Nova York "Cultura Proletaria" aparece co nome de Antonio Fariña Groufino. Pode ser irmán de Francisco Fariña Chouciño e pode que fuxiran de Malpica xuntos.

558 FARIÑA CHOUCIÑO, Francisco

Barco
WINNIPEG

Países: Francia / Campos de Refuxio / Chile / Perú

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia. Logo foi a Chile a bordo do Winnipeg e máis tarde a Perú onde traballou como mariñeiro.

Profesións no exilio Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
GARCÍA DOMÍNGUEZ, Teresa (1998:187)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

559 FARIÑA HERMO, Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pobra do Carmiñal, A Coruña, 17/03/1905) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

560 FARIÑA SANISIDRO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pobra do Carmiñal, A Coruña, 11/02/1895) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6..

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

561 FARTARES RODRÍGUEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(San Lourenzo, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

562 FARTARES RODRÍGUEZ, Marcelino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(San Lourenzo, Ourense, ? - ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

563 FEIJÓO VERTES, Maximino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ribadavia, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no camo de refuxiados deAgde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

564 FENTANES, Gerardo

Biografía

(? - ?) Exiliado

Refª.Bibliográficas: FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b:1000)

Comentarios: FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b:1000) non ofrece datos referentes sobre este home, do que só se di que é exiliado.

565 FERNÁNDEZ ABAL, Francisco

Barco

Países: Francia / México

SINAIA

Biografía

(Pobra do Caramiñal, ?) Mariñeiro que tivo que exiliarse a Francia. De alí pasa a México no vapor "Sinaia".

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: V ILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995:58)
Información proporcionada por Miguel Anxo Seixas Seoane.
Sinaia. Diario de la Primera Expedición de Republicanos Españoles a México (1999)

566 FERNÁNDEZ ABAL, Isidoro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Marín, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

567 FERNÁNDEZ ABAL, Juan

Países: Francia

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, 14/03/1886 - Pobra do Caramiñal, 04/08/1951) Chegou a Francia a bordo do buque "Habana" e permaneceu nese país ata mediada a década dos 40, época na que voltou á súa aldea natal.

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Miguel Anxo Seixas Seoane.

568 FERNÁNDEZ ALONSO, Francisco Alberto

Barco

Países: Portugal / México

SERPA PINTO

Biografía

(A Coruña, 1922-3?) Era fillo do pintor Francisco Miguel Fernández Díaz e de Syra Alonso Brufau. De pequeno viaxa a Cuba e México cos seus pais. En novembro de 1933 regresa no barco "Cristóbal Colón" a España xunto coa súa familia, os seus pais e os seus irmáns máis novos nacidos en México. Marcha cara o exilio mexicano vía Lisboa no barco "Serpa Pinto" xunto coa súa nai e irmáns para escapar dos deberes militares que daquela o reclaman na Sección de Reclutas do concello da Coruña. Alberto queda na cidade de México onde comenza a traballar.

Refª.Bibliográficas: ALONSO, Syra (2000)

Refª.Fotográficas: ALONSO, Syra (2000)

569 FERNÁNDEZ ALONSO, Juan Ramón

Barco

Países: Portugal / México

SERPA PINTO

Biografía

(México, ? - México, 2000) Fillo do pintor Francisco Miguel Fernández Díaz e Syra María Alonso Brufau. En novembro de 1933 regresa a España xunto con seus pais e irmáns. Logo da morte do seu pai, a nai decide marchar cos fillos cara ó exilio mexicano vía Lisboa no barco "Serpa Pinto", en 1942. Unha vez en México diríxese coa súa nai a Actopán.

Refª.Bibliográficas: ALONSO, Syra (2000)

Refª.Fotográficas: ALONSO, Syra (2000)

570 FERNÁNDEZ ALONSO, Sandro

Barco

Países: Portugal / México

SERPA PINTO

Biografía

(México,1928) Fillo do pintor Francisco Miguel Fernández Díaz e de Syra Alonso Brufau. En 1933 embarca cara a España no barco "Cristóbal Colón" xunto coa súa familia. Logo da morte do seu pai en 1936, a súa nai decide que o mellor era regresar a México. Así en 1942 embarcan no "Serpa Pinto" dende Lisboa. Sandro decidiu quedar na cidade de México xunto co seu irmán maior Francisco Alberto. Alí foi acollido por unha familia de diplomáticos.

Refª.Bibliográficas: ALONSO, Syra (2000)

Refª.Fotográficas: ALONSO, Syra (2000)

571 FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, Abelardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Monterroso, Lugo, ?) Ós 17 anos emigrou a Madrid onde traballou como carniceiro. Alí foi fundador da Biblioteca Cultural Progresiva e militou na Asociación de Dependentes da UGT. Tamén formou parte da Cooperativa de Distribución. O alzamento militar sorpréndeo en Nava del Marqués e chega a ser representante da "Consejería de Abastecimientos da Junta da Defensa" de Madrid. Posterioremente, en xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Sindicalista / Carniceiro

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.
Nueva Galicia, 5, (13/06/1937), 3.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

572 FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, Abelardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Bande, Ourense, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

573 FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Posteriormente estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

574 FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Logo estivo en Francia, refuxiado no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

575 FERNÁNDEZ ANANÍN, Jorge

Barco

CABO SAN AGUSTÍN

Países: Francia / Campos de Refuxio / Unión Soviética

Biografía

(Pinto, Carballiño, Ourense, 13/06/1917 - Carballiño, Ourense, 2000) Foi combatente no exército republicano como artilleiro na armada. No ano 1936 estaba en Cartaxena cumplindo o servicio militar. Loitou durante tres anos na Guerra Civil. Rematada a guerra saiu de España para Francia e rematou nun campo de refuxio do que puido sair gracias a axuda dos comunistras soviéticos, sendo trasladado a bordo do barco “Cabo San Agustín” á Unión Soviética. Pasou uns meses en Moscova e logo instalouse en Leningrado no ano 1941. Loitou na Segunda Guerra Mundial e unha vez rematada voltou a Leningrado, onde casou cunha muller rusa e tivo dous fillos. Traballou de electricista e obreiro. Xubilouse con 60 anos e ó pouco tempo morre a súa muller. Chegou a ser propietario dunha casa na actual San Petersburgo, próxima á vivenda dos seus filllos e netos. Nos últimos anos decidiu trasladarse ó Carballiño onde faleceu. Pertenceu ó PCE dende 1936 e ata 1970.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións no exilio Obreiro / Electricista

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

576 FERNÁNDEZ ANDRADE, Eduardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

577 FERNÁNDEZ ARMESTO, Nina

Países: México

Biografía

(Ourense, ?) Filla do farmaceútico Fermín Fernández e de Ricarda G. Armesto. Tiña tres irmáns Felipe, Fermín e Ricardo. No ano 1919 trasládase coa súa familia a Vigo onde o seu pai abre unha farmacia. Coa Guerra Civil a familia queda dividida. Fermín e Ricardo loitan no exército republicano. O último foi fusilado en Paterna (Valencia) a finais de 1939. Nese tempo Felipe vai a Barcelona a traballar como xornalista de "La Vanguardia" ata comezos da Segunda Guerra Mundial. Neses anos Nina traballaba tamén como farmaceútica no Ministerio de Sanidade ata que tivo que sair co seu home, José Barón, para o exilio mexicano. Alí permanecerían ata comezos dos anos cincuenta.

Farmacéutica

Refª.Bibliográficas: Augusto Assía. Artículos (2000:11-15)

578 FERNÁNDEZ AVILLEIRA, Carlos

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - Francia, ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936 e que un tempo despois pasa a formar parte do Vº Rexemento de Milicias Populares, e logo intégrase como 4º Batallón da 1ª Brigada Mixta no Exército Popular. Fernández Avilleiroa estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia onde morreu.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

579 FERNÁNDEZ BAÑA, Eduardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pasafita, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

580 FERNÁNDEZ BLHER, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cervantes, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

581 FERNÁNDEZ BORRAJO, Lisardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos sarxentos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

582 FERNÁNDEZ BOUZAS, Antonio

Países: México

Biografía

(Ourense, ?) Fillo do médico Antonio Fernández Carnicero e da mestra María Bouzas. Coa súa nai e o seu irmán Roberto reúnese no exilio mexicano co pai.

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:9)
SOTO, Luís (1983:22)

583 FERNÁNDEZ BOUZAS, Roberto

Países: México

Biografía

(Ourense, ?) Fillo do médico Antonio Fernández Carnicero e da mestra María Bouzas. Coa súa nai e o seu irmán Antonio reúnese no exilio mexicano co pai.

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:9)
SOTO, Luís (1983:22)

584 FERNÁNDEZ CAMPOS, Dolores

Países: Francia

Biografía

(Freixido, Petín, Ourense, ?) É a muller de Bienvenido Piñeiro. Estivo exiliada en Béziers onde acolleu a Roberto López, o Pajarito, e á súa muller cando chegaron a Francia en 1952.

Refª.Bibliográficas: TÉLLEZ, Antonio (2000)

585 FERNÁNDEZ CANCIO, Constantino

Países: Estados Unidos

Biografía

(Ribadeo, Lugo, ?) Era propietario dun cine en Ribadeo. Coa Guerra Civil foxe cara a Nova York onde foi secretario da Casa de Galicia. Este tiña un curmán, licenciado en Química pola Universidade de Santiago, que tamén chegou a Nova York fuxindo de Galicia a través de Portugal.

Profesións: Empresario

Refª.Bibliográficas: GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio e RICÓN VIRULEG, Amado (2000:59)

586 FERNÁNDEZ CARNEIRO, Albino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Chandrexa de Queixa, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

587 FERNÁNDEZ CARNICERO, Antonio

Países: Portugal / Francia / Campos de Refuxio / Arxentina / México

Biografía

(Ourense, ?) Médico pediatra. Exerce como médico nunha compañía ferroviaria. Era militante do P.C.E. en Ourense durante a República. Participou na elaboración do xornal comunista ourensán "El Soviet" e colaborou na "Escuela de Trabajo" de la Asociación de Trabajadores de la Enseñanza (ATEO) que dirixía Luís Soto. Como consecuencia dos sucesos de outubro de 1934 é encarcerado. En 1936 consegue pasar a Portugal e logo a Francia onde permanece nun campo de refuxio. Logo vai a Bos Aires e dende alí a México. Neste último destino conseguiu reunirse coa súa muller, Maruxa Bouzas Pérez, e os seus fillos Antonio e Roberto. Unha vez instalados e xunto con Luís Soto, crea a "Comisión Gallega de Ayuda a la Junta Suprema de Unión Nacional"en 1944 integrada na F.O.A.R.E. Retorna a España trala morte de Franco.

Organizacións ás que pertenceu:

COMISIÓN GALLEGA DE AYUDA A LA JUNTA SUPREMA DE UNIÓN NACIONAL
PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Médico

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:9)
SOTO, Luís (1983:22)
SIMÓN, David (2000):
VALCÁRCEL LÓPEZ, Marcos (1992)
Información proporcionada por Víctor Santidrián Arias.
ÁLVAREZ, Santiago (1985, I:200)
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

588 FERNÁNDEZ CARRAL, Teófilo

Países: Portugal

Biografía

(Barbadáns, Ribadavia, Ourense, ?) Formaba parte dun Comité Provincial de militantes comunistas onde tiña a función de entablar relacións cos grupos de fuxidos da provincia de Ourense. Escapou cara a Portugal onde pouco tempo despois foi detido polas autoridades locais que o entregaron a España onde pasou un tempo no cárcere. Despois quedou en liberdade.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Refª.Bibliográficas: MARTÍNEZ, José Luis (1999:90-91)

589 FERNÁNDEZ CASTRO, Gumersindo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo no campo de refuxio francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

590 FERNÁNDEZ CASTRO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante o transcurso da Guerra Civil. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

591 FERNÁNDEZ CELIA, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Texaqueira, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds, Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

592 FERNÁNDEZ CENDÓN, Laureano

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - Francia, ?) Sarxento do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia. Morreu neste país.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132 e 140)

593 FERNÁNDEZ CID, Eliberto

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Augas Santas, Palas de Rei, Lugo, ? - Dachau, 8/11/1941) Foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen e posteriormente ó campo de concentración de Dachau onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:114)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen e Dachau.

594 FERNÁNDEZ COLMEIRO, José Mª

Países: Francia / Marrocos

Biografía

(Silleda, Pontevedra, 1898-París, 1959) Emigra a Montevideo en 1912 onde traballa de farmacéutico e gradúase en Medicina. En América é o representante da "Liga contra el fascismo, el nacionalsocialismo y las persecuciones raciales". Pouco antes de comeza-la Guerra Civil retornou a España, enrolándose como médico no exército da República. Alí colaborou na fuxida de republicanos dende Marrocos. En 1938 traballa na "Fundación Curie" de París da que chega a ser director. Tamén dirixiu o Instituto de Canceroloxía e estaba laureado co "Premio Chevillorget da Academia Nacional" de París e o título de "científico extranxeiro insigne". Voltou a visitar Uruguai e Arxentina en misión cultural. Presidiu moitos congresos científicos en diversas partes do mundo. Morre en 1959 cando estaba á fronte do Servicio de Roetxeonterapia da "Fundación Curie".

Profesións: Médico / Farmacéutico

Profesións no exilio Médico / Investigador

Refª.Bibliográficas: VILANOVA RODRÍGUEZ, A. (1990)
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000, II:993)
Galicia, XXXVIII:1303, (30/06/1959), 3.
ABELLÁN, José Luis (1976, I:110)

Refª.Fotográficas: Galicia, XXXVIII:1303, (30/06/1959), 3.

595 FERNÁNDEZ CORTIÑAS, Manuel

Países: Unión Soviética

Biografía

(Lugo, 1905 - Dnepropetrovsk, 22/06/1978) Campesiño que pertenceu ó PCE dende 1928. Estivo encarcelado en 1931, 1933 e 1934 e, posteriormente foi condenado a morte en 1935. Durante a Guerra Civil foi comandante e tentente coronel en Madrid chegando a recibir varias condecoracións: ó valor, ó sufrimiento pola patria e ó deber. Na URSS estudiou en Kusnarienko. Foi obreiro en Crimea e Dniepropetrovisk. Estivo casado con Carmen Gómez e morreu en Dnepropetrovsk.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Militar / Labrego

Profesións no exilio Obreiro

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

596 FERNÁNDEZ CURMADA, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(O Grove, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

597 FERNÁNDEZ DAPENA, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

598 FERNÁNDEZ DEL CAMPO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Melón, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

599 FERNÁNDEZ DÍAZ, Mariano

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Estivo refuxiado en Barcarés, Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

600 FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ, Julio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ourense, ?) Durante a Guerra Civil foi membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Tamén estivo no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados.

601 FERNÁNDEZ DOPAZO, Amadeo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

602 FERNÁNDEZ FEIJÓO, Victorio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

603 FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Benigno

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pobra de Trives, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

604 FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Meira, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

605 FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Castromil, A Mezquita, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

606 FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Lugo, ? - Mauthausen, 29/12/1941) Foi trasladado ó comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

607 FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Palmeira, Ribeira, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

608 FERNÁNDEZ FERRÍN

Países: Portugal

Biografía

(? -?) Exiliado galego que tivo que fuxir por Portugal cara a América.

Refª.Bibliográficas: FERNANDES DO ESPÍRITU SANTO, Domingos (1994:71-79)

609 FERNÁNDEZ FERRO, Amadeo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) Criouse no seo dunha familia obreira numerosa. Era anarco-sindicalista e activo militante da CNT e da FAI. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO
FAI FEDERACIÓN ANARQUISTA IBÉRICA

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
LONGO FORMOSO, Miguel (1999:421-437)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

610 FERNÁNDEZ FERRO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado en Francia no campo de Vernet d´Ariège (barraca 43) e tamén no de Baracarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134 e 142)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados. Pode ser irmán de Amadeo ou de Serafín Fernández Ferro.

611 FERNÁNDEZ FERRO, Serafín

Barco
IPANEMA

Países: Francia / Campos de Refuxio / México

Biografía

(Sada, A Coruña, 1912 - México, 1958) Naceu na barriada de Monelos, daquela municipio de Oza. Criouse no seo dunha familia obreira numerosa proclive ó anarquismo. Tras finaliza-los estudios primarios desprazouse a Madrid, onde vivían dous irmáns seus, activos militantes da CNT e da FAI. En Madrid traballou de vendedor de pólizas de seguro e tamén de libros, facía publicidade, e pesquisas hemerográficas. Era un fervoroso lector de Rosalía de Castro, Curros e Pondal, con marcada ideoloxía nacionalista federal e que escribía só en galego. No ano 1931 coñeceu a Lorca no café "El Universal", frecuentado por poetas e escritores que residían en Madrid. Entre Ferro e Cernuda estableceuse unha íntima e profunda relación amorosa que durou ó redor de dous anos. En Madrid traballou tamén de linotipista na imprenta de Manuel Altolaguirre e Concha Méndez. Nese tempo decide vivir en parella cunha moza luguesa chamada Catuxa. Coñeceu tamén ó ferrolán Ernesto Pérez Guerra (Guerra da Cal) e a Eduardo Blanco Amor. No ano 1934 frecuenta ambientes teatrais e no ano seguinte regresa á Coruña onde inicia unha fase creadora. Relaciónase co ourensán Álvaro de las Casas e en xullo de 1934 publica en "Nós" o seu poema "Noite". Neses momentos achégase ós intelectuais galeguistas e o seu gusto polo teatro refléxase na dirección do grupo "Keltya". Ó comezo da Guerra Civil residía na Coruña e ante a eventualidade de ser chamado a filas, apuntouse voluntariamente na Lexión para pasar logo ó lado republicano en Madrid, loitando nas frontes de Madrid, Toledo, Guadalaxara e Aragón e polos montes de Asturias. Despois de ser ferido nun bombardeo e da súa recuperación, ingresa no corpo de Carabineiros. Nos anos 1937 e 38 colaborou en "Nova Galiza" de Barcelona onde publica o romance "Nouturno de Lembranza". Son anos nos que tamén participou como actor de reparto xunto con Andrés Mejuto no filme "Sierra de Teruel" escrita e dirixida por André Malraux. Cando os nacionais ocupan Barcelona, Ferro ten que marchar ó exilio. En agosto de 1939 atopábase nun campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia. Unha vez liberado viaxa no barco Ipanema cara México a onde chega 13 de xullo de 1939. Morreu en México ó lado da súa compañeira Lupe.

Profesións: Actor / Poeta / Axente de seguros / Carabineiro

Profesións no exilio Poeta

Obra no exilio: "O que non se esquence", Nova Galiza. Boletín Quincenal dos Escritores Galegos Antifeixistas, 13 (20/12/1937), 7 (Edición Facsímil de Ediciós do Castro)
"Nouturnio de Lembranza", Nova Galiza. Boletín Quincenal dos Escritores Galegos Antifeixistas, 18 (xuño-xullo 1938), 7 (Edición Facsímil de Ediciós do Castro)

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:232)
LONGO FORMOSO, Miguel (1999:421-431)
"Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
ALONSO MONTERO, X.: "García Lorca e Serafín Ferro", La Voz de Galicia, (17/07/1998)
FERNÁNDEZ, Carlos (2001:17)

Refª.Fotográficas: RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:232)

Comentarios: Gibson, en Longo Formoso (1999) faino ferrolán. Pode ser irmán de Amadeo e José Fernández Ferro.

612 FERNÁNDEZ GARCÍA, Heliodoro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

613 FERNÁNDEZ GARCÍA, Manuel

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Mugardos, A Coruña, ? - Mauthausen, 24/12/1941) Foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen e morre no comando Gusen.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:111)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

614 FERNÁNDEZ GÓMEZ, Andrés

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Palmeira, Ribeira, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

615 FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, Arturo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrou o Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

616 FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, Laureano

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cumear, Ponteareas, Pontevedra, ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Refuxiado en Francia no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Gallegos en los campos de concentración franceses, que piden ayuda a sus hermanos de América", Galicia, XVII:619, (22/04/1939), 3.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131 e 144)

617 FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, Valentín

Países: Francia / Campos de Refuxio / Unión Soviética

Biografía

(Lugo, 1912) Albanel que ingresa no PCE en 1936. Durante a guerra foi comandante na Brigada 100 da XIª división e formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Estivo refuxiado no campo de refuxio francés de Barcarès. Posteriormente foi á Unión Soviética onde traballou en Mitischi, Kokand, e foi torneiro na fábrica Krasni Proletari de Moscova. Foi voluntario do Exército Vermello soviético. Casou con Josefina Álvarez.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS
PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Albanel

Profesións no exilio Obreiro

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

618 FERNÁNDEZ GRANDAL, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(O Seixo, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

619 FERNÁNDEZ GRANELL, Eugenio

Barco
SALLE, DE LA

Países: Estados Unidos / Guatemala / República Dominicana / Porto Rico / Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, 28/11/1912) Estudia bacharelato e música en Santiago e Madrid. Nesta última cidade, ingresou en 1928 na Escola Superior de Música do Real Conservatorio, sendo alumno de violín de Antonio Fernández Bordás. Políticamente tende cara o troskismo e en 1932 ingresa na Izquierda Comunista. Frecuenta a tertulia de Eduardo Dieste no café Granja de El Henar xunto con Arturo Soria. Durante a Guerra Civil participa nas milicias do POUM, dirixe o seu periódico, "El combatiente rojo" e colabora nas revistas "Hora de España", "La Nueva Era" e no diario "La Batalla". Na primavera de 1937 ten que refuxiarse en Barcelona na casa de Rafael Dieste. Finalmente, no ano 1939 sae para Francia, trala caída do exército republicano, no que participara. En agosto de 1939 atópase no campo de refuxiados de Barcarés en Francia. Posteriormente embarca dende o porto de Le Havre rumbo a Chile, aínda que o destino final foi a República Dominicana. Nesta viaxe coñece á súa futura esposa, Amparo Segarra. Despois irá tamén a Guatemala, Porto Rico e Estados Unidos. Na República Dominicana seguiu adicándose a actividade musical como profesor de violín, tamén deseña mobles e entra na redacción do diario "La Nación". Neste país nace a súa filla Natalia e toma contacto con André Breton, André Masson e Pierre Mabille. Tamén foi periodista en Guatemala e en Porto Rico, lugar a onde chega en 1950 sendo nomeado catedrático de Historia da Arte e da Pintura na Universidade de Río Piedras. Ó mesmo tempo participa en diversas exposicións colectivas e individuais, como a de 1954 en París e a de Filadelfia en 1957. Ese ano é ademais o da publicación de "La novela del indio Tupinamba", recreación surrealista da Guerra Civil. En 1959 instálase nos Estados Unidos, onde se doutora en Socioloxía e Antropoloxía na New School for Social Research de Nova York coa tese "Picasso's Guernica: The End of a Spanish Era". Ademais de ser profesor en varias universidades americanas, dende 1960 é catedrático de Literatura Española no Brooklyn College de Nova York. Dende ese momento colabora activamente co grupo "Phases", liderado por Eduard Jagger, co que expón en varias ocasións. En 1961 participa na Mostra Internacional de Surrealismo, da Galería Schwartz, organizada por Andrè Breton, José Pierre e Arturo Schwartz. Publica algúns libros como a novela "Lo que sucedió" sobre a familia Naveira, "Federica no era tonta y otros cuentos", ou "El Clavo". Recibiu premios como o da Comunidade de Madrid á Creación Plástica e o "Premio Pablo Iglesias de las Artes". Tamén colaborou no xornal de Nova York, "España Libre". En 1969 fai a primeira viaxe a España e actualmente reside en Madrid, cidade á que retornou na segunda metade dos anos oitenta. No ano 1995 inaugúrase a Fundación E. Granell en Santiago de Compostela.

Organizacións ás que pertenceu:

ICE IZQUIERDA COMUNISTA DE ESPAÑA
POUM PARTIDO OBRERO DE UNIFICACIÓN MARXISTA

Profesións: Escritor / Pintor / Músico

Profesións no exilio Escritor / Pintor / Músico

Obra no exilio:
"Lo que sucedió"
"El clavo"
"La novela del indio Tupinamba" (1996) Sada: Ediciós do Castro (edición facsímil)
"Federica no era tonta y otros cuentos" (1993) Santiago/Madrid: Consorcio Santiago/Fugaz

Refª.Bibliográficas:
GONZÁLEZ LAMELA, Mª del Pilar (1997:175-201)
GRANELL EN PORTO RICO (1950-1957)
Exposición FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL (6 de novembro 1997/20 de febreiro 1998, Pazo de Bendaña)
NEIRA CRUZ, Xosé Antonio (1999:36-42)
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b, II:993)
"Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:309-311)
NEIRA CRUZ, Xosé Antonio (1999:36-42)

Refª.Fotográficas: Fondo Fotográfico do AEG, nº rexistro 1395.

620 FERNÁNDEZ GRANELL, Julio

Países: Venezuela

Biografía

(A Coruña, ?) Irmán de Eugenio e Mario Fernández Granell que se exiliou en Venezuela. Actualmente vive en Madrid.

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Natalia Fernández.

621 FERNÁNDEZ GRANELL, Mario

Países: Venezuela

Biografía

(A Coruña, 11/09/1912 - Vigo, 28/04/1991) A súa infancia transcorre entre A Coruña e Santiago de Compostela. Nesta última cidade realiza os primeiros estudios da man de Juan Jesús González. Posteriormente inicia estudios de pintura xunto a Camilo Díaz Baliño. En 1927 funda a revista S.I.R. (Sociedade Infantil Revolucionaria) onde el mesmo se encarga de realizar os debuxos e o seu irmán Eugenio fai os primeiros artigos literarios. Nesta revista colaboran ademais Luís Seoane, Feliciano Roldán, Carlos Maside, Luís Manteiga e Arturo Cuadrado, entre outros. En 1928 e con só 14 anos realiza as suas dúas primeiras exposicións individuais en Santiago de Compostela e Pontevedra. En 1931 trasládase a Madrid coa súa familia e incorpórase ó grupo "Avance" (Sociedade de Movemento Xuvenil onde se realizaba teatro, exposicións e a revista que leva o nome do grupo). Asiste a clases de pintura dictadas na Universidade Popular por Federico Ribas, Peinador, Alonso, etc. Pariticipa en varias mostras colectivas e en 1932 comeza a traballar nas oficinas do Mercado Central, como secretario xeral do Sindicato de Maioristas da Alimentación da U.G.T. Asiste a reunións político-esquerdistas e continúa expoñendo en Madrid, Toledo e Barcelona. En 1933, asiste ás tertulias de Eduardo e Rafael Dieste na Granxa de El Henar, tamén frecuenta as tertulias en Negresco e La Polar. En 1934, expón en Santiago, Vilagarcía e Pontevedra. En 1935 participa na revista "Comunismo" publicada por "A Oposición de Esquerdas". Ingresa no POUM e colabora co seu xornal. O estalido da guerra colle a Mario Granell na Coruña a piques de comezar as vacacións. Non pode voltar a Madrid xunto coa súa familia e participa na defensa a favor da República. Pasou unha tempada no monte con outros compañeiros sendo buscado e perseguido. Refuxiouse na casa de Rosa Ustarroz Serrate. En febreiro de 1937 foi capturado na praia de Bens, véndose frustrada unha viaxe que trataba de realizar con outros homes para escapar a Francia, grupo que foi coñecido posteriormente como "Os da lancha do monte de San Pedro". Foi sometido a duros interrogatorios e xulgado por un Consello de Guerra que o condenou a morte. Foille conmutada a pena por 30 anos de cadea. Pasou varios anos na cadea da Coruña co nome suposto de José María. Durante a súa estancia escribiu e ilustrou libros infantís, realizou outros traballos artísticos e impartiu clases de dibuxo e pintura. En outubro de 1943 queda libre. Realiza varios murais na Coruña para o novo Cuartel da Sanidade e decora a sala de festas "Miramar", entre outros traballos. Trasládase a Pontevedra para realiza-la decoración do Hotel da Toxa. Durante anos expón, por toda Galicia e España. Casa con Oliva Montero Ustarroz e teñen dúas fillas, Oliva María e Rosa María. En 1957 trasládase a Venezuela para residir en Caracas. Exerce como dibuxante publicitario obtendo varios premios. En 1962 volve a España e vai vivir a Carabobo, en Valencia. En 1966 as empresas Mendoza solicítano para que dirixa o departamento de publicidade, pero ó mesmo tempo segue a expoñer as súas obras con marcado éxito. Segue a realizar diversos traballos de decoración de distintos locais e carteis anunciadores de diversos eventos. Colaborou en varios xornais e revistas en Venezuela e Costa Rica. Nos anos 1970 e 1971 viaxa a Colombia, Nova York, España, Portugal, Francia e Londres. En 1972 volta a expoñer en Venezuela. En 1973 regresa a Galicia onde realiza varias exposicións. En 1975 expón en Bos Aires e Bogotá. En 1987 recibiu o "Premio Santiago" das Artes. Continuou realizando diversas exposicións por toda a xeografía española. Morreu en Vigo no ano 1991.

Organizacións ás que pertenceu:

POUM PARTIDO OBRERO DE UNIFICACIÓN MARXISTA

Profesións: Escritor / Pintor

Profesións no exilio Escritor / Pintor

Obra no exilio: "Estampas Amargas - Vivencias de una Guerra Civil"
"Canción de Angustia"
"Cajón minutero"
"Vientos de torería"

Refª.Bibliográficas: Mario Granell (1914-1991). Catálogo exposición (1997)

Refª.Fotográficas: Catálogo Exposición (1997:17, 27, 29, 34, 36-38 e 41-43)

622 FERNÁNDEZ GUTIÉRREZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ? - Mauthausen, 04/11/1941) Foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen e morreu no comando de Gusen.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

623 FERNÁNDEZ LAGAR, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Betanzos, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

624 FERNÁNDEZ LAMAS, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formara parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Estivo no campo de refuxio francés de Vernet d´Ariège (barraca 44) e no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133 e 142)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

625 FERNÁNDEZ LÓPEZ, Ángel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

626 FERNÁNDEZ LÓPEZ, José

Países: Francia

Biografía

(Narón, A Coruña, 1905) Carabineiro da República que trala caída de Cataluña diríxese a Francia. Retorna unha vez rematada a Segunda Guerra Mundial.

Profesións: Carabineiro

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Marcelino Fernández Santiago.

627 FERNÁNDEZ LÓPEZ, María Elvira (Maruja)

Países: Arxentina

Biografía

(? - ?) Filla de Teresa López Mosquera, tía Luís Seoane. Ingresou no Partido Galeguista o 13 de xullo de 1935. Casou con Luís Seoane por poderes e finalmente tivo que exiliarse á Arxentina con el. Embarcou cara a Bos Aires o 1 de marzo de 1937 e voltou por primeira vez a Galicia en 1963. No ano 1966 viaxa con Seoane a México para atoparse con galeguistas. Regresa definitivamente a Galicia en 1979. Actualmente vive na Coruña.

Organizacións ás que pertenceu:

PG PARTIDO GALEGUISTA

Refª.Bibliográficas: AXEITOS, Xosé Luis (1999:269)
CID CABIDO, Xosé (1994)
"Revista das letras 352" suplemento de "O Correo Galego", (08/02/2001), 5.

Refª.Fotográficas: AXEITOS, Xosé Luís (1995b), CID CABIDO, Xosé (1994)

628 FERNÁNDEZ LÓPEZ, Pedro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Fonsagrada, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

629 FERNÁNDEZ LORENZO, Tiberio

Países: Campos de Concentración Nazis / Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Corzos, A Veiga, Ourense, ? - Mauthausen, 11/12/1941) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia. Logo foi trasladado ó comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)
"Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar ó campo de refuxiados e posteriormente ó cam de concentración de Mauthausen onde morreu.

630 FERNÁNDEZ MÁRQUEZ, J.

Países: México

Biografía

(? - ?) Practicante exiliado en México. Alí frecuentou os ambientes socialistas do exilio en México.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Practicante

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:183)

631 FERNÁNDEZ MÁRQUEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio / México

Biografía

(Lugo, ?) Médico galego que estivo refuxiado en Francia nun campo de refuxio. Posteriormente foi para México onde tivo relación cos ambientes socialistas do exilio.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Médico

Refª.Bibliográficas: "Gallegos en los campos de concentración franceses, que piden ayuda a sus hermanos de América", Galicia, XVII:619, (22/04/1939), 3.
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:183)

Comentarios: Probablemente sexa o irmán de J. Fernández Márquez, practicante exiliado en México.

632 FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, Eladio

Países: Francia

Biografía

(A Mezquita, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase en París.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: A lista da que se extrae a información non indica que estivese nalgún campo de refuxio ou concentración.

633 FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, Higinio

Países: Francia

Biografía

(A Mezquita, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase en París.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: A lista de refuxiados da que extraemos a información non indica que estivese nalgún campo de refuxiados ou concentración.

634 FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, Julio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Larouco, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

635 FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, Severino

Países: Francia

Biografía

(A Mezquita, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase en París.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: A lista de refuxiados da que extraemos a información non indica que estivese nalgún campo de refuxiados ou concentración.

636 FERNÁNDEZ MATO, Ramón

Países: Cuba / Arxentina / Venezuela / República Dominicana

Biografía

(Crespón, Boiro, A Coruña, 13/03/1889 - ?) Estudiou a carreira de Medicina en Santiago de Compostela, anos nos que con Castelao editou a revista "Galicia Moza" e da que só saen dous números. Comezou a súa actividade política en "Acción Gallega" con Basilio Álvarez e máis tarde vincúlase a Casares Quiroga e Portela Valladares. Fora Director Xeral de Seguridade con Portela Valladares e Gobernador Civil de varias provincias (Ciudad Real, Málaga, Xaén e Cáceres). Deputado polo Partido do Centro, de Portela Valladares, por Lugo en 1936. Foi redactor de "El Liberal", colabora en "Blanco y Negro"e foi director de "El Pueblo Gallego". Perseguido polo bando nacional e tamén polo republicano exíliase en Cuba. En 1941 trasládase á Arxentina e dous anos despois vai a Venezuela e Santo Domingo. Na República Dominicana é onde se dedicou ó xornalismo afastándose das angueiras políticas do exilio. Foi director de "La Nación" e asiste a varias sesións das Cortes da República no exilio. Parece ser que no ano 1944 atopábase en México.

Organizacións ás que pertenceu:

ACCIÓN GALLEGA
IRMANDADES DA FALA
ORGA ORGANIZACIÓN REPUBLICANA GALLEGA AUTÓNOMA
Pce PARTIDO DEL CENTRO (PORTELISTAS)

Profesións: Médico / Político / Xornalista / Director Xeral

Profesións no exilio Xornalista

Obra no exilio: "La galleguita"(1914), en colaboración con LENCE, José R. (zarzuela), Bos Aires: La Aurora
"Heróica cobardía" (novela)
"La novela del delantero centro"
"Muros de oro" (Comedia en tres actos) (1917) Barcelona: La Polígrafa
"Galicia como emoción y realidad" (1964) Francisco Salazar D.L.

Refª.Bibliográficas: FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b, II:993)
BOROBÓ (2000b:35)
FRAGA RODRÍGUEZ, Xan (1994:42)
"Lo que han hecho el franquismo con las verdaderas Cortes", España Republicana, XXV:651, 8

Refª.Fotográficas: No Fondo Fotográfioco do AEG, CD-ROM I (Carpeta: Federación de Sociedades Galegas II, nº 49, 57?)

637 FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

638 FERNÁNDEZ MEZQUITA, Alberto

Países: Portugal

Biografía

(?-?) Líder sindicalista galego, militante da Izquierda Comunista e de tendencia troskista. O estalido da Guerra Civil sorpréndeo en Galicia de onde marcha cara a Portugal coa que daquela era a súa moza, Maruxa Mallo, aínda que é deportado novamente a España. Estivo en diferentes campos de concentración e non se soubo máis del. Foi un dos protagonistas dunha novela de Carlos Gurméndez.

Organizacións ás que pertenceu:

ICE IZQUIERDA COMUNISTA DE ESPAÑA

POUM PARTIDO OBRERO DE UNIFICACIÓN MARXISTA

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: VIDAL, Carme (1999:61)
VELASCO SOUTO, Carlos F. (2000:61)
BOROBÓ (2001b:35)

639 FERNÁNDEZ MONTEAGUDO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Carril, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

640 FERNÁNDEZ MOREIRA, Ezequiel

Países: Unión Soviética

Biografía

(Lugo, 1909 - Moscova, 1970) Foi xastre e camareiro. Foi mariñeiro do barco “Cabo San Agustín”. Na Unión Soviética traballou en Portov, e Alma-Ata. Foi voluntario do Exército Vermello soviético. Traballou como obreiro dunha fábrica en Moscova. Ingresou no PCE en 1965. Casou con Obdulia Imbert e morreu en Moscova.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Mariñeiro / Xastre / Camareiro

Profesións no exilio Obreiro

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

641 FERNÁNDEZ MUÑÍZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Palmeira, Ribeira, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

642 FERNÁNDEZ OROZCO, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo despois no campo de refuxio francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

643 FERNÁNDEZ OROZCO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxiados de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

Comentarios: Probablemente sexa irmán de Jesús Fernández Orozco.

644 FERNÁNDEZ PADÍN, Pedro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 6 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

645 FERNÁNDEZ PARADA, Manuel

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Ribeira, Touro, A Coruña, ?- Mauthausen, 13/05/1942) Foi trasladado ó comando de Gusen no campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:111)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

646 FERNÁNDEZ PARDO, Aquilino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Navia de Suarna, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

647 FERNÁNDEZ PASTORIZA, José

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Bueu, Pontevedra, 16/06/1912 - Mauthausen, 20/09/1941) Foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen e posteriormente ó comando Gusen 2 onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)
"Los crímenes del nazifascismo", Cultura Proletaria, XVII:901, (11/08//1945), 3.

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen. En "Los crímenes del nazifascism Cultura Proletaria, Nueva York, XVII:901, (11/08/1945), 3 aparece como FERRADAS PASTORIZA, José, aínda que pode ser outro.

648 FERNÁNDEZ PELEGRÍN, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

649 FERNÁNDEZ PÉREZ, Antonio

Países: Arxentina

Biografía

(Río de Xaneiro, 1909) Criado en Verín, Ourense, fuxiu a Mendoza (Arxentina) tralo alzamento de 1936. Co pseudónimo "F. de Rabal" obtivo premios literarios como o da Asociación Interamericana de Escritores coa novela "Don Rosendo de Amarán". Ademais en 1946, a municipalidade de Mendoza concedeulle un premio por "Hojas al viento" e ó ano seguinte o Ateneo mendocino premioulle "Hojas líricas". Tamén foi coñecido como "Fernamper".

Profesións: Escritor / Mestre

Profesións no exilio Escritor

Obra no exilio: "Don Rosendo de Amarán" (1948)
"Hojas líricas"
"Hojas al viento"
"Don Gabino"
"Terra coutada", Vigo: Galaxia, 1990.
"Crónica de onte e de hoxe" Vigo: Galaxia, 1994.

Refª.Bibliográficas: VILANOVA RODRÍGUEZ, A. (1966, II:1366)
GEG
MACEIRA FERNÁNDEZ, Xosé M. (1995)
VILAVEDRA, Dolores (coord.) (1995:104:108)

650 FERNÁNDEZ PÉREZ, Federico

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Peñalopensa, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

651 FERNÁNDEZ PÉREZ, José

Países: Campos de Concentración Nazis / Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Estremar, Ourense, ? - Mauthausen, 26/02/1942) En agosto de 1939 atópase no campo de refuxiados de Vernet d´Arieges en Francia. Posteriormente foi trasladado ó comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.
VÁZQUEZ, Lois (1982:112)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados e ó de concentración.

652 FERNÁNDEZ POL, Balbino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Fontes, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

653 FERNÁNDEZ PRIDA, Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Villarino, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

654 FERNÁNDEZ PRIETO, Emilio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ortigueira, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

655 FERNÁNDEZ PRIETO, Emilio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Oleiros, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

656 FERNÁNDEZ RABADA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

657 FERNÁNDEZ REGUEIRO, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrante do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

Comentarios: Pode ser irmán de Saturnino Fernández Regueiro.

658 FERNÁNDEZ REGUEIRO, Saturnino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Triacastela, Lugo, ?) Formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Gallegos en los campos de concentración franceses, que piden ayuda a sus hermanos de América", Galicia, XVII:619, (22/04/1939), 3.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

659 FERNÁNDEZ RODA, Ginés

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cangas, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

660 FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936 e que un tempo despois pasa a formar parte do Vº Rexemento de Milicias Populares, e logo intégrase como 4º Batallón da 1ª Brigada Mixta no Exército Popular. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

661 FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Jesús

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Cotaróns, Póboa de Trives, Ourense, ?- Mauthausen, 7/11/1941) Foi traslasdado ó comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

662 FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Estrada, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

663 FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Avión, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

664 FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Odilio "O Blas"

Países: Francia

Biografía

(Correxais, Vilamartín de Valdeorras, Ourense, ?) Labrego e fillo de labregos de Correxais. Tras ver como os falanxistas asasinaban a doce campesiños no seu pobo foxe ó monte. Participa na partida de Mario de Langullo e en 1952 vai a Francia co "Pajarito". Casou con Gloria Blanco Blanco, filla da muller do "Pajarito". Odilio e a súa muller van a Morre en Doubs, e logo a París. En 1953 o goberno español cursa unha orde de extradición contra el e o "Pajarito".

Profesións: Labrego

Refª.Bibliográficas: TÉLLEZ, Antonio (2000:53-54)

665 FERNÁNDEZ ROMERO, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

666 FERNÁNDEZ ROMERO, Justo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

Comentarios: Pode ser irmán de Juan Fernández Romero.

667 FERNÁNDEZ SANCHO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vilachambre, Baralla, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

668 FERNÁNDEZ SANTÍN, José

Países: Francia / Campos de Refuxio / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(San Miguel, Lugo, ?- Mauthausen, 20/12/1941) En xullo atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds, Tarne et Garonne en Francia. Posteriormente foi conducido ó comando de Mauthausen chamado Gusen onde morre.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)
"Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados e o posterior traslado ó campo de concentración de Mauthausen o morreu.

669 FERNÁNDEZ SEARA, Nicasio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Viveiro, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados Argelès sur Mer 6 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

670 FERNÁNDEZ SEIJOS, Ramón

Países: Arxentina / Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Noia, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atópase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia. Posteriormente exiliouse en Bos Aires.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións no exilio Comerciante

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
"Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

671 FERNÁNDEZ SERRANO, José

Barco

CABO SAN AGUSTÍN

Países: Unión Soviética

Biografía

(Ferrol, Coruña, 1907) Médico que desempeñou o cargo de Oficial de Sanidade da Armada. Trala Guerra Civil foi para Rusia onde chegou como Oficial de Sanidade no cruceiro auxiliar "Cabo San Agustín". Na URSS traballou de médico en Kramatorsk e Tashkent, Chircchik (Tashkent) e Crimea. Ingresou no PCE en 1947. Casou con Carmen Pérez Magdalena coa que se repatriou a España.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Médico

Profesións no exilio Médico

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

672 FERNÁNDEZ SOBRADILLO, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cesantes, Redondela, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

673 FERNÁNDEZ SOTO, Manuel

Países: Unión Soviética

Biografía

(Ferrol, A Coruña, 1912) Cabo de artillería da Marina. Pertenceu ó PCE dende 1937. Durante a Guerra Civil tomou parte no asalto do cruceiro “Miguel de Cervantes”. Na Unión Soviética, lugar a onde se exiliou, participou en movimentos de tipo guerrilleiro. Á altura de 1986 xa se atopaba repatriado en España.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Militar

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

674 FERNÁNDEZ SOTO, Manuel "Soutiño", "Coronel Benito"

Países: Arxentina / Unión Soviética / Túnez / Campos de Refuxio

Biografía

(Mugardos, 05/1902) Militante do P.C.E., partido ó que se afilia no ano 1937. Era mariñeiro do acorazado "Jaime I" no momento da sublevación dos franquistas. Ó remate da Guerra Civil estivo nun campo de concentración en Bizerta (Túnez) e de alí vai á Unión Soviética, onde estivo traballando nunha fábrica de automóbiles. Máis tarde vai á Arxentina para voltar a Galicia en 1945 onde reorganizou o P.C.E. e a guerrilla. O seu protagonismo foi máis importante cando, en xullo de 1948, chega a ser Secretario Xeral e Xefe da guerrilla. Hai dúbidas en canto ó seu destino: uns pensan que morreu nas mans da propia guerrilla o 22 de xuño de 1949, por entrar en conflicto co "Moncho", Francisco Rey Belbís, e outros cren que tan só foi detido.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Mariñeiro

Profesións no exilio Obreiro

Refª.Bibliográficas: MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo (1988:171)
TELLEZ, Antonio (2000:109-110)
SANTIDRIÁN ARIAS, Víctor M. (2000b)

675 FERNÁNDEZ SUÁREZ, Álvaro

Países: Uruguai

Biografía

(Ribadeo, Lugo, 21/12/1906- Madrid, ?) Escritor e xornalista exiliado en Montevideo. Serviu á República en cargos diplomáticos durante a Guerra Civil e ó fin da mesma tivo que exiliarse en Montevideo, onde traballou como redactor do diario "El Pueblo" co seudónimo Juan de Lara. Nesa cidade tamén colaborou en "Marcha" e "Mundial". No seu regreso definitivo a España estableuse en Madrid, onde morreu.

Profesións: Escritor / Xornalista / Diplomático

Profesións no exilio Xornalista

Obra no exilio: Libros, monografías e folletos:
"Cosas vistas y oídas" (1943) Montevideo: Biblioteca de Cultura Uruguaya
"Hermano perro (La novela de los tiempos)" (1943) México D.F.: Andrés Zaplana Editor

Refª.Bibliográficas: GEG
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:40)
Información aportada por Rogelio Martínez Barreiro.

676 FERNÁNDEZ TAIBO, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Sada, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

677 FERNÁNDEZ TAIBO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Sada, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

678 FERNÁNDEZ TORRES, Manuel

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(? - Mauthausen, ?) Estivo no campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:157)

679 FERNÁNDEZ VALCARCE, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Veiga de Forcas, Pedrafita, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

680 FERNÁNDEZ VALCARCE, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Veiga de Forcas, Pedrafita, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

681 FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, Marcial

Países: México

Biografía

(Ferrol, 1903 - Veracruz, 1963) Mestre socialista que foi Director Xeral do corpo de Carabineros co goberno Negrín durante a Guerra Civil. Durante a súa estadía en Barcelona acollera a Castelao. Exiliado en México foi colaborador de "Saudade" e de "Vieiros", sendo director de "Saudade" ata o número 5 e membro do consello de redacción. Foi un dos vocais dos uxetistas galegos en México e no ano 1943 funda xunto con outros exiliados a Alianza Nazonal Galega. Formou tamén parte do grupo de profesores do Instituto Hispano-Mexicano Ruiz de Alarcón que dirixía o galego Pedro Martul Rey. No exilo foi continuador da liña de Xaime Quintanilla, batendo coa indiferencia dos restantes deputados socialistas galegos.

Organizacións ás que pertenceu:

ALIANZA NAZONAL GALEGA
PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL
UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Mestre / Director Xeral

Profesións no exilio Mestre

Obra no exilio: "Presencia de Castelao" (1951), México
"Perfiles del alma gallega", Presencia de Galicia en México, México: Patronato da Cultura Galega, 1954, 69-83.
"A derradeira pintura dos Bugallido", Saudade, 5, (1952), 8-13.

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ, F.R. (1942:1)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:182)
GURRIARÁN, Ricardo (1999:158)
MARTÍNEZ, José Luis (2000:96)
CASTRO PÉREZ, Xabier (ed.) (2000:44)
MACEIRAS FERNÁNDEZ, Xosé M. (1995: 226-227)
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:314)
"Manifesto da Alianza Nazonal Galega de México", Galicia, XXI:826, (10/04/1943), 8.
Información proporcionada por Luis Martul Tobío.

682 FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, Xosé ("Noé" ou "Soutomaior")

Países: Portugal / Francia / Campos de Refuxio / Venezuela / Brasil

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, 1904 - Caracas, 1986) Afiliouse ó PSOE, pero en 1933 decide integrarse no PCE. Na altura de 1936 residía en Vilagarcía de Arousa, cando foi ascendido de alférez a tenente de navío para defende-la Ría de Arousa. O día 2 de agosto de 1936 foxe con 42 homes e un ano despois intenta pasar ó bando republicano vía Francia tomando por asalto un destructor do Comité de Non Intervención, o C-42, fondeado en Vilagarcía. Finalmente desistiron da operación e foron para Portugal onde Fernández Vázquez participa coa resistencia portuguesa na voadura dun cargueiro alemán, con armamento para Franco, que estaba atracado en Porto. O Partido Comunista portugués consegue que embarque nun buque noruegués que ía cara a Burdeos. Chega a cidade francesa o 12 de decembro de 1937 e dende alí vai para Barcelona onde se enrola na Mariña de Guerra. Ó final da guerra pasou ó campo de refuxiados Saint Ciprien. Dende alí empeza a organizar as células do Partido Comunista entre os españois que alí estaban. Cando sae do campo incorpórase á Resistencia Francesa co PC francés. En 1942 é descuberto pola Gestapo e, despois de varios interrogatorios e torturas, foi confinado en Auschwitz. Unha vez liberado o campo, instálase en París durante uns meses, antes de ir para Venezuela. En 1960 abandona o PC e ingresa no DRIL, onde ideará o secuestro o trasatlántico portugués Santa María xunto con Galvao e Pepe Velo. Despois da operación, o DRIL recibiu asilo político en Brasil, gobernado por Jánio Quadros.

Organizacións ás que pertenceu:

DRIL DIRECTORIO REVOLUCIONARIO IBÉRICO DE LIBERACIÓN
PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA
PCOE PARTIDO COMUNISTA OBRERO ESPAÑOL
PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Militar

Obra no exilio: "Eu roubei o Santa María" (edición en castelán en Akal, 1972, en galego en Galaxia)

Refª.Bibliográficas: VILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995a:39-40, 91-99 e 110-113)
AMEIXEIRAS, Diego (1999)

Refª.Fotográficas: VILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995a: 99)

Comentarios: En VILLAVERDE RODRÍGUEZ, Elixio (1995:91-99) hai unha entrevista co fillo de Fernández Vázquez, Manuel Fernández Pou, emigrado en Inglaterra.

683 FERNÁNDEZ VEGA, José A.

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

684 FERNÁNDEZ VILAR, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo refuxiado en Francia no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

685 FERNÁNDEZ VILLANUEVA, Marcelino "Gafas"

Países: Francia / Portugal

Biografía

(Mieres, Asturias, ?) Foi un militante destacado dos socialistas antes da Guerra Civil. Ingresou nas "Juventudes Socialistas" en 1931 e tivo parte destacada na revolución de outubro de 1934. Estivo no cárcere e ó sair foi designado membro do Comité Executivo do PSOE de Asturias durante a Guerra Civil. Foi xefe do Comité de Guerra de Olloniego e mandou a 4ª Compañía de Ametralladora do Batallón 17 que comandaba Robustiano Hevia. Logo, como comisario político socialista, desprazouse ó fronte de Biscaia coa brigada de Mateo Antoñanzas e alí estivo ata a caída de Bilbao. Durante un curto período de tempo, foi representante de Asturias e profesor na Academia de Comisarios de Santander. Ó comeza-la ofensiva do Escudo, pediu reintegrarse a unha unidade de combate e foi nomeado comisario político da XV Brigada Móbil. Viviu agochado en Asturias ata 1939 pasando logo a Portugal a través de Ourense a onde regresa ante a imposibilidade de chegar ó Porto. Establécese en Casaio e únese a uns fuxidos das minas penitenciarias tentando mediar nas discusións de comunistas, socialistas e cenetistas distribuíndoos en diferentes grupos e lugares. Era á altura de 1943 o principal líder da guerrilla do Leste de Ourense. En 1947 vai para Mondoñedo e Lourenzá (Lugo) onde sofre unha enfermidade ocular. Xa recuperado foxe a Asturias e de alí a Francia en outubro de 1948 con dous compañeiros da guerrilla galega e 25 socialistas asturianos, nunha viaxe que probablemente fose preparada polo grupo de Indalecio Prieto.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Refª.Bibliográficas: MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo (1988:171-172)
REIGOSA, Carlos G. (1989)

Refª.Fotográficas: REIGOSA, Carlos G. (1989:154 e 157)

686 FERNÁNDEZ YEBRA, Modesto

Países: Francia

Biografía

(Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

687 FERNÁNDEZ, Alberto

Países: Cuba

Biografía

(? - ?) Exialiado galego en Cuba.

Refª.Bibliográficas: CALVO, Tucho (1998:251)

688 FERNÁNDEZ, Pepiño

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Loitador do acorazado Jaime I. Estivo internado no campo de refuxiados de Collioure en Francia.

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1988:69)

689 FERNÁNDEZ, Serafín

Países: Francia / Arxentina

Biografía

(? - ?) Emigrante na Arxentina que retorna a España coa Guerra Civil. Posteriormente exíliase en Francia e novamente vai para a Arxentina.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

690 FERNÁNDEZ, Simón

Países: Portugal

Biografía

(? - ?) Galego que formaba parte dun Comité Provincial de comunistas que tiña a función de entablar relacións cos grupos de fuxidos españois e os antisalazaristas do norte de Portugal. Coa Guerra Civil escapou cara a Portugal onde pouco tempo despois foi detido polas autoridades locais que o entregaron a España, onde pasou ó cárcere. Así estivo por pouco tempo ata que despois quedou en liberdade.

Refª.Bibliográficas: MARTÍNEZ, José Luis (1999:91)

691 FERNÁNDEZ-OSORIO TAFALL, Bibiano

Países: Estados Unidos / México / República Dominicana

Biografía

(Pontevedra, 3/12/1903 - México, 13/08/1990) Era fillo de María Osorio, de Salcedo, Pontevedra e de José Fernández, de Santiago de Compostela. Estudiou en Santiago de Compostela onde formou parte do Seminario de Estudos Galegos. Máis tarde continúa os seus estudios en Madrid onde se doutorou en Ciencias Naturais. Ampliou estudios en Alemaña, Inglaterra e Francia. De regreso a Pontevedra foi catedrático de Agricultura e secretario da Misión Biolóxica de Galicia. En canto á súa actividade política foi presidente da Deputación de Pontevedra e deputado a Cortes pola FRG en 1931. No ano 1932 pasa a Acción Republicana e finalmente é deputado por Izquierda Republicana no 1936. Tamén ocupou os cargos de subsecretario de Traballo, de Gobernación e Comisario Xeral de Defensa. En Pontevedra foi director do xornal republicano "El País". No comezo da Guerra Civil foi enviado polo goberno republicano a América para recadar fondos para a República. Tafall chega a América reclamado pola Fronte Popular Antifascista Galega e polas Sociedades Hispanas Confederadas dos Estados Unidos. A Nova York chega o 21 de marzo do ano 1938 a bordo do vapor "Manhattan". A campaña de Tafall neste país tiña dous obxectivos, por un lado expoñe-la situación do Estatuto de Autonomía de Galicia, xa que Tafall participara na elaboración do Estatuto como presidente da Asemblea de Municipios Galegos celebrada en Compostela en 1932, e por outro, comenta-lo estado da guerra e a defensa da decisión do goberno de Negrín de continua-la guerra sen vacilacións. Foi presidente do Servicio de Evacuación de Refugiados Españoles (SERE). Despois de pasar pola República Dominicana vai para México en 1941 onde foi profesor na Universidade Autónoma e leva a cabo labores educativos como Director de Estudios Económicos e Sociais do III Mundo. Chega a ser funcionario das Nacións Unidas ocupando o cargo de director da Oficina Rexional da F.A.O., organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación. Entre 1942-43 tamén foi secretario da Sociedad Mexicana de Historia Natural e asesor técnico da Dirección de Pesca da Secretaría de Mariña. En 1955 foi nomeado director da Oficina Rexional para la Agricultura en Chile e desempeñou o mesmo cargo en Indonesia e logo en Exipto. Tamén destacou na investigación das ciencias naturais. En 1987 a Academia Galega das Ciencias concedíalle a Medalla de Ouro e en 1988 a Xunta de Galicia tamén lle concede a "Medalla Castelao".

Organizacións ás que pertenceu:

FRG FEDERACIÓN REPUBLICANA GALEGA
IR IZQUIERDA REPUBLICANA
ORGA ORGANIZACIÓN REPUBLICANA GALLEGA AUTÓNOMA

Profesións: Político / Deputado / Catedrático / Subsecretario Gubernamental

Profesións no exilio Profesor / Investigador / Funcionario

Obra no exilio: Carta a Valentín Paz-Andrade (México, 25 de xullo do 86) en: PORTELA YÁÑEZ, Charo e DÍAZ PARDO, Isaac, (ed.) (1997a)
Artigos:
"Titinnidos nuevos o pocos conocidos del plancton nerítico de México", Rev. Soc. Mex. Hist. Natural, II:2-3, (1940), 147-84.; "Diaptomus Cuauhtemoci, nueva specie de la mesa central de México", Ciencia, II:8-9, (1941), 296-298; "Polimorfismo y epifitismo en diatomeas planctónicas de Pátzcuaro", Rev. Soc. Mex. Hist. Nat., II:2-3, (1941), 137-146; "Estudios sobre el plancton de México. I. El género Lophodinium Lemm", Ciencia , II:3-4, (1942), 114-119; "El mar de Cortés", Cuadernos Americanos, III:3, (maio-xuño 1942), 111-114; "Notas sobre algunos dinoflagelados planctónicos marinos de México, con descripción de nuevas especies", An. Esc. Nac. Cien. Biol., II:4, (1942), 435-453.; "Un nuevo diaptomus del México central", Rev. Bras. Biol., II:2, (1942), 147-154; "Algunas enfermedades criptogámicas de las coles", Fitófilo, II , (1943), 62-75; "Algunos datos sobre zoología económica del mar de Cortés", Rev. Soc. Mex. Hist. Nat., IV:3-4, (1943), 191-210; "Estudos sobre el plancton de México. II. El género Trachelomonas Ehrenberg con descripción de nuevas especies", Ciencia, III:8-9, (1943), 249-254; "La gomosis de la caña de azúcar", Fitófilo, II:1, (1943), 61-82; "El manchado tardío del apio", Fitófilo, II:4, (1943), 93-112; "El mar de Cortés y la productividad fitoplanctónica de sus aguas", Rev. Soc. Mex. Hist. Nat., III:1-2, (1943), 73-118; "Observaciones sobre la fauna acuática de las cuevas de la región de Valles, San Luis Potosí", Rev. Soc. Mex. Hist. Nat., IV:1-2, (1943), 43-71; "Los estudios hidrobiológicos en México y la conveniencia de impulsarlos", Rev. Soc. Mex. Hist. Nat., V:1-2, (1944), 125-151; "Hallazgo de la diatomea Diddulphia Sinensis greville en aguas del Golfo de México", Ciencia, IV:8-10, (1944), 225-230.; "Notas sobre la distribución de Phalacrocorax Penicillatus en el golfo de Cortés y la costa occidental de Baja California", Rev. Soc. Mex. Hist. Nat. , VI:1-2, (1945), 85-93; "Sobre las esponjas comerciales de Quintana Roo y una enfermedad que las destruye", Ciencia, VI:1, (1945), 25-31.

Refª.Bibliográficas:
DENIA, Alberto (1954:9)
ÁLVAREZ, Santiago (1992)
ABELLÁN, José Luis (dir.) (1976, I:136)
GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio e RICÓN VIRULEG, Amado (2000:28 e 64)
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:84)

Refª.Fotográficas: PORTELA YÁÑEZ, Charo e DÍAZ PARDO, Isaac (1997a:12); CALVO, Tucho (1998:239)

692 FERRADÁS PASTORIZA, José

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Bueu, Pontevedra, 16/06/1912 - Mauthausen, 20/09/1941) Foi trasladado ó campo de Mauthausen onde foi asasinado en setembro de 1941 no comando Gusen 2.

Refª.Bibliográficas: "Los crímenes del nazifascismo", Cultura Proletaria, XVIII:906, (13/09/1945), 3-4.

693 FERRADÁZ FERNÁNDEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

694 FERREIRA BÁÑEZ, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo en Barcarès, Francia, como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

695 FERREIRA LAGO, Agustín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrante do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

696 FERREIRO ÁLVAREZ, Martín

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Pontevedra, ? - Mauthausen, 23/11/1941) Foi concelleiro de Izquierda Republicana. Por mor da Guerra Civil foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen e morreu no comando Gusen.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Concelleiro

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)
GIADÁS ÁLVAREZ, Jose Antonio (2001:124)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de concentración.

697 FERREIRO PRIETO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Chandrexa de Queixa, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

698 FERREIRO, Francisco

Países: Arxentina

Biografía

(Laracha, A Coruña, ?) Industrial que foi concelleiro por Izquierda Republicana en Laracha. No ano 1945 atopábase exiliado en Bos Aires.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Concelleiro / Industrial

Refª.Bibliográficas: "Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.

699 FERREIROS

Países: Portugal / Túnez

Biografía

(Boiro, A Coruña, ?) Pertencía ás Juventudes Socialistas. Tralo alzamento militar marchou cara a Portugal nun barco xunto con outros republicanos de Boiro, de Pobra do Caramiñal e de Vilagarcía. Unha vez nese país, foi levado ó forte de Cascais, en Caxía, especie de campo de concentración, xunto cos seus compañeiros. Despois volveu á zona republicana. Ó remata-la guerra e a través da petición de dereito de asilo a Francia vai para Bizerta, en Túnez. Máis tarde foi trasladado a un campo de concentración ó sur, na fronteira con Libia, xunto con Pastor Núñez Cariño.

Organizacións ás que pertenceu:

JJ.SS JUVENTUDES SOCIALISTAS

Refª.Bibliográficas: VILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995a:100-110)

700 FERRER OVIDE, Inocencio

Países: México

Biografía

(Vilamartín de Valdeorras, Ourense, ?) Xastre militante do Partido Comunista. Tivo que exiliarse en México onde foi membro do Padroado da Cultura Galega e colaborou na súa emisión radial. Xunto con Elixio Rodríguez Domínguez, participa no Congreso da Emigración en Santiago de Compostela no ano 1965. Finalmente voltou a Vilamartín.

Profesións: Xastre

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.001 IGLESIAS SISO, Severino

Barco

MASSILIA

Países: Francia / Arxentina

Biografía

(Noia, A Coruña, ? - Noia, 14/11/1977) Alcalde de Izquierda Republicana de Noia que foxe dende Muros cara a Bilbao o 26 de xullo de 1936 formando parte da fuxida dos bous "Santa Eulalia" e "Santa Rosa". Dende Bilbao vai para Barcelona, cidade na que colabora, como secretario administrativo, coa agrupación Solidaridade Galega Antifeixista. De alí vai a Francia cun pasaporte especial para dirixirse a París, onde continúa a axuda solidaria que lle viña prestando ós galegos. Dende a sede do Servicio de Evacuación de Refuxiados Españois (SERE) en París, organismo que contaba coas fichas dos que estaban nos campos de concentración, axuda entre outros a Vázquez Valiño que estaba no campo de concentración de Bram (Aude). Iglesias Siso exíliase na Arxentina e volve no ano 1962, xa viúvo da súa muller Delfina Pérez. Morre a fins do ano 1977.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA
SOLIDARIDADE GALEGA ANTIFEIXISTA

Profesións: Alcalde

Refª.Bibliográficas: "Solidaridade Galega", Nova Galiza. Boletín Quincenal dos Escritores Galegos Antifeixistas, 14 (08/01/05/1938), 1 (Edición Facsímil de Ediciós do Castro)
"Nómina de los refugiados españoles del vapor "Massilia", a los cuales la Central Gallega atendió y entregó subsidios", Galicia, XVII:649, (18/11/1939), 5.
"Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.
"Vertedeiro", ANT, 444, (xaneiro 1946), 2.
AGRAFOXO PÉREZ, Xerardo (1995: 380)
NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (comp.) (2000:292, n. 302)

Refª.Fotográficas: AGRAFOXO, Xerardo (1995:20 e 378)

1.002 IGLESIAS VALIÑO, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Santiago de Compostela, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bram (Agde) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.003 IGLESIAS VÁQUEZ, Víctor

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Santiago de Compostela, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.004 IGLESIAS, Enrique

Países: Francia

Biografía

(Ourense, ?) En 1939 estaba refuxiado en Toulouse, Francia.

Refª.Bibliográficas: "Relación de los gallegos que se hallan refugiados en Francia y dirección de los mismos", Galicia, XVII:826, (06/05/1939), 8.

1.005 IGLESIAS, Pedro

Países: México

Biografía

(? - ?) Galego exiliado en México. Alí tivo contacto co grupo de exiliados socialistas.

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

1.006 ILLA COUTO, Ramiro

Barco
IPANEMA

Países: Portugal / Francia / México / Venezuela

Biografía

(Arnois, A Estrada, Pontevedra, 1896 - ?, 1987) Sendo moi novo emigra a Bos Aires, onde estudia na Escola de Comercio ó tempo que traballaba cun tío seu. En 1917 volve a Galicia, fai o servicio militar en Marrocos e incorpórase ás Irmandades da Fala. En 1922 regresa de novo a Bos Aires como representante da Irmandade Nazonal Galega de Vicente Risco e participa na fundación dunha delegación da mesma que edita a revista "Terra". Posteriormente súmase a Sociedade Nazonalista Pondal e no ano 1931 volve a Galicia para participar nas actividades do Partido Galeguista. Despois do golpe de Estado de xullo de 1936 foxe a Portugal e de alí a Francia, sendo delegado en París das Sociedades Hispanas Confederadas. Despois exíliase en México, onde participa nas actividades políticas e culturais dos galeguistas.Dende México viaxa a miúdo a Colombia e Venezuela. Neste último país establécese nos anos 50 para volver definitivamente a Galicia en 1956. Na súa etapa mexicana escribe para "Vieiros" e "Saudade". Desta última revista foi editor do número 3.

Organizacións ás que pertenceu:

IRMANDADES DA FALA
PG PARTIDO GALEGUISTA

Profesións: Escritor / Viaxante

Profesións no exilio Escritor / Xornalista

Refª.Bibliográficas: NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (comp.) (2000:532, n. 489)

Refª.Fotográficas: CID CABIDO, Xosé (1993:179) e ALLEGUE OTERO, Gonzalo e FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor (1993:157)

Comentarios: Nunha das cartas do epistolario de Bieito Fernández, proporcionado por Xosé Manoel Núñez Seixas, sitúase a Illa Couto en Bogotá (carta de Rodolfo Prada desde Bogotá a Bieito Fernández o 12 de agosto de 1951).

1.007 INGILDE MACEIRAS, Máximo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) Fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Tamén estivo no campo de Vernet d´Ariège (barraca 43) e no de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135 e 142)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.008 ÍNSUA FABEIRO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Barro, Noia, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 7 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.009 IRMÁNS RODRÍGUEZ

Barco
VULCANIA

Países: Reino Unido / Estados Unidos

Biografía

(Eirexalba, O Incio, Lugo, ?) Tiveron que exiliarse despois da morte do seu pai, Ramón Rodríguez, ó que mataron os falanxistas. Foron a Inglaterra no vapor "Vulcania" e despois marcharon cara a Nova York. Alí relataron as mortes dos anarquistas da súa vila ó xornal "Cultura Proletaria".

Refª.Bibliográficas: "Cultura Proletaria", Nova York, X:483, (31/07/1937), 4.
"Cultura Proletaria", Nova York, X:484, (07/08/1937), 4.
"Cultura Proletaria", Nova York, X:485, (14/08/1937), 4.

Refª.Fotográficas: "Cultura Proletaria", Nova York, X:483, (31/07/1937), 4.

1.010 JANEIRO LÓPEZ, Baldomero

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Becerreá, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.011 JARTÍN? PIÑEIRO, Pedro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:
BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

1.012 JASO-ROLDÁN, Leoncio

Países: Venezuela

Biografía

(Vigo, Pontevedra, 10/09/1903) Médico exiliado en Venezuela. Nese país foi médico adxunto da División de Tuberculose do Ministerio de Sanidade e Asistencia Social así como Director do Dispensario Antituberculoso. A partir de 1940 foi médico do Dispensario do Ministerio de Obras Públicas.

Profesións: Médico

Profesións no exilio Médico

Obra no exilio: Libros, monografías e folletos: "La sífilis pulmonar y sus analogías y diferencias con la tuberculosis pulmonar" en Memorias de la Primera Jornada Venezolana de Venereología y Dermatología" (1943)
Artigos: "El problema de la alergia y la inmunidad en tuberculosis", Rev. Policl., Caracas, X, (1941), 61-62; "La vitamina C, sus propiedades y su importancia en el tratamiento de la tuberculosis pulmonar", Rev. Policl., Caracas, XI, (1942), 65-66; "Estado actual de la lucha antituberculosa en la ciudad de Caracas y sus problemas", Rev. San. Asis. Soc., IX:3, (xuño 1944), 540-590; "Las formas exudativas de la tuberculosis pulmonar del adulto en relación con las formas del comienzo", Rev. San. Asis. Soc., IX:6, (decembro 1944), 1157-1206.

Refª.Bibliográficas: AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:58-59)
ABELLÁN , José Luis (1976, V:230-240)

1.013 JASPE VÁZQUEZ, Luis

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña. ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.014 JURADO, Sabino

Países: México

Biografía

(? - ?) Galego exiliado en México. Alí aproximouse ós ambientes do exilio socialista.

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

1.015 LADO, Francisco

Países: México

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) Anarcosindicalista afiliado ó Sindicato de Pescadores de Malpica. Foxe no bou "San Adrián" dende a súa vila. Exiliouse a México.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista / Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

1.016 LADO, Robert

Países: Estados Unidos

Biografía

(Nova York, 1915) Fillo de galegos asentados nos Estados Unidos. De neno vai co seu pai para Cee, onde era alcalde republicano un tío del chamado Pancho Canosa. Nesta vila estudia o bacharelato no Instituto Fernando Blanco de Lema. Ó estala-la Guerra Civil volve ós Estados Unidos onde foi docente de Lingua Inglesa, director do Instituto de Inglés para estranxeiros na Universidade de Michigan e vicepresidente da Universidade George Washington.

Profesións: Estudiante

Profesións no exilio Profesor

Obra no exilio: "English pattern practises" (1958) Michigan: University Press
"Contemporary spanish" (1967) New York: McGraw-Hill
"Linguistics across cultures" (1971) Michigan: University Press

Refª.Bibliográficas: GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio e RICÓN VIRULEG, Amado (2000:36-37)
JANKOWSKY, Kurt R. (ed. lit) (1985)

1.017 LAGE MAYA, Enrique

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil en Madrid. Despois estivo no campo de refuxiados francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

1.018 LAGO FERNÁNDEZ, Victorio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Tal, Muros, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.019 LAGO GÓMEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

1.020 LAGO GÓMEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Carnota, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.021 LAGO GONZÁLEZ, Miguel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.022 LAGO LAGO, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Logo estivo en Francia, refuxiado no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

1.023 LAGO RAMOS, Enrique

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil en Madrid. Despois estivo no campo de refuxiados francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

1.024 LAGO SANTOS, Antonio

Países: Unión Soviética

Biografía

(A Coruña, 1910- ?, 29/05/1978) Marchou a Rusia como mariño do cañoneiro "Dato". Traballou nun koljós da rexión de Rostov en Crimea e Azuv. Ingresou no PCE en 1978.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Obreiro / Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.025 LAGO, Moisés

Países: Francia

Biografía

(Soutomaior, Pontevedra,?) Afiliado ó Sindicato de Camarareros de Ferrol entre 1929 e 1936. Durante a Guerra Civil estivo agochado ata que foxe cara a Francia cun grupo de cenetistas e socialistas secuestrando un bou no porto de Ares. No exilio abandona a súa militancia na CNT para achegarse ó Partido Comunista.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO
PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Sindicalista / Cociñeiro

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

1.026 LAMAS ABAD, Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vilagarcia, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados en Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.027 LAMEIRA BERMÚDEZ, Benigno

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Veiga, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.028 LAMELA MARCOTE, Ramón

Países: Campos de Concentración Nazis / Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Fisterra, A Coruña, 9/01/1915 - Mauthausen, 04/02/1942) Pasa ó bando republicano. En 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia. Despois da Guerra traballou para os franceses en campos de concentración, loitou contra os alemáns e traballou obrigado polos nazis. Foi trasladado ó comando Gusen 2 do campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
"Los crímenes del nazifascismo", Cultura Proletaria, XVII:901, (11/08/1945), 2.
VÁZQUEZ, Lois (1982:112)
LAMELA GARCÍA, Luis (1995:264 e 282)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxio francés e ó de concentración de Mauthausen.

1.029 LAMELA MIERES, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil en Madrid. Despois estivo no campo de refuxiados francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

1.030 LAMELA, Manuel

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Viveiro, Lugo, 23/03/1900 - Mauthausen, 02/04/1943) Foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen. Posteriormente morre no comando Gusen 2 do campo de concentración.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)
"Los crímenes del nazifascismo", Cultura Proletaria, XVII:901, (11/08/1945), 2.

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen. Pode ser Manuel Lamelas López, refuxiado galego no campo de Barcarès, Francia no ano 1939.

1.031 LAMELAS FERRO, Castor

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrou o Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

1.032 LAMELAS FERRO, Isaac

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrou o Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

1.033 LAMELAS LÓPEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936 e que un tempo despois pasa a formar parte do Vº Rexemento de Milicias Populares, e logo intégrase como 4º Batallón da 1ª Brigada Mixta no Exército Popular. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

1.034 LANDA VAZ CORONADO, Jacinta

Países: México

Biografía

(? - ?) Muller de Xoan Vicente Viqueira exiliada en México xunto coas súas fillas María Luísa e Carmen. Antes do exilio era mestra nacional, posteriormente en México D. F. formou parte do grupo de profesores do Instituto Hispano-Mexicano Ruiz de Alarcón que dirixía o galego, tamén exiliado, Pedro Martul Rey.

Profesións: Mestra

Profesións no exilio Mestra

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Luís Martul Tobío.

1.035 LARROSA AZCÁRATE, Emilio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.036 LASTRA FERNÁNDEZ, Mario

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vilagarcía, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.037 LASTRA, Joaquín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vilagarcía, Pontevedra, ? En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelés sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.038 LAVALLOS CARBALLO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Noceda, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds, Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.039 LAVANDEIRA, Benito

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - Francia, ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès. Morreu en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

1.040 LAXE FERNÁNDEZ, Vicente "Chicharro"

Países: Francia

Biografía

(Celeiro, Viveiro, Lugo, ?) Mariñeiro que desde 1936 foxe ó monte co grupo Neira dedicándose a labores propagandísticos. Marcha para Francia no nadal de 1946.

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo (1988:175)

1.041 LAZADA MARTÍNEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Mugardos, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.042 LÁZARO MACHADO, Ángel

Países: Cuba / México

Biografía

(Velle, Ourense, 27/01/1900 - Madrid, 1985) Poeta, dramaturgo, xornalista, ensaista e narrador. Ós catorce anos chega á Habana colaborando na prensa dende moi cedo. Publica poemas en "El Diario de la Marina", "Galicia", "El Eco de Galicia" e en "Chic". En 1923 volve a España e establécese en Madrid, traballando como redactor en "La Libertad", onde coincide con Manuel Machado. O estalido da Guerra Civil interrompe a súa carreira, e en agosto de 1937 volve á Habana. Alí inicia unha intensa campaña en defensa da república a través do diario "Pueblo". En 1938 asume a dirección do decenario antifranquista "Revista de España". Máis tarde traballa como xornalista na revista "Carteles" e en 1940 viaxa a México onde permanece ó redor dun ano, volvendo de novo a Cuba. Publica texos en: "Bohemia", "Social", "La Verónica", "Facetas de Actualidad Española", etc. Entre 1943 e 1945 está en México onde é crítico teatral de "Excélsior", colaborador de "El Nacional" e "Revista de Indias". En 1947, xunto con Manuel Millares Vázquez, escribe o programa radial "Páginas de España". Ante o triunfo da Revolución Cubana volve a Madrid e non volveu máis a illa.

Profesións: Xornalista / Poeta

Profesións no exilio Escritor / Xornalista

Obra no exilio: Libros, monografías e folletos: "Romances de Cuba y otros poemas" (1937) A Habana: Ucar, García y Cía; "La verdad del pueblo español" (1939) Puerto Rico: Ediciones Alerta; "Antología Poética" (1940) La Habana, Editorial La Verónica; "Sangre de España" (1941) A Habana, Editorial Centinela; "Retratos familiares" (1945) A Habana, Editorial Prisma.

Refª.Bibliográficas: GEG
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:63)
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b:1000)

1.043 LEAL LÓPEZ, Rogelio

Países: Francia

Biografía

(Piñeiros, Narón, A Coruña, ?) Entre 1933 e 1936 foi militante da Federación Anarquista Ibérica (FAI), sección galega, e do Sindicato de Industria Naval de Ferrol. Despois de andar agachado durante tres anos, en 1939 secuestra xunto con outros un bou no porto de Ares. No exilio francés retoma as actividades na CNT e regresa a Narón en 1947 coa misión de reorganiza-la Federación Anarquista Ibérica (FAI) galega e a Federación Ibérica de Juventudes Libertarias (FIJL). O 3 de xaneiro de 1948 é detido e condenado a 18 anos de cárcere por rebelión militar e participación na reorganización da FAI, FIJL e a CNT.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

1.044 LEAL, Juan

Países: Francia / Arxentina

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) Sindicalista que tivo que exiliarse en Francia pasando posteriormente á Arxentina. Alí instálase en Tandil.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

1.045 LEDO FERNÁNDEZ, Enrique

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Chantada, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.046 LEDO, José

Países: República Dominicana / México

Biografía

(Ourense, ?) Anarquista que se exilia a fins de 1939 na República Dominicana. Abandona este país para trasladarse a Veracruz, México, no verán de 1942, e pasar logo a México D.F. Alí traballa como camareiro e continúa vencellado á Confederación Galaica de Francia a través do seu voceiro "Solidaridad".

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista

Profesións no exilio Camareiro

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

1.047 LEIRE CARPENTI, Antonio

Países: Unión Soviética

Biografía

(Pontedeume, A Coruña, ?) En maio de 1948 aparece incluído nunha lista nun campo de concentración na Unión Soviética chamado Karagandá.

Organizacións ás que pertenceu:

UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: "Karaganda", Cultura Proletaria, XX:1045, (22/05/1948), 2.

1.048 LEIRO CAGIAO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Miño, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer P.O.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.049 LEMA GARCÍA, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - Barcarès, Francia, ?) Durante a Guerra Civil fora tenente do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès. Morreu en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132, 144)

1.050 LEMA PINTOS, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Santiago de Compostela, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia,, XVII:635, (12/08/1939),6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.051 LEMA, Xosé María

Barco

IPANEMA

Países: México

Biografía

(? - ?) Médico galego de tendencia socialista exiliado en México.

Profesións: Médico

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:183)
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

1.052 LEMOS DE LOS REYES, Ángel

Barco
MASSILIA

Países: Arxentina

Biografía

(Vigo, Pontevedra, 01/03/1917) Foi alumno de Carlos Sobrino. Pinta e talla madeira e traballa na industria familiar. Con 17 anos escapou da casa e foi como polisón no Massilia a América, pero foi detido na prisión portuguesa do Limoeiro e voltou de novo no Massilia a Vigo. Co estalido da Guerra Civil foi recrutado polo bando franquista e levado a Brunete, en Madrid, e posteriormente a Toledo. Máis tarde logra pasar ó bando republicano onde o fixeron prisioneiro. Foi condenado a morte pero a condena non se cumpriu. Ó ser liberado estivo agochado na trastenda do negocio dun amigo en Vigo. Co tempo acabou por entregarse en Ferrol, onde foi encarcerado nos calabozos de "Sánchez Aguilera". Logo foi trasladado ó Castelo de San Felipe onde permaneceu entre dous e tres anos, durante os cales realizou diversos traballos para o exército, entre eles a talla dun altar para a Virxe do Carme. En 1947 realiza a súa primeira exposición en Vigo. Seguiu expoñendo en Vigo ata que no ano 1950 embarcou clandestinamente rumbo a Bos Aires debido á presión que recibía das autoridades. Viaxou agochado, xunto a outros dous homes, no túnel da hélice pero foron descubertos. Foi tratado con consideración pola súa condición de artista. Debido a que chega sen documentación non puido expoñer nin participar en ningún certame de pintura, polo que ten que dedicarse á cerámica. Traballou pola súa conta en calidade de modelista e decorador para a casa M.A.P.O.A. Pasados dez anos, e a través dun indulto, conseguiu documentación e pasou a ser socio da casa para a que traballaba, dirixindo ademais varias seccións referentes á elaboración da cerámica. Restablecida a democracia en España retorna a Galicia en 1977 pero ten que marchar debido a que non pode sobrevivir coa pintura. Finalmente afincouse en Palma de Mallorca.

Profesións: Pintor

Profesións no exilio Pintor

Refª.Bibliográficas: Páxina web: http://www.ribadeo.com/lemos
CELA, Ana (2001:17)

Refª.Fotográficas: En http://www.ribadeo.com/lemos (dúas fotografías)

1.053 LEMOS LINO, Salvador

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Marín, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.054 LEÓN DOMÍNGUEZ, Joaquín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cee, A Coruña, ?) En agosto de 1939 estaba no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.055 LESMA CUBILLO, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxiados francés de Barcarès.

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

1.056 LESTÓN, Melquíades

Países: Túnez

Biografía

(? - Túnez, ?) Membro da Protección Obrera de Porto do Son e propagandista da Federación Regional de Industria Pesquera. En Valencia formou parte da directiva da Agrupación de Gallegos Libertarios da CNT. Estivo detido na prisión de San Miguel de los Reyes. Morreu no exilio en Túnez.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Obreiro / Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

1.057 LISTE LLORENTE, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Santiago de Compostela, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.058 LÍSTER FORJÁN, Enrique

Países: Francia / Unión Soviética / Checoslovaquia

Biografía

(Calo, Teo, A Coruña, 1907- Madrid, 1996) O seu verdadeiro nome é Jesús Liste Forján. Marcha para A Habana con doce anos reclamado polo seu pai, e volveu a Galicia en 1925, aínda que no ano 1927 regresa de novo a Cuba. Nese momento ingresa no Partido Comunista de Cuba. Ó pouco tempo ten que abandona-la illa e parte rumbo a Nova York, pero non pode desembarcar e segue ata A Coruña onde é detido e encarcerado ata o ano 1929. Ingresou no PCE en 1931 e en 1932, despois de pasar curtas estadías en Madrid, París e Berlín, establécese na Unión Soviética. Retorna a España con pasaporte portugués en 1935, sendo nomeado instructor das M.A.O.C. en Madrid. Ó iniciarse a Guerra Civil incorpórase ó Batallón de Milicias Populares Gallegas e forma o Vº Rexemento en xullo de 1936. Abandona España en 1939, e a través de París, inicia o seu longo exilio na Unión Soviética onde loita contra os nazis. Durante o exilio francés funda, en decembro de 1945, o Bloque Repubricán Nazonal Galego. En 1968 é expulsado do PCE e funda o Partido Comunista Obrero Español. En 1977 volve a España.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS
BRNG BLOQUE REPUBRICÁN NAZONAL GALEGO
PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA
PCOE PARTIDO COMUNISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Militar / Canteiro

Obra no exilio: "Nuestra Guerra. Aportaciones para una historia de la Guerra Nacional Revolucionaria del pueblo Español, 1936-1939)" (1966) París: Ebro; "Leninismo y oportunismo" (1976) Madrid: P.C.O.E.; "Memorias de un luchador" (1977) Madrid: G. del Toro; "¡Basta!" (1978); "Así destruyó Carrillo el P.C.E." (1983) Barcelona: Planeta; "La defensa de Madrid" (1945) Madrid: Ediciones España Popular

Refª.Bibliográficas: GEG
CABANILLAS, Ramón (1938:5)
"Hacia la Unidad de los Gallegos Antifranquistas", Galicia, XXIV:946, (02/03/1946), 3. (sobre a súa afiliación ó BNRG)
ABELLÁN, José Luis (dir.) (1976, I:116)
MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo (1988:175)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:183-184)
Libro Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

Refª.Fotográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1992)

1.059 LOBO, Leocadio

Países: Estados Unidos

Biografía

(? - ?) Exiliado galego que chegou á Fronte Popular Antifascista Galega de Nova York en busca de protección. Fora cura da parroquia de San Xinés en Madrid. Durante a Guerra Civil recibira axuda de Negrín e dos comunistas. En Nova York foi redactor de "La Voz", un xornal español do que era director e propietario o comerciante vigués Ceferino Barbazán.

Profesións: Sacerdote

Profesións no exilio Xornalista

Refª.Bibliográficas: GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio e RICÓN VIRULEG, Amado (2000:40)

1.060 LODEIRO LOBEIRAS, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Lugo, ?) Formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Tamén estivo no campo de refuxio de Vernet d´Ariège (barraca 43) así como no de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133 e 142)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados.

1.061 LOIS ÁLVAREZ, E.

Países: México

Biografía

(? - ?) Galego exiliado en México. Alí tomou contacto cos socialistas galegos exiliados.

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

1.062 LOIS CALVIÑO, Rogelio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Carballedo, Cotobade, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.063 LOIS GONZÁLEZ, Domingo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

1.064 LOIS GUENAGA, Avelino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.065 LOIS RODRÍGUEZ, A.

Países: México

Biografía

(? - ?) Galego exiliado en México que tomou contacto cos socialistas galegos exiliados nese país.

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

1.066 LOIS, Eduardo R.

Países: México

Biografía

(? - ?) Galego exiliado en México. Alí tomou contacto co grupo de socialistas exiliados nese país.

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

1.067 LOLIÑO RODRÍGUEZ, Valentín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Redondela, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 5 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados.

1.068 LOMBARDÍA GONZÁLEZ, Eduardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Lugo, ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Estivo tamén no campo de Vernet d´Ariège (barraca 43) así como no de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132 e 142)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados.

1.069 LONGUEIRA PATIÑO, Pedro

Países: Francia / México

Biografía

(A Coruña, ?) Deputado a Cortes polo PSOE no ano 1936. Durante a Guerra Civil marcha a Madrid, Barcelona e Valencia. Nese tempo foi secretario xeral de Solidaridade Galega Antifeixista. Despois sae cara ó exilio en Francia e logo a México.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL
SOLIDARIDADE GALEGA ANTIFEIXISTA
UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Político / Deputado

Obra no exilio: "Manifesto de "Solidaridade Galega"", Nova Galiza. Boletín Quincenal dos Escritores Galegos Antifeixistas, 13, (20/12/1937), 8 (Edición Facsímil de Ediciós do Castro)
"Carta a Marcial Fernández" en Voces Socialistas en el Exilio: Algunas consideraciones sobre el problema gallego (1945:6-7)
"Posiciones. Lo que procede y lo improcedente" en Voces Socialistas en el Exilio: Algunas consideraciones sobre el problema gallego (1945:7-9)
"Unas líneas oportunas" en Voces Socialistas en el Exilio: Algunas consideraciones sobre el problema gallego (1945:12-14)

Refª.Bibliográficas: FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b:980)
"Solidaridade Galega", Nova Galiza. Boletín Quincenal dos Escritores Galegos Antifeixistas, 14 (08/01/05/1938), 1 (Edición Facsímil de Ediciós do Castro)
"Relación de los gallegos que se hallan refugiados en Francia y dirección de los mismos", Galicia, XVII:826, (06/05/1939), 8.
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:2 e 10)

1.070 LÓPEZ ALFARO, Diego

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Betanzos, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atópase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados.

1.071 LÓPEZ ALVAREI, Delfín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Crespos, Padrenda, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds, Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados.

1.072 LÓPEZ ARDAO, Xesús "Someiro"

Países: Francia / República Dominicana

Biografía

(Reguela, Cabanas, A Coruña, ? Fuxido dende 1936 entregouse ás autoridades en 1946. Libre de sospeitas retornou á vida normal ata que decidiu marchar para Francia en 1947. Despois trasladouse a Santo Domingo.

Refª.Bibliográficas: MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo (1988:176)

1.073 LÓPEZ ARIAS, Jaime

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo en Barcarès, Francia, como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

1.074 LÓPEZ BARRIOS, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

1.075 LÓPEZ BELLO, Heriberto

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ourense, ?) Mestre galego refuxiado en Francia. Estivo no campo de refuxio francés nº 16 de Saint Cyprien nos Pirineos Orientais en 1939.

Refª.Bibliográficas: "Nuestros refugiados gallegos", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 1.
"Gallegos en los campos de concentración franceses, que piden ayuda a sus hermanos de América", Galicia, XVII:619, (22/04/1939), 3.
"Relación de los gallegos que se hallan refugiados en Francia y dirección de los mismos", Galicia, XVII:826, (06/05/1939), 8.

1.076 LÓPEZ BERMÚDEZ, Xesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, 23/04/1913 - A Coruña, 199?) Médico exiliado en Francia. Ingresa no campo de Argèles sur Mer en maio de 1941. Sae do campo en decembro de 1941 e regresa a Galicia no ano 1954. Morre na década dos noventa na Coruña.

Profesións: Médico

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Xosé Luis Axeitos.

1.077 LÓPEZ BLANCO, Avelino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Tamén estivo no campo de refuxio de Vernet d´Ariège (barraca 43) e no de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136 e 142)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados.

1.078 LÓPEZ BOGERO, Fernando

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña,) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 6 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.079 LÓPEZ CARBALLIDO, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas que estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

1.080 LÓPEZ CONDE, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

1.081 LÓPEZ CORTIÑAS, Constantino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante o transcurso da Guerra Civil. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

1.082 LÓPEZ CRIADO, Leopoldo

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(A Coruña, ?- Mauthausen, 3/11/1941) Foi trasladado ó comando Gusen 2 do campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.083 LÓPEZ DÍAZ, Félix

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo refuxiado en Barcarès, Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

1.084 LÓPEZ DÍAZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Logo estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

1.085 LÓPEZ DIGÓN, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Freixo, Lugo, ? - Mauthausen, 26/07/1942) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia. Posteriormente é trasladado ó comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)
"Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar ós campos de refuxio e de concentración.

1.086 LÓPEZ DOSÍO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Chorente, Sarria, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.087 LÓPEZ DURÁ, Xoán

Barco
IPANEMA

Países: Francia / México

Biografía

(A Habana, 1910 - México, 1973) Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela onde tamén exerceu como profesor de Dereito Administrativo, tarefa que simultaneou coa actividade investigadora e política. Membro do Seminario de Estudios Galegos, onde foi director da sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas. Foi elixido concelleiro en Santiago de Compostela polo Partido Galeguista, partido do que era secretario político en 1938. En 1935 trasladouse a Alemaña para ampliar estudios e regresou a España ó comezo da Guerra Civil tendo que exiliarse a México dende Francia, onde estivo refuxiado en 1939. A bordo do barco Ipanema chegou a Veracruz o 13 de xullo de 1939. Alí foi profesor de Dereito na Universidade de San Nicolás de Hidalgo e participou tamén da actividade política galeguista dos exiliados en México. Posteriormente vinculouse á Unión do Pobo Galego (UPG) na década dos 60, foi directivo do Padroado da Cultura Galega de México e membro do consello de redacción da revista "Vieiros". Con Delgado Gurriarán foi mandado polo Partido Galeguista para redactar e negocia-lo pacto de Galeuzca, asinado o 22 de decembro de 1944. Colaborou con diversas revistas así como na emisión radial do Padroado da Cultura Galega.

Organizacións ás que pertenceu:

	PADROADO DA CULTURA GALEGA
PG	PARTIDO GALEGUISTA
	SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS
UPG	UNIÓN DO POBO GALEGO

Profesións: Político / Avogado / Profesor / Concelleiro

Profesións no exilio Profesor

Obra no exilio: "O Subdesenrolo galego e o tempo presente", Vieiros, 4, primavera 1968. Edición facsimil, Vigo: A Nosa Terra, 1989.

Refª.Bibliográficas: GEG
"Refugiados", Galicia, XVII:260, (29/04/1939), 6.
SOTO, Luís (1983:168)
RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:232)
GURRIARÁN, Ricardo (1999:200)

Refª.Fotográficas: RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:232)

1.088 LÓPEZ FERNÁNDEZ, Dalmiro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

1.089 LÓPEZ FERNÁNDEZ, Luis

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.090 LÓPEZ FERNÁNDEZ, Natalio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(San Pedro, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds, Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.091 LÓPEZ GARCÍA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Maior, Mondoñedo, Lugo, ? En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelés sur Mer 3 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.092 LÓPEZ GONZÁLEZ, José

Países: Unión Soviética

Biografía

(A Coruña, 19/03/1916) Sindicalista da UGT e mariñeiro no "Cabo San Agustín". En maio de 1948 aparece incluído nunha lista nun campo de concentración da Unión Soviética chamado Karagandá.

Organizacións ás que pertenceu:

UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: "Karaganda", Cultura Proletaria, XX:1045, (22/05/1948), 2.

1.093 LÓPEZ GONZÁLEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ponteareas, Pontevedra, ?) En abril de 1939 atópase nun campo de concentración francés.

Refª.Bibliográficas: "Refugiados", Galicia, XVII:620, (29/04/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.094 LÓPEZ IGLESIAS, Manuel

Países: Francia / Cuba / Estados Unidos / México

Biografía

(?- México ?) Coronel do Exército Republicano que fora comandante do Batallón de Milicias Populares Gallegas e xefe de Estado Maior da XI División do Vº Corpo do Exército. Exiliouse en Cuba tras pasar por Francia. Tamén estivo nos Ánxeles, Estados Unidos, e nos anos cincuenta foi para México onde morreu. Escribiu algún libro sobre a guerra.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Profesións: Militar

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:19-21 e 168)
ÁLVAREZ, Santiago (1988:156 e 272)

1.095 LÓPEZ JEAN, Rita Amparo

Países: Francia

Biografía

(Vilaboa, Culleredo, A Coruña, 30/10/1885 - París, 12/12/1942) Muller do coruñés César Alvajar co que tivo catro fillos: Amparo, María Teresa, Ana María e Francisco Javier. Foi membro das Irmandades da Fala coruñesa, así como presidenta da Agrupación Republicana Femenina da Coruña e militante do Partido Galeguista. En Barcelona foi responsable da organización femenina dese partido, o Grupo de Mulleres Galeguistas, entre 1937 e 1939. Tivo que exiliarse en Francia xunto co seu home. Morre en Francia, sendo soterrada no cemiterio parisino de Bagueu.

Organizacións ás que pertenceu:

AGRUPACIÓN REPUBLICANA FEMENINA DE LA CORUÑA
PG PARTIDO GALEGUISTA

Refª.Bibliográficas: ALVAJAR LÓPEZ, Francisco Javier (1993:125-154)
ALVAJAR LÓPEZ, Francisco Javier (1998:255-290)

Refª.Fotográficas: ALVAJAR LÓPEZ, Francisco Javier (1998:266)

1.096 LÓPEZ LÓPEZ, Avelino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(San Xurxo, Lugo,) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.097 LÓPEZ LÓPEZ, Celestino

Países: México

Biografía

(A Estrada, ? - México, 1963) Galego do Grupo Republicano que fora presidente do Sindicato de Viaxantes de Comercio de Vigo, da UGT. Tivo que fuxir cara a México onde formou parte da Alianza Nazonal Galega, fundada en 1943 por varios exiliados galegos coma el. En México foi distribuidor de cine e chegou a escribir un libro de gran valor antropolóxico, "La vida en el Amazonas".

Organizacións ás que pertenceu:

ALIANZA NAZONAL GALEGA
IR IZQUIERDA REPUBLICANA
UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Viaxante / Comerciante

Profesións no exilio Distribuidor Cine

Obra no exilio: "La Vida en el Amazonas"

Refª.Bibliográficas: "Un manifiesto de Alianza Nazonal Galega de México", Galicia, XVIII:922, (15/09/1945), 8.
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)
SOTO, Luís (1983:190)
MARTÍNEZ, José Luis (1999:96)
Información proporcionada por Marisa Pazos Pazos.

1.098 LÓPEZ LÓPEZ, Modesto

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

1.099 LÓPEZ LÓPEZ, Ricardo

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Beleigán, O Saviñao, Lugo, ? - Mauthausen, 11/09/1942) Foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.100 LÓPEZ LORENZO, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrou o Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

1.101 LÓPEZ LOUSAME, Abelardo "Xanfaruña"

Países: Francia / Arxentina

Biografía

(Noia, A Coruña, ?) Antes do seu exilio ocupaba o cargo de secretario de Izquierda Republicana na súa vila. Fuxiu desde Muros a noite do 26 de xullo de 1936 nos bous "Santa Eulalia" e "Santa Rosa"cara a Bilbao. Despois consegue pasar a Francia e posteriormente exíliase en Arxentina.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Estudiante

Refª.Bibliográficas: "Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.
AGRAFOXO PÉREZ, Xerardo (1995:382)

1.102 LÓPEZ MANTIÑÁN, Fernando

Países: Australia

Biografía

(? - ?) Sindicalista que participou na reorganización da CNT da Coruña nos anos 40. Foxe a Australia a partir das masivas detencións da primavera de 1947, instalándose en Camberra. A partir dese momento abandona as filas cenetistas.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)
GARCÍA DURÁN, Juan (2001:127, n.49)

1.103 LÓPEZ MARTÍNEZ, Celso

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Bande, Ourense, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.104 LÓPEZ MÉNDEZ, Constantino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Donís, Becerreá, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.105 LÓPEZ MOSQUERA, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Santiago de Compostela, A Coruña, ?) Avogado que en agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados Centre d´Hebergement de Montelieu en Francia.

Profesións: Avogado

Refª.Bibliográficas: "Refugiados", Galicia, XVII:260, (09/04/1939), 6.
"Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados. Nunha das listas de refuxiados consultada indica que é natural de Arca, O Pino, A Coruña.

1.106 LÓPEZ MUÍÑOS, Fermín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Redondela, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.107 LÓPEZ NÚÑEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Becerreá, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.108 LÓPEZ PAZOS, Felisindo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Bande, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.109 LÓPEZ PÉREZ, Carmelo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Redondela, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.110 LÓPEZ PÉREZ, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo en Barcarès, Francia, como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

1.111 LÓPEZ QUIROGA, Bautista

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136 e 144)

1.112 LÓPEZ RAIMÚNDEZ, Octavio

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Vilabol de Suarna, A Fonsagrada, Lugo, ? - Mauthausen, 16/11/1941) Foi trasladado ó comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.113 LÓPEZ RAMA, José

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(A Coruña, ? - Mauthausen, 21/12/1941) Foi trasladado ó comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.114 LÓPEZ RAMOS, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que, durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

1.115 LÓPEZ REY, Armando

Países: Francia

Biografía

(Pobra do Caramiñal, ?) Era fillo de Emilio López Seoane. En 1939 atopábase en Francia refuxiado co seu pai.

Refª.Bibliográficas: "Refugiados", Galicia, XVII:260, (29/04/1939), 6.

1.116 LÓPEZ RICO, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.117 LÓPEZ RODRÍGUEZ, Ricardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

1.118 LÓPEZ ROERO, Ricardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo como refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

1.119 LÓPEZ SEOANE, Emilio

Países: Francia

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, ?) En 1939 estaba refuxiado en Francia. Pai de Armando López Rey, o cal tamén se atopaba refuxiado en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Refugiados", Galicia, XVII:260, (29/04/1939), 6.

1.120 LÓPEZ VARELA, Jesús

Países: Venezuela

Biografía

(Pontevedra, ?) Chega a Venezuela o 8 de maio de 1950. Militou nas Juventudes Socialistas. Estivo no cárcere de outubro de 1948 a novembro de 1949. Foi xulgado por delicto equiparado á rebelión militar. No exilio traballou de peón, cargou camións e foi chofer de coches de aluger. Logo dedicouse ó comercio e tamén desempeñou o cargo de receptor de anuncios de prensa.

Organizacións ás que pertenceu:

JJ.SS JUVENTUDES SOCIALISTAS

Profesións no exilio Obreiro / Chofer

Refª.Bibliográficas: LOZANO, D. e DELGADO, L. (1999:174-175)

1.121 LÓPEZ, Antonio

Países: Estados Unidos

Biografía

(O Barqueiro, O Vicedo, Lugo, ?) Exiliado galego, membro moi activo da directiva da Casa de Galicia en Nova York.

Refª.Bibliográficas: GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio e RICÓN VIRULEG, Amado (2000:59)

1.122 LÓPEZ, Domingo

Países: Arxentina

Biografía

(? - ?) Membro de Izquierda Republicana que en 1945 estaba exiliado en Bos Aires.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Empregado

Refª.Bibliográficas: "Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.

1.123 LÓPEZ, Enrique

Países: Francia / Arxentina

Biografía

(? - ?) Emigrante na Arxentina que volve a España co estalido da Guerra Civil. Despois exíliase en Francia e posteriormente na Arxentina.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

1.124 LÓPEZ, Felisindo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Grou, Lobios, Ourense, ?) Zapateiro veciño de Elixio Rodríguez Domínguez e de militancia comunista. Estivo en Barcelona antes de marchar cara ó exilio francés. En Francia estivo no campo de concentración de Argelès sur Mer.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Zapateiro

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:249)

1.125 LÓPEZ, Roberto "O Pajarito"

Países: Francia

Biografía

(A Rúa, Ourense, ?) Fillo dun republicano valdeorrés que fixo a guerra no exército popular e ó caer Asturias volveu a Galicia. Trala caída de Asturias, estivo preso ata 1944, e logo botouse ó monte. Sendo guerrilleiro, unha das accións máis importantes levouna a cabo con Mario de Langullo en 1947, no casarío da Mata. Estaba casado con Gloria Blanco Diéguez, tamén exiliada. Cruzaron a fronteira francesa con Odilio Fernández, " O Blas", e a súa muller o 20 de abril de 1952. Dirixíronse á Béziers, Hérault, onde estiveron na casa doutros exiliados, Bienvenido Piñeiro, de Murcia, e a súa muller Dolores Fernández Campos, de Freixido, Petín. En agosto de 1957 chegou a París.

Refª.Bibliográficas: TÉLLEZ, Antonio (2000:107, 153-154)

1.126 LORENZO ALONSO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Celanova, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds, Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.127 LORENZO CÉSAR, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.128 LORENZO CORDEIRO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Liñares, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.129 LORENZO MOSQUERA, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil, tiña o grao de tenente. Despois estivo no campo de refuxio francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

1.130 LORENZO PERJANO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pereiro, A Mezquita, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 5 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.131 LORENZO RAMOS, Alfonso

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrante do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

1.132 LORENZO RAMOS, Evaristo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Espiñeiros, Allariz, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.133 LORENZO RAMOS, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Espiñeiros, Allariz, Ourense, ?) En agosto de 1936 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.134 LORENZO RODRÍGUEZ, Claudio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Sanxenxo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.135 LORENZO SANTIAGO, Edmundo

Países: Francia / México

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) Deputado a Cortes polo PSOE da provincia da Coruña no ano 1931 e 1936, de posición contraria á promulgación do Estatuto de Autonomía galego. Trala fin da guerra pasa a Francia e logo a México. Alí foi vocal da Agrupación Socialista Galega xunto con Ramón Troncoso, que tiña o cargo de presidente, Luís Soto, secretario xeral, Marcial Fernández, vocal e J. Rodríguez Porto, vocal. Fundou tamén, xunto con outros exiliados galegos, a Alianza Nazonal Galega en 1943, da que foi o secretario xeral.

Organizacións ás que pertenceu:

ALIANZA NAZONAL GALEGA
PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL
UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Deputado

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ, F.R.: "Desde Méjico. Agrupación de Ugetistas Gallegos", Galicia, XXI:802, (24/10/1942), 1.
"Relación de los gallegos que se hallan refugiados en Francia y dirección de los mismos", Galicia, XVII:826, (06/05/1939), 8.
"Relación de los Gallegos que se hallan refugiados en Francia y dirección de los mismos ", Galicia, XVII:621, (06/07/1939), 1
"Relación de los gallegos que se hallan refugiados en Francia y dirección de los mismos", Galicia, XVIII:826, (06/05/1939), 8.
ALFONSO BOZZO, A. (1976:371)
TOBÍO, Lois (1994:535)

1.136 LORES BESADA, Vicente

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Lameira, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.137 LORES SOUTULLO, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Xove, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados. Hai dúbidas con respecto á localidade de orixe que aparece na lista refuxiados.

1.138 LOSADA CASTIÑEIRA, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

1.139 LOSADA DALAMA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Verín, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bram (Aude) en Francia. Segundo unha información xornalística, aparece unha persoa con nome de José Losada do que indican que se atopa no campo de Quartier E., Bram, Aude. Foi asistido economicamente polo Servicio de Evacuación de Refugiados Españoles (SERE) dende Newark, Estados Unidos.

Refª.Bibliográficas: "Servicio de Paquetes a los refugiados españoles" Cultura Proletaria, XII:607, (16/12/1939), 3-4.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.140 LOSADA OLMO, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Monforte de Lemos, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds, Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.141 LOSADA PARENTE, Rafael

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ourense, ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia. Tamén estivo no campo de refuxio de Vernet d´Ariège (barraca 43) e no de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138 e 142)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados.

1.142 LOSADA, Cándido "Malvavisco"

Países: Francia

Biografía

(A Gudiña, Ourense, ?) Sindicalista da UGT. Era o encargado de poñer a punto o armamento que chegaba á partida do "Inca", guerrilleiro co que actuaba. Pasa a Francia en 1952.

Organizacións ás que pertenceu:

UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Refª.Bibliográficas: TÉLLEZ, Antonio (2000)

1.143 LOSADA, Hermenexildo

Países: Portugal / Francia / México

Biografía

(Tui, Pontevedra, ?) Médico que dirixía na súa vila natal o Sanatario Losada e que por mor da Guerra Civil tivo que fuxir a Portugal co farmacéutico Ulpiano Piña. Losada vai de Portugal a Francia e dende alí á zona republicana. Despois marchou a México onde viviu exercendo a súa profesión e como profesor no Instituto Hispano-Mexicano Ruiz de Alarcón, dirixido por Pedro Martul Rey . Nese país tamén se aproximou ó grupo dos socialistas galegos no exilio. Regresou varias veces a Galicia.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Médico

Profesións no exilio Médico

Refª.Bibliográficas: ALONSO RÍOS, Antón (1996:29 e 24, n.1)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:183)
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)
Información proporcionada por Luis Martul Tobío.

1.144 LOSADA, Marcelino

Países: México

Biografía

(Tui, Pontevedra, ? - México, ?) Médico galego exiliado en México ó igual que o seu irmán Hermenexildo Losada. Nese país participou das actividades dos socialistas galegos exiliados. Morreu no exilio.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Médico

Profesións no exilio Médico

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:183)
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

1.145 LOUSADA RIVAS, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Betanzos, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 6 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.146 LOUZÁN GARCÍA, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

1.147 LUACES CANOSA, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Camariñas, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.148 LUACES TRINQUETE, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.149 LUCAS SEOANE, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.150 LUENGO GARCÍA, Juan Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

1.151 MACARRÓN FERREIRA, Fernando

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.152 MACEIRAS BELLÓN, Severino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Refuxiado posteriormente no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

1.153 MACEIRAS, José Valentín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi membro durante a Guerra Civil do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Posteriormente estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

1.154 MADARIAGA ROJO, Salvador de

Países: Reino Unido / Suíza

Biografía

(A Coruña, 23/07/1886 - Locarno, Suiza, 14/12/1978) Político, escritor, diplomático que tamén acadou o título de Enxeñeiro de Minas, desempeñando este cargo entre 1912 e 1916 na explotación de Ferrocarriles del Norte de España, dedicándose máis tarde ós estudios históricos así como á política. En 1916 vai a Londres onde foi redactor do "Times" e publica en inglés o seu primeiro libro de crítica literaria "Shelley and Calderon". En 1921 ingresa na Secretaría da Sociedade de Nacións, renunciando en 1928 para ocupar a cátedra de Literatura Española na Universidade de Oxford ata 1931. Nese ano foi nomeado profesor extraordinario da Universidade de México, despois embaixador da República en Washington e delegado de España ante o Consello da Sociedade de Nacións, na que foi membro da Comisión de Artes e Letras. En 1933 foi embaixador da República en París e pouco despois é enviado de novo a Xenevra, onde presidiu a Comisión ata xullo de 1936. Como membro da Sociedade de Nacións viaxa en 1935 en calidade de observador das operacións bélicas desenvolvidas no Chaco. Durante a viaxe visita tamén Uruguai, Arxentina e Chile. Tamén foi ministro de Instrucción Pública e Xustiza no gabinete de Lerroux e deputado pola ORGA. Máis tarde en Suíza, foi presidente da Unión Liberal e da Sección Cultural do Movimento Europeo. En 1973 recibe o Premio Carlomagno ó europeo máis ilustre. A súa obra "España" é considerada como un clásico do ensaio histórico contemporáneo. Volta a España temporalmente trala morte de Franco. É recibido cunha grande homenaxe na Coruña. Cedeu a súa biblioteca ó Instituto "José Cornide" da Coruña.

Organizacións ás que pertenceu:

FRG FEDERACIÓN REPUBLICANA GALEGA
IR IZQUIERDA REPUBLICANA
ORGA ORGANIZACIÓN REPUBLICANA GALLEGA AUTÓNOMA

Profesións: Político / Escritor / Diplomático / Deputado / Catedrático

Profesións no exilio Escritor / Diplomático / Ministro

Obra no exilio: "España. Ensayo de Historia Contemporánea" (1931); "Cristóbal Colón"; "El auge y el ocaso del Imperio Español en América"; "Cuadro histórico de las Indias: Introducción a Bolívar" (1945)

Refª.Bibliográficas:
GEG
MOLINA, César Antonio (ed. lit.) (1987)
VELO PENSADO, Ismael (1987:531-543)
ALFONSO BOZZO, A. (1976:371)
CHUECA GOITIA, Fernando (1999:26)

1.155 MADARIAGA, Pilar de

Países: Estados Unidos

Biografía

(? - ?) Irmá de don Salvador de Madariaga. A finais da década dos 30 era profesora de español no Vassar College do Estado de Nova York.

Profesións no exilio Profesora

Refª.Bibliográficas:
GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio e RICÓN VIRULEG, Amado (2000:46-47)

1.156 MADARNAS ?, Ángel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Posteriormente estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas:
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

1.157 MADARNAS GONZÁLEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Chegou en 1939 a Barcarès como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

1.158 MADARNAS MADARNAS, Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Tenente do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:143)

1.159 MADERO PRADA, Emilio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Estivo refuxiado en Francia no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

1.160 MAGARIÑOS CARAMÉS, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

1.161 MAGIDE CANCIO, Emilio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

1.162 MAINRANA ARCAS, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Palmeira, Ribeira, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo o seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.163 MALLEBREIRA ARMERO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia. A partir dese momento dáse por desaparecido.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

1.164 MALLO ESTÉVEZ, Celia

Países: Arxentina

Biografía

(? - ?) Afiliada a Izquierda Republicana que en 1945 está exiliada en Bos Aires.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Empregada

Refª.Bibliográficas: "Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.

1.165 MALLO, Maruja (Ana María Gómez González)

Barco

Países: Arxentina

ALCÁNTARA

Biografía

(Viveiro, Lugo, 05/01/1902 - Madrid, 06/02/1995) Era filla dun madrileño chamado Justo Gómez Mallo e da viguesa Pilar González Lorenzo. De nena vive en Tui e despois trasládase coa súa familia a Avilés. En 1922 vai a Madrid e alí decide ingresar na Academia de Bellas Artes de San Fernando onde coñece a Salvador Dalí. Fai a súa primeira exposición de pintura, asinando co seu verdadeiro nome, nos salóns da Revista de Occidente. Nesa cidade tamén fai amizade con Concha Méndez, Rafel Alberti, Luis Buñuel, Valle Inclán, Miguel Hernández, Ortega y Gasset, Benjamín Palencia e Federico García Lorca. Nese tempo convértese na pintora Maruja Mallo por mor dun comentario que fai Xesus Bal nunha revista de arte. Frecuentaba a "Cofradía de la Perdiz", que era un grupo selecto creado na Residencia de Estudantes madrileña e do que García Lorca era sumo sacerdote. Traballou tamén ilustrando libros e revistas literarias e estivo incluida na primeira etapa da Escola de Vallecas. No ano 1927 morre a súa nai e abandona Madrid para ir co seu pai ás Illas Canarias. Máis tarde viaxa a París gracias a unha axuda que lle concede a Junta de Ampliación de Estudios para o perfeccionamiento nas técnicas da escenografía. Alí toma contacto co surrealismo da man de Andrè Breton e Paul Éluard. Logo, coa morte do pai en 1933, volve a Madrid e comeza a frecuentar numerosas tertulias e festas. O artista uruguaio Torres García, amigo de Rafael Dieste, inclúea no Grupo de Arte Constructiva que se presenta no XVIº Salón de Outono madrileño. Dende 1934 participa das Misión Pedagóxicas como profesora de debuxo e cerámica. Por este tempo coñece ó trosquista galego e líder sindicalista Alberto Fernández Mezquita, e con el asiste a mítins e actos públicos de apoio á República. Coa Asociación de Amigos de las Artes Nuevas (ADLAN) á que ela pertencía, participou na exposición loxicofobista organizada en Barcelona. Empeza tamén a deseñar escenografías para obras teatrais. Ó estala-la Guerra Civil está en Galicia, acompañada de Fernández Mezquita, como profesora das Misións Pedagóxicas. Deciden ir cara a Lisboa cruzando a fronteira de Tui. Na capital portuguesa coñece a embaxaidora de Chile que lle concede protección diplomática. Así, logra embarcar no vapor Alcántara rumbo a Bos Aires, mentres, Fernández Mezquita é deportado a España. Maruja Mallo chega a Bos Aires o 9 de febreiro de 1937 e pasa a ser hóspede do embaixador de México, Alfonso Reyes. Na capital arxentina escribe un artigo co título "Relato veraz de la realidad de Galicia" que sae publicado en catro entregas no xornal "La Vanguardia" de Barcelona en agosto de 1938. En 1939 publica tamén "Lo Popular en la plástica española a través de mi obra". Dous anos despois a editorial Losada publica en 1942 o seu "Proceso histórico de la forma en las artes plásticas" e un libro sobre ela, "Maruja Mallo, 59 grabados en negro y 9 láminas en color, 1928-1942", cun prólogo de Ramón Gómez de la Serna. No exilio deseña tecidos, obxectos para a decoración e mobles por encargo da "Casa Compte", así como varias pinturas murais. Tralo éxito das súas exposicións na capital porteña, Maruja é convidada a Montevideo, Santiago de Chile, Río de Janeiro, La Paz e Nova York. Nesta última cidade mostra a súa obra e da conferencias. En Bos Aires coñece a Luís Seoane, Lorenzo Varela, Blanco Amor e Ramón Suárez Picallo. Deste último será hóspede nalgunhas das súas viaxes a Chile. En 1945 visita a Illa de Pascua xunto co seu amigo Pablo Neruda. A pesar de participar do ambiente da alta sociedade peronista alíase á esquerda latinoamericana. Tamén viaxou por Bolivia e Perú, países andinos nos que se inspira para pintar máscaras. En 1961 decide regresar a Madrid e morre o 6 de febreiro de 1995. Os seus restos foron incinerados e trasladados á Galicia.

Profesións: Pintora

Profesións no exilio Pintora

Obra no exilio: Libros, monografías e folletos: "Lo popular en la plástica española a través de mi obra, 1928-1936" (1939) Buenos Aires: Ediciones Losada; "Homenaje a la Revista de Occidente" (1979) Madrid
Conferencias: "El surrealismo a través de mi obra" (Santander, 1981)
Artigos:
"Relato veraz de la realidad de Galicia", La Vanguardia, (agosto 1938)
"Ideas sobre el estilo", Antártica, 7, (marzo 1945), 78-80.

Refª.Bibliográficas:
ABRIL, Manuel: "Maruja Mallo" en Revista de Occidente, (xullo 1928)
GÓMEZ DE LA SERNA, Ramón [1942]
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:69)
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:304-305)
GÁNDARA, Consuelo (1978)
VICENT, Manuel (1981)
CAGIAO, Pilar (1997:90)
VIDAL, Carme (1999)

Refª.Fotográficas: Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires, XXV:319, (agosto 1939), 31 e VIDAL, Carme (1999)

1.166 MALLO, Nicolás

Países: México / República Dominicana / Cuba / Francia

Biografía

(A Coruña, ?) Militante da CNT coruñesa que durante a Guerra Civil escapa a Asturias e despois exíliase en México, pasando primeiro pola República Dominicana e Cuba. En 1945 vai a París para encargarse da Dirección de Montes y Bosques do Goberno Giral. Despois da caída deste goberno, volta a España e participa da loita clandestina ata que é detido en marzo de 1947. Nos anos sesenta, despois de saír da cadea, patrocinou o achegamento entre militantes da CNT e do sindicato vertical.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

1.167 MALVÁREZ BAAMONDE, Xoán

Países: Francia / Campos de Refuxio / Estados Unidos

Biografía

(Muros, A Coruña, ?) Fora presidente da Sociedade Sindical da súa vila. Fuxiu nos bous "Santa Eulalia" e "Santa Rosa" de Muros cara a Bilbao. Estivo nun campo de refuxio e despois partiu para ós Estados Unidos.

Refª.Bibliográficas: AGRAFOXO PÉREZ, Xerardo (1995:386)

1.168 MALVÁREZ PÉREZ, Xoán "Oiga"

Países: Francia

Biografía

(Muros, A Coruña, 1914) Zapateiro que fuxiu o 26 de xullo de 1936 nos bous "Santa Eulalia" e "Santa Rosa" cara a Bilbao. Despois exiliouse en Francia.

Profesións: Zapateiro

Refª.Bibliográficas: AGRAFOXO PÉREZ, Xerardo (1995:385-386)

1.169 MANEIRO MARÍN, Ramón

Países: Francia

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.170 MANRESA DEL RÍO, Basilio

Países: Francia

Biografía

(Ares, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.171 MARA ROCA, Antonio

Países: Francia

Biografía

(Ares, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.172 MARCOS RODRÍGUEZ, Eladio ("Marcos de Abeleda")

Barco

CABO DE BUENA ESPERANZA

Países: Arxentina

Biografía

(Sober, Lugo, 1908) Quedou orfo ós tres meses e foi criado en Abeleda, Ourense, pola súa avoa materna. Un tío médico emigrado en Cuba enviáballes cartos periodicamente para que Eladio poidera estudiar. Rematou o bacharelato en Ourense con diploma de mérito. Marchou a Madrid onde traballou nun taller de decoración e foi á Escola de Artes e Oficios durante tres meses. Fixo o servicio militar en África e pasou un curso intensivo de Maxisterio para converterse en mestre. Asignáronlle a escola de Santa Tecla en Castro Caldelas. Non tivo afiliación política, pero tiña unha ideoloxía avanzada e progresista que aplicaba nas súas clases. Cando estalou a guerra pecharon o colexio e destituírono. Debido á súa experiencia militar en Ceuta como sarxento, chamárono para facer de instructor de recrutas en Ourense. Logo é destinado a Asturias, onde coñece a Fina Priedes, unha rapaza de 17 anos de Cangas de Onís, que acababa de saír da cadea e coa que casa ó remata-la guerra. Eladio e Fina instalaron unha academia de ensino xeral en Monforte de Lemos, aínda que por ser contrarios ó réxime pecháronlles a escola en 1948 por unha orde gubernativa. En xaneiro de 1949 Eladio, Fina e seu fillo Xurxo parten cara a Bos Aires. De mozo escribiu poemas que lle foron publicados en "Vida Gallega","La Región" e "Faro de Vigo". Ademais de mestre foi pintor e debuxante realizando varias exposición en 1945, antes de marchar a América. Cultivou predominantemente o retrato, sendo famosos o de Carré Aldao, do Centro Gallego, e o de García Ferreiro, do Centro Orensano. Retorna en 1975 e a súa muller pouco tempo despois. Consegue que o reincorporen no ensino, sendo destinado ó Colexio Público de Ribadavia e logo a Barbantes. Xubílase e instálase na cidade de Ourense.

Profesións: Mestre / Debuxante / Poeta

Profesións no exilio Pintor / Debuxante

Obra no exilio: Un debuxo en NEIRA VILAS, Xosé (1994:126)

Refª.Bibliográficas: NEIRA VILAS, Xosé (1994:295-302)
VILANOVA RODRÍGUEZ, Alberto (1966, II:1376)
GEG

Refª.Fotográficas: Hai un autorretrato do autor realizado en 1990 en NEIRA VILAS, Xosé (1994:297)

1.173 MARCOTE MARCOTE, Ramón

Países: Francia

Biografía

(Fisterra, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.174 MARÍN

Países: Cuba

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) Na súa cidade natal era propietario dunha carnicería. En 1940 vai para Camaxuán, Cuba, onde instalou unha famosa fábrica de embutidos.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1988:241)

1.175 MARÍN SAGREDO, Francisco

Países: Cuba

Biografía

(? - ?) En decembro de 1937 estaba exiliado na Habana, onde era secretario do Grupo de Exiliados Antifascistas.

Refª.Bibliográficas: Nueva Galicia, 35, (16/01/1938), 2.

1.176 MARIÑO CARBALLEDA, José

Países: Francia

Biografía

(Monforte de Lemos, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.177 MARIÑO MÉNDEZ, Manuel

Países: Francia / Arxentina

Biografía

(Ponteareas, Pontevedra, ?) Dirixente agrario local, delegado da Unión Progresista de Salvaterra de Miño en Bos Aires, en Salvaterra. Fora artífice do ingreso de sete sociedades agrarias do Concello de Salvaterra na UGT en 1926. Foi alcalde de Salvaterra de Miño por Izquierda Republicana entre 1931 e 1934, e en febreiro de 1936. No ano 1939 atópase refuxiado en Francia e posteriormente vai para a Arxentina. Nese mesmo ano recibe unha homenaxe da Sociedad Unión Progresista del Distrito de Salvatiera.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL
UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Alcalde

Refª.Bibliográficas: "Refugiados", Galicia, XVII:620, (29/04/1939), 6.
"Progresista del Distrito de Salvatierra. Homenaje al alcalde de Salvatierra Sr. Manuel Mariño Méndez" Galicia, XVII:638, (02/11/1939), 6.
"Nuestra cena de camaradería adquirió brillantes proporciones", Galicia, XVII:640, (16/11/1939), 3.
"Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.
NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (1998:339)

1.178 MARIÑO RIVEIRA, José

Países: Francia

Biografía

(Miño, A Coruña, ?) En 1939 atopábase refuxiado en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Refugiados", Galicia, XVII:260, (29/04/1939), 6.

1.179 MARIO GUDE, Juan

Países: Unión Soviética

Biografía

(A Coruña, 1907) Era mariñeiro que pertenceu ó PCE dende 1946. Fora voluntario do Exército Vermello soviético. Traballou como obreiro en Odesa, Rostov e Moscova. Finalmente foi repatriado.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Mariñeiro

Profesións no exilio Obreiro

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.180 MARTÍN ÁLVAREZ, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Chegou en 1939 a Barcarès como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

1.181 MARTÍN DE PUBUL, Elvira

Países: Arxentina

Biografía

(A Coruña, 13/12/1906) Escritora e traductora exiliada na Arxentina en 1940.

Escritora / Traductora

Obra no exilio: Artigos: "El caso de Pilar Ortiz", Mundo Argentino, (25/05/1942); "El naturalismo de la Pardo Bazán" Revista Emecé, (novembro 1943); "Sombras" Arg. Aust., (xaneiro 1945)
Traduccións: de PERUTZ, Leo: "El Marqués de Bolívar" (1945) Buenos Aires: Editorial Argonauta; "Buenos Aires visto por viajeros ingleses" (1945) Buenos Aires, Editorial Emecé

Refª.Bibliográficas: CAGIAO, Pilar (1997:89)
DÍAZ PARDO, Isaac (1992:192-1999)
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:69-70)

1.182 MARTÍN IGLESIAS, Félix

Barco
IPANEMA

Países: México

Biografía

(A Coruña, ?) Oficial do Estado Maior do Vº Corpo. Exiliouse en México onde chegou a licenciarse en Antropoloxía. Alí tamén colaborou na revista "Saudade"e frecuentou os ambientes socialistas do exilio galego.

Profesións: Militar

Profesións no exilio Antropólogo

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1988:105-106)
ÁLVAREZ, Santiago (1989:183)
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

1.183 MARTÍN PIÑEIRO, Rafael

Países: Francia

Biografía

(Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.184 MARTÍNEZ AGULLA, Carmen

Países: Unión Soviética

Biografía

(Cangas de Morrazo, Pontevedra, 1930) Foi evacuada en 1937 á U.R.S.S. Traballou en Obnihskoye, Saratov, Tarasovka, Roguisk, Eode e Krasnoforsk. Foi costureira en Moscova e repatriouse en 1992. Morreu.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Nenas da Guerra

Profesións no exilio Modista

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Telesforo Morales Ortiz, coordinador do programa “Colectivo nenos da guerra na URSS” da Xunta de Galicia.
Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

Comentarios: No listado do Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova aparece como Martínez "Aguyón", Carmen.

1.185 MARTÍNEZ AGULLA, Pepita

Países: Unión Soviética

Biografía

(Pontevedra, 1930) Marchou á Unión Soviética de nena. Viviu en Obniskoye, Eode Krasnogorsk. Repatriouse co seu home Francisco Ripoll.

Nenas da Guerra

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.186 MARTÍNEZ AGULLA, Teófilo

Países: Unión Soviética

Biografía

(Pontevedra, 1932) Marchou á Unión Soviética sendo un neno. Viviu en Obniskoye, Sartov, Tarasovka. Repatriouse.

Profesións: Nenos da Guerra

Refª.Bibliográficas: Libro Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

Comentarios: No Libro Rexistro do Centro Español de Moscova aparece como "Aguyón"

1.187 MARTÍNEZ ARIAS, Julio

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(A Coruña, ? - Mauthausen, 07/08/1941) Foi trasladado ó comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.188 MARTÍNEZ BARREIRO, Manuel

Países: Uruguai

Biografía

(Redondela, Pontevedra, 18/02/1918) Este carpinteiro chegou a Uruguai en 1942. Irmán de Rogelio Martínez Barreiro.

Profesións: Carpinteiro

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Rogelio Martínez Barreiro.

1.189 MARTÍNEZ BARREIRO, Rogelio

Países: Arxentina / Uruguai

Biografía

(Redondela, Pontevedra, 4/10/1923) Era fillo de Rogelio Martínez e de Narcisa Barreiro Mos. Tivo que exiliarse a Uruguai en 1941 por medo a ir ó cárcere. Fuxiu con documentación falsa. Estivo primeiro en Arxentina e logo en Uruguai onde xa estaba o seu pai. En Uruguai traballou de camareiro e obreiro dunha empresa petroleira. Estudiou na Escuela Industrial Mercante. Foi director por un tempo do xornal "España Democrática" da Casa de España, institución que aglutinaba a parte dos exiliados españois. Actualmente rexenta unha papelería e escribe no xornal "El Diario Español" e na revista "Ecos da Terra" da Casa de Galicia de Montevideo.

Profesións no exilio Obreiro / Camareiro / Libreiro

Obra no exilio: "Recordando a Roberto Gómez" en Migraciones: teoría e historia. Testimonios y documentación, UNED, (2001), 199-206.
Crónica do exilio español en Uruguay (3 tomos)

Refª.Bibliográficas: Entrevista a Rogelio Martínez Barreiro. Realizada por Silvia Facal Santiago en Montevideo, 10 de marzo de 2001.

1.190 MARTÍNEZ BOUZAS, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

1.191 MARTÍNEZ CACHEIRAS, José

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(A Coruña, ? - Mauthausen, 23/12/1941) Foi trasladado ó comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.192 MARTÍNEZ CALVO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi membro durante a Guerra Civil do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Posteriormente estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

1.193 MARTÍNEZ CARTAMIL, Manuel

Países: Francia / México

Biografía

(Muxía, A Coruña, ?) Mariñeiro e destacado patrón de pesca. Por problemas económicos e pola súa relación co contrabando de tabaco ten que trasladarse a Fisterra. Coa chegada da Guerra Civil foxe da Coruña con Juan March, diplomático maiorquín, chegando ó porto francés de Brest. Entra a traballar nos barcos mercantes da Repúbica e despois de estar en Cataluña vai ó sur de Francia dende onde sae cara México coa axuda de Martínez López e José Castro.

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio (1990:137 e 146)

1.194 MARTÍNEZ DÍAZ, Santiago

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo no campo de refuxio francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

1.195 MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Logo estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

1.196 MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, Amador "Ramón"

Países: Francia

Biografía

(Vilachá, Lugo, 2/12/1914) Nace no seo dunha familia campesiña. Seus pais rexentaban unha tenda de ultramarinos e un estanco que funcionaba ademais como a escola da aldea. Ós 15 anos, xa traballaba na construcción do ferrocarril de Monforte de Lemos, onde fai os primeiros contactos co mundo do traballo, afiliándose á UGT. En 1933 estivo perseguido polo seus enfrontamentos cos fascistas. Á raíz da revolución de Asturias de 1934, afiliouse ás Xuventudes Comunistas. Debido a súa participación nos movementos de protesta mineiros ten que pasar á clandestinidade. En 1935 empezou o servicio militar no exércitodo aire en Cuatro Vientos (Madrid). En 1936 estaba no exército e permaneceu leal á República. Ascendido a Cabo foi nomeado instructor dos ferroviarios no convento de Príncipe de Vergara (Madrid). Pouco despois foi enviado de novo a Catro Vientos como instructor da columna do tenente coronel Rubio. Tamén ingresou no corpo de Garda de Asalto, destinado no 5º Grupo do mesmo. A causa das feridas producidas por dous tiros na cabeza, pasou un mes no hospital de Cuenca. No transcurso da guerra, algúns dos seus familiares foron asasinados e o seu irmán Ramón foi capturado en 1939 pola participación nas guerrillas. Foi deportado a Pamplona e sentenciado a 30 anos aínda que logo cumpriu unha condena de 15. Ó remata-la guerra pasou a Francia por Puigcerdá para ser internado no campo de refuxiados de Sepfonds, Tarne et Garonne. Posteriormente escapou del e pasou a formar parte da resistencia francesa. Durante estes anos pasou a súa vida entre cárceres, campos de concentración etc. Escapou do campo de Noé en xaneiro de 1944. Incorporouse ó maquis e rematada a Guerra Mundial, volveu á clandestinidade traballando para o PCE. Nos anos 50 fixo de guía nos pasos de Francia a España. Foi enviado á Galicia a principios de 1960 baixo o nome falso de "Ramón", permanecendo no país ata 1965 levando a cabo a reorganización do Partido Comunista. En París traballou na Editorial Ebro, do PCE e formou parte do primeiro Comité Central do Partido Comunista de Galicia. En 1997, Amador Martínez doou ó Arquivo Histórico do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (Fundación 10 de marzo), unha boa parte da súa documentación persoal. Recibiu o Premio 10 de Marzo outorgado polo Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia en 1998. Hoxe en día vive en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA
PCG PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA
UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.
SANTIDRIÁN ARIAS, Víctor M. (2001:74-78)
Información aportada por Amador Martínez.
Información aportada por Víctor Santidrián.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.197 MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

1.198 MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, Horacio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

1.199 MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, Isidoro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

1.200 MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante o transcurso da Guerra Civil. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarés.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

1.201 MARTÍNEZ GONZÁLEZ, Clemente

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Teis, Vigo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.202 MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón

Barco

Países: Portugal / Francia / Arxentina / Estados Unidos

MASSILIA

Biografía

(Boiro, A Coruña, 1907 - Santiago de Compostela, 1989) Fillo de Ramón Martínez Otero e de Concepción López Guerra. Estudia boa parte do bacherelato interno en Monforte de Lemos. Posteriormente marcha a Vigo para remata-los estudios secundarios en 1923. En Santiago de Compostela fai o preparatorio, curso común previo a súa matrícula como alumno de Dereito. Unha vez alí, asina xunto con outros galeguistas, a acta fundacional do "Seminario de Estudos Galegos". Durante a súa etapa universitaria comenza a publicar no "Compostelano" glosas e artigos breves. Remata a carreira de Dereito no ano 1927, e dous anos despois a de Filosofía e Letras, marchando entón a Lugo como profesor do Instituto de Ensinanza Media. En 1931 é candidato a deputado ás Cortes Constituíntes pola ORGA, participando nese mesmo ano da fundación do Partido Galeguista. No outono de 1932 gaña por oposición, entre catedráticos de toda España, unha praza académica con proxección diplomática para ensinar no "Instituto Español" de Lisboa. Entre 1933 a 1936 é catedrático de Lingua e Literatura Española nesa institución lisboeta. O día do alzamento militar, estaba en Galicia de vacacións, e pasa novamente a Portugal coa axuda do avogado Valentín Paz-Andrade. Unha vez alí, o embaixador Claudio Sánchez Albornoz noméao agregado cultural, sendo un dos poucos funcionarios da Embaixada que non pasou ó comité que representaba o Goberno de Burgos. Entón, Martínez López é declarado persoa non grata polo goberno de Salazar. Coa axuda da poetisa e diplomática chilena, Gabriela Mistral, logra embarcar nun barco sueco que se dirixía a Marsella, e dende alí, chega a París onde permanece como agregado cultural da Embaixada Española ata abril de 1937. O seu traballo neses meses consiste en xestionar axudas oficiais para os refuxiados vascos e en organizar escolas para os nenos fuxidos. Nese mesmo ano vai para a zona republicana onde entra na Academia de Carabineiros de Orihuela, incorporándose á fronte do Segre, en Lleida, destinado despois á Dirección Xeral de Carabineiros con sede en Barcelona. Trala fin da guerra, marcha novamente a Francia, onde permanece no campo de concentración de Argelès sur Mer. Cando sae de alí parte no barco Massilia cara a Arxentina. Nese país traballou na biblioteca de Pergamino, no Instituto de Filoloxía da Universidade de Bos Aires baixo a dirección de Amado Alonso, dedicándose ademais a dictar algunhas conferencias. Logo, en 1940, vai ós Estados Unidos, onde foi catedrático de Literatura na Universidade de Austin (Texas) e profesor visitante e membro do Seminario de Estudios na Universidade de Winsconsin. En 1971 regresa do exilio e pasa a ser membro do Patronato da Fundación Otero Pedrayo e da Universidade de Santiago de Compostela. Tamén foi presidente de honra do Partido Galeguista logo da súa refundación en 1978, membro asesor do Consello da Cultura Galega e secretario do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.

Organizacións ás que pertenceu:

CCG CONSELLO DA CULTURA GALEGA
PG PARTIDO GALEGUISTA
SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Profesións: Avogado / Profesor / Diplomático / Lingüista / Catedrático

Profesións no exilio Profesor / Catedrático

Obra no exilio:
"Introducción Lingüística, Notas e Vocabulario da General Estoria", Universidad de Oviedo
"Alfonso Álvarez de Villasandino, poeta gallego del cancionero de Baena"
"Adiciones y Rectificaciones al Diccionario Crítico-Etimológico de Corominas" Boletín de Filología, Universidad de Chile, (1959).
"Portugal a través da obra Literaria de Tirso de Molina"
"Stylistics, Literary Criticism and Linguistics" (1961) New York
"Image of Spain" (1961) Austin: University of Texas
"A Portrait of Valle-Inclán" (1968) Texas University
"Unha ollada aos cancioneiros", Grial, 34, (1971), 385-391.
"A literatura galega no exilio" (1989) Ourense: Patronato Otero Pedrayo
Carta a Valentín Paz-Andrade (Austin, 21 de outubro do 54) en PORTELA YÁÑEZ, Charo e DÍAZ PARDO, Isaac (ed.) (1997a)
"Concernig the ownership of the beds of creeks in the civil war", (1954) Estados Unidos
"Pregón polo pronunciado polo profesor de D. Ramón Martínez López nas festas do apóstolo Sant-Yago do ano 1983"(1983) Santiago de Compostela: La Ibérica
"Nova ollada aos cancioneiros", Grial, (separata do nº 34), (1971)
"Tres cartas do desterro", Boletín de la Real Academia Gallega, XXXII:357, (1975), 73-77.

Refª.Bibliográficas:
ABELLÁN, José Luis (dir.) (1976, I:194)
MARCH, Kathleen N. (ed. lit.) (1990)
TOBÍO, Lois (1990:131-135)
FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1990:9-12)
MARTUL TOBÍO, Luis (trad.) e FANDIÑO VEIGA, Xosé Ramón (1990:6-7)
VILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995a:137-159)
PORTELA YÁÑEZ, Charo (1999:497-505)
FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (2000:300)

Refª.Fotográficas: CID CABIDO, Xosé: Seoane. 1910-1979. Unha fotobiografía, Vigo, Xerais, 1993, páx. 169. ÁLVAREZ, Santiago: Osorio-Tafall. Su personalidad, su aportación a la historia, Sada (A Coruña), 1992. VILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995a:137, 137, 140, 145, 148, 149, 151, 153, 155)

1.203 MARTÍNEZ PARADA, Castro

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Trascastro, O Incio, Lugo, ?- Mauthausen, 28/07/1941) Foi trasladado ó comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.204 MARTÍNEZ PARDÓN, Felisindo

Países: Campos de Refuxio / Francia

Biografía

(Cualedro, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.205 MARTÍNEZ PAZ, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Logo estivo no campo de refuxio francés de Vernet d´Ariège (barraca 43) e no de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140 e 141)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados.

1.206 MARTÍNEZ PEREIRA, Jaime

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Panxón, Nigrán, Pontevedra, ? - Mauthausen, 29/12/1941) Foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen e morreu no comando Gusen.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.207 MARTÍNEZ PÉREZ, Ubaldo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Villaviciosa, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.208 MARTÍNEZ RAMOS, Nicasio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Santiago de Compostela, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.209 MARTÍNEZ RISCO Y MACÍAS, Manuel

Países: Francia

Biografía

(Ourense, 1888 - París, 1954) Amplia estudios en Holanda e Alemaña, e ós 27 anos acadou por oposición a cátedra de Acústica e Óptica da Universidade de Zaragoza e despois na Universidade Central de Madrid. Deputado a Cortes pola Acción Republicana de Ourense durante a República (1931-33). Nas Cortes foi un gran defensor da autonomía para Galicia. En Izquierda Republicana chegou a ocupar postos de responsabilidade. Durante a Guerra Civil dirixiu a fábrica de instrumentos de Óptica creada polo goberno republicano. Trala Guerra Civil vai para Francia onde continúa o seu labor de investigación e chega a ser presidente da Academia de Ciencias de París. Alí chegou a desempeñar altos cargos na súa especialización, traballando coa categoría de "Maitre de Recherches" no Centre National de Recherches Scientifiques. Dirixiu tamén a Asociación de Profesores Universitarios no exilio e era vicepresidente da Liga Internacional dos dereitos do neno. Foi tamén conselleiro do Bloque Repubricán Nazonal Galego. Destacan as súas obras: "La asimetría de los triples de Zeeman" (Madrid, 1912 e 1914), "Estudios Generales sobre aberración esférica de orden superior" (Madrid, 1927). Morre en Francia en 1954.

Organizacións ás que pertenceu:

BRNG BLOQUE REPUBRICÁN NAZONAL GALEGO
IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Óptico / Catedrático

Obra no exilio: "La asimetría de los triples de Zeeman" (Madrid, 1912 e 1914)
"Estudios Generales sobre aberración esférica de orden superior" (Madrid, 1927)

Refª.Bibliográficas: GEG
ABELLÁN, José Luis (dir.) (1976, V:230-240)
"El sabio gallego Manuel Martínez Risco" Galicia Emigrante, I:2, (xullo 1954), 23.
"Hacia la Unidad de los Gallegos Antifranquistas", Galicia, XXIV:946, (02/03/1946), 3. (Sobre a súa afiliación o BRNG)
ABELLÁN, José Luis (dir) (1976, I:109).

1.210 MARTÍNEZ RIVAS, Maximino

Países: Francia

Biografía

(Mondariz, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.211 MARTÍNEZ ROCES, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ourense, ?) Fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia. Tamén estivo no campo de refuxio de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.212 MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Modesto

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

1.213 MARTÍNEZ VARELA, Eduardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Moaña, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.214 MARTÍNEZ VILARINO, Magín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936 e que un tempo despois pasa a formar parte do Vº Rexemento de Milicias Populares, e logo intégrase como 4º Batallón da 1ª Brigada Mixta no Exército Popular. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

1.215 MARTÍNEZ VILLAVERDE, Bernardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrante do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

1.216 MARTUL REY, Pedro

Barco

IPANEMA

Países: Francia / Campos de Refuxio / México

Biografía

(Santa Baia de Camba, Rodeiro, Pontevedra, 03/07/1909 - Santiago de Compostela, 1982) Tras realiza-los estudios universitarios en Santiago de Compostela casa con Mª de los Ángeles Tobío en 1931, e trasládanse a Madrid. Nesta cidade traballou durante un breve período de tempo no Centro de Estudios Históricos. Gaña as oposicións a catedrático de ensino medio e trasládase a Monforte de Lemos mentres a súa muller está en Ourense. Durante ese tempo, tivo algunha actividade política participando nalgúns mitins, e fixo amizade con algúns galeguistas como Otero Pedrayo, Castelao, Suárez Picallo, así como tamén de Colmeiro, Bouza Brey, Carballo Calero, Celso Emilio Ferreiro, etc. O estalido cólleo en Madrid e aínda que permanece uns meses na cidade, trasládase a Valencia e logo a Orihuela (Alicante), onde foi profesor de ensino medio. No ano 1938 foi destinado á Escola de Xefes e Oficiais de Carabineiros de Caldes de Montbui (Barcelona). Dende alí cruza os Pirineos por Le Perthus coa súa muller e o seu primeiro fillo, Pedro, en xaneiro de 1939. Despois de pasar varios meses nos campos de refuxio de Montpellier e Argelès sur Mer, reúnese coa súa muller en Monte Limar, onde deciden marchar a América. Dende Burdeos embarcaron no Ipanema rumbo a México, chegando a Veracruz en xullo de 1939. En México Pedro Martul foi director, fundador e profesor do Instituto Hispano-Mexicano Ruiz de Alarcón, entablando ademais unha forte amizade co presidente mexicano Lázaro Cárdenas. Relacionouse ademais con outros intelectuais vencellados a institucións culturais, como Ventura Castro Leal, Silvia Herzog, Vicente Leñero, Espinosa Meireles ou outros distinta significación como Lombardo Toledano ou Alfonso Reyes. En canto á relación con outros exiliados asistiu con frecuencia ás reunións que se organizaban na casa de Indalecio Prieto os domigos á tarde. Co peche do Instituto ó redor do ano 1943, Pedro Martul pasa a ser profesor da Escola Superior de Guerra en México D.F.. Nos últimos anos do exilio comezou a adicarse ó negocio dos seguros, actividade coa que seguirá unha vez que regresa a Galicia en 1948. Reside na Coruña ata 1955, ano no que se traslada a Santiago de Compostela. Dende 1949 viña traballando na empresa de seguros Galicia S.A., ata que se reincorporou como profesor de Ensino Secundario no ano 1961no Instituto Xelmírez de Santiago. Durante esos anos publicaba a miúdo na prensa galega (La Voz de Galicia, El Correo Gallego, La Región, etc.). Pedro Martul morreu en Santiago de Compostela en 1982.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Profesor

Profesións no exilio Profesor / Axente de seguros

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Luis Martul Tobío.
Entrevista a Mª de los Ángeles Tobío Fernández, realizada por Rosa Mª López González e Nancy Pérez Rey, o 27-VII-2001 en Santiago de Compostela.

1.217 MARUJA

Países: Uruguai

Biografía

(? - ?) Muller de Álvaro Fernández Suárez. Estivo exiliada en Montevideo. Traballou como secretaria nas oficinas do laboratorio "Roche". Ela e o seu marido xuntábanse con outros exiliados como Lois Tobío e a súa muller.

Profesións no exilio Administrativa

Refª.Bibliográficas: TOBÍO, Lois (1994:546-552)

1.218 MARUXA

Países: México

Biografía

(? - ?) Muller do médico de Ourense Antonio Carnicero, exiliada co seu marido en México.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1985:200)

1.219 MASIP ARGUEDAS, Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.220 MATA PÉREZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo no campo de refuxio francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

1.221 MATEO DOBAO, Domingo

Países: Francia / Chile

Biografía

(Arcos, Vilamartín de Valdeorras, Ourense, ?) Pequeno industrial, emigrante retornado de Cuba, onde se formara no anarquismo. En Valdeorras militaba no PCE e chegou a formar parte da lista formada nas elección a Cortes en 1933, por Ourense, baixo a denominación da Candidatura do "Frente Único". Foi presidente do Sindicato de Oficios Varios de Arcos (CGTU). Duranta a Guerra Civil loitou no bando republicano por terras de Asturias. Exiliouse en Chile onde morreu.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Industrial

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1988:105-106)
"Un llamado", Galicia, XVII:616, (01/04/1939), 8.
ÁLVAREZ, Santiago (1985:96)
VALCÁRCEL LÓPEZ, Marcos: Ourense, 1931-1936: Estructura económica e comportamentos políticos, (Tese de Doutoramento), Universidade de Santiago de Compostela, 1992.

Refª.Fotográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1988:cap. III)

1.222 MAURICIO GARCÍA, José Antonio

Países: Unión Soviética

Biografía

(Pontevedra, 1917). Durante a Guerra Civil foi mariñeiro do"Jaime I". Ingresou no PCE en 1944 e marchou á URSS en misión especial no barco "Juan Sebastián Elcano". Estivo e traballou en Odesa, Rostov, Ordzhorikidche, Aktiubiusk e Moscova. Foi voluntario do Exército Vermello soviético. Foi repatriado.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Mariñeiro

Profesións no exilio Obreiro

Refª.Bibliográficas: Libro Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.223 MAYO MÉNDEZ, Samuel "Saúl"

Países: Francia

Biografía

(Zamora, ? - Cesuras, A Coruña, 31/03/1950) Comunista zamorano destinado en Ourense polo partido PCE. Alí forma a súa propia partida xunto a Ángel Arce alias de "Antonio de Verín". Pasou a Francia en 1949. De volta a Galicia, morre en Cesuras en marzo de 1950.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Refª.Bibliográficas: TÉLLEZ, Antonio (2000:140)

1.224 MAYOR SEGURA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.225 MAZA CARDAMA, Manuel

Países: Uruguai

Biografía

(Santiago de Compostela, ?) Foi concelleiro en Santiago de Compostela polo partido Federal. Durante a Guerra Civil foi detido e estivo preso no cárcere en Santiago de Compostela. Condenado á morte, foille conmutada a pena. Saiu do cárcere e en 1953 vendeu a propiedade que tiña en Santiago de Compostela para marchar a Uruguai. Dende entón residiu en Montevideo coa súa familia.

Organizacións ás que pertenceu:

PARTIDO FEDERAL

Profesións: Concelleiro

Refª.Bibliográficas: DÍAZ FERNÁNDEZ, Xerardo (1982:26)

Refª.Fotográficas: Hai un debuxo de perfil feito por Camilo Díaz entre xullo e agosto de 1936 na cadea en Santiago de Compostela en DÍAZ FERNÁNDEZ, Xosé (1982:anexo)

1.226 MAZAEDA, Rogelio

Países: Cuba

Biografía

(Ponte do Porto, Camariñas, A Coruña, ?) Dirixente sindicalista que, tralas persecucións sufridas en Galicia, logra embarcar cara a Cuba.

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: LAMELA GARCÍA, Luis (1995:159)

1.227 MEIS OTERO, Arturo

Países: Estados Unidos

Biografía

(? - ?) Pai de Arturo Meis. Exiliado no Estados Unidos, dende axuda economicamente ó seu fillo.

Refª.Bibliográficas: LUIS MARTÍN, Francisco e ARIAS GONZÁLEZ (2000)

1.228 MEIS VILA, Arturo

Barco

NUEVO EMDEN

Países: Francia / Venezuela

Biografía

(? -?) Sobriño de Antonio Vila, propietario xunto con Juan Aguiño do barco Nuevo Emdem. Cando foxe no barco ten só 16 anos.

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: LUIS MARTÍN, Francisco e ARIAS GONZÁLEZ (2000)

1.229 MEJUTO VÁZQUEZ, Jesús

Países: Cuba

Biografía

(? - ?) Mestre de Celas e Sésamo en Culleredo, director de "El Noroeste", órgano do Partido Republicano Radical Socialista, constituído en Culleredo, e formou parte tamén do Comité directivo de "A la Tercera República" xunto con César Alvajar, Gonzalo Acosta, Eduardo Paredes e José María Eirís. Anos despois foi tamén un destacado líder da Unión Republicana. Escapou para Cuba o 21 de setembro de 1936.

Organizacións ás que pertenceu:

AGRUPACIÓN A LA TERCERA REPÚBLICA
PRRS PARTIDO REPUBLICANO RADICAL SOCIALISTA

Profesións: Político / Mestre

Refª.Bibliográficas: ALVAJAR LÓPEZ, Javier (1992:149-174)
PEREIRA MARTÍNEZ, Carlos (1996:222-228)
PEREIRA MARTÍNEZ, Carlos (1997:149-192)
LAMELA GARCÍA, Luis (1998:112)

1.230 MELLA SERRANO, Ricardo

Países: República Dominicana / Venezuela

Biografía

(Vigo, ? - ?) Enxeñeiro fillo do pensador ácrata Ricardo Mella. Tivo que tomar o camiño do exilio cara a República Dominicana onde dirixe a revista "Nuevo Rumbo". E por discrepancias co dictador Trujillo decide marchar a Venezuela.

Profesións: Enxeñeiro

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

1.231 MELÓN PÉREZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Porto do Son, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.232 MÉNDEZ ALONSO, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vilar, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.233 MÉNDEZ ÁLVAREZ, Primitivo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Maiceda, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.234 MÉNDEZ CASANOVA, Nicanor

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.235 MÉNDEZ CONJIL, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrou o Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

1.236 MÉNDEZ FERNÁNDEZ, Ángel

Países: Unión Soviética

Biografía

(?, 1924) Fuxiu a Rusia. Estivo en Tarkov, Moscova e Samarcanda. Foi obreiro en Tashkent e Moscova, así como instrutor de carreteras e enxeñeiro en Onsk, Kaluya. Pertenceu ó PCE entre 1946 e 1970.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Enxeñeiro

Profesións no exilio Obreiro / Enxeñeiro

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.237 MÉNDEZ FERNÁNDEZ, Antonio

Países: Unión Soviética

Biografía

(A Coruña, 1928) Marchou a Rusia. Estivo en Odesa, Saratov, Eode de Podsk. Durante un tempo estivo na Casa de Inválidos nº 6 na rexión de Moscova. Posteriormente foi repatriado.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.238 MÉNDEZ FERRÍN

Países: Portugal

Biografía

(? - ?) Exiliado galego que fuxiu cara a América a través de Portugal.

Refª.Bibliográficas: FERNANDES DO ESPÍRITU SANTO, Domingos (1994:71-79)

1.239 MÉNDEZ LÓPEZ, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Villar de Cucos, Cervantes, Lugo, ? - Mauthausen, 8/07/1941) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 3 bis en Francia. Posteriormente é trasladado ó comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen onde morre.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)
"Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados e o posterior traslado ó campo de concentración de Mauthausen o morre.

1.240 MÉNDEZ MACEIRAS, Tomás

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Seixo, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de La Pioje Saint Pierre de La Mer (Flourt?), Aude, en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.241 MÉNDEZ MONTERO, Adolfo

Países: Portugal / Chile

Biografía

(Carracedo, Celanova, Ourense, ?) Foxe a Portugal en 1937 e despois a Chile onde se reúne cos seus irmáns Francisco e Elías.

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (1999:324)

Comentarios: Rodríguez Lago extraíu os datos do xornal "Lonxe da Terriña", Santiago de Chile, 7, (1996), 25.

1.242 MENDOZA, Francisco José

Países: México

Biografía

(? - ?) Exiliado comunista en México. Fixo parte da directiva do Fogar Galego en 1941.

Organizacións ás que pertenceu:
PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Xosé Manoel Núñez Seixas.

1.243 MÉNENDEZ MENÉNDEZ, Ricardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Chegou en 1939 a Barcarès como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:
BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

1.244 MENÉNDEZ ZABALA, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo en Francia no campo de refuxio de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

1.245 MENOR SANTÁS, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

1.246 MENUDO CANOSA, Juan José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Fene, A Coruña,) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.247 MERINO ESPEJO, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Logo estivo en Francia, refuxiado no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

Comentarios: Pode ser irmán de José Merino Espejo.

1.248 MERINO ESPEJO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

1.249 MESA PIÑEIRO, Arcadio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atópase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 7 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.250 MIGALLÓN ?, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

1.251 MIGUEL AGUILAR, Enrique

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ollovello, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.252 MIGUEL PAZOS, Olimpio

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Redondela, Pontevedra, ? - Mauthausen, 18/04/1943) Morreu no campo de concentración de Mauthausen.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.253 MÍGUEZ CASTRO, Rafael

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.254 MÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Eloy

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas no transcurso da Guerra Civil. Estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

1.255 MÍGUEZ MONTERO, Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Redondela, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.256 MÍGUEZ, (nai de Ignacio Ramonet)

Países: Tánxer / Francia

Biografía

(? - ?) Casada con Ramonet, estivo na cadea durante a Guerra Civil e tivo que exiliarse a Tánxer en 1945. Posteriormente foron para Francia.

Refª.Bibliográficas: VARELA SIEIRO, Xaime (2001)

1.257 MILLÁN MARTÍNEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, ? - Mauthausen, 05/01/1942) En agosto de 1939 atópase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia. Posteriormente foi trasladado ó comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)
"Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado dende o campo de refuxiados en Francia ata chegar ó cam de concentración en Mauthausen.

1.258 MILLÁN PILLADO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Palmeira, Ribeira, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecemos o seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.259 MILLARES PÉREZ, Joaquín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Castiñeiras, Ribeira, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.260 MILLARES VÁZQUEZ, Manuel

Países: Cuba / Porto Rico

Biografía

(Noia, 1907) Xornalista exiliado en Cuba. Escribe con Lázaro Machado no programa radial "Páginas de España". Colabora en "Pueblo", "El Mundo" e "Carteles". Por razóns políticas exíliase de novo en Porto Rico. Escribiu "Chelo y otros cuentos" e "Cuentos de mar y tierra".

Profesións: Xornalista

Obra no exilio: Libros, monografías e folletos:
"Hombres de paz en guerra, memorias de un miliciano" A Habana: Talleres de Ucar, García e Cía., 1938.
"Chela y otro cuentos" (Madrid: Revista de Occidente, 1973) e "Cuentos de mar y tierra" (Madrid, s.d.)

Refª.Bibliográficas: GEG
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:74-75)
RODRÍGUEZ SANTAMARINA, Xoán Pastor (1999:113)

1.261 MÍNGUEZ CASTRO, José

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, ?- Mauthausen, 10/01/1943) Morre no comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Gusen.

1.262 MIÑONES BERNÁRDEZ, Manuel

Países: Arxentina

Biografía

(Corcubión, A Coruña, ?) Licenciado en Medicina en Santiago e Madrid. Exerceu de forense en Corcubión ata o alzamento de xullo de 1936, decidindo exiliarse a Arxentina. O seu irmán José era deputado pola Coruña na Unión Republicana e foi fusilado en decembro de 1936. Seguiu desempeñando a súa profesión en Bos Aires e foi directivo da Agrupación de Intelectuais Demócratas Españoles.

Organizacións ás que pertenceu:

AGRUPACIÓN DE INTELECTUALES DEMÓCRATAS

Profesións: Médico

Refª.Bibliográficas: SANTANDER FERNÁNDEZ, Carlos (2000:996)
VILANOVA RODRÍGUEZ, A. (1966, II:1367)

1.263 MIRAMONTES MATOS, María de los Dolores

Países: Arxentina

Biografía

(Santa María de Guísamo, Bergondo, A Coruña, 06/04/1885 - Bos Aires, 17/09/1964) Filla de Vicente Miramontes e Antonia Matos xornaleiros que se instalan na Coruña a comezos do século. María comeza a traballar ós 11 anos nun obradoiro de costura. Dende a Fundación das Irmandades da Fala mantivo relación co nacionalismo e participou dos núcleos republicanos femininos da Coruña. Pertenceu dende moi nova ó grupo de amizades de Elvira Bao, López Jean e Pilar Castro. María coñece a Ánxel Casal no ambiente de socialización das Irmandades. Casou con el en setembro de 1920. Xunto con Ánxel Casal, dirixe e sustenta unha escola aberta e popular con ensino bilingüe e orientación progresista. En 1927 María sofre un aborto que se complica e deixa importantes secuelas. Nesa etapa colobora co seu home na montaxe dunha industria editora. En 1931 participa xunto con Casal na preparación da asamblea fundacional do Partido Galeguista (PG). No ano 1936 colabora na propaganda do Estatuto de Autonomía e en diversas actividades que desenvolve na agrupación republicana da Coruña e Compostela, así como na creación dun sector feminino no PG. O 4 de agosto de 1936 Casal é detido sendo asasinado uns días despois. María Miramontes, despois dunha curta tempada na Coruña, na casa dos Casal, arranxa os papeis, e no mes de novembro embarca para Bos Aires vía Lisboa para instalarse na casa duns parentes. Unha vez instalada na capital arxentina retomou o seu oficio de modista e uns anos máis tarde, casou cun curmán, Pedro Miramontes, membro da familia coa que vivía. Na Arxentina mantívose case totalmente á marxe da colectividade galega aínda que tivo relación coa familia Seoane. María Miramontes morre o 17 de setembro de 1964 no Sanatorio do Centro Gallego de Bos Aires.

Organizacións ás que pertenceu:

PG PARTIDO GALEGUISTA

Modista

Refª.Bibliográficas: CAGIAO, Pilar (1997:89)
DÍAZ PARDO, Isaac (1992:195)
VÁZQUEZ SOUZA, Ernesto (1999:41-60)
BROCOS, Maximino (1965)

1.264 MIRANDA RIOPA, Horacio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

1.265 MOLINA GUTIÉRREZ, Antonio

Países: Francia

Biografía

(Lugo, ?) Refuxiado en Francia xunto coa súa muller Pilar Díaz e os seus dous fillos.

Refª.Bibliográficas: "C. Castroverde y Unidos de Fonsagrada y Baleira", Galicia, XVIII:675, (18/05/1940), 2.

1.266 MONASTERIO, Carlos

Países: Portugal / Chile

Biografía

(? - ?) Amigo de Alfredo Somoza e un dos fundadores das Irmandades da Fala. Durante a Guerra Civil refuxiouse en Sobrado dos Monxes. Logo foi detido e condenado a morte, pero conseguiu que lle conmutaran a pena e pudo fuxir para Lisboa, de onde marchou a Chile para reunirse cos seus irmáns. Permaneceu en Chile ata mediados de 1937, ano no que voltou á España republicana sendo nomeado Comisario Político na fronte de Aragón. Estando en Fraga (Huesca), foi alcanzado por unha bomba durante un ataque aéreo e morreu.

Organizacións ás que pertenceu:

IRMANDADES DA FALA
PG PARTIDO GALEGUISTA

Profesións: Político

Refª.Bibliográficas: SIXIREI PAREDES, Carlos (1987:70-71)

1.267 MONTEIRO OTERO, Ernesto

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Logo estivo en Francia, refuxiado no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

1.268 MONTEIRO REGUEIRA, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(San Pantaleón, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelè sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.269 MONTEIRO, Eduardo P.

Países: México

Biografía

(? - ?) Galego exiliado en México próximo ós ambientes dos socialistas exiliados.

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

1.270 MONTERO DOMÍNGUEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Padrenda, Ourense, ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia así como no campo Saint Cyprien, nos Pirineos Orientais en 1939.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Gallegos en los campos de concentración franceses, que piden ayuda a sus hermanos de América", Galicia, XVII:619, (22/04/1939), 3.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

1.271 MONTERO MÉNDEZ, ?

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) No transcurso da Guerra Civil foi membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

1.272 MONTERO, Gumersindo

Países: Bulgaria

Biografía

(A Coruña,? - Sofía, Bulgaria, ?) De mozo emigrou a Cuba, onde foi un dos organizadores do Partido Comunista Cubano. Expulsado pola Dictadura de Machado en 1930 voltoau a Galicia. No momento de estala-la guerra agochouse por máis de 20 anos en Meirás. Logo puido saír de España e faleceu en Sofía (Bulgaria)

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1988:245)

1.273 MONTERO, José María

Países: México

Biografía

(A Coruña, ?) Metalúrxico emigrado na Arxentina onde pertenceu á FORA. No ano 1930, foi condenado a morte despois dun enfrontamento nunha folga onde morrera un chófer dun alto cargo do goberno arxentino. A pena foille conmutada e entón trasládase a España para intervir na Guerra Civil. Posteriormente exíliase en México. En 1958 pertencía á agrupación da CNT de España en México.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Obreiro / Sindicalista

Profesións no exilio Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

1.274 MONTERO, Xoán Xeremías

Países: México

Biografía

(Pontecesures, Pontevedra, ? - ?) Foi alcalde de Pontecesures. Estivo exiliado en México.

Profesións: Alcalde

Obra no exilio: "El filo de la traición"

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:186)

1.275 MONTES GONZÁLEZ, Pedro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

1.276 MONTES RÍOS, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atópase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.277 MONTIEL, José Ramón

Países: Arxentina

Biografía

(O Carballiño, Ourense, ?) Enxeñeiro militar que vai cara a Bos Aires trala sublevación militar de xullo de 1936, despois de pasar por varios países americanos. Autor de varios poemas, artigos e cancións, entre as que destaca, "Mi barco velero".

Profesións: Enxeñeiro

Obra no exilio: "Mi barco velero"

Refª.Bibliográficas: SANTANDER FERNÁNDEZ, Carlos (2000b:996)
VILANOVA RODRÍGUEZ, A. (1966, II:1367)

1.278 MONTOUTO FERNÁNDEZ, Emilio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante o transcurso da Guerra Civil. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarés.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

1.279 MONZÓN REPARAZ, Jesús "Mariano"

Países: Francia

Biografía

(? - ?) Secretario Xeral do Ministerio de Guerra en marzo de 1939, e ex-gobernador civil, que fuxiu a Francia en 1940. Foi, probablemente, organizador da primeira "Organización de guerrilleros"actuando cun grupo de 50 homes na fronteira con Bélxica. En 1942 é Secretario Xeral do P.C.E. en Francia, e para o interior de España, a onde chega clandestinamente en 1943. Responsable da invasión de Arán e da política da Unión Nacional, foi capturado en Barcelona en xuño de 1945 e condenado a trinta anos de cadea. Finalmente traicionou ó Partido Comunista.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Secretario Gubernamental

Refª.Bibliográficas: MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo (1988:177)

1.280 MORADO ABELLEIRA, Avelino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

1.281 MORANDEIRA CAMPOS, Domingo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Logo estivo en Francia, refuxiado no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

1.282 MORANTE FERNÁNDEZ, Cándido

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.283 MORCILLO ?, Pedro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936, e que un tempo despois pasa a formar parte do Vº Rexemento de Milicias Populares, integrándose despois como 4º Batallón da 1ª Brigada Mixta no Exército Popular. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

1.284 MORÍS GUZMÁN, Gerardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

Comentarios: Pode ser irmán de José Morís Guzmán.

1.285 MORÍS GUZMÁN, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

1.286 MOSCOSO LUGRÍS, Andrés

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.287 MOSQUEIRA MANSO, José María

Países: República Dominicana / Venezuela

Biografía

(Corme, A Coruña, 1886 - Caracas, 1968). Exiliado en Santo Domingo e Venezuela. Foi escritor, oceanógrafo e ictiólogo.

Profesións: Escritor / Biólogo

Profesións no exilio Escritor / Biólogo

Obra no exilio: La cuna gallega de Cristóbal Colón, Sada: Ediciós do Castro, 1992.
Las tortugas del Orinoco, Bos Aires: Citania, 1960.

Refª.Bibliográficas: GEG
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (1983:359)

1.288 MOSQUERA GONZÁLEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

1.289 MOSQUERA GONZÁLEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Outeiro, Outes, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.290 MOSQUERA, José

Países: México

Biografía

(Serantes, A Coruña, ?) Exiliado en México.

Refª.Bibliográficas: V ILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995:58)

1.291 MOSQUERA, Manuel

Países: México

Biografía

(O Pino, A Coruña, ?) Avogado e ex-alcalde de O Pino exiliado en Durango (México). Chega a ser maxistrado en Guadalaxara.

Profesións: Avogado

Profesións no exilio Avogado

Refª.Bibliográficas: GURRIARÁN, Ricardo (1999:181)

1.292 MOSTEIRO MELIA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Estrada, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.293 MOSTEIRO, Ramón

Países: Estados Unidos

Biografía

(Nova York, ?) Fillo dun galego instalado en Nova York, propietario dunha tenda en Wall Street e dirixente da antiga Casa de Galicia de Nova York. Instálase en Galicia, a comezos dos anos 30, para estudiar Medicina en Santiago de Compostela. Ó estala-la guerra regresou ós Estados Unidos onde seguiu a súa militancia socialista, así, en 1937 chega a ser secretario xeral da Fronte Popular Antifascista Galega en Nova York. A mediados de decembro de 1938 regresou a Barcelona na procura de Ernesto Guerrra da Cal, por encargo da Unidade Galega, para participar nos programas de propaganda en favor da República nos Estados Unidos.

Organizacións ás que pertenceu:

FPG/FP FRONTE POPULAR GALEGA / FRONTE POPULAR ANTIFASCISTA
AG GALEGO
PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Médico

Refª.Bibliográficas: GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio e RICÓN VIRULEG, Amado (2000:53 e 55-57)
NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (comp.) (2000:292, n. 303)

1.294 MOURE ARAÚJO, Marcelino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi sarxento do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Logo estivo no campo de refuxio francés Vernet d´Ariège (barraca 43) e no de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140 e 141)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados.

1.295 MOURE GÓMEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Santiago de Compostela, A Coruña, ?) Foi director do periódico "Nueva Galicia" publicado primeiro en Madrid e logo en Barcelona. Refuxiouse en Francia xunto coa súa muller. En 1939 atopábase no campo de concentración Nº 16 de Saint Cyprien nos Pirineos Orientais.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Xornalista

Refª.Bibliográficas: "Refugiados", XVII:260, 29/04/1939, 6.
"Nuestros refugiados gallegos", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 1.

1.296 MOURE LÓPEZ, Miguel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Santiago de Compostela, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados Centre d´Hebergement de ¿Montlleu?, (Auden).

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.297 MOUREZ RAMIRO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936 e que un tempo despois pasa a formar parte do Vº Rexemento de Milicias Populares, e logo intégrase como 4º Batallón da 1ª Brigada Mixta no Exército Popular. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

1.298 MOURO MOURELLE, Severino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante o transcurso da Guerra Civil. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarés.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

1.299 MUÑOZ ?, Gregorio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

1.300 MUÑOZ MANZANO, Carmen

Países: Francia / Holanda / Uruguai / Arxentina

Biografía

(Malpartida de Plasencia, Cáceres, 14/05/1911) O 3 de setembro de 1934 casa con Rafael Dieste cando acababa de asistir a un curso na "Universidad Menéndez Pelayo" de Santander. No mes de outubro van para Madrid, onde traballa como inspectora de Ensino Primario. Ó ano seguinte viaxa co seu home nunha viaxe de estudios por Francia, Bélxica, Holanda e Italia, pensionado pola "Junta de Ampliación de Estudios". No mes de setembro regresan a Rianxo e logo pasan a Madrid. En 1937 vai co seu home a Valencia e logo a Barcelona. Nesta última cidade levou a dirección dos dous últimos números do boletín "Nova Galiza", por ausencia de Rafael Dieste. Ó final da Guerra Civil, Carmen vai ser ferida no bombardeo de Figueres, onde falece a súa compañeira Fe, muller de Ramón Gaya, mentres Dieste é internado no campo de refuxio de Saint-Cyprien. Despois, viaxarán xuntos a Holanda invitados polo embaixador de Uruguai. No ano 1939 deciden viaxar de Rotterdam a Montevideo. Alí permanecen un mes co Enrique, Eduardo e Eladio e logon pasan a Bos Aires onde se instalan. Nesa cidade foi importante coloboradora do grupo creado en torno a Luís Seoane e ó seu propio marido, traballando na editorial Atlántida de Bos Aires. En 1949 viaxa a Europa xunto con Dieste. No mesmo ano realiza unha breve visita a España. Tamén fixo traduccións así como a elaboración de obras de tipo didáctico. En 1961 retorna a España e catro anos despois reingresa como inspectora de Ensino Primario. Reside alternativamente entre Rianxo e A Coruña.

Profesións: Traductora

Profesións no exilio Traductora

Obra no exilio: "La Edad Media" Buenos Aires: Editorial Atlántida, 1945.

Refª.Bibliográficas: CAGIAO, Pilar (1997:89)
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:79)
LONGO FORMOSO, Miguel (1995:427)
AXEITOS, Xosé Luís (1995b)

Refª.Fotográficas: AXEITOS, Xosé Luís (1995b) e ÁLVAREZ, Santiago (1992)

1.301 MUÑOZ TOMOLLERES, Alberto

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.302 MURADAS VÁZQUEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

1.303 MURADO SAZOY, Jesús

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Pol, Lugo, ? - Mauthausen, 06/11/1941) Foi trasladado ó comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1950:113)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.304 NAVEIRA CAMPOS, José

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Betanzos, A Coruña, ? - Mauthausen, 12/08/1941) Foi trasladado ó comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.305 NAVEIRA COUSO, José

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, 19/03/1911 - Mauthausen, 18/12/1941) Foi trasladado ó comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen onde morre.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)
Información proporcionada por Miguel Anxo Seixas Seoane.

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.306 NECEGA DÍAZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferreira, O Valadouro, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.307 NEGREIRA MOURELLE, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) Fora membro do Batallón de Milicas Gallegas. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Tamén estivo no campo de refuxio de Vernet d´Ariège (barraca 43).

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:141)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados.

1.308 NEGREIRA MOURELLE, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Logo estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

1.309 NEIRA RÍO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Viveiro, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.310 NIETO RAMOS, Teodoro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrante do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

1.311 NIEVES MARDANAS, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo en Barcarès, Francia, como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

1.312 NOCHE LÓPEZ, Serafín

Países: Unión Soviética

Biografía

(Vilalba, Lugo, 1916) Mariñeiro que marchou a Rusia no barco "Juan Sebastián Elcano". Ingresou no PCE en 1961. Traballou en Odesa Rostov, Aktiubinda e en Rostov. Repatriado en 1979.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Obreiro / Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: Libro Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.313 NOGUEIRA GORDALIZA, Justo

Países: Unión Soviética

Biografía

(Monforte de Lemos, Lugo, 1909). Marchou a Rusia e alí traballou como mestre en Eupatoria, Saratov e Najaviro e tamén foi instructor de Linguas Estranxeiras. Ingresou no PCE en 1931. Foi repatriado en 1972 coa súa muller Carmen Sánchez Merino.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións no exilio Mestre

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.314 NOGUEIRA MÁRQUEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo no campo de refuxio francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

1.315 NOGUEIRA PAREDES, José

Países: Francia

Biografía

(Moaña, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.316 NOM EIROA, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 7 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.317 NOVA SANMARTÍN, Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Mondoñedo, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds, Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.318 NOVA, Sofía

Países: Estados Unidos

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) Profesora de español no Vassar College do Estado de Nova York.

Profesora

Refª.Bibliográficas: GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio e RICÓN VIRULEG, Amado (2000:46-47)

1.319 NOVÁS CALVO, Lino

Países: Cuba / Venezuela / Estados Unidos

Biografía

(Grañas do Sor, Mañón, A Coruña, 1905 - Nova York, 1983) Narrador, xornalista e traductor. Emigra a Cuba e instálase na Habana ós sete anos cun tío materno. Alí traballa como recadeiro, dependente de fonda, empregado de limpeza, carboeiro e chofer de aluguer. En 1926 marcha a Nova York, onde realizou penosos traballos durante un ano. De volta na Habana é cando entra en contacto co mundo do xornalismo e publica varios poemas na "Revista de Avance". Despois pasa a traballar como empregado dunha librería e a partir de entón colabora frecuentemente na prensa. En 1930 inicia unha etapa fructífera para a súa formación. Retorna a España e viaxa por Francia e Alemaña, e por último, instálase en Madrid, onde colabora cos xornais "El Sol" e "La Voz". Publica na "Revista de Occidente" ensaios de crítica literaria e relatos de novela curta. Durante anos foi redactor da revista "Bohemia". No ano 1931 foi enviado a Madrid como correspondente da revista Orbe e cando esta desaparce traballa como empregado da biblioteca do Ateneo de Madrid. Co inicio da guerra ingresa no Vº Rexemento, chegando a ser oficial da Brigada de Valentín González, "El Campesino", ó tempo que publicaba artigos de propaganda republicana. Coa fin da guerra volve a Cuba e traballa como xornalista no diario "Noticias de Hoy". Continúa a súa intensa acitividade narrativa e xornalística cun recoñecido prestixio por parte da crítica. Na década dos 60, disconforme coa Revolución Cubana, abandona a illa. Permanece durante unha tempada en Venezuela e durante anos exerce como profesor na Universidade de Syracuse en Nueva York. A última producción narrativa de Novás Calvo queda dispersa nas revistas "Bohemia Libre", "Exilio", "La revista de occidente" e "Papeles de Son Armadans".

Profesións: Escritor / Xornalista / Dependente / Empregado

Profesións no exilio Xornalista / Traductor / Profesor

Obra no exilio: "El negrero" (1933); "Experimento en el barrio chino" (1936); "No sé quien soy" (1945); "La luna nona y otros cuentos" (1942); "Un dedo encima" (1943); "Cayo Canas" (1946); "En los traspatios" (1946)

Refª.Bibliográficas: DOMINGO CUADRIELLO, Jorge e GONZÁLEZ, Roger (ed.) (1998:108-118)
GEG
LUNA SELLÉS, Carmen (1999:29-39)

1.320 NOVAS, José

Países: Estados Unidos

Biografía

(Bueu, Pontevedra, ?) Exiliado galego de ideoloxía socialista. Foi socio fundador da "Sociedad de Bueu, Beluso y sus contornos" en Nova York. Tivo un papel moi destacado nas actividades da "Sociedad de Agricultores El Progreso" de Beluso. Participou na formación da biblioteca da sociedade incorporando as publicacións periódicas da UGT e o PSOE. Co estoupido da Guerra Civil, foxe ós Estados Unidos e establécese definitivamente neste país. Na actualidade existe en Nova York a "Fundación Novas", que lle proporciona bolsas de estudios ós estudiantes máis destacados da parroquia de Beluso.

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ PÉREZ, José Ramón e MILLÁN OTERO, Xosé M. (1997:41-42)

Refª.Fotográficas: ÁLVAREZ PÉREZ, José Ramón e MILLÁN OTERO, Xosé M. (1997:64)

1.321 NOVAS, José (fillo)

Países: Estados Unidos

Biografía

(? - ?) Exiliado galego fundador e presidente da "Xuventude Socialista" de Beluso durante a Segunda República e socio da "Sociedad de Agricultores El Progreso". Co estalido da Guerra Civil exiliouse coa súa familia ós Estados Unidos.

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ PÉREZ, José Ramón e MILLÁN OTERO, Xosé M. (1997:42)

1.322 NOVELLE SÁNCHEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Loña, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds, Tarne et Garonne, nº 2 en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.323 NOVÍO ALVITE, Pedro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelés 8 bis en Francia. Tamén estivo no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados.

1.324 NOVO ALEIRÁN, Benigno

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.325 NOVO ROMEO, Argentino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, Coruña, ?) En 1939 atopábase en Francia coa súa muller. Logo, en agosto de 1939, estaba no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Refugiados", Galicia, XVII:260, (29/04/1939), 6.
"Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

1.326 NOVO VEIGA, Eliseo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.327 NOVO, Andrés

Países: México

Biografía

(? - ?) Galego afiliado ó PSOE que tivo que exiliarse a México. Alí funda xunto a outros exiliados a Alianza Nazonal Galega en 1943, da que era vicesecretario de propaganda.

Organizacións ás que pertenceu:

ALIANZA NAZONAL GALEGA
PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Político

Refª.Bibliográficas: MARTÍNEZ, José Luis (1999:96)
"Manifiesto da Alianza Nazonal Galega de México", Galicia, XXI:826, (10/04/1943), 8.

1.328 NOVOA GUEDE, Saturnino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

1.329 NOVOA PÉREZ, Avelino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Formara parte, durante a Guerra Civil, do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo refuxiado en Barcarès, Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

1.330 NOVOA PORTO, José

Barco
WINNIPEG

Países: Francia / Campos de Refuxio / Chile

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia. Posteriormente foi a Chile a bordo do Winnipeg.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (1999:324)
FERRER MIR, Jaime (1989:135)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados. Na lista de refuxiados proporcionada polo xornal "Galicia" aparece co apelido Novo.

1.331 NÓVOA, Leopoldo

Países: Portugal / Uruguai / Arxentina / Francia

Biografía

(Salcedo, Pontevedra, 1919) A súa infancia transcorre entre Salcedo e Raxó, en Poio. Con sete anos viaxa á Pampa arxentina para regresar tres anos despois. Cursa os seus estudios de bacharelato no Colexio León XIII de Vilagarcía de Arousa. Coa sublevación militar do 18 de xullo trasládase ó Porto coa súa familia, pasando en 1938 a Uruguai, xa que o seu pai fora cónsul de Uruguai en España, de onde foi expulsado. Comeza a traballar na industria da cerámica, funda a revista "Apex" con X. Maggi , M. Flores y J. C. Onetti e publica diversos contos. Alí ingresa tamén na facultade de arquitectura para pasar logo á de Dereito. En 1947 casa con Celia Mineses e a parella instálase en Bos Aires onde coñecen a Luís Seoane. En 1949 nace o seu primeiro fillo, José Ramón, e un ano despois a súa filla Sabela, momento no que comeza a pintar. En Bos Aires tamén realiza a súa primeira exposición individual en 1953. Colabora coa revista "Galicia Emigrante" e fai o cartel para o Iº Congreso da Emigración Galega (1956). En 1957 regresa a Montevideo traballando no xornalismo coa especialidade do debuxo político. Tiña o seu atelier nun local do "Mercado Central". Alí pintaba e facía esculturas. En 1960 fai tres murais no edificio Danart e un ano despois viaxa por primeira vez a París, para retornar a Uruguai, onde traballa durante tres anos na realización do mural do "Estadio del Cerro". En 1962 coñece a Michel Tapié, que despois de coñece-la súa obra convénceno para trasladarse a París. Entón, partir de 1965 instálase definitivamente nesa cidade e toma contacto con intelectuais e artistas latinoamericanos cos que, máis tarde, no ano 1981, fundará o Espacio Latinoamericano. En 1971 pasa un tempo en Italia onde fai a súa primeira escultura: "A Venus de Alessano". No ano 1974 fai a súa primeira exposición na Galerie Edouard Loeb en París. Cinco anos despois un incendio destrue o seu taller da Rue du Faubourg Saint Antoine entón decide instalarse nun taller da "Fundation Nationale des Artes Plastiques". En 1983 construe a súa casa-taller en Armenteira (Pontevedra) onde pasa longas tempadas. Actualmente vive en Armenteira, Meis, Pontevedra.

Profesións: Escritor

Profesións no exilio Pintor / Escultor

Obra no exilio: "Exposicións individuais" en "Leopoldo Nóvoa", Colección de Arte Caixa Galicia, 1999.

Refª.Bibliográficas: GEG, tomo 22.
TOBÍO, Lois (1994:571)
BARRO, David (2000:28-29)
"Leopoldo Nóvoa", Colección de Arte, Caixa Galicia, 1999.

1.332 NOYA ALONSO, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Tenente do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:
BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

1.333 NOYA COEDO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.334 NOYA GIL, Juan

Países: Venezuela

Biografía

(A Guarda, 1900 - Caracas, 1989) Fundador e primeiro secretario da Sociedad Obrera de La Guardia. Propietario e director do diario local "Nuevo Heraldo", portavoz do ideario agrarista e das propostas municipais máis progresistas. Tralas eleccións de febreiro do 36, foi nomeado primeiro tenente alcalde da Guarda. Tralo levantamento de xullo de 1936 agóchase en varios lugares pero finalmente é detido. Condenado a cinco anos de cadea cumpre dous en Vigo e Pontevedra, finalmente en agosto de 1941 é posto en liberdade. En 1952 marcha a Venezuela, país onde publica o seu libro de memorias, "Fuxidos"(1976), no que narra as persecucións sufridas co estalido da Guerra Civil.

Profesións: Tenente Alcalde

Profesións no exilio Escritor / Xornalista

Obra no exilio: "Fuxidos" (1976) Caracas
"Fuxidos" (1996) (2ª edición) Vigo: Xerais

Refª.Bibliográficas: GEG
NOYA GIL, J.(1996:320-330)

Refª.Fotográficas: PIÑEIRO FEIJÓO, Antonio (2000:85) e ALLEGUE OTERO, Gonzalo e FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor (1993:29)

1.335 NOYA REGUEIRA, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vilaboa, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.336 NÚÑEZ ARCAS, Pedro

Países: Brasil

Biografía

(? - ?) Exiliado galego en Sao Paulo, Brasil. Dirixía unha revista hispano-brasileira e editou tamén o libro "Brasil restituido".

Profesións: Xornalista

Refª.Bibliográficas: CALVO, Tucho (1998:212)

1.337 NÚÑEZ BÚA, Xosé

Países: Portugal / Arxentina

Biografía

(Ourense, 1903 - La Plata, 1981) Mestre, avogado e xornalista. Director do colexio León XIII en Vilagarcía de Arousa. Secretario de Propaganda do Partido Galeguista e vicepresidente da Deputación de Pontevedra en 1936. Ó comenzo da Guerra Civil, Valentín Paz-Andrade axudouno a cruza-la fronteira de Portugal. En Bos Aires, cidade á que se exilia en 1936, colabora en Galicia Emigrante,co nome de J. D'a, escribindo tamén en Galeuzca. Promotor do Instituto Argentino de Cultura Gallega de La Plata e secretario da A. G. U. E. A, creada en 1956. Tamén foi colaborador de "El Día" e "El Provincial" de La Plata e de "El Tiempo" e "Comercio e Industria" (Pergamino). Os seus traballos xornalísticos están recollidos no libro "Revoeira. Homes. Feitos. Verbas" (Montevideo, 1971).

Organizacións ás que pertenceu:

AGUEA AGRUPACIÓN GALLEGA DE UNIVERSITARIOS, ESCRITORES Y ARTISTAS

PG PARTIDO GALEGUISTA

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Profesións: Xornalista / Avogado / Profesor

Obra no exilio: "Injusticia de un Impuesto (Ley 4189), Pergamino, 1939; "Rosalía de Castro" (Conferencia pronunciada o día 12 de agosto de 1939 no centro Catalá de Rosario), Rosario: Casa de Galicia, 1939; "Escuelas populares de adultos" Rosario, 1940.
"Vida e paixón de Castelao" (Sada: Ediciós do Castro, 1986)
"Escolma de textos con Galiza ó fondo" (Sada: Ediciós do Castro, 1986, escrito en 1976)
"Homes, feitos e verbas" Montevideo: Patronato da Cultura Galega, 1971
"Revoeira"
"Feijóo, Sarmiento y el idioma gallego", Bos Aires: Centro Ourensano, 1964.
Carta a Valentín Paz-Andrade (La Plata, 6 de marzo do 60) en: PORTELA YÁÑEZ, Charo e Isaac Díaz Pardo (ed.). Epistolario, 1997, ediciós do Castro, Sada
"Trisquel de lus" en El Orensano (Bos Aires), Ano I, nº 9, p. 9. (artigo sobre literatura galega, destacando a Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán)

Refª.Bibliográficas:
NÚÑEZ BÚA, Xosé (1986)
GEG
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b:996)
VILANOVA RODRÍGUEZ, A. (1966, II:1367-1368)
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:82)
RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Xoán Pastor (1999:270)
PORTELA YÁÑEZ, Charo e DÍAZ PARDO, Isaac (1997a)
PORTELA YÁÑEZ, Charo (1999:497-505)
ÁLVAREZ, Santiago (1992)
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:303-304)

Refª.Fotográficas: Arquivo AEG, nº rexistro 206 e CD-ROM I (Carpeta: Federación de Sociedades Galegas I, nº 61) (Carpeta: FSG, nº 79). PORTELA YÁÑEZ, Charo e DÍAZ PARDO, Isaac (1997a:44), CID CABIDO, Xosé (1993:138 e 148), ALLEGUE OTERO, Gonzalo e FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor (1993:121), ÁLVAREZ, Santiago (1992) e Galicia. Centro Gallego de Buenso Aires, XXX:531, (xullo-agosto 1963), 13.

Comentarios: Segundo Vilanova Rodríguez (1966) J. Núñez Búa nace en Tenorio (Pontevedra), pero segundo SHELBY e AMO (1950) Nace en Pontevedra o 11 de xaneiro de 1899.

1.338 NÚÑEZ CARIÑO, Pastor

Barco
NYASSA

Países: Portugal / Túnez

Biografía

(A Pobra do Caramiñal, A Coruña, 18/09/1911- Pobra do Caramiñal, 17/06/2000) Membro do "Partido Socialista" foi concelleiro en 1936 na súa vila. Tralo alzamento militar marchou a Leixoes, Portugal, nun barco xunto con xente de Boiro como Pérez Gómez e de Vilagarcía como o alcalde Pedro García e Elpidio Villaverde. Cando chegaron a Portugal foron levados ó forte de Cascais. Tres meses despois, a fins de novembro, embarca nun barco chamado "Nyassa"que ía ás colonias portuguesas e levouno a Tarragona na zona republicana. Ó remate da guerra sae coa Marina de Guerra e cando estaban en alta mar mandáronlle un cable ó Goberno francés pedíndolle dereito de asilo e mandáronlles a Bizerta, Túnez. Logo leváronos a un campo de concentración ó sur, cerca do deserto na fronteira con Libia. En 1958 volta á Pobr,a debido á morte da súa nai. Pero un veciño, o "Zapato", denunciouno á Garda Civil e por medo regresa a Túnez, onde traballaba nunha fábrica de conservas ata súa xubilación en 1978.

Organizacións ás que pertenceu:
PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Mariñeiro / Concelleiro

Refª.Bibliográficas: VILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995a:100-110)

Refª.Fotográficas: VILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995a:100 e 105)

Comentarios: Segundo Miguel Anxo Seixas morreu en 1999.

1.339 NÚÑEZ EDREIRA, José

Países: Unión Soviética

Biografía

(A Coruña, 1917) Mariñeiro e voluntario do Exército Republicano durante a Guerra Civil. Marchou a Rusia e traballou Cheliabinsk e Samarcanda. Posteriormente repatriouse.

Organizacións ás que pertenceu:
PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.340 NÚÑEZ GARCÍA, Alfonso

Países: Arxentina

Biografía

(? - ?) En 1945 está exiliado en Bos Aires. Estaba afiliado a Izquierda Republicana.

Organizacións ás que pertenceu:
IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Refª.Bibliográficas: "Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.

1.341 NÚÑEZ GUILLÁN, Manuel

Países: Marrocos / Francia

Biografía

(A Pobra do Caramiñal, A Coruña, ? - A Coruña, ?) Cando se produce o alzamento militar de 1936, escapa nun pesqueiro xunto con outra xente da Pobra, como Tomás Hermo González, a Casablanca. Logo pasa nun autobús a Orán. Alí embarca nun transatlántico francés que facía escala en Port Vendris, cerca da fronteira española, pasando desta maneira en tren a Barcelona e logo a Valencia.

Refª.Bibliográficas: VILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995a:118-120)

1.342 NÚÑEZ TABLO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Taragoña, Rianxo, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argèles sur Mer P.O. En Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.343 NÚÑEZ TARGA, Mercedes

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Barcelona, 1911 - Puxeiros, Vigo, 1986) O seu pai era orixinario de Bergondo, A Coruña. Activista feminista que militou dende a súa xuventude do P.S.U.C.. Casou co republicano Medardo Iglesias capitán de Guardias de Asalto que sufríu as consecuencias da derrota. En 1937 traballa con Jesús Larrañaga na "Comisión Militar" do PCE. Cando estalou a guerra atopábase en Barcelona, onde se incorporou á loita. Cando rematou a guerra foi detida no cárcere das Ventas. Exiliouse en Francia e incorporou á resistencia francesa antinazi, sendo unha das maiores activistas do maquis. Era o enlace da Agrupación de Guerrilleros Españoles. Foi detida pola GESTAPO en maio de 1944 e levada á prisión militar alemana de Carcasona e logo ó forte de Romainville, ó campo de Saarbrüchen e finalmente ó campo de concentración de Ravensbrück onde foi integrada nun comando de traballo. Trala liberación foi condecorada polo goberno De Gaulle.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Obra no exilio: "El carretó dels gossos: una catalana a Ravensbruck", Barcelona: Edicions 62, 1980.

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1986)
ÁLVAREZ, Santiago (1989:194-195)
NÚÑEZ TARGA, Mercedes (1980)

Refª.Fotográficas: Fotografía de Mercedes Núñez na Voz de Galicia en agosto de 1986, p 19.

Comentarios: Mercé Núñez Targa en "El Carretó del Gossos", describe o seu periplo dende que pasou a Francia e a súa incorporació á resistenci francesa antinazi.

1.344 NÚÑEZ, Antonio

Países: Francia

Biografía

(? - ?) Exiliado en Francia. No 1945 participa na fundación do Bloque Repubricán Nazonal Galego, onde ocupará o cargo de conselleiro secretario.

Organizacións ás que pertenceu:

BRNG BLOQUE REPUBRICÁN NAZONAL GALEGO
IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Refª.Bibliográficas: NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (comp.) (2000:590, n. 537)

1.345 NÚÑEZ, Otilia

Países: Arxentina

Biografía

(? - ?) Filla de Xosé Luis Núñez Búa que tivo que marchar xunto co seu pai con só seis anos ó exilio arxentino.

Refª.Bibliográficas: "Revista das letras 352", O Correo Galego, (08/02/2001), 3.

1.346 OCAÑA DÍAZ, Crescencio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo como refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

1.347 OCHOA CARRASCO, Rafael

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, 1906) Debuxante, pintor, cartelista e mestre nacional. Pasou moito tempo no cárcere de Ourense ata que sae cara ó exilio. En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarés en Francia. Posteriormente puido chegar a París onde morreu moi novo. Considerado discípulo de Maside, foi un importante debuxante. En 1930 fixo o cartel anunciador da Feira-Mercado do Automóbil de Ocasión de Pontecesures.

Profesións: Mestre / Pintor / Debuxante

Profesións no exilio Debuxante

Refª.Bibliográficas: VILANOVA RODRÍGUEZ, Alberto (1990:253-254)
GEG
"Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.
BOROBÓ (2000d:27)

Refª.Fotográficas: Hai unha fotografía con Álvaro de las Casas, Johan Carballeira, Santiso Girón e outros en BOROBÓ (2000d:27)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.348 OLIVEIRO AVENDAÑO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cangas, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.349 OLLERO FERNÁNDEZ, Joaquín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

1.350 OLVEIRA, Eduardo

Países: Arxentina

Biografía

(Palmeira, Ribeira, A Coruña, ?) Estivo exiliado na Arxentina.

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Plácido Betanzos a través de Miguel Anxo Seixas Seoane.

1.351 ONTEDA GONZÁLEZ, Alfonso

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.352 OREIRO GONZÁLEZ, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo en Barcarès, Francia, como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

1.353 OROZCO GUITIÁN, Eduardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas como tenente na Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

1.354 ORTEGA PRADA, Gregorio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Xares, A Veiga, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds, Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.355 ORTIZ SASTRE, Daniel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Chegou en 1939 a Barcarès como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

1.356 OSORIO, Fernando

Países: México

Biografía

(? - ?) Galego exiliado en México. Neste país aproximouse ó grupo dos socialistas galegos exiliados.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

1.357 OTERO ABELEDO, Xosé (Laxeiro)

Países: Arxentina

Biografía

(Don Ramiro, Lalín, Pontevedra, 1907 - Vigo, 02/07/1996) Pintor exiliado en Arxentina. Ós trece anos, reclamado polo pai, emigra a Cuba onde estudia na Sección de Belas Artes da Escola "Concepción Arenal" e colabora como esceanógrafo no teatro Martí. Na illa traballa tamén nunha fábrica de manteiga, nunha casa de pintura, nun taller de publicidade e nunha vidrería. Alí vive a maioría do tempo na rúa Arzobispo nº 4 do barrio do Cerro. Despois dunha enfermidade volta a Galicia en 1925. En Lalín exerce de barbeiro, polo que lle chamaban o barbeiro-pintor de Lalín. Casa en 1934. Viaxa a Santiago con frecuencia e o concello da súa vila concédelle unha bolsa de estudios, así, en 1931 matricúlase na Academia de San Fernando de Madrid. A partir de 1933 instálase en Lalín, onde traballa no taller "El Hospitalillo" e empeza a tomar contacto con galeguistas da época. En 1942 trasládase a Vigo, alí fai exposicións na Sala do Casino, na Sala Velázquez e na Taberna El Capitán. En 1946 pinta "Trasmundo" un dos seus cadros máis célebres. No ano 1951 vai para a Arxentina, voltando a Galicia en 1968. Vai residir en Vigo, Lalín e Madrid onde tratará a moitos intelectuais galegos nas tertulias do Café La Granja del Henar. Morre en Vigo en 1996, as súa cinzas foron trasladadas ó Cemiterio Novo do Concello de Lalín.

Organizacións ás que pertenceu:

PG PARTIDO GALEGUISTA

Profesións: Pintor

Obra no exilio: Carta a Valentín Paz-Andrade (Buenos Aires, 15 de xaneiro do 62) en PORTELA YÁÑEZ, Charo e DÍAZ PARDO, Isaac (ed.) (1997)
"Autobiografía "D. Ramiro" (1981), A Coruña: Atlántico
"O camiño de Laxeiro" (1993) A Coruña: Produccións Culturais Artesa

Refª.Bibliográficas: SEOANE, Luís (1987:16-18)
Laxeiro: 1934-1985/VIIIª Bienal Nacional de Arte. Diputación Provincial de Pontevedra, 1985.
Laxeiro en Argentina (1952-1970). (Catálogo da exposición), A Coruña: Concello da Coruña, 1988.
LAGO MARTÍNEZ, Manuel (1997)
DÍAZ PARDO, Isaac (1996:27-28)
NEIRA VILAS, Xosé (1996:345-353)
PÉREZ LEIRA, Lois (1999:167)

Refª.Fotográficas: NEIRA VILAS (1996:346), PÉREZ LEIRA, Lois (1999:167-174), FRAGA RODRÍGUEZ, Xan (1994:52), PORTELA YÁÑEZ, Charo e DÍAZ PARDO, Isaac (ed.) (1994:28), CID CABIDO, Xosé (1993:125)

Comentarios: Segundo a biografía do Facsímil de Resol (p.127) regresa a Galicia de Arxentina en 1970. Aínda vive a súa irmá Emilia en San Sebastián. En PÉREZ LEIRA, Lois (1999:167) di que naceu o 23 de febreiro de 1908.

1.358 OTERO ABIÓN, Marcial

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Covelo, Pontevedra, ? - Mauthausen, 28/09/1941) Foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen e morreu no comando de Gusen.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.359 OTERO CACABELOS, Antonio

Barco

NUEVO EMDEN

Países: Francia

Biografía

(? - ?, 20/09/1998) Tripulante do "Nuevo Emden" , irmán de Manuel Otero Cacabelos e exiliado en Francia.. Cando as autoridades francesas os obrigan a voltar a España, Antonio decide voltar a Cartaxena. Foi ferido na fronte de Madrid e, tras ser condenado por un tribunal do Ferrol a 12 anos e un día, pasa dous anos na cadea en Pontevedra e Ferrol.

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: LUIS MARTÍN, Francisco e ARIAS GONZÁLEZ (2000)

1.360 OTERO CACABELOS, Manuel

Barco

NUEVO EMDEN

Países: Francia

Biografía

(? - ?) Patrón do barco "Nuevo Emden", pertencente a Juan Aguiño e Antonio Vila. Exíliase en Franica despois de fuxir no "Nuevo Emden"o 16 de agosto de 1937. Volta a Barcelona a fins de 1937 xunto con dous dos seus fillos.

Profesións: Patrón de Barco

Refª.Bibliográficas: LUIS MARTÍN, Francisco e ARIAS GONZÁLEZ (2000:25)

1.361 OTERO CAÑADA, Joaquín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(O Grove, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.362 OTERO CASTELAO, Mariano

Países: Portugal / Venezuela

Biografía

(? - ?) Curmán de Alfonso Rodríguez Castelao que rexentaba unha xastrería en Vigo na década dos 30. Foi un importante loitador antifascista próximo ó Partido Comunista. Xunto con Pepe Velo foi detido en Vigo á altura de 1937, e pouco despois son trasladados á prisión da Coruña. Logo de poder escapar están agochados durante un ano en Celanova, para fuxir despois a Portugal. Alí sepáranse e Otero Castelao exíliase en Venezuela onde coincidiu con Velo tempo despois.

Profesións: Xastre

Refª.Bibliográficas: PIÑEIRO FEIJOO, Antonio (2000:58 e ss., 93)

1.363 OTERO CERVIÑO, Ramón

Países: México

Biografía

(? - México, ?) Médico e deputado socialista. Durante a Guerra Civil estivo á fronte da Subsecretaría de Armamento. Exiliouse en México onde foi fundador da "Sociedad de Ginecología y Obstectricia" e uns dos médicos da Casa Presidencial.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Médico / Deputado

Profesións no exilio Médico

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:183)
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

1.364 OTERO COSTAS, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(O Grove, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.365 OTERO CUDEIRO, Juan Dios

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Illa de Arousa, Vinova de Arousa Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.366 OTERO ESPASANDÍN, José Rogelio

Países: Francia / Reino Unido / Arxentina / Estados Unidos

Biografía

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

1.665 RODEIRO PEREIRA, Manuel

Países: Unión Soviética

Biografía

(Ferrol, A Coruña, 1911 - ?, 1987) Chegou a Rusia en 1937 no barco mercante "Cabo San Agustín". Traballou na flota do Mar Negro. Logo foi obreiro en Odessa e Rostov. Era experto en explosivos e chegou a ser xefe da sección na fábrica de Riazán. Foi voluntario do Exército Vermello ruso. En 1986 residía en Moscova xa como pensionista. Faleceu.

Profesións no exilio Obreiro

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.666 RODEIRO, Dionisio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Gaxate, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer, en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.667 RODRIGO PULIDO, Ceferino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi tenente do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

1.668 RODRÍGUEZ ?, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo refuxiado en Barcarès, Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

1.669 RODRÍGUEZ ABAD, Antolín

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Vilanova de Arousa, Pontevedra, ? - Mauthausen, 10/01/1942) Foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen e posteriormente ó comando Gusen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:114)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.670 RODRÍGUEZ ALBERTE, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrou o Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

1.671 RODRÍGUEZ ALONSO, Constantino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Grixo, Ramirás, Ourense, ?) En agosto de 1936 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 5 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.672 RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, Pedro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Monforte de Lemos, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.673 RODRÍGUEZ BARBEITO, Andrés

Países: Estados Unidos / Arxentina

Biografía

(? - ?) Xornalista e diplomático exiliado en Nova York e Arxentina. Vai vivir a Madrid de neno. Nesta cidade estivo traballando como xornalista antes de inicia-lo seu exilio. Era socialista. Ademais de ser un decidido defensor da causa republicana, prestou valiosos servicios en diversos cargos públicos e por este motivo, tivo que exiliarse a Nova York. Alí continuou colaborando con diversas publicacións como o xornal "España Republicana" dos exiliados españois de Bos Aires así como no xornal do antifascistas españois de Nova York "España Libre" Tamén colaborou coas emisións da radio "Voz de América". En diversos países sudamericanos, como Chile, tivo programas radiais nos que falaba sobre España. Estivo tamén de cónsul en Brasil. En 1953 decide radicarse en Bos Aires, onde tiña familia e amigos, xunto coa súa dona.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Xornalista / Diplomático

Obra no exilio: "La verdad", España Libre, II:40, (02(08/1940), contraportada.

Refª.Bibliográficas: "España Republicana", XXXV:1084, (15/09/1953), 8.

1.674 RODRÍGUEZ BARRAL, Arturo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Porto do Son, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.675 RODRÍGUEZ BECEIRO, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.676 RODRÍGUEZ BELLO, Delfín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ? Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado en Barcarès, Francia. Morreu neste país.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

1.677 RODRÍGUEZ CABO, Teolindo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

1.678 RODRÍGUEZ CASANOVA, José

Países: Unión Soviética

Biografía

(Lugo, 1917) Chegou a Rusia no barco "Cabo San Agustín"o 24 de setembro de 1937. Traballou en Jarkov, Cheliasinsk, Samarcanda e Moscova. Foi voluntario no Exército Vermello soviético. Finalmente foi repatriado.

Profesións: Mariñeiro

Profesións no exilio Obreiro

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.679 RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso Daniel

Países: Arxentina / Cuba / Estados Unidos

Biografía

(Rianxo, A Coruña, 1886 - Bos Aires, 1950) Fillo dun mariñeiro que emigra a Arxentina, lugar onde marchará el e máis a súa nai en 1896. En 1900 regresan a Galicia, instalándose na vila rianxeira. En Santiago, o xove Castelao estudia o Bacharelato, e prepárase para a carreira de medicina, rematándoa en 1909. Neste mesmo ano os seus debuxos son expostos no Salón de Humoristas de Madrid, colaborando así mesmo na revista viguesa Vida Gallega. En 1911, en Rianxo edita o semanario satírico El Barbero Municipal, sostido polo bando maurista da vila, ó que pertencía seu pai. En 1912 casa con Virxinia Pereira, natural da Estrada. Ata mediados da década de 1910 traballará en revistas madrileñas e galegas, ilustrándoas coas súas caricaturas. De 1915 ata 1919 vivirá en Pontevedra, onde segue experimentando coas artes plásticas, a través de colaboracións en diferentes publicacións e dictando conferencias. En 1917 incorpórase ás Irmandades da Fala, e faise un asiduo colaborador do xornal A Nosa Terra. Intervén na I Asamblea Nacionalista, celebrada en Lugo en 1918. En 1921 realiza, pensionado pola Junta de Ampliación de Estudios, unha viaxe por Europa. En 1922 alíñase co sector nacionalista galego radical, capitaneado por Risco.

Coa caída da dictadura primorriverista, a súa acción política é cada vez máis patente. Proclamada a República, preséntase como galeguista, e en xuño sae deputado por Pontevedra, integrándose na ORGA no parlamento de Madrid. En decembro é fundador e membro do PG. Nestes anos fará unha intensa campaña a prol da autonomía, coa revitalización do Pacto Galeuzca con vascos e cataláns. Nas eleccións de 1933 non é reelixido, e tralos acontecementos de outubro de 1934 é desterrado a Badaxoz polo seu apoio á Generalitat.

Nas eleccións de febreiro de 1936 volta a ser elixido deputado. En xullo participa activamente na campaña a prol do estatuto. O alzamento militar cólleo en Madrid, onde colabora no reclutamento de galegos para loitar a prol da República. En 1938 viaxa á URSS, Estados Unidos e Cuba. A derrota da República vívia en Norteamérica, onde participará en actividades a prol dos refuxiados. No primeiro lustro dos anos corenta traballa en Bos Aires organizando ós emigrantes, dinamizando a vida cultural da colonia, reavivando o Pacto Galeuzca e constituíndo o Consello de Galiza. En 1946 é nomeado ministro do goberno Giral, que abandoa un ano despois. Volta a Bos Aires, de onde non sairá, morrendo en xaneiro de 1950 no Sanatorio do Centro Gallego da capital arxentina.

Organizacións ás que pertenceu:

CONSELLO DE GALIZA
IRMANDADES DA FALA
PG PARTIDO GALEGUISTA

Profesións: Médico / Político / Escritor / Pintor / Debuxante

Profesións no exilio Escritor

Obra no exilio:
Carta a Valentín Paz-Andrade (Badajoz, 12 de decembro do 34) en: PORTELA YÁÑEZ, Charo e Isaac Díaz Pardo (ed). Epistolario, 1997, ediciós do Castro, Sada
Carta a Valentín Paz-Andrade (s/d, ¿finais do 47? En: PORTELA YÁÑEZ, Charo e Isaac Díaz Pardo (ed). Epistolario, 1997, ediciós do Castro, Sada.
Sempre en Galiza.
As cruces de pedra na Galiza.
Cincuenta hombres por dos pesos.
"Lingoaxe que falan os galegos en Norteamérica" en El Orensano (Bos Aires), Ano I, nº 9, p. 12.

Refª.Bibliográficas:
FERNÁNDEZ, Marcial (1951)
SEOANE, Luís (1969)
PALMÁS, Ricardo (1976)
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976, I:291-296)
PAZ ANDRADE, Valentín (1982)
NEIRA VILAS, Xosé (1983)
SOTO, Luís (1983)
ÁLVAREZ, Santiago (1984)
SÁNCHEZ CASADO, Isabel (ed. lit.) (1984)
ARMESTO, Victoria (1986)
NÚÑEZ BÚA, Xosé (1986)
DURÁN, José Antonio (dir.) (1986)
BERAMENDI, J.G. e VILLARES, R. (ed.) (1989)
BERAMENDI, J.G. e CARBALLO, Francisco (1990)
NEIRA VILAS (1994:85-93)
ALONSO FERNÁNDEZ, Bieito (1999)
MONTEAGUDO, Henrique (1999:765-770)
CASTRO PÉREZ, Xabier (ed.) (2000)
GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio e RICÓN VIRULEG, Amado (2000)
ALEXANDRE, Marilar (2000)
ACUÑA, Xosé Enrique (2000)
GEG

Refª.Fotográficas: Arquivo fotográfico AEG, nº rexistro do 447 ó 473, 688, 689, 759, 881 e CD-ROM I (Carpeta: Federación de Sociedades Galegas I, nº 3, 38, 51, 86). NEIRA VILAS, Xosé (1983: 87, 89 e 91), FRAGA RODRÍGUEZ, Xan (1994:40), CID CABIDO, Xosé (1993:64, 92 e 95), ALLEGUE OTERO, Gonzalo e FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor (1993:118-121) e ÁLVAREZ, Santiago (1992) LAMELA GARCÍA, Luis (1998:23) e NEIRA VILAS, Xosé (2000:354)

1.680 RODRÍGUEZ DE BRETAÑA, Roxelio

Barco
IPANEMA

Países: Francia / México

Biografía

(Ourense, 1916) Mlitante da Federación de Mocedades Galegas, alistouse nos raquetés para salva-la vida e pasou ó bando leal. De Francia pasoua a México en 1940. Foi o primeiro Secretario Xeral do Padroado da Cultura Galega mexicano no ano 1953. No Padroado tiña problemas polo seu anticomunismo, en especial con Luís Soto, sendo sustituído por Carlos Velo, afín a Soto. Colaborou en "A Nosa Terra" e inicia no nadal de 1952 o programa radiofónico "A Hora de Galicia". Foi editor dos números 5-7 da revista "Saudade" de México, dirixida por Marcial Fernández e Delgado Gurriarán. Foi o derradeiro secretario xeral do Partido Galeguista en México no ano 1945 e de xeito testemuñal ata os anos 80, así como secretario de relacións da Irmandade Galeguista.

Organizacións ás que pertenceu:

FMG FEDERACIÓN DAS MOCEDADES GALEGUISTAS
PADROADO DA CULTURA GALEGA
PG PARTIDO GALEGUISTA

Profesións no exilio Político / Xornalista

Refª.Bibliográficas:
GURRIARÁN, Ricardo (1999:158, 215, 242 e 249)
RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:232)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a)
MACEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Manoel (1995:218-220 e 224)
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:313-314)

Comentarios: Segundo Ricardo Gurriarán o programa radiofónico que puso en marcha chamábase "Hora da Cultura Galega".

1.681 RODRÍGUEZ DÍAZ, César

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

1.682 RODRÍGUEZ DIÉGUEZ, Laudino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

1.683 RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio

Barco

Países: Francia / México

IPANEMA

Biografía

(Grou, Lobios, Ourense, 1910) Dende moi novo aproximouse á causa do galeguismo. Foi membro da Mocidade Galeguista de Ourense e de Bande. Trala sublevación do 36, é perseguido e refúxiase na Lexión Estranxeira, e despois de pasar ó bando republicano ingresa na Arma de Aviación como alférez. O 7 de marzo de 1937 foxe a Xibraltar para se incorporar á aviación republicana ata o fin da guerra. Despois vai para Francia onde estivo no campo de refuxio de Argelès sur Mer. Cando consegue saír vai a París, dende onde, e coa axuda de Castelao e Luís Soto, é evacuado para México no ano 1939 no barco Ipanema xunto con outros refuxiados. Chegou a Veracruz o día 13 de xullo de 1939. En novembro de 1945 recebeu a visita de Castelao sendo a derradeira vez que o veu. Neste país colaborou en distintas organizacións de axuda á República española. Reuníase cos refuxiados españois en tertulias de café, frecuentando a peña do céntrico "Café Madrid". Tamén se dedicou a actividades culturais galeguistas colaborando coa revista "Saudade", o programa de radio "A Hora de Galicia" ou a revista "Vieiros". Tamén foi membro do Padroado da Cultura Galega fundado o 29 de xuño de 1953. En 1956, por motivos de traballo, estivo en Francia, Inglaterra, Holanda, Alemaña e Italia. En 1965 vai a Santiago de Compostela xunto con Inocencio Ferrer ó Congreso da Emigración Galega en calidade de delegados do Padroado. Era xenro de Indalecio Díaz Bouza, presidente do Centro Gallego de México. Actualmente reside en México.

Organizacións ás que pertenceu:

FMG FEDERACIÓN DAS MOCEDADES GALEGUISTAS
PADROADO DA CULTURA GALEGA
PG PARTIDO GALEGUISTA

Profesións: Militar

Profesións no exilio Empresario / Viaxante

Obra no exilio: Matádeo Mañá. Memorias dun galeguista republicano entre a guerra e o exilio, (1994) Vigo: Xerais

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994)

Refª.Fotográficas: GURRIARÁN, Ricardo (1999) e RODRIGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:231-239)

1.684 RODRÍGUEZ DOVAL, Fernando

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

1.685 RODRÍGUEZ DURÁN, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ribeira, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.686 RODRÍGUEZ ELÍAS, Avelino

Países: Paraguai

Biografía

(Afife, Portugal, 21/01/1872 - Paraguai, 1958) Retorna de neno cos pais a Vigo. Criouse e formouse nesa cidade chegando a ser un importante escritor e periodista. Foi fundador de "El Pueblo de Vigo" e director de "Ecos de Vigo" e redactor, dende 1904, do "Faro de Vigo". Traballou tamén como correspondente para a Real Academia Gallega, o "Instituto de Coimbra", a "Academia de Bellas Artes de Málaga", o "Instituto histórico de Minho" de Viana de Castelo, a de "Ciencias de Lisboa", etc. No ano 1921 foi concelleiro nesa cidade. Tamén foi cónsul de Paraguai. Durante a Guerra Civil foi encarcerado e varias veces estivo ameazado de morte antes de, mercé ás xestións diplomáticas que se fixeron para lle salva-la vida, pode embarcar cara a Paraguai en 1936. Foi autor de teatro e de máis de 200 contos en galego. Tamén foi conferencista.

Organizacións ás que pertenceu:

IRMANDADES DA FALA

Profesións: Escritor / Xornalista / Concelleiro

Obra no exilio: "Contos no turreiro"
"El Cantor de la Paz" (1º premio na revista Suevia Literaria de Santiago en 1919)
"Diante unhas mámoas" (poesía, premiado nos Xogos Florais de Santiago de 1916.
Obra teatral: ""Obras teatrales gallegas" Vigo, 1930, "Siet Trasit" monólogo castelán en verso, Vigo 1904, e estrena en Vigo en 1926 "Explotadores de España".
"Aturuxos" colección de epigramas e cantares e "O cantar dos cantares" (Vigo 1922)
"La reconquista de Vigo" (Vigo 1916)
"El homenaje a D. Antonio Sanjurjo Badía. Reseña histórica." (Vigo 1921), "O retabro de capela maior de eirexa colexista de Baiona" (Santiago, 1933).
Escribiu unha biografía de Méndez Núñez.

Refª.Bibliográficas: GEG
VILANOVA RODRÍGUEZ, Alberto (1990:255)
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000:1000)
VILANOVA RODRÍGUEZ, Alberto (1958:3-4) Boiro: 1999, p. 291.
PEREIRA MARTÍNEZ, Carlos (ed.) (1998:43)
ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, José Mª (1980:649)

1.687 RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Alfonso

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrante do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

1.688 RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Enrique

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.689 RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Florencio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Viana do Bolo, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.690 RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Parada do Sil, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.691 RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Parada do Sil, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.692 RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Marcial

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Logo estivo no campo de refuxio francés de Vernet d´Ariège (barraca 44) e no de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133 e 142)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados.

1.693 RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Ramón

Países: Arxentina

Biografía

(Ordes, A Coruña, ?) Galego exiliado na Arxentina.

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Xosé Neira Vilas.

1.694 RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Ricardo

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Gijo?, Pontevedra, ?-Mauthausen, 7/02/1942). Foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:114)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.695 RODRÍGUEZ FERREIRA, Abelardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

1.696 RODRÍGUEZ FERREIRA, Atilano

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Castro de Rei, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.697 RODRÍGUEZ GARCÍA, Edelmiro

Países: Campos de Refuxio / Francia

Biografía

(Ourense, ?)En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.698 RODRÍGUEZ GARCÍA, Federico

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

1.699 RODRÍGUEZ GARRIDO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.700 RODRÍGUEZ GÓMEZ, Constantino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Marín, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.701 RODRÍGUEZ GÓMEZ, Eliseo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Monforte de Lemos, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.702 RODRÍGUEZ GÓMEZ, Ramiro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo en Barcarès, Francia, como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

1.703 RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Beremundo ("Alejandro del Valle")

Países: Cuba / Arxentina / Francia

Biografía

(Sampaio, Petín, Ourense, 1910 - París, 1986) Fillo de casteláns radicados en Galicia. Emigra a Cuba onde toma os primeiros contactos co comunismo. Nos anos trinta regresa a Galicia para incorporarse como secretario comarcal ó Partido Comunista que dirixía Santiago Álvarez. Participa activamente nos movementos sindicalistas en Valdeorras. Durante a Guerra Civil foi instructor do PC no XIIº Corpo do Exército dos Pirineos. Tivo que exiliarse en Francia onde loitou na resistencia francesa contra os alemáns. Logo exíliase tamén en Cuba, onde participou da "Revolución", e na Arxentina. A mediados dos sesenta regresa a París onde publica a súa obra poética. Morre nesta cidade na miseria.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Político / Sindicalista / Poeta

Obra no exilio: "Poética Galicia", París, 1973 (segunda edición)
"La poesía revolucionaria española" (1967)
"Háblame de amor" (1969)
"Águila intercontinental" (1970)
"Cité de la nuit" (1970. Francés - español)
RODRÍGUEZ, B. et Franco Bianciardi: "Poèmas pour le Vietnam" (1972)

Refª.Bibliográficas: VARELA SIEIRO, Xaime (2001) (inédito).

1.704 RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Darío

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil en Madrid. Despois estivo no campo de refuxiados francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

1.705 RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Javier

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Bresa, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.706 RODRÍGUEZ IGLESIAS, Domingo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 4 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.707 RODRÍGUEZ IGLESIAS, Jaime

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cobas, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.708 RODRÍGUEZ LEMA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi membro durante a Guerra Civil do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Posteriormente estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

1.709 RODRÍGUEZ LÓPEZ, Antonia

Países: Francia

Biografía

(Soucelín, San Miguel de Santigoso, O Barco de Valdeorrás, Ourense, ?) Irmá de Rogelio Rodríguez López. Por axudar ós fuxidos como enlace prendérona en 1945, polo que estivo presa uns meses coa súa irmá Consuelo Rodríguez López. A comezos de 1948 exíliase en Francia axudada polo grupo do asturiano César Ríos, que máis tarde casará con ela.

Refª.Bibliográficas: TÉLLEZ, Antonio (2000:84)

1.710 RODRÍGUEZ LÓPEZ, Consuelo

Países: Francia

Biografía

(Soucelín, San Miguel de Santigoso, O Barco de Valdeorras, Ourense, ?) Irmá de Rogelio e Antonia Rodríguez López. Casada co guerrilleiro asturiano Marino Montes. Estivo no cárcere coa súa irmá Antonia. Exíliase en Francia.

Refª.Bibliográficas: TÉLLEZ, Antonio (2000:84)

1.711 RODRÍGUEZ LÓPEZ, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábese no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 6 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.712 RODRÍGUEZ LÓPEZ, Julio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi membro durante a Guerra Civil do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Posteriormente estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

1.713 RODRÍGUEZ LÓPEZ, Manuel

Países: Alxeria

Biografía

(Mundia, Serantes, Ferrol, 1911) Foi Comisario Político do Cruceiro "Miguel de Cervantes" e despois foi nomeado Oficial de Cifra do Estado Maior da Flota. Na guerra deempeñou diversos cargos: membro do comité do buque, presidente do Fogar do Mariño, comisario político, presidente oficial de cifra. Tamén foi membro do Socorro Vermello Internacional.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA
SVI SOCORRO VERMELLO INTERNACIONAL

Profesións: Militar

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1988:141-142)

Comentarios: Os datos obtidos proceden dunha carta que escribe a Dolores Ibárruri, ver ÁLVAREZ, Santiago (1988:141-142)

1.714 RODRÍGUEZ LÓPEZ, Rogelio

Países: Portugal

Biografía

(Soucelín, Santigoso, O Barco de Valdeorras, Ourense, ? - ?, 02/10/1941) Foi un dos fuxidos de máis sona en Valdeorras. Eran seis irmáns dos que tres foron axustizados, Sebastián, Alfonso e Domingo, dous deles exilíaronse en Francia. Rogelio, cando estalou a Guerra Civil, facía o servicio militar na Coruña e formou unha das columnas que avanzaou cara a Oviedo. Alí pasou á zona republicana. Cando caeu Asturias en 1937, voltou a Soucelín. En 1939 fuxiu ó monte. Prendérono en Portugal en 1941 e axusticiárono o 2 de outubro dese mesmo ano.

Refª.Bibliográficas: TÉLLEZ, Antonio (2000)

1.715 RODRÍGUEZ LORENZO, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrou o Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

1.716 RODRÍGUEZ LOSADA, Mario, "Mario de Langullo, o Pinche"

Países: Francia

Biografía

(San Pedro, Manzaneda, Ourense, 29/09/1913 - Seadur, Larouco, Ourense, 07/07/1986)Ós quince anos marcha a traballar a Bilbao, onde simpatiza coa UGT, á que acabará afiliándose. Estivo no cárcere por participar en conflictos laborais. Regresa a Langullo (Manzaneda), onde se trasladara a súa familia, e en 1935 participa en actos reivindicativos. Tralas eleccións do 16 de febreiro de 1936, o seu pai, Juan Rodriguez, é alcalde de Manzaneda polo Partido Socialista. No mes de xullo de 1936 bótase ó monte, formando unha das partidas máis importantes de Valdeorras. Mario saíu de Trives cara a Francia en agosto de 1968, segundo fontes policiais foi en 1950. Instálase en Nogent sur Vermisson, en Loiret. Volve en 1979, e morre en Seadur (Larouco), o 7 de xullo de 1986.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL
UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Labrego

Refª.Bibliográficas: MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo (1988:182)
CARBALLA, Xan (2000: contraportada)
TÉLLEZ, Antonio (2000)
REIGOSA, Carlos G. (1989)

Refª.Fotográficas: Hai unha fotografía en A Nosa Terra, XXIII:955, (05/10/2000), contraportada. Hai fotografías en REIGOSA, Carlos G. (1989:108) e TÉLLEZ, Antonio (2000)

1.717 RODRÍGUEZ LOURO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Ézaro, Dumbría, A Coruña, ? - Mauthausen, 16/09/1941) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer. Posteriormente foi trasladado ó comando de Mauthausen chamado Gusen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar ó campo de refuxiados de Argelès sur Mer e posteriormente ó campo de concentración de Mauthausen.

1.718 RODRÍGUEZ MACÍAS, Balbino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(San Lourenzo, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.719 RODRÍGUEZ MARIÑO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Boiro, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.720 RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, Román

Países: Arxentina

Biografía

(Bos Aires, ? - Bos Aires, ?) Fillo de emigrantes galegos que volve a Fornelos de Ribeira contra 1920/21. En Bos Aires foi fundador da Sociedade "Juventud Progresiva Hijos de Fornelos" (1920) e delegado da mesma en Fornelos de Ribeira. Tamén foi presidente do Sindicato Agrícola y Ganadero "El Progreso", nos anos 30. En 1936, consegui fuxir e embarcar cara a Bos Aires dende Vigo. Pasou o resto da súa vida na Arxentina, onde morreu ó redor dos anos 70. Publicou abondosos artigos de opinión tanto na prensa galega de Bos Aires como en Galicia ("El Tea").

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada polo Sr. J. Merino Rodríguez.

1.721 RODRÍGUEZ MONTERO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.722 RODRÍGUEZ MORENO, Julián

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - Francia, ?) Sarxento do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Chegou en 1939 a Barcarès como refuxiado. Morreu en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

1.723 RODRÍGUEZ MOSCOSO, Domingo

Países: Francia / Campos de Refuxio / México

Biografía

(Monforte de Lemos, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia. Despois marchou para México onde se aproximou ó grupo dos galegos socialistas exiliados.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.724 RODRÍGUEZ MOURELO, Ramón

Países: Estados Unidos

Biografía

(O Incio, Lugo, ? - Nova York, 23/09/1998) Chega ós Estados Unidos no ano 1937 como refuxiado da Guerra Civil. Morre en Nova York en setembro de 1998.

Profesións no exilio Empresario

Refª.Bibliográficas: The New York Times (edición dixital), (25/09/1998).

1.725 RODRÍGUEZ NOYA, Juan Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Esteiro, Muros, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.726 RODRÍGUEZ OLLERO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

Comentarios: Probablemente sexa o irmán de Verísimo Rodríguez Ollero.

1.727 RODRÍGUEZ OLLERO, Verísimo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo refuxiado no campo francés de Vernet d´Ariège (barraca 43).

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:142)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.728 RODRÍGUEZ PAZOS, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Raxó, Poio, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.729 RODRÍGUEZ PÉREZ, Darío

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrou o Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

1.730 RODRÍGUEZ PÉREZ, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

1.731 RODRÍGUEZ PÉREZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet d´Ariège en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.732 RODRÍGUEZ PÉREZ, Manuel "Galán"

Países: Francia / Venezuela

Biografía

(Porcar, Cabanas, A Coruña, 1908). Fuxiu no ano 1936, acusado de fustigar ás forzas que dende Ferrol avanzaban cara Pontedeume. Experto en trampas explosivas e seguridade. En 1944 ten como misión enlaza-los grupos do Eume cos da Coruña. No Nadal de 1946 marcha a Francia e de alí a Venezuela.

Refª.Bibliográficas: MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo (1988:182)

1.733 RODRÍGUEZ PRIETO, Ramón

Países: Cuba

Biografía

(? - ?) En decembro de 1937 estaba xa exiliado na Habana, onde presidía o Grupo de Exiliados Antifascistas.

Refª.Bibliográficas: Información propocionada por Xosé Manoel Núñez Seixas.

1.734 RODRÍGUEZ RIVERA, Pablo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

1.735 RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Melón, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.736 RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Fene, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.737 RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

1.738 RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ribadavia, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.739 RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Monforte de Lemos, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.740 RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Pascual

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Logo estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

1.741 RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Vicente

Países: Francia / Campos de Refuxio / México

Biografía

(Monforte de Lemos, Lugo, ?) Delegado do corpo de Carabineiros. En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de de Sepfonds, Tarne et Garonne en Francia. Posteriormente exiliouse en México. Neste país aproximouse ó grupo dos socialista galegos exiliados.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Delegado de Carabineiros

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.742 RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

1.743 RODRÍGUEZ SANTOS, Luís

Biografía

(? - ?) Mestre que vivira en Cuba e despois regresou a España. En 1936 tivo que marchar ó exilio.

Profesións: Mestre

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Miguel Anxo Seixas Seoane.

1.744 RODRÍGUEZ SEIJO, Álvaro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cudeiro, Ourense, ?) Refuxiado en Francia. Estivo no campo de concentración francés Nº 16 de Saint Cyprien nos Pirineos Orientais en 1939.

Refª.Bibliográficas: "Gallegos en los campos de concentración franceses, que piden ayuda a sus hermanos de América", Galicia, XVII:619, (22/04/1939), 3.
"Nuestros refugiados gallegos", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 1.

1.745 RODRÍGUEZ SOL, Aparicio

Países: Unión Soviética / México

Biografía

(Pontevedra, 1899) Foi oficial de mecánicos de aviación en Cuatro Vientos e enxeñeiro. Pertenceu ó PCE desde 1936. Durante a guerra foi xefe do "Aeródromo dos Llanos Abrates", así como xefe de mecánicos do grupo de aviación soviético en Teruel. Participou na guerrilla. Foi voluntario do Exército Vermello soviético. Na URSS traballou en Kramatorsk, Tcshkent. Logo foi mecánico do Comité Central do PCUS. Posteriormente foise para México.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Enxeñeiro / Mecánico / Piloto de aviación

Profesións no exilio Obreiro / Mecánico

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.746 RODRÍGUEZ TEJERO, Manuel

Países: Unión Soviética

Biografía

(Ferrol, A Coruña, 1910) En maio de 1948 atopábase no campo de Karagandá na Unión Soviética. Era un mariño do "Cabo San Agustín" e pertencía a CNT.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: "Karaganda", Cultura Proletaria, XX:1045, (22/05/1948), 2.

1.747 RODRÍGUEZ TRABADO, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferreiradores, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.748 RODRÍGUEZ TRILLO, Domingo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

1.749 RODRÍGUEZ TRILLO, Juan

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Cordeira, A Coruña, ? - Mauthausen, 22/09/1942) Foi trasladado ó comando de Mauthausen chamado Gusen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.750 RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, Andrés

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Parada do Sil, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.751 RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

1.752 RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Parada do Sil, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.753 RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, Xosé (Vázquez da Xesta)

Países: Arxentina

Biografía

(Teo, A Coruña, ?) Alcalde republicano de Teo, afiliado a Izquierda Republicana. Foi preso en 1936 e logo de saír da cadea exiliouse na Arxentina onde militou na Irmandade Galega. Era o pai do penalista Gonzalo Rodríguez Mourollo. Retornou a Teo contra finais da década dos 40.

Organizacións ás que pertenceu:

IRMANDADE GALEGA DE ARXENTINA
IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Mestre / Alcalde

Obra no exilio: " Galiza e a emigración", El Orensano, I:9, (10/03/1945), 4.

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Xosé Manoel Núñez Seixas.
DÍAZ FERNÁNDEZ, Xosé (1982)

Refª.Fotográficas: Hai un debuxo feito por Camilo Díaz en DÍAZ FERNÁNDEZ, Xosé (1982:anexo)

Comentarios: Tamén coñecido como Vázquez de Calo.

1.754 RODRÍGUEZ VERDE, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

1.755 RODRÍGUEZ VERDES, Manuel

Barco
WINNIPEG

Países: Francia / Campos de Refuxio / Chile / Perú

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) Foxe nunha lancha o 31 de agosto de 1938 con outros compañeiros, probablemente ante a posibilidade de ser reclutados para loitar na Guerra Civil. Chegaron á costa de Francia e que estivo no campo de refuxiados de Argelès sur Mer. Conseguiron embarcar no Winnipeg cara Chile. Traballou de mariñeiro na costa chilena preto da fronteira con Perú. Contra o ano 1944 instálase en Chimbote (Perú) para seguir traballando como mariñeiro.

Profesións: Mariñeiro

Profesións no exilio Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: GARCÍA DOMÍNGUEZ, Teresa (1998:177-197)
Fonte oral (Teresa García Domínguez)
FERRER MIR, Jaime (1989)
"Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Na lista de refuxiados do xornal "Galicia" atópase co nome de Manuel Rodríguez Verde.

1.756 RODRÍGUEZ VILLAR, Luis

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) Mariñeiro que foxe o 22 de xuño de 1938 pero o seu paradeiro é descoñecido.

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: Documentación Concello de Malpica.(listado de recrutamento)

Comentarios: Non se pode considerar realmente como exiliado, só se sabe que fuxiu e o paradeiro era descoñecido.

1.757 RODRÍGUEZ, Domingo "O Inca"

Países: Francia

Biografía

(? - ?) Era o xefe dunha das partidas que actuaba en Valdeorras, composta entre outros por Alfredo Yáñez, "O Aguirre" e Juan "O Cura". A súa zona de actuación era o concello da Veiga. Pasa a Francia en 1948 participando no axusticiamento do secretario do Concello da Veiga. Cando marcha a Francia leva consigo a unha muller que se chama Divina do lugar de Ricosende.

Refª.Bibliográficas: TELLEZ, Antonio (2000)
REIGOSA, Carlos G. (1989:94)

1.758 RODRÍGUEZ, Eladio

Barco

Países: Francia / República Dominicana / Venezuela

FLANDRE

Biografía

(San Miguel de Outeiro, Vilamartín de Valdeorras, Ourense, 1912 - ?, 1942) Fillo de labregos, era o segundo de seis irmáns. Orfo desde moi novo tivo que abandonar a escola para a traballar no campo. Nos primeiros anos da década de 1930 afiliouse ó PCE, xunto a Santiago Álvarez, e desde aquí tentou crear máis células do partido en Valdeorras. Na revolta de 1934 en Asturias, Eladio fixo retrasar na súa bisbarra as tropas militares que ían cara o Principado. Tras estes acontecementos, tense que ocultar no concello de Quiroga, Lugo. As autoridades andan tras del, refuxiándose en Chaves, Portugal, de onde era oriundo seu padrastro. A fuxida realízase a través do Sil. Estivo no país veciño quince meses, ata o trunfo da Fronte Popular. Entón decide regresar a Valdeorras trala amnistía concedida polo goberno, participando en diferentes actos a prol do partido, entre eles a campaña do estatuto de autonomía para Galicia.
Co comezo da Guerra Civil, Eladio volta a Asturias. Ó crearse o "Batallón Galicia" ingresou nel chegando a tenente-xefe do Corpo de Sanidade. A pérdida de Asturias levouno a Barcelona onde se incorporou á XI División, e, posteriormente, ó V Corpo do Exército. O 11 de febreiro de 1939 cruza a fronteira francesa onde logra eludir os campos de concentración e instalarse en París. Coa II Guerra Mundial, o Comité Central do PCE indícalle que saia para Cuba, vía Santo Domingo, xunto a 1.200 refuxiados máis entre os que se atopaba Santiago Álvarez. Van no barco francés "Flandre" o 25 de outubro de 1939. De Santo Domingo, Eladio pasa a Cuba, desembarcando na Habana o 29 de novembro do mesmo ano.
Sae ilegalmente da illa en 1941 con destino a España no barco "Marqués de Comillas", actuando entre Galicia e Portugal. En Lisboa forma parte do centro de dirección do PCE no exilio. Aquí é detido pola PIDE e enviado a Franco, comparece ante un Consello de Guerra que o condena a morte. Foi fusilado en 1942 despois duns meses na prisión de Porlier.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN "GALICIA"
PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Político / Labrego

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1985:137-145)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a)

Refª.Fotográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1985:anexo) e ÁLVAREZ, Santiago (1989a:anexo)

1.759 RODRÍGUEZ, Jerónimo

Países: Francia / Arxentina

Biografía

(? - ?) Emigrante na Arxentina que retorna para loitar na Guerra Civil e que posteriormente se exilia en Francia para regresar novamente á Arxentina.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

1.760 RODRÍGUEZ, Manuel

Países: Francia

Biografía

(Grou, Lobios, Ourense, ?) Chamado o "Carballo". Estivo exiliado en Francia..

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:264)

1.761 RODRÍGUEZ, Manuel

Países: Portugal / Estados Unidos

Biografía

(Lugo, 1921 - ?) Con 16 anos ten que fuxir da Guerra Civil tralo asasinato dos seus pais e tíos. Logran chegar a Estados Unidos a través de Portugal.

Refª.Bibliográficas: RUEDA, Germán (1993:49)

1.762 RODRÍGUEZ, Víctor

Países: México

Biografía

(? - ?) Galego exiliado en México. Nese país aproximouse ós ambientes socialistas do exilio.

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

1.763 ROEL LONGUEIRA, Manuel

Países: Arxentina

Biografía

(Guísamo, Bergondo, A Coruña, (04/01/1898 - Betanzos, A Coruña, 1968) Dende moi novo entrou en contacto cos círculos intelectuais da Coruña, onde formou parte dos integrantes máis novos das Irmandades de Fala. Colobora con poesía e narracións na prensa galeguista da época como A Nosa Terra e O Tío Marcos da Portela. Na revista "Rexurdimento" de Betanzos aparece o 1 de outubro de 1922 o poema titulado "Os ¡vivas! dun vivo". En 1926 vai vivir a Betanzos, xa que casa con Bernardina Martín Torres. Alí desempoñou o oficio de axente comercial que compartía coa actividade xornalística, pois era correspondente do xornal vigués de Portela Valladares "El Pueblo Gallego". No outono de 1936 vai para a Arxentina víctima da represión franquista. En Bos Aires vivirá 13 anos colaborando coas sociedades de emigrantes galegos e con grupos galeguistas. É aquí onde desenvolve maiormente a súa actividade como escritor de contos (sobre todo humorísticos) e poemas, chamando ós ultimos "lóstregos" e "foguetes". Relaciónase con escritores e artistas galegas como Maruxa Villanueva, Varela Buxán, Arturo Cuadrado, Luís Seoane, Colmeiro, Prieto Marcos, Dieste e Castelao, a través das súas actividades societarias e da "Agrupación de Artistas Gallegos" que el presidía. Foi director durante un ano da revista "Lar" da Asociación Gallega de Beneficiencia y Mutualidad (Hospital Gallego) e representante en España desta Asociación despois do seu regreso. Tamén foi o encargado da publicación da Revista "Breogán" do Centro Gallego de Avellaneda, director interino e encargado de avisos da revista "Galicia" do Centro Gallego de Buenos Aires. Tamén participaba en varios programas de radio, na Radio "Callao" e na "LR2 Radio Argentina", con conferencias, representacións teatrais, etc. En 1950 volta a Galicia reducíndose a súa actividade literaria. Morre en Betanzos o 20 de febreiro de 1968.

Organizacións ás que pertenceu:

IRMANDADES DA FALA

Profesións: Escritor / Xornalista

Profesións no exilio Escritor / Xornalista

Obra no exilio: "Gallegadas", O Tío Marcos da Portela (07/02/1919)
"Cantares"A Nosa Terra (25/02/1919)
"As ¡vivas! dun vivo" que co nome de "Foguetes" sae publicado na Revista "Rexurdimento" o 01/10/1922.
Contos breves: "Xa pode agardar", "O barbeiro de Sevilla" "Chamábanlle tonto" "Bon asistente", "Non era pra tanto", "O padriño".
No libro de Delgado, Amado e Erías hai unha clasificación temática e enumeración dos seus contos, p. 12.

Refª.Bibliográficas: DELGADO CORRAL, Concepción (1999:305-321)
DELGADO, Concepción, AMADO, Mª Teresa e ERÍAS, Alfredo (eds.) (1998)

Refª.Fotográficas: DELGADO, Concepción, AMADO, Mª Teresa e ERÍAS, Alfredo (eds.) (1998:5, 9, 18 e 42) e NEIRA VILAS, Xosé (2000:90)

1.764 ROJO PAZOS, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.765 ROJO POMBO, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.766 ROJO VARELA, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.767 ROJO VARELA, Luis

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.768 ROLDÁN ARANGUREN, Xosé

Países: México

Biografía

(? - ?) Xeneral dos tercios da Garda Civil de Cataluña. Exiliouse en México.

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:182)

1.769 ROMERO ?, Pedro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi membro durante a Guerra Civil do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Posteriormente estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

1.770 ROMERO BENAVIDES, L.

Países: México

Biografía

(? - ?) Exiliado en México.

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a)

Comentarios: Dato ofrecido por Miguel Anxo Seixas.

1.771 ROMERO CARREIRAS, JOSÉ

Países: Unión Soviética

Biografía

(Ourense, ?) Estivo no campo de Karagandá na Unión Soviética. Era piloto de aviación.

Profesións: Piloto de aviación

Refª.Bibliográficas: "Para que conste: Federación Española de los deportados e internados políticos: Lista de españoles republicanos internados en campo de Karaganda U.R.S.S", Cultura Proletaria, XX:1027, (17/01/1948), 2.

1.772 ROMERO CENDÓN, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - Francia, ?) Durante a Guerra Civil foi integrante do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia. Morreu en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

1.773 ROMERO GONZÁLEZ, Manuel

Países: Portugal / México

Biografía

(Tui, Pontevedra, ?) Era propietario dunha ferretería que logrou fuxir ó monte en solitario e puido chegar á casa dos seus pais en Barciademera. Durante algo máis de dez anos estivo agochado en varios sitios. Despois conseguiu pasar a Portugal e de alí a México onde tivo sorte cos negocios que emprendeu e que agora rexe un dos fillos. Retornou a Vigo.

Profesións: Empresario

Refª.Bibliográficas: ALONSO RÍOS, Antón (1996:29 e 34, n. 2)

1.774 ROMERO LEIRA, Gonzalo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 6 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.775 ROMERO LENA, Gonzalo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Serantes, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados en Argelès sur Mer Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.776 ROMERO OLIVEIRA, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Boiro, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.777 ROMERO RAÑO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.778 ROMERO REBÓN, Carlos

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Cervas, Ares, A Coruña, ? - Mauthausen, 09/02/1942) Foi trasladado ó comando de Mauthausen chamado Gusen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.779 ROMERO RENDÓN, Carlos

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.780 ROMEU ALFONSO, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(?-?) Refuxiado galego en Francia. Estivo no campo de concentración francés Nº 16 de Saint Cyprien nos Pirineos Orientais en 1939.

Refª.Bibliográficas: "Nuestros refugiados gallegos", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 1.

1.781 ROO, José

Países: Arxentina

Biografía

(? - ?) Comerciante afiliado a Izquierda Republicana. En 1945 estaba exiliado en Bos Aires.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Comerciante

Refª.Bibliográficas: "Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.

1.782 Rosa A.

Países: Arxentina

Biografía

(? - ?) Esposa de Manuel Cordero Pérez, exiliado en Arxentina. No ano 1944 aínda está en Bos Aires.

Refª.Bibliográficas: "Cousas e feitos da nosa colectividade" (S. do Axuntamento de Castroverde), A Fouce, II:16, (maio 1944), 7.

1.783 ROSALES ALVAR, Modesto

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Raxó, Poio, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.784 ROSALES SANTIAGO, Ricardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Marín, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.785 ROSENDO LOURIDO, Santos

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo como refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

1.786 ROUCO GARCÍA, Secundino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo no campo de refuxio francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

1.787 ROZADOS FERNÁNDEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

1.788 ROZENTHAL, Salvador

Países: Colombia / Estados Unidos

Biografía

(Yechnitz, Besaria, Rusia,?) Xudeu procedente de Rusia que estivera en Perú despois da Iª Guerra Mundial. Dende ese país vai para Galicia xunto coa súa muller, Elena Dainov, onde coa axuda de Emilio González López conseguen a nacionalidade española. Instalouse como dentista na cidade da Coruña. A Guerra Civil sorpréndeo en Madrid e gracias ós seus estudios de medicina ingresa no servicio de sanidade do Exército Republicano e loita na fronte de Santa María da Cabeza en Jaén. Alí fai de intérprete entre os militares españois e expertos militares rusos que estaban alí destacados. Ante a intranquilidade que lle producía a presencia dos soviéticos decide marchar a América no outono de 1937. Instálase en Bogotá (Colombia). Despois desenvolve una importante actividade en favor da creación do Estado de Israel a través da "Agencia Judía". Gracias a esta organización trasládase a Nova York onde traballa de xeito activo nas Nacións Unidas.

Profesións: Dentista

Refª.Bibliográficas: GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio (1990:130)

1.789 RÚA ALONSO, Atilano

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Meaña, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.790 RUBIA BARCIA, José

Países: Cuba / Estados Unidos

Biografía

(Ferrol, A Coruña, 31/07/1914 - Estados Unidos, 1997) Fillo dun comandante da Guerra Civil que sendo moi novo é trasladado á vila de Mugardos. En 1927 cursou estudios no Concepción Arenal, onde remata o bacharelato en 1931. Estudia Filosofía e Letras na Universidade de Granada e comeza a colaborar nalgunhas revistas e xornais ademais de traballar como actor no teatro universitario. En 1934 e gracias a unha bolsa da Escola de Estudios Árabes é contratado para dar aulas no instituto Gavinet de Granada. Paralelamente dirixe a compañía "La Carreta". Instalado en Madrid foi redactor do diario madrileño "Política" de Izquierda Republicana con Osorio-Tafall. Durante a Guerra Civil participou no 4º Batallón de Milicias Populares Gallegas xunto a outros galegos como Rafael Dieste ou Santiago Álvarez. En 1937 gaña unha praza como catedrático de Literatura na Universidade de Valencia, pero ante os acontecementos da Guerra ten que exiliarse primeiro en Francia, a onde chega á pé a través dos Pirineos e máis tarde a Cuba. En 1940 chega á Habana onde se dedica ó ensino e ó desenvolvemento da súa actividade literaria como poeta e xornalista. Foi director-fundador da Escuela Libre da Habana (1940-43) e director da Academia de Artes Dramáticas da Habana (1941-43). Tamén foi profesor da Escola de Verán da Universidade da Habana (1941-43). Alí publica os poemarios "Noche en Galicia" e "Tres en uno" e tamén colabora en "Carteles" e "Espuela de Plata". En 1943 vai ós Estados Unidos, onde foi conferenciante na Princeton University (1943-44) e redactor radial do Office of War Information (1944). En Nova York entabla amizade con Luis Buñuel, chegando a ser contratado polos estudios da Warner Bros como guionista e traductor de guións. Nos Ánxeles, a partir de 1954 formou parte do Departamento de Español da Universidade de California, traballando en temas valleinclanescos e galegos. Despois de superar un proceso de deportación política por razóns políticas, adquire a nacionalidade estadounidense en 1957. Escribe numerosos artigos contra o franquismo nos xornais de Nova York "España Libre" e "Plus Ultra". En 1964 retorna a España despois de 23 anos de exilio, aínda que regresa definitivamente ós Estados Unidos. En 1981 é nomeado Catedrático Titular da Universidade de California (UCLA). Dous anos despois ingresa como membro na Real Academia Galega á vez que publica "Mascarón de proa. Aportaciones a la vida y obra de Don Ramón del Valle-Inclán. En 1985 volve a Ferrol e catro anos despois recibe unha homenaxe no Liceo desa cidade. En 1992 publica "Memorias de España II". Morre nos Estados Unidos no ano 1997.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS
IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Xornalista / Catedrático

Profesións no exilio Escritor / Profesor / Catedrático

Obra no exilio: Libros, monografías e folletos: "Muerte y resurrección de Valle Inclán" (1936); "Tres en uno. Auto sacrametal a la antigua usanza" (1940) La Habana, Imprenta La Verónica (baixo o seudónimo de Juan Bartolomé de Roxas e ilustrado por Luis Seoane) "Noche en Galicia", Loita (ed. facsímil), II:7, (25/07/1940), 1 e 4.
Artigos: "Cómo murió Federico García Lorca", Nuestra España, I:2, (noviembre 1939 67-72); "Poesía y cultura de Al-Andalus", Univ. Habana, VIII:24-25, (maio-agosto 1939); "Raza y artificio de Don Ramón del Valle Inclán", Univ. Habana, X:30-33, (maio-decembro 1940), 58-80.
Outros: "España y Valle Inclán" (1950); "Valle Inclán y la literatura gallega" (1955); "Don Ramón del Valle Inclán. Publicación periodística anterior a 1895" (1956); "El esperpento y su signo universal" 1968; "A biobibliography and iconography of Valle-Inclán" (1960) Berkley, Universidad de California
"La Pardo Bazán y Unamuno" (1960); "Umbral de sueños" (1961); "Poetas españoles en USA" (1970); "Nova canción galega" (1970); "Lengua y cultura" (1973); "Prosas de Razón y Hiel" (1976) Caracas; "Américo Castro and the Meaning of Spanish Civilization" (1977); "Mascarón de proa" (1983) Sada: Ediciós do Castro; "Suma valleinclaniana" (1992); "Palabras al viento. Selección testimonial sobre la vida y obra de España de un trasnsterrado iberogalaico" (1997) Sada: Ediciós do Castro

Refª.Bibliográficas:
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:318-319)
CARVALHO, Joaquim de Montezuma de (1998:136-141)
FRANCÉS, Mª Elena (1998:166)
VV AA :""Xosé Rubia Barcia unha lección de humanismo", Ferrol-Análisis, 12, 120-167.
RUBIA BARCIA, Xosé e GONZÁLEZ HERRÁN, José Manuel (1999:82-87)
GONZÁLEZ HERRÁN, José Manuel (1999a:82-83)
GONZÁLEZ HERRÁN, José Manuel (1999b:415-419)
Liceo Rubia Barcia (ed.) (1995)
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:103-104)
ÁLVAREZ, Santiago (1986:102)
http://www.ferrol-concello.es/venaferrol/descubrenos/ferrolans/barcia.html

Refª.Fotográficas: FRAGA RODRÍGUEZ, Xan (1994:41)

1.791 RUIBAL, José

Países: Uruguai

Biografía

(Leres, Ourense ?) Chegou a Uruguai na década dos anos 50. Foi director de teatro. Regresou a Galicia na década dos 60.

Profesións no exilio Director de Teatro

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Rogelio Martínez Barreiro.

1.792 RUIS GARCÍA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.793 RUIZ CARRILLO, Gabriel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Logo estivo en Francia, refuxiado no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

1.794 RUIZ CHANDEIRA, Amador

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Capitán do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois pasou polo campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

1.795 RUIZ GARCÍA, Francisco

Países: Unión Soviética

Biografía

(Viveiro, Lugo, 1903 - ?) Anarcosindicalista e mariñeiro do "Cabo San Agustín". En maio de 1948 aparece incluído nunha lista nun campo de concentración na Unión Soviética chamado Karagandá.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista / Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: "Karaganda", Cultura Proletaria, XX:1045, (22(05/1948), 2.
PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

1.796 RUIZ IGLESIAS, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarés (P.O.) en Francia. Estivo ademais no campo de Barcarès, Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:143)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados.

1.797 RUIZ PLATA, Valeriano

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - Francia, ?) Tenente do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo no campo de refuxio francés de Barcarès. Morreu en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

1.798 SAA CONDE, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Tenente do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

1.799 SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Alfonso

Países: Cuba / Unión Soviética

Biografía

(A Habana, Cuba, 23/01/1925) Fillo de galegos emigrados en Cuba. Con catro anos volveu cos seus pais a Vilagarcía. Cumpriu o servicio militar do reemprazo do 46. Posteriormente marchou de novo a Cuba e de alí foi enviado a Moscova onde residiu 36 anos. En 1992 foi elixido presidente do Centro Español de Moscova. Colaborou na axuda ó retorno dos nenos da guerra. En 1996 casou con Tamara Nedokunova que traballou como corresponsal de "La Región Internacional".

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.800 SAAVEDRA RODRÍGUEZ, Alfonso

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un sarxento do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

1.801 SABÍN ?, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - Francia, ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès. Morreu en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

1.802 SACO ALVARADO, Fermín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados den Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.803 SAL SAL, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ourense, ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados.

1.804 SALGADO MOREIRA, Manuel

Países: Reino Unido

Biografía

(A Coruña, ? - Inglaterra, 1967) En Madrid militara na CNT e na Federación Anarquista Ibérica (FAI) que militara contra do xeneral Casado. Foxe en avión cara a Inglaterra formando parte dunha expedición de militantes da Rexional Centro da CNT. No exilio e ante a escisión do Movimento Libertario posiciónase a favor do Comité Nacional do Interior.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Axente de seguros

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

1.805 SALGADO RIBEIRO, Juan "O Juan"

Países: Portugal

Biografía

(? - ?) Morto na batalla de Cambedo o 21 de decembro de 1946.

Refª.Bibliográficas: TÉLLEZ, Antonio (2000:47)

1.806 SALIDO VILÁNCHEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Mugardos, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.807 Salvador

Países: Francia

Biografía

(Lugo, 1913) Era socialista e loitou no Guerra Civil no bando republicano como mecánico militar. Marchou ó exilio francés no ano 1939.

Profesións: Mecánico

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ VERDE, Pilar (1996:97-117).

1.808 SAMPAYO PARADELA, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrou o Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

1.809 SAMPEDRO GALDO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Viveiro, Lugo, ?) En 1939 atopábase no campo de refuxiados de Centre d´Hébergement de Montelieu (Aude) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.810 SAMPEDRO VIZCAYA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

1.811 SAN GABRIEL VÁZQUEZ, Felipe

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cangas, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet d´Ariège 8 en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.812 SAN MARTÍN, Jovita

Países: México

Biografía

(Noia, A Coruña, ?) Mariñeiro e contramaestre do bou "Santa Eulalia" no que fuxiu a noite do 26 de xullo de 1936 dende Muros cara a Bilbao. Despois exiliouse en México. Gracias as súas habilidades nas artes da pesca acadou un renome e cargo importante na Universidade de Veracruz.

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: V ILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995a:26 e 58)

1.813 SAN MIGUEL PRADA, Victor

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(A Coruña, ? - Mauthausen, 10/01/1942) Estivo no campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.814 SAN ROQUE

Países: Alxeria

Biografía

(Cariño, A Coruña, ? - ?) Mariñeiro que fuxiu cara Arxel dende Alacante nun bote xunto co seu paisano José Yáñez.

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

1.815 SÁNCHEZ ARMESTO, David

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Montederramo, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet d´Ariege en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.816 SÁNCHEZ BEIRAS, Antonio

Países: Arxentina

Biografía

(Ordes, A Coruña, ?) Galego exiliado na Arxentina.

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Xosé Neira Vilas.

1.817 SÁNCHEZ CHOUZA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.818 SÁNCHEZ DE LA TORRE, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

1.819 SÁNCHEZ FARIÑO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Chegou en 1939 a Barcarès como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

1.820 SÁNCHEZ FERNÁNDEZ, Dositeo

Países: Unión Soviética

Biografía

(Lugo, 1903) Chofer afiliado ó PCE dende 1936. Durante a guerra chegou a ser xefe de brigada. Chegou a Rusia e traballou en Iukov. Foi volutario do Exército Vermello soviético. Foi repatriado xunto coa súa muller, María Puig Tost.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Obreiro / Militar / Chofer

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.821 SÁNCHEZ FERNÁNDEZ, Eligio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil participou no Batallón de Milicias Populares Gallegas. Estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

1.822 SÁNCHEZ GALDA, Armando

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.823 SÁNCHEZ GARCÍA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelés en Francia. No xornal "Cultura Proletaria" de Nova York, indicábase en decembro de 1939 que José Sánchez García recibe unha axuda de 100 francos por indicación de David Guitián.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.
"Servicio de Paquetes a los refugiados españoles", Cultura Proletaria, XII:607, (16/12/1939), 3-4.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.824 SÁNCHEZ GUISANDE, Gumersindo

Países: Arxentina

Biografía

(Santiago de Compostela, 1894 - Bos Aires, 1976) Licenciado en Medicina en 1915 con Premio Extraordinario. Foi profesor auxiliar na Facultade de Medicina de Santiago e en 1918 foi encargado pola Junta de Ampliación de Estudios para participar na organización dos Insitutos portugueses de Anatomía. Ex-decano da Facultade de Medicina de Zaragoza e Catedrático de Anatomía Descriptiva da Universidade de Sevilla e Zaragoza, en 1923 e 1928 respectivamente. Foi un médico moi preocupado polos nenos, o que lle levou a crear unha institución de protección á infancia e a ser coñecido como o "médico dos nenos pobres". Ó estala-la Guerra Civil busca refuxio clandestinamente en Galicia, trasladándose a Santiago de Compostela e a Vilagarcía de Arousa, pero finalmente, e vía Lisboa, chega á Arxentina en 1936. Mentres, os seus fillos quedan en Madrid a cargo duns familiares. En Bos Aires chega a ser director médico do Centro Gallego de Bos Aires. Con Antonio Baltar funda un sanatorio e ocupa a cátedra de Anatomía da Universidade de Mendoza. Foi un dos fundadores do Fogar Galego para Ancianos en 1942. Publicou varias monografías científicas, entre elas un traballo titulado: "El padre Feijoo y los anatomistas españoles de su siglo", "Historia de la Medicina". Foi un dos médicos que atendeu a Castelao antes de morrer. Pronunciou moitas conferencias e publicou numerosos traballos científicos e sociolóxicos, organizou cursos e ata patentou inventos como o do biberón. Despois instalouse como profesor e médico en Mendoza.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Médico / Catedrático

Profesións no exilio Médico / Investigador

Obra no exilio: Historia de la Medicina (1945) Buenos Aires: Editorial Atlántica
Seis cantos galegos (1966) Buenso Aires: Ediciones Muxía

Refª.Bibliográficas: NEIRA VILAS, Xosé (1999)
VILANOVA RODRÍGUEZ, A. (1966, II:1370-1371)
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:306-307)
CORREAS, J. (1989:15-72)
QUINTELA NOVOA, Germán (1992:106-109)

Refª.Fotográficas: Arquivo Fotográfico AEG, nº rexistro 1877 e CD-ROM I (Carpeta: FSG I, nº 52) (Carpeta: FSG II, nº 45) NEIRA VILAS, Xosé (1999:256) e Galicia. Revista del centro gallego de Buenos Aires, XXV:316, (maio de 1939), 18.

1.825 SÁNCHEZ MARTÍNEZ, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(O Barqueiro, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atópase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.826 SÁNCHEZ MÉNDEZ, Cayetano

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Fonteformosa, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.827 SÁNCHEZ MONDELA, Carlos

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(O Barco de Valdeorras, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.828 SÁNCHEZ PATIÑO, Joaquín

Países: Uruguai

Biografía

(Boiro, A Coruña, ?) Obreiro e carpinteiro afiliado á CNT boirense que por causa da Guerra Civil estivo fuxido polos montes do Barbanza. Estivo preso en Boiro, Noia e Santiago de Compostela. Sae do cárcere gracias ás xestións dun tío avogado. Ante o aumento da represión franquista consegue saír nun barco cara a Uruguai. En Montevideo vai desempeñar de novo o oficio de carpinteiro e reclama á súa familia. Por causa da súa implicación no movimento montoneiro uruguaio, ten que fuxir de novo, esta vez ós Estados Unidos. Co tempo decide voltar a Boiro.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Obreiro / Carpinteiro

Profesións no exilio Carpinteiro

Refª.Bibliográficas: GARCÍA BAYÓN, Carlos (2001:8)

1.829 SÁNCHEZ PAZO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Dexo, Arteixo, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.830 SÁNCHEZ PÉREZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cervas, Ares, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.831 SÁNCHEZ PRIETO, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

1.832 SÁNCHEZ RIVAS, Eugenio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.833 SÁNCHEZ RIVAS, Ricardo

Países: Arxentina

Biografía

(Ordes, A Coruña, ?) Exiliado galego na Arxentina. Autor do libro "El mundo de mañana".

Obra no exilio: "El mundo de mañana"

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Xosé Neira Vilas.

1.834 SÁNCHEZ TIELES, Albino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Piñeira, Pontevedra, ?). En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.835 SÁNCHEZ TRIÑANES, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) Sindicalista que militou do ramo da auga da Coruña e cofundou o "Centro de Estudios Sociales Resplandor más allá de la Aurora" de Suevos. Tralo alzamento militar do 36 tivo que exiliarse en Francia e radícase en La Rochelle, onde milita na "Confederación Regional Galaica" da CNT. Ó mesmo tempo participa na recollida de fondos para a Delegación de Armamentos de Francia da Agrupación de Milicias Galegas.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

1.836 SANEIRO RANDÍN, Benito

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Santa Cristina, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.837 SANJURJO VÁZQUEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase nun campo de refuxiados en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.838 SANMARTÍN AVILLEIRA, Urbano

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Mourente, Pontevedra, ? - Mauthausen, 24/11/1941) Foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen e posteriormente ó comando Gusen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:114)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.839 SANMARTÍN GARCÍA, Baudilio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados en Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.840 SANMARTIN GARCÍA, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

1.841 SANMARTÍN GARCÍA, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.842 SANMARTÍN VILAVERDE, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil en Madrid. Despois estivo no campo de refuxiados francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133 e 144)

1.843 SANMARTÍN, Bernardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:143)

1.844 SANMIGUEL PARDO, Victor

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.845 SANTAJES OTERO, Daniel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Sanxenxo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.846 SANTALLA, Carmen

Países: Arxentina

Biografía

(? - ?) Mestra nacional que militaba en Izquierda Republicana. En 1945 está exiliada en Bos Aires.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Mestra

Refª.Bibliográficas: "Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.

1.847 SANTAMARÍA GARCÍA, Vicente

Países: Unión Soviética

Biografía

(Pontella, Jobre ¿?) En En maio de 1948 aparece incluído nunha lista nun campo de concentración na Unión Soviética chamado Karagandá.

Organizacións ás que pertenceu:

UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: "Karaganda", Cultura Proletaria, XX:1045, (22/05/1948), 2.

1.848 SANTAMARÍA MÍGUEZ, Enrique

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Noia, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.849 SANTAMARÍA PATIÑO, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ribeira, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.850 SANTAMARÍA, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio / Estados Unidos / México

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) Ex-alcalde de Ferrol durante a IIª República. A comezos do ano 1940 pasa por Nova York rumbo ó seu exilio en México. O 18 de febreiro de 1940 o Frente Popular Antifascista Galego de Nova York organiza un festival na súa honra no Royal Windsor desa cidade. No festival relata as peripecias da súa fuxida a través de Francia e despois de ter pasado polos horrores dos campos de concentración.

Profesións: Alcalde

Refª.Bibliográficas: "Frente Popular Antifascista Gallego presenta al alcalde de Ferrol", España Libre, II:12, (19/01/1940), 9.
BARBEITO, A.R. (1940:contraportada)
"18 de Febrero en el Royal Windsor hablará Antonio Santamaría, alcalde de Ferrol en el Festival organizado por F.P.A. Gallego", España Libre, II:14, (02/02/1940), 11.
"Acto extraordinario celebra el Frente Popular Antifascista Gallego", España Libre, II:16, (16/02/1940), 10.

Refª.Fotográficas: España Libre, II:13, (26/01/1940), contraportada.

1.851 SANTAMARÍN GARCÍA, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.852 SANTAMARINA, Enrique

Países: Estados Unidos

Biografía

(A Fonsagarada, Lugo, ?) Exiliado en Nova York.

Obra no exilio: "Horizontes novos para emigración galega", Irmandade, II:14, (dec-xan 1967), 14.
"A morriña de antes i a de agora", Casa Galicia de Unidad Gallega, 1962 (s. p.)
"O pobo galego i a emigración", Vieiros, IV (1968)
"Presente y futuro de la cultura gallega", Atenea, 1-2 (1973), 205-213

1.853 SANTAMARINA, Leonardo

Países: Estados Unidos

Biografía

(A Fonsagarada, Lugo, ? - New Jersey, Estados Unidos, 1986) Estudiante de Pedagoxía en Madrid e mestre nacional. Durante a Guerra inscribiuse na Escola de Formación militar, chegando a ser oficial de artillería e actúa nas frontes do centro da península. Desde Barcelona cruza a fronteira cara a Francia, logo é internado no campo de refuxio de Argelès sur Mer, de onde o saca un pariente para ser trasladado a Cuba. Na Habana doutórase en Literatura na facultade de Filosofía e Letras. Posteriormente trasládase ós Estados Unidos para ser profesor de Lingua e Literatura na Universidade de Rutgers, en New Jersey. Máis tarde dirixirá o departamente de Lingua Románicas do colexio feminino Douglas da mesma Universidade. Colaborador e membro da Casa Galicia de Unidad Gallega de Nova York.

Profesións: Mestre

Profesións no exilio Profesor

Refª.Bibliográficas: GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio (et. al.) (1991:48)
GONZÁLEZ LÓPEZ, E. (1990:50)

1.854 SANTAOLALLA, Carmen

Barco

Países: Francia / Arxentina

MASSILIA

Biografía

(? - ?) Mestra nacional, viúva do administrador de correo do Porriño, fusilado polos "facciosos", que xunto con dosu nenos chega a Bos Aires a bordo do Massilia.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesora

Refª.Bibliográficas: "Nómina de los refugiados españoles del vapor "Massilia" a los cuales la Central Gallega atendió y entregó subsidios", Galicia, XVII:649, (18/11/1939), 5.
"Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/09/1945), 10.

Comentarios: Aparece como integrante dunha nómina de refuxiados españois do vapor Massilia que a Central Gallega atendeu e entregou subsidios.

1.855 SANTIAGO REY, José

Países: Alxeria

Biografía

(Serantes, Ferrol, A Coruña, c. 1905) Era sub-oficial do "Jaime I". Unha vez sublevados os oficiais franquistas en xullo de 1936, a tripulación deste barco decide posicionarse do lado do bando republicano, dirixíndose probablemente cara ó levante español. Ó redor do ano 1947 Santiago Rey está nun campo de refuxiados en Arxelia.

Profesións: Militar

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Marcelino Fernández Santiago.

1.856 SANTIAGO, Antonio

Países: Venezuela

Biografía

(? - ?) Mestre ourensán e irmán do escritor Silvio Santiago

Profesións: Mestre

Refª.Bibliográficas: DASAIRAS BOLSA, Xerardo (1999:269-273)

1.857 SANTIAGO, Silvio

Países: Portugal / Venezuela

Biografía

(Vilardevós, Ourense, 1904 - ?, 1974) Viviu na Coruña entre 1927 e 1937 colaborando co xornal vigués "El Pueblo Gallego". A comezos da República afiliouse ó cenetista Sindicato de Dependientes de Comercio. En 1934 intégrase no Partido Sindicalista da CNT da Coruña colaborando nos seus xornais: "Sindicalismo" e "Trabajo". Tralo alzamento de 1936 foi encarcelado en Ourense e na Coruña. En 1937 foxe a Portugal e despois a Venezuela. En Venezuela funda Lar Gallego, Centro Gallego e Casa de Galicia, creando tamén a emisión radial "Hora de Galicia". Alí tamén estivo vencellado á Irmandade Galega. En 1959 decide regresar a España, onde dous anos despois publica a novela "Villardebós". En 1976 publica tamén "O silencio redimido", unha obra sobre a Guerra Civil.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO
IRMANDADE GALEGA DE VENEZUELA
PARTIDO SINDICALISTA

Profesións: Escritor / Sindicalista

Obra no exilio: "Villardebós" (1961) Vigo: Galaxia
"O silencio redimido" (1976) Vigo: Galaxia

Refª.Bibliográficas: GEG
PRADA, Rodolfo (1945:8)
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:308-309)
PEREIRA, Dionísio (1998:67-68)
VALCÁRCEL, Marcos (2000:67)

Refª.Fotográficas: PEREIRA, Dionísio (1998: 68) e ALLEGUE OTERO, Gonzalo e FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor (1993:129)

1.858 SANTÍN AIRA, Balbino

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Sobrado, Lugo, ? - Mauthausen, 10/12/1941) Foi trasladada ó comando de Mauthausen chamado Gusen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.859 SANTÍN ÁLVAREZ, Balbino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Sebras, As Nogais, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.860 SANTISO GAMPARTE, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo no campo de refuxio francés de Barcarès. Despois voltou a España.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

1.861 SANTONO GONZÁLEZ, Eduardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Nogueira de Creyedo, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.862 SANTOS CIUDAD, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Lama, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.863 SANTOS CONEJO, Miguel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Barra de Miño, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.864 SANTOS COSTA, Fernando

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Corme, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.865 SANTOS ESTÉVEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Randín, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.866 SANTOS LÓPEZ, (Irmá de Ana)

Países: Unión Soviética

Biografía

(? - ?) Era filla de Eduardo Santos Avejón que era de Carral, A Coruña, e irmá de Ana Victoriana Santos López. Foron evacuadas as duas xuntas no ano 1937 a Rusia. Viviron en Leningrado.

Nenas da Guerra

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.867 SANTOS LÓPEZ, Ana Victoriana

Países: Unión Soviética

Biografía

(Gijón, 1926) Era filla de Eduardo Santos Avejón, natural de Carral, Coruña. Chegou a Leningrado en compañía da súa irmá debido a que foron evacuadas de España no ano 1937. Intentou voltar a Asturias en varias ocasións. Foi obrigada a estudiar química farmacéutica. Casou cun polaco-soviético do que enviuvou ós 31, anos quedándolle un fillo de 7 anos e unha filla de 4. Traballou como modista por encargo. Posteriormente estudiou mecanografía e traballou nunha editorial. Xubilouse no ano 1992.

Profesións: Nenas da Guerra

Profesións no exilio Administrativa / Modista

Refª.Bibliográficas: Información obtida a través do Programa "Colectivo Nenos da URSS" da Xunta de Galicia.
Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.868 SANTOS, Gerardo

Países: Portugal

Biografía

(Correxais, Vilamartín de Valdeorras, Ourense, ?) En 1941 ía con Constantino de Borrén camiño do Porto, Portugal, onde tamén foron detidos.

Refª.Bibliográficas: TÉLLEZ, Antonio (2000:83)

1.869 SANTULLO IGLESIAS, Manuel

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Ourense, ? - Mauthausen, 02/?/1942) Foi trasladado ó comando de Mauthausen chamado Gusen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.870 SANZ SÁINZ, Julio

Países: México

Biografía

(Pontevedra, 1913) Xornalista e editor exiliado en Santo Domingo e México.

Profesións: Xornalista / Editor

1.871 SAPIRAN, Sebastián

Países: Portugal / México

Biografía

(? - ?) Ex- Comisario Político da República que tivo que fuxir cara ó exilio arxentino pola fronteira portuguesa.

Refª.Bibliográficas: FERNANDES DO ESPÍRITU SANTO, Domingos (1994:71-79)

1.872 SARDIÑA PICOS, Arturo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Mugardos, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.873 SARMIENTO RODRÍGUEZ, Horencio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Canedo, Ourense, 1918) Foi preso en agosto de 1936. En xaneiro de 1937 enrolouse na Lexión, ata que deserta en maio á zona republicana e participa no Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Tamén estivo no campo de Saint Cyprien e no de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Profesións: Dependente

Refª.Bibliográficas: Nueva Galicia, 4, (06/06/1937), 2.
"Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.
"Gallegos en los campos de concentración franceses, que piden ayuda a sus hermanos de América", Galicia, XVII:619, (22/04/1939), 3.
"Nuestros refugiados gallegos", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 1.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

1.874 SARTIL ROUBETA, Santiago

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vilalba, Lugo, ?) En xullo de 1939 atópase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.875 SAYOLO FRIAL, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

1.876 SEARA CASTRO, Eladio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Forcarei, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne, nº 2 en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.877 SEARA RODRÍGUEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

1.878 SEARA SELAS, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

1.879 SEIJAS ALLER, José

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Castro, A Coruña, ? - Mauthausen, 28/11/194) Foi trasladado ó comando de Mauthausen chamado Gusen.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.880 SEIJAS ÍNSUA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Carral, A Coruña, ? - Mauthausen, 06/07/1942) En agosto de 1939 atópase no campo de refuxiados francés de Barcarès. Posteriormente foi trasladado ó comando de Mauthausen chamado Gusen onde morre.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)
"Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado para chegar primeiro ó campo de refuxiados e logo ó cam de concentración de Mauthausen onde morre

1.881 SEIXIDO, Sindo

Países: Francia / Cuba

Biografía

(Limodre, Fene, A Coruña, 1923) Foi amigo dende a infancia do guerrilleiro Xan de Xenaro, veciño tamén de Limodre. Foi enlace de guerrilleiros nos anos cuarenta, aproximadamente entre os anos 1946 e 1948. Non tivo afiliación política, aínda que participaba coa guerrilla, un órgano controlado polo PCE. En 1948 marcha de España, está durante un tempo en Francia e logo marcha para Cuba. En Cuba, co triunfo da revolución castrista en 1959, pasa a colaborar no Ministerio de Industria, baixo a dirección do Ché. Agora vive a cabalo entre Cuba e Limodre, está retirado, e a súa única dedicación é escribir contos.
Ver libro de Neira Vilas "Guerrilleiros" que ten máis información.

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Leonardo Rey Castro.

1.882 SEIXO ALONSO, Xosé

Países: México

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ? - Venezuela, ?) Maior de artillería durante a Guerra Civil. Despois foi para o exilio en México xunto coa súa muller, a escritora Concha Castroviejo. Máis tarde vai para Venezuela onde morreu.

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:185)
BOROBÓ (2001c:35)

1.883 SELAS CID, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

1.884 SEMPRÓN CEREIJO, Eduardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Rubiales, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.885 SENDE SUÁREZ, Manuel

Biografía

(Rianxo, A Coruña, ?) Era o animador do grupo teatral do Centro Cultural Simón Varela de Asados. Exíliase pero descoñécese o seu destino.

Refª.Bibliográficas: V ILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995a:26)

1.886 SENDÍN LÓPEZ, Marina

Países: Unión Soviética

Biografía

(Lugo, 1916 - Armenia, 1974) Era mecanógrafa. Membro do PCE desde 1935. Marchou a Rusia e alí traballou nunha fábrica en Lijachov. Faleceu.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Administrativa

Profesións no exilio Obreira

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.887 SENDÓN ÁLVAREZ, Avelino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Chegou en 1939 a Barcarès como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

1.888 SENDÓN, Claro José

Países: Marrocos / Alxeria / Estados Unidos

Biografía

(Louro, Muros, 1899 - Nova York, 1937) A comezos dos anos 20 emigra rumo a Filadelfia e Nova York traballando como mariñeiro e camareiro. Escribe, invitado por José Villaverde, no "¡Despertad!" para que envíe as súas "Crónicas de Yanquilandia" cando xa era moi coñecido pola comunidade galega de Brooklyn, Newark, Yonkers, New Jersey, etc.. Tamén escribiu no semanario da Confederación Regional Galaica (CRG), "Solidaridad Obrera", e de cando en vez no voceiro da FAI, "Tierra y Libertad". En 1932 volve a Galicia. Incorpórase á CNT e, en febreiro de 1933, desempeña na Coruña o cargo de director da "Soli". A súa oratoria agresiva de tonalidaes marcadamente anticlerical, moi popular na comarca de Noia. A mediados de 1933 o comité do CNT chámao a Madrid para incorporarse á redacción do xornal "CNT" e colabora co Comité Pro Presos "Nacional". Regresa á Coruña fracasada a Revolución de Asturias, axuda á reorganización do CRG participando no Comité Galaico. No ano 1935 trasládase a Lousame, onde por mediación do seu amigo e dirixente do "Sindicato Minero y Profesiones Varias" de San Finx, Enrique Fernández, entra a traballar como peón nas minas de wolfram. Máis adiante será mestre dos fillos dos mineiros. Tempo despois vai a Huelva para axudar ó "Sindicato de Industria Pesquera" para orienta-los pasos dos mariñeiros organizados. Alí emprégase de novo como mineiro en Riotinto e toma parte na resistencia. Huelva cae a comezos de agosto de 1936 e Sendón foxe nun pesqueiro a Casablanca, no Marrocos francés e de alí vai a Orán (Alxeria). En outubro do mesmo ano volve a Madrid para traballar na redacción do xornal "CNT". Despois vai a Valencia para integrarse na Confederación Levantina da CNTe chega a ser delegado da "Regional Levantino" no Comité Nacional da CNT, militando con Federica Montseny. Escribe no voceiro da CNT levantina, "Fragua Social", e continúa unha relación moi estreita con outros camaradas galegos refuxiados por aqueles lugares, como o militante do Sindicato de Transportes Luís Chamorro, ou o cariñense Manuel Pita Armada, alma da colectivización da industria conserveira do porto almeriense de Adra. A mediados de xullo de 1937 a CNT decidiu aproveita-la súa experiencia dos EE.UU para envialo xunto con Juan López, Serafín Aliaga e Avelino González Mallada a unha xira de propaganda por todo o continente americano, aínda que pouco se sabe disto. Claro Sendón estivo nun acto na cidade de México participando tamén Lázaro Cárdenas. En Estados Unidos Avelino González falece nun accidente automobilístico e Claro Sendón morre en Nova York, a finais do mes de novembro, con 38 anos a causa da tise. A nova do seu pasamento, comunicada polo "Comité Nacional" da CNT, pasou desparcebida en Galicia.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Xornalista / Obreiro / Sindicalista / Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionísio (1998:59-62)

Refª.Fotográficas: PEREIRA, Dionísio (1998:65)

1.889 SEOANE ÁLVAREZ, Domingo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos membros do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" durante a Guerra Civil en Madrid. Despois estivo no campo de refuxiados francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

1.890 SEOANE LÓPEZ, Luís

Barco
MASSILIA

Países: Portugal / Arxentina

Biografía

(Bos Aires, 01/06/1910 - A Coruña, 05/04/1979) Naceu nun fogar de emigrantes galegos en Bos Aires. Retorna a Galicia en 1916, cos seus pais, Luis S. Seoane Brocos e María López Mosquera. Na Coruña realiza os seus estudios primarios ata que se traslada a Santiago de Compostela en 1920, onde estudia o bacharelato no instituto de Ensino Secundario Xelmírez. Estando en Compostela inicia tamén os seus primeiros pasos como escritor coa obra de teatro "El percerbe en su tinta", así como a súa verdadeira vocación pola pintura. Logo, en 1927, comeza os seus estudios de Dereito e Ciencias Sociais na universidade compostelana. Os seus primeiros debuxos son expostos no trinque dun comercio da Praza do Toural e en 1929 fai a súa primeira exposición na "Sala de Amigos da Arte". Na súa tapa universitaria participou activamente na FUE, ademais foron anos que os seus debuxos ilustran os xornais e revistas máis comprometidas da época en Galicia como, "Resol", "Ser", "Claridad", "Universitarios", "Yunque", "El Pueblo Gallego", etc. Ilustra tamén "Mar ao Norde" (1932), "Cantiga Rolán (1932) e "Corazón ao vento" (1933), de Iglesias Alvariño. A vida intelectual de Santiago daquela era moi intensa e as tertulias do "Café Derby" e as do "Español" concentraban a diario ós máis coñecidos intelectuais galegos. Neses cafés fixo amizade con Cuadrado, Maside, R. Dieste, Eiroa, Manteiga, Manuel Antonio, Amado Carballo, García Sabell, Cunqueiro, Fole, Suárez Picallo e Alfonso R. Castelao. En 1934, e xunto con Suárez Picallo e Boedo, montan un estudio de avogados laboralistas na Coruña. Tamén dirixiu o semanario de Suárez Picallo “Ser” desde abril a decembro de 1935. Afíliase ó Partido Galeguista dentro do que forma parte da corrente de esquerda marxista que orientaba o seu amigo o deputado Suárez Picallo. Durante a campaña do plebiscito polo Estatuto de Autonomía e nas eleccións do 36 participa ilustrando a campaña electoral con carteis solicitando o voto para a autonomía. Co levantamento de Franco en xullo de 1936 foxe a Portugal, dous meses despois, xunto co seu irmán Rafael e despois conseguen saír cara Arxentina a mediados de outubro. Neste periodo casou coa súa curmán María Elvira Fernández López (Maruxa). Ó chegar a Bos Aires súmase ás entidades que estaban organizando a solidaridade cos republicanos. Así, incorpórase á "Federación de Sociedades Galegas", institución fundada por Antonio Alonso Ríos. Empeza tamén a colaborar no xornal "Crítica" dirixido por Natalio Botana. En Bos Aires o exilio e os emigrantes galegos en América e Europa son tema central da súa obra. Alí tamén cofundou xunto con Cuadrado, Blanco Amor, Sánchez Guisande, Antonio Baltar, Rey Baltar, Villaverde e Bermúdez Abende a "Logia Antolín Faraldo". Naquela época resolveron fundar editoriais e tamén impulsan a "Fundación do Fogar Galego para Anciáns". Durante a súa primeira etapa do exilio vincularase tamén ó mundo intelectual arxentino formando parte das tertulias do "Café Tortoni". Escritores e artistas arxentinos como Ernesto Sábato compartían cos exiliados Alebert, Casona, Colmeiro, Lorenzo Varela, Dieste, Maruja Mallo, etc. Outra das tertulias que contará coa presencia de Seoane e a maioría dos exiliados galegos foi a que se xuntaba no restaurante "Casa de la Troya" de propiedade dos irmáns Villaverde. Con Arturo Cuadrado fundará unha serie de editoriais entre elas, Dorna, Hórreo, Emecé e Botella al mar. En Emecé o primeiro que recupera é "Cincoenta homes por dez reás" de Castelao. Tamén fundará con Lorenzo Varela e Cuadrado a revista literaria "Correo Literario", participa da fundación a Editorial Citania, Cuco-Rei e a revista "Galicia Emigrante" (1954-1959) e o programa de radio que leva o mesmo nome. Colabora tamén na Editorial Losada e en 1956 e cofundador de AGUEA. En Bos Aires traballou no Consulado de España, publicou relatos en "Crítica", traballou de periodista en "El Diario". Cofundou ademais o semanario político "Claridad". Nos 60 regresa a España para crear con Isaac Díaz Pardo o complexo artístico de cerámica de Sargadelos, orixe de Ediciós do Castro, e crean o Museo Carlos Maside, proxectos que xurden do Laboratorio de Formas con orixe no exilio arxentino. En canto as principais exposicións nas que participou pódense destacar a celebrada no ano 1929 nos "Amigos del Arte" en Santiago de Compostela e no ano 1949 en "Twenty Brook Street" de Londres. En 1950 no "Instituto de Arte Contemporáneo" de Lima, "Arte Bella" de Montevideo e na "Sociedad Hebraica" de Bos Aires. En 1956 na "Galería Sudamericana" de Nova York. En 1963 na "Dirección General de Bellas Artes" de Madrid. En 1967 nas Galerías "Buchholz" de Münich e a Galería "Boisser"e de Colonia (Alemania). Morre na Coruña en 1979.

Organizacións ás que pertenceu:

AGUEA AGRUPACIÓN GALLEGA DE UNIVERSITARIOS, ESCRITORES Y ARTISTAS
FUE FEDERACIÓN UNIVERSITARIA ESPAÑOLA
PG PARTIDO GALEGUISTA

Profesións: Escritor / Pintor / Debuxante

Obra no exilio: "13 estampas de la traición"; "El percebe en su tinta" (obra de 1924?); "Tres hojas de ruda y un ajo verde" (1940) narrativa; "Homenaje a la Torre de Hércules"; "Muñeira"; "Cuatro grabado medievales"; "Pascin"; "Tres hojas de ruda y un verde" (poemas); "Fardel do eisiliado" (1952) poesía; "Na brétema, Santiago , 1956) poesía; "La soldadera" (1957) teatro; "Irlandés astrólogo" (1959) teatro; "As cicatrices" (1959) poesía
"A maior abondamento" (1972) poesía; "Obra poética" (1977) poesía

Refª.Bibliográficas:

MARTÍNEZ-BARBEITO, Carlos (1981-1983:21-36)
CACHEIRO VARELA, Maximino (1992)
ALONSO MONTERO, Xesús (1994b)
Grial, 65, (xullo-agosto-setembro 1979) (nº adicado a Seoane)
Luis Seoane (1910-1979). Día das Letras Galegas, (1994)
CARBALLA, Xan (coord.) (1994)
DÍAZ, Xosé (1994)
NEIRA VILAS, Xosé (1994:325-331)
PÉREZ LEIRA, Lois (1999:203-210)
FREIXANES, Victor F. (1976:61-78)
España Republicana, XXXI:1009, (31/01/1950), 7.
CID CABIDO, Xosé (1994)
GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena (1999:655-664)
GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena (1994:5-13)

ORGANDO GONZÁLEZ, Iolanda (1999:1093-1105)
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:297-300)
"Luís Seoane. Obra cartelística" (1998)
"Escritura gravada. Xilografías de Luis Seoane" (2000)
RUIBAL, Euloxio R. (1999:109-113)
http://www.luisseoanefund.org
PÉREZ, Mª Antonia (1999:537-551)
NEIRA VILAS, Xosé (2000:41-44)

Refª.Fotográficas: Fondo Fotográfico do AEG, nº rexistro 142, 206, 683, 684, 1170, 1507 e CD-ROM III, Carpeta: Elpidio Villaverde, nº 30. PÉREZ LEIRA, Lois (1999:203-210) Protagonistas dunha epopeia colectiva Grupo de Comunicaciones de "Galicia en el mundo" SA: Vigo, 1999. pp 203-210, FERNÁNDEZ FREIXANES, Victor F. (1976:62), AXEITOS, Xosé Luís (1995b), CID CABIDO, Xosé (1994) e ALLEGUE OTERO, Gonzalo e FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor (1993:156 e 210)

Comentarios: PÉREZ LEIRA, Lois (1995:205), menciona que viaxou no mesmo barco que outros exiliados e que entre eles se atopaba Elpidio VILLAVERDE que, segundo iso tería que embarcar no MASSILIA.

1.891 SEOANE LÓPEZ, Rafael

Países: Portugal / Arxentina

Biografía

(Bos Aires 1911, ? - ?, 1991) Retorna coa familia desde Bos Aires en 1916 para instalarse na Coruña. Coa chegada da Guerra Civil foxe xunto co seu irmán Luís a Lisboa, en setembro de 1936, e logo a mediados de outubro a Bos Aires.

Refª.Bibliográficas: DÍAZ, Xosé (1994:46)

1.892 SEOANE MIGUELEZ, Miguel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Santiago de Compostela, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.893 SEOANE PENA, Manuel

Países: Campos de Refuxio / Francia

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 6 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.894 SERANTES LIZ, Tomás

Países: México

Biografía

(Ferrol, ?) Presidente da Federación de Sociedades Obreras de Ferrol y sus contornos e membro do Partido Socialista. Exiliouse en México onde seguiu frecuentando os ambientes socialistas do exilio.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:2 e10)

1.895 SERRANO NOGUEIRA, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vilaboa, Valdoviño, Coruña, ? - Mauthausen, 14/09/1942) Estivo no campo de refuxiados de Argelés en Francia. Posteriormente foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen e logo a Sanhsenhausen.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:114)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.896 SERRANO REINAS, Andrés

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Palmeira, Ribeira, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.897 SERRANO, Alejandro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Arzúa, A Coruña, ?) En agosto de de 1939 atópase no campo de refuxiados de Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.898 SESTO, Julio (Julio Manuel Vicente Sesto)

Países: México

Biografía

(O Rosal, Pontevedra, 10/07/1879 - México, 1960) Poeta e escritor exiliado en México. En 1895 emigra a Porto Rico e en 1897 a México, comenzando a súa etapa literario-xornalística no diario "El Imparcial" e "El Correo Español". Durante unha estadía en España (1911) foi redactor de "El Liberal" e colaborador de Blanco y Negro e de Ilustración Española y Asturiana. Tamén foi profesor de lingua e literatura na Universidade Nacional de México.

Profesións: Escritor / Xornalista / Poeta

Profesións no exilio Profesor

Obra no exilio: Libros, monografías y folletos:
"La sangre de España, novela heroica" (1937) México D.F.: Ediciones Botas
"Cálices:poesías" (1940), México: El Libro Español
"Azulejos, poesías" (Ilustradas por 20 artistas mexicanos de renome) (1942), México D.F.: Ediciones Botas
"Historia del pensamiento mexicano: desde las siete peregrinacione de Aztlán hasta nuestros días: ensayo histórico" (1942), México: El Libro Español
"Historia pasional del amor en América: ilustrada con retratos de protagonistas y gráficas documentales" (1959), México: Ediciones Botas
"Alboradas: o libriño da i-alma: poesía gallega y castellana" (1958), México/Madrid: El Libro Español

Refª.Bibliográficas: SESTO, Nina: Material inédito en torno a Julio Sesto.
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:116)

1.899 SESTO, Xosé

Países: Venezuela

Biografía

(Pontevedra, 1916, ?) Considerado por Eduardo Meilán como grande intelectual galego. Debuxante, pintor exiliado en Venezuela. Vive con Alexaindre Bóveda as suas últimas horas. Ten realizado grandes murais no Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón da Coruña.

Organizacións ás que pertenceu:

PG PARTIDO GALEGUISTA

Profesións: Escultor / Debuxante

Refª.Fotográficas: MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (et. al.) (1989:113)

1.900 SIEI FANDIÑO, Joaquín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Chantada, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne, nº 2 en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.901 SIERRA SANTOS, Domingo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Tenente do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo no campo de refuxio francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

1.902 SIERRA SANTOS, Feliciano

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Logo estivo en Francia, refuxiado no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

Comentarios: Pode ser irmán de Domingo Sierra Santos.

1.903 SILVA BLANCO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Bamieira, Pontevedra, ?). En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.904 SILVA MARTÍNEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio / Cuba / República Dominicana / Colombia / Venezuel

Biografía

(Santiago de Compostela, A Coruña, 20/04/1890 - Venezuela, 1949) Fillo do socialista compostelán Silva Cobas. Canteiro de profesión que se afilia á UGT en 1907 e ó PSOE en 1910. A partir de 1919 dirixe o semanario "La Lucha Social" de Santiago de Compostela. Foi tamén un dos primeiros militantes do PCE en Galicia, partido polo que asistiu como delegado no Congreso Obreiro de Vigo en 1922, ano no que tamén foi elixido presidente da Sociedade de Canteiros. Baixo a súa presidencia, a Sociedade sae da UGT e incorpórase á CNT. En 1925 é secretario xeral do PCE en Galicia. Foi en varias ocasións representante do PCE galego, en febreiro de 1927 no Pleno do PCE en Basarto, na Conferencia de Durango en agosto do mesmo ano e na reorganización da Federación Galega en 1930. Tamén foi candidato comunista nas eleccións de febreiro de 1931 pola provincia de Pontevedra. No IV Congreso do Buró Político do Comité Central do PCE foi elixido secretario de Axitación e Propaganda. Como colaborador de "Mundo Obrero" escribe artigos sobre a situación agrícola en Galicia. Durante a Guerra Civil, chegou a ostentar un alto cargo no Ministerio de Agricultura, dirixido naquel momento por Vicente Uribe. Marcha ó exilio, e despois de estar no campo de refuxiados de Barcarés en Francia á altura de 1939, foi enviado polo seu partido a Cuba, República Dominicana, Colombia e Venezuela. Morre neste país en 1949.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO
PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA
PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL
UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Sindicalista / Canteiro

Profesións no exilio Sindicalista

Obra no exilio: En "Mundo Obrero":
"La cuestión agraria de Galicia. La situación de los campesinos gallegos y el trabajo de nuestro partido"
En "Bolchevismo":
"La revolución y el movimiento nacional"

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
VELASCO SOUTO, Carlos F. (2000:59)
ÁLVAREZ, Santiago (1988:273 e 279-280)
COMÍN COLOMER, Eduardo (1965)
PEREIRA, Dionisio (1994)
BULLEJOS, José (1972)
DOMÍNGUEZ, Luis: "El movimiento obrero en Santiago 1920-1931, Santiago 1981 (Memoria de Licenciatura lida no Dpto. de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela)
Edición facsímil de "Lucha Social".

1.905 SILVA SILVA, Daniel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

1.906 SILVA, Antón (Pardal)

Países: Francia / República Dominicana / Cuba

Biografía

(O Seixo, ?) Galego coñecido polo alcume de Pardal, chega a Cuba no ano 1942. Durante a Guerra Civil foi recrutado polo bando franquista, aínda que finalmente opta por pasar á zona republicana. Dedicábase á fotografía, polo que durante os días no fronte da guerra fotografiou moitas escenas de guerra. Perseguido polos franquistas foxe da fronte e pasa a Francia, logo a Santo Domingo e finalmente a Cuba. Era coñecido por ter moitas profesións: reloxeiro, mecánico, fundidor, músico. En Cuba foi pescador.

Profesións: Fotógrafo

Profesións no exilio Mariñeiro / Mecánico / Reloxeiro

Refª.Bibliográficas: NEIRA VILAS, Xosé (1980:51-52)

1.907 SILVELA LÓPEZ, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
"Gallegos en los campos de concentración franceses, que piden ayuda a sus hermanos de América", Galicia, XVII:619, (22/04/1939), 3.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.908 SIO MARTÍNEZ, Salvador

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.909 SOBRADO LÓPEZ, José

Países: Unión Soviética

Biografía

(Vilapedre, Sarria, Lugo, 1909) Afiliado ó PCE dende 1936. Marchou a Rusia onde estudiou en Najoranaya e posteriormente traballou en Kramatorsk, Tashkent, China, Krinnoy Roj e Dniepopetrovks. Foi voluntario no Exército Vermello soviético. Casou con Juana Carrión. Repatriado en 1973.

Profesións no exilio Obreiro / Estudiante

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.910 SOBRIDO DOMÍNGUEZ, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ribeira, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia e a fins do mesmo ano está no campo de Saint Cyprien.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
"Servicio de Paquetes a los refugiados españoles", Cultura Proletaria, XII:607, (16/12/1939), 3-4.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.911 SOBRIDO RIVAS, Joaquín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ribeira, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.912 SOBRIDO RIVAS, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ribeira, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.913 SOLETA RÚA, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.914 SOLLA CONS, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer (P.O.) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.915 SOLLA FERVENZA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Meaña, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.916 SOMOZA GUTIÉRREZ, Alfredo

Barco
LOS ANDES

Países: Francia / Uruguai

Biografía

(A Coruña, 1892 - Montevideo, 1952) Realizou o seus estudios primarios na Coruña e despois pasou á Escola de Artes e Oficios onde aprendeu Comercio e Francés. Ó remata-los estudios traballou na Ferretería Moretón. O seu pai foi un dos fundadores do Casino Republicano da Coruña e era masón. Casou con Ánxela Roibal, filla dun destacado empresario republicano liberal da Coruña. Pronto se adheriu á recén creada Irmandades da Fala e ás xuventudes galegas. Afiliado á ORGA foi o primeiro presidente da Deputación da Coruña trala proclamación da Segunda República. O 12 de abril de 1931 sae concelleiro pola ORGA na Coruña. Integrouse na "Loxia Suevia nº4" actuando co pseudónimo de "Pondal". Foi vocal da Irmandade Galeguista da Coruña en 1930. En outubro de 1934, sendo concelleiro na Coruña é sancionado coa suspensión do seu cargo polos acontecementos de outubro en Asturias. Participou na constitución dun novo partido, Izquierda Republicana e e en febreiro 1936 foi candidato pola Fronte Popular da provincia da Coruña resultando elexido deputado pola Coruña, por Izquierda Republicana. Participou tamén nas eleccións da campaña polo Estatuto de Galicia. Unha vez que se produxo o alzamento foi un dos defensores do Goberno Civil da Coruña. Foxe trala rendición do edificio da gobernación, refuxiándose en diversos lugares. Dende a Coruña, onde permanece agochado once anos, consegue fuxir en 1947 nun barco da Compañía Holandesa de Navegación coa axuda do Consulado Inglés. O barco levouno a Brest e desde alí trasladouse a París onde se entrevista con César Alvajar, dirixente republicano e masón como Somoza. Ponse en contacto co seu curmán Castelao, ó que lle envía unha carta para que lle facilite a súa viaxe. As xestións dos galeguistas de Bos Aires conseguen que poida establecerse en Montevideo. O 15 de maio de 1948 chegou á capital uruguaia no vapor "Los Andes". Forma parte do Consello de Galicia xunto a Castelao, Alonso Rios, Elpidio Villaverde e Ramón Suárez Picallo. Foi un dos fundadores en Montevideo da audición radiofónica "Sempre en Galicia" (1950) en Radio Carve, esta foi a primeira audición radial feita integramente en galego. O 7 de setembro era internado para ser operado no Sanatorio da Casa de Galicia e o 29 dese mesmo mes falecía dun ataque o corazón.

Organizacións ás que pertenceu:

	CONSELLO DE GALIZA
	IRMANDADES DA FALA
IR	IZQUIERDA REPUBLICANA
ORGA	ORGANIZACIÓN REPUBLICANA GALLEGA AUTÓNOMA

Profesións: Avogado / Concelleiro

Refª.Bibliográficas: SIXIREI PAREDES, Carlos (1987)
PÉREZ LEIRA, Lois (1999:211-216)
Www.cigmigracion.com/somoza.htm
GRANDÍO SEOANE, Emilio (2001:142)
Información proporcionada por Mónica Rebolo.

Refª.Fotográficas: PÉREZ LEIRA, Lois (1999:211-216) e ALLEGUE OTERO, Gonzalo e F. FREIXANES, Víctor (1993:121)

1.917 SOMOZA REBOLLIDO, Victoriano

Países: Francia / Campos de Refuxio / Arxentina

Biografía

(Cimadevila, Boiro, A Coruña, 1911) O seu pai morreu cando el era neno, daquela, a súa nai tiña un comercio. Pertenceu ás Juventudes Socialistas e ó Batallón de Milicias Populares Gallegas. Logo estivo en Francia, refuxiado no campo de Barcarès. Máis tarde foi para Arxentina, onde casou con Carmen Dolores Gil e tivo dous fillos.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS
JJ.SS JUVENTUDES SOCIALISTAS

Refª.Bibliográficas: VILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995a:65-72)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

Refª.Fotográficas: VILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995a:66)

1.918 SOMOZA, Manuela

Países: Uruguai

Biografía

(A Coruña, ?) Exiliouse en Uruguai e nunca retornou a Galicia.

Refª.Bibliográficas: Catálogo: Equipaje de ilusiones (1998:34)

1.919 SORGA INCÓGNITO, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Tenente do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Vernet d´Ariége (barraca 43) en Francia así como en Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132 e 142)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados.

1.920 SOTILLO YÁÑEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:148)

1.921 SOTO ÁLVAREZ, Camilo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Nogueira, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.922 SOTO ÁLVAREZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Nogueira, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.923 SOTO CARBALLO, Manuel

Países: Arxentina

Biografía

(? - ?) Militante de Izquierda Republicana que en 1945 estaba exiliado en Bos Aires.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Refª.Bibliográficas: "Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.

1.924 SOTO FERNÁNDEZ, Luis

Países: Portugal / Francia / Arxentina / México

Biografía

(A Bola, Ourense, 1902 - México, 11/11/ 1982) De rapaz trasladouse coa súa familia a Vilanova dos Infantes, terra natal da súa nai onde era mestra. Estudiou bacharelato cos Escolapios en Celanova. Non puido ir á Universidade e embarca en Vigo no "Highland Pipper" cara Bos Aires. Instalado en Huinca Renanco (A Pampa), creou o xornal local "El Eco". É reclamado pola nai e volve a Galicia onde remata Maxisterio. Reclutado para loitar na Guerra en África, publica poemas en "La Voz" de Tetuán. De regreso a Galicia foi mestre en varias escolas da provincia de Ourense. Loita contra a dictadura, participa en reunións clandestinas e crea a sociedade "Aires da Miña Terra". Colabora semanalmente no xornal ourensán "La República". Con Antonio Fernández Carnicero, Xosé Gómez Tamón Teijeiro e Eduardo Villot funda o semanario "Soviet". Logo pertenceu ó Partido Comunista dende 1931. Un ano despois participa na iniciativa de solicitar da Internacional Comunista a creación do Partido Comunista de Galicia, que segundo o seu testemuño foi denegada, e impulsa a creación da Asociación de Traballadores da Enseñanza de Ourense (ATEO), unha sección activa da FETE-UGT que publicou entre 1931 e 1936 as revistas "Ateo" e "Escuela del Trabajo". Ó estala-la Guerra Civil bótase ós montes, logra pasar a Portugal e despois a Francia. Logo consigue volver á zona republicana, en concreto a Valencia. Alí incorpórase á Comisión Ejecutiva de la Federación de Trabajadores de la Enseñanza e dirixe "El Magisterio Español". Con Castelao crea a Solidaridade Galega Antifeixista da que é o seu secretario. Tamén foi director do "Nueva Galicia" en 1938. Nese mesmo ano viaxa con Castelao ós Estados Unidos nunha viaxe de propaganda en favor da República en España. Logo, no exilio mexicano, traballa como redactor de "España Popular" e "Nuestra Bandera", e tamén en "Saudade". Foi un dos fundadores e secretario de relacións da Alianza Nazonal Galega que pretendía uni-los esforzos de tódalas organizacións políticas galeguistas no exilio e que estivo integrada pola "Comisión Galega do PCE", creada en 1940, e polas seccións galegas do PSOE, da UGT e da CNT, pola Esquerda Republicana Galega, polo Grupo Republicano Galego e polas dúas ramas do Partido Galeguista e mailas súas mocidades. Debilitada a actividade política naquel país polo regreso de moitos exiliados a Europa ó termina-la Segunda Guerra Mundial, fundouse en 1953 o Padroado da Cultura Galega de México. No seu seo creouse a revista "Viveiros" que representou un intento de vencella-la resistencia cultural galeguista, tanto do interior como do exterior, ó tempo que aportou un posicionamento renovador e avanzado nos presupostos nacionalistas. En 1960 consegue volver a España e participa na fundación da Unión do Pobo Galego (UPG), celebrada no café "A Rocha" de Santiago de Compostela o 25 de xullo de 1964. No ano 1966 volve a ser expulsado de España non podendo voltar ata o fin do réxime franquista.

Organizacións ás que pertenceu:

	AIRES DA MIÑA TERRA
	ALIANZA NAZONAL GALEGA
ATEO	ASOCIACIÓN DE TRABALLADORES DE ENSEÑANZA DE OURENSE
	COMISIÓN EJECUTIVA DE LA FEDERACIÓN DE TRABAJADORES DE LA ENSEÑANZA
	COMISIÓN GALEGA DO PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA
	PADROADO DA CULTURA GALEGA
PCE	PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA
	SOLIDARIDADE GALEGA ANTIFEIXISTA
UPG	UNIÓN DO POBO GALEGO
UGT	UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Xornalista / Mestre / Poeta

Profesións no exilio Xornalista / Editor

Obra no exilio: "Castelao, a UPG e outras memorias" (1983) Vigo: Edicións Xerais

Refª.Bibliográficas:
GEG
NEIRA VILAS, Xosé (1996:77-94)
RODRÍGUEZ, F.R. : "Desde Méjico. Agrupación de Ugetistas Gallegos", Galicia, XXI:802, (24/10//1942), 1.
RODRÍGUEZ, Elixio (1994)
MARTÍNEZ, José Luis (1999:96)
LAMA LÓPEZ, María Xesús (1999a:201-212)
"Un Manifiesto de Alianza Nazonal Galega de México", Galicia, XXIII:922, (15/09/1945), 8.
"Manifesto da Alianza Nazonal Galega de México", Galicia, XXI:826, (10/04/1943), 8.
NEIRA VILAS, Xosé (2000:235-239)

Refª.Fotográficas: NEIRA VILAS, Xosé (1996:80, 82 e 88), NEIRA VILAS, Xosé (2000:236), MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luis (et. al.) (1989:101-103) e ÁLVAREZ, Santiago (1994)

1.925 SOTO GARCÍA, Baltasar

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Carballo, A Coruña, ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Posterioremente estivo no campo de refuxio francés de Barcarès, en agosto de 1939.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.926 SOTO LORENZO, José

Países: Arxentina

Biografía

(A Coruña, ?) Metalúrxico que pertencía ás Juventudes Libertarias da CNT. Exiliouse na Arxentina.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Obreiro / Sindicalista

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)

1.927 SOTO MONTEAGUDO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ferrol, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.928 SOUSA HERMIDA, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio / México

Biografía

(A Coruña, ? - México, ?) Durante a Guerra Civil loitara no corpo de asalto do Exército Republicano. En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia e posteriormente exíliase en México, onde morreu.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:186)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.929 SOUSA VILARIÑOS, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

1.930 SOUSA, Manuel

Países: México

Biografía

(Ordes, A Coruña, ? - México, ?) En Ordes, era propietario dun taller de xastre. Pertencía ó Partido Socialista. Fíxose Guardia de Asalto e participa na Revolución de Asturias. Despois vai para Barcelona onde sigue como Guardia de Asalto e ó mesmo tempo establece unha xastrería que dirixe no seu tempo libre. A partir de xullo de 1936 participa na Guerra Civil e unha vez que toman Barcelona, sae para México. Neste pais tamén se estableceu como xastre e despois de acadar certa posición reclamou a súa familia. En 1957 incorpórase á guerrilla castrista, coa que entrou no ano 1959 na Habana.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Xastre

Profesións no exilio Xastre

Refª.Bibliográficas: ASTRAY RIVAS, Manuel (1992:45-46)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:186)

1.931 SOUTO AGUIAR, Floriano

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Redondela, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.932 SOUTO ALABARCE, Arturo

Países: Francia / Bélxica / Cuba / Estados Unidos / México

Biografía

(Madrid, 17/01/1930 - ?) Era fillo do pintor galego exiliado Arturo Souto. Cando tiña 4 anos viaxa a Roma cos seus pais. Retornan antes do previsto e durante a guerra viven en Madrid e Valencia. Saen de España cara a París e Bruxelas en 1938. Despois marchan a outros destinos como A Habana e Nova York, onde o seu pai fai exposicións. En 1942 chegan a México. Alí estudia no Instituto Luis Vives e na Academia Hispano-Mexicana. Estudia bioloxía no INP e letras na UNAM. Foi profesor de Literatura en varios colexios e Universidades mexicanas e de Estados Unidos como a Universidad Femenina de México, Academia de la Danza Mexicana del INBA, a Universidad Iberoamericana, a Escuela Cursos Temporales, a UNAM, o Mexico City College e a Universidad de las Américas. Volta a España por vez primeira no ano 1980 onde estivo 27 días.

Profesións no exilio Escritor / Ensaista / Profesor / Investigador

Obra no exilio: Libros: "Apuntes sobre la teoría de Azorín y la Generación del 98" (tesis de maestría), "El romanticismo", "La plaga del crisantemo", " El lenguaje literario", "Relación de la literatura con las otras artes", "El exilio español en México".

Refª.Bibliográficas: MATEO GAMBARTE, Eduardo (1997:262-265)

1.933 SOUTO CAMPOS, Uxío

Países: México

Biografía

(Cuntis, Pontevedra, 1905) Escultor e profesor de Debuxo no Instituto da Estrada. Pertencía á Irmandade Galeguista. Exiliouse en México onde fundou xunto a outros exiliados a Alianza Nazonal Galega no ano 1943, da que foi vicesecretario de relacións. Tamén foi ilustrador de "Saudade" e profesor de debuxo no Institututo Hispano-Mexicano Ruiz de Alarcón dirixido polo galego Pedro Martul.

Organizacións ás que pertenceu:

ALIANZA NAZONAL GALEGA

Profesións: Escultor / Debuxante

Profesións no exilio Profesor / Debuxante

Refª.Bibliográficas: "Manifesto da Alianza Nazonal Galega de México", Galicia, XXI:826, (10/04/1943), 8.
SOTO, Luís (1983:191)
MARTÍNEZ, José Luis (1999:96)
Información proporcionada por Luis Martul Tobío.

1.934 SOUTO CANDEIRA

Países: Venezuela / Estados Unidos

Biografía

(? - ?) Médico galego, discípulo de Negrín. De Venezuela, onde foi profesor de Fisioloxía na Universidade de Mérida, pasa ós Estados Unidos.

Profesións: Médico

Refª.Bibliográficas: ABELLÁN, José Luis (dir.) (1976, I:226)

1.935 SOUTO FEIJOO, Arturo

Países: Francia / Bélxica / Cuba / Estados Unidos / México

Biografía

(Pontevedra, 05/07/1902 - México, 1964). Pintor exiliado en México, Estados Unidos e Cuba. Comezou estudios de Arquitectura e recibiu o título de aparellador. Estudia pintura na escola de San Fernando, Madrid. En 1925 fixo a súa primeira exposición. Estudia tamén en Roma, na Academia de España, da que era director Valle Inclán. A saída de España en 1939 pecha a época máis intensa como artista. Durante a Guerra Civil destacou polos seus debuxos da guerra (1937) e colabora con varias revistas de corte político como "El Combate", "Madrid" e "El Mono Azul", e participa en diversas exposicións como a do "Jeu de paume" de París en 1936. Nese ano participa con outros intelectuais na creación da Alianza de Intelectuais Antifascistas para a defensa da Cultura. Tamén representou a Galiza no Pavillón Español da Exposición Internacional de París do ano 1937. A comezos do ano 1938 era vicesecretario de Información e Prensa na Solidaridade Galega Antifeixista, agrupación que tiña a súa sede social en Barcelona. Inicia o seu exilio en París, Bélxica e despois marcha á Habana, en 1940 a Estados Unidos e en 1942 a México, onde se instala coa familia. En 1959 fixo os debuxos do libro "Crónica de una emigración (la de los republicanos españoles en 1939)" de Carlos Martínez. En 1962 regresa a España para voltar a México en 1964 coa idea de regresar definitivamente a Galicia.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL
SOLIDARIDADE GALEGA ANTIFEIXISTA

Profesións: Pintor

Obra no exilio: Carta a Valentín Paz-Andrade (México, 12 de agosto do 58) en PORTELA YÁÑEZ, Charo e DÍAZ PARDO, Isaac (ed.) (1997a)
Exposicións:
Nova York, Galería Knoedler, 1940, 1941.; A Habana, 1940; Filadelfia, 1942; México D.F., Galería Decoración, 1942, 1943, 1944; Galerías Interancionales, 1945.

Refª.Bibliográficas:
SOUTO ALBARCE, Arturo (et. al) (1996:9-11)
SOUTO ALABARCE, Arturo (1997:117-136)
GONZÁLEZ LAMELA, Mª de Pilar (1999:55)
BARREIROS, Cosme (1964)
NEIRA VILAS, Xosé (1996:33-42)
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:118)
ÁVAREZ,Santiago (1986:238)
"Solidaridade Galega", Nova Galiza. Boletín Quincenal dos Escritores Galegos Antifeixistas, 14 (08/01/05/1938), 1 (Edición Facsímil de Ediciós do Castro)
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

Refª.Fotográficas: BARREIROS, Cosme (1964) e NEIRA VILAS, Xosé (1996:36, 38 e 40)

Comentarios: BARREIROS, Cosme (1964) di que a data de nacemento é o 3 de xullo de 1901.

1.936 SOUTO MILLARES, Agustín

Países: Francia / Campos de Refuxio / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Santín, Lugo, ? - Mauthausen, 09/12/1941) Foi trasladado ó comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.937 SOUZA FERNÁNDEZ, Cándido

Países: México

Biografía

(A Coruña, ? - México, 1982) Fotógrafo exiliado en México que creou xunto cos seus irmáns a axencia "Foto Mayo" en 1934. Coa morte de Francisco en 1949, a empresa levará o nome de Foto Hnos. Mayo, a cargo de Cándido Souza, Faustino Souza e Julio Souza . Os irmáns Mayo traballan en Madrid entre 1934 e 1936 para a revista "Estampa" e o diario "Informacións". Así como para os xornais capitalinos "Renovación" "Luz", "Claridad", "Diario de Madrid" e outros. Despois de estar no campo de refuxio francés de Colliure, instalouse en México. Na súa estadía neste país, os irmáns Mayo foron correspondentes para xornais e revistas dos Anxeles e de Nova York. No Archivo General de la Nación de México hai máis de 5 millóns de negativos dos Irmáns Mayo, producto de 50 anos de traballo.

Profesións: Fotógrafo

Profesións no exilio Fotógrafo

1.938 SOUZA FERNÁNDEZ, Faustino

Países: México

Biografía

(A Coruña, ? - México, 1996) Crea xunto cos seus irmáns a axencia "Foto Mayo" en 1934. Coa morte de Francisco en 1949, a empresa levará o nome de Foto Hnos. Mayo. Traballou en Madrid entre 1934 e 1936 para a revista "Estampa" e o diario "Informacións". Así como para os xornais capitalinos "Renovación" "Luz", "Claridad", "Diario de Madrid" e outros. Dende a súa estadía en México, os irmáns Mayo foron corresponsais para xornais e revistas dos Ánxeles e de Nova York. Os fondos fotográficos dos irmáns Mayo atópanse no Archivo General de la Nación de México.

Profesións: Fotógrafo

Profesións no exilio Fotógrafo

1.939 SOUZA FERNÁNDEZ, Francisco

Barco

SINAIA

Países: México

Biografía

(A Coruña, 1912 - México, 1949) Fotógrafo que creou a axencia "Foto Mayo" en 1934 xunto cos seus irmáns. Dende a súa morte a axencia fotográfica levou o nome de Foto Hnos. Mayo, facéndose cargo, sobre todo, cargo o seu irmán Cándido. Entre 1934 e 1936 traballara en Madrid para varias revistas da capital, entre elas "Estampa" e o diario "Informacións". Despois exíliase xunto cos irmáns en México, onde seguirá traballando na fotografía ata a súa morte.

Profesións: Fotógrafo

Profesións no exilio Fotógrafo

Refª.Bibliográficas: Sinaia. Diario de la Primera Expedición de Republicanos Españoles a México (1999),

1.940 SOUZA FERNÁNDEZ, Julio

Países: México

Biografía

(A Coruña, ? - ?) Fotógrafo exiliado en México que creou xunto cos seus irmáns a axencia "Foto Mayo" en 1934. Traballou en Madrid entre 1934 e 1936 para a revista "Estampa" e o diario "Informacións", así como para os xornais capitalinos "Renovación" "Luz", "Claridad" e "Diario de Madrid". Julio Souza foi ademais correspondente de guerra en Madrid en 1936 para os periódicos " Mundo Obrero e "El Socialista". Unha vez exiliado en México seguiu dedicándose á fotografía, moitas das veces facendo traballos para xornais e revistas dos Ánxeles e de Nova York.

Profesións: Fotógrafo

Profesións no exilio Fotógrafo

1.941 SUÁREZ ABELEIRA, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.942 SUÁREZ BLANCO, Félix

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.943 SUÁREZ BLANCO, Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.944 SUÁREZ BRIÓN, Xosé

Países: México

Biografía

(Corrubedo, A Coruña, ?) Exiliado en México.

Refª.Bibliográficas: V ILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995a:58)

1.945 SUÁREZ DE LA CALZADA, Carlos

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Santiago de Compostela, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 5 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.946 SUÁREZ FERNÁNDEZ, José

Países: Arxentina / Uruguai

Biografía

(Allariz, Ourense, 1902 - A Guarda, Pontevedra, 1974) Fotógrafo e cineasta, un dos máis universais representantes da fotografía galega. Era irmán do escritor Marcial Suárez. Estudia Dereito en Salamanca onde fai unha das súas fotografías máis coñecidas, a Miguel de Unamuno. Ademais fixo un grande labor de documentación e fotografía polas aldeas de Galicia. Coa productora valenciana Cifesa fai a película "Mariñeiros", logo "Olivos", "Couceiros" e "Feirantes". Exíliase a Bos Aires en 1937 onde tamén realiza unha intensa actividade cinematográfica. En 1938 dirixe "La Mujer y el Jockey" e catro anos máis tarde recibe un premio pola fotografía do filme "Malambo". Colaborou tamén nas revistas arxentinas "Cinegraf", "Atlántida" e "Saber vivir" e coa estadoounidense "Life". Publica o libro "Nieve en Los Andes". Despois vai para Punta del Este, Uruguai, onde rexenta a librería "El Yelmo de Mambrino". Alí era ademais moi coñecido como fotógrafo de moda da alta sociedade. Neses tempos fíxose moi amigo de Lois Tobío. Ó pouco tempo, no ano 1953, vai a Xapón como correspondente de "La Prensa", tamén colabora con "Life" e "US Camera". En Xapón fixo moitas fotos e trouxo un enfortecido amor pola cultura e a xente xaponesa. Esa admitación levouno a convertir unha casiña que mercara no medio do campo, preto de Punta del Este, nunha auténtica casa xaponesa. En 1960 volve a Galicia seguindo o seu labor fotográfico.

Profesións: Escritor / Cineasta / Fotógrafo

Profesións no exilio Xornalista / Fotógrafo / Libreiro

Obra no exilio: "Nieve en la Cordillera" Buenos Aires: Editorial D.Viau y cía. 1942. (libro de fotografías)
"La mujer y el jockey" 1939 (película)
"Mariñeiros" (documental sobre as Rías Baixas estrenado en Bos Aires)

Refª.Bibliográficas: GEG
VILANOVA RODRÍGUEZ, A. (1966, II:1009-1011)
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:118)
TOBÍO, Lois (1994:615-616)
"José Suárez premiado", Galicia, XXI:815, (23/01/1943), 1.

Refª.Fotográficas: Arquivo Fotográfico AEG, nº rexistro 141 e 2757 e CID CABIDO, Xosé (1993:84)

1.947 SUÁREZ GALLEGO, Alberto

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(A Veiga, Celanova, Ourense, ?) Foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)

Comentarios: Descoñécese as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar ó campo de concentración.

1.948 SUÁREZ MORENO, Esteban

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Mondariz, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.949 SUÁREZ NOGUEIRA, Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Malpica, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.950 SUÁREZ PICALLO, Ramón

Barco

QUEEN MARY

Países: Francia / Estados Unidos / República Dominicana / Chile / Arxentina

Biografía

(Veloi, Sada, A Coruña, 04/11/1894 - Bos Aires, 14/10/1964) Comezou a traballar na terra ós sete anos, e con catorce acompañaba ó seu pai ó mar. En 1912 emigrou a Bos Aires, onde traballa como empregado nunha farmacia, nunha oficina, como cobrador e vendedor de doces . Tivo unha activa participación na vida sindical e política arxentina. Nesta primeira etapa bonaerense comeza a escribir artigos en xornais obreiros como "Libertad", "La Argentina" e "La República". Ademais foi secretario de redacción de "Correo de Galicia" e colaborador de rotativos galegos e españois, como "El Pueblo Gallego" de Vigo, "Le Humanité" de Barcelona y "El día vasco" de San Sebastián. En 1918 foi candidato a concelleiro na Capital Federal e un ano despois candidato a senador pola provincia de San Juan. Na capital arxentina reuníase na cafetería "La Armonía", na Avenida de Mayo, xunto con outros galegos como Blanco Amor. Entre 1924 e 1931 foi codirector de "Céltiga". Regresou a Galicia a finais da década dos 20, durante esta estadía estableceu unha fonda amizade con Vilar Ponte, un dos fundadores das Irmandades da Fala e posteriormente da ORGA. Volve de novo á Arxentina pero a Federación de Sociedades Galegas, Agrarias e Culturais, de xeito conxunto coa ORGA de Bos Aires, resolveu enviar como delegados á Asamblea Republicana da Coruña a Suárez Picallo, Alonso Ríos e Sigüenza. Así, volve a en xuño de 1931 xusto para participar o día 5 da Asamblea Republicana que se realizou na Coruña nos salóns do Teatro Principal. Foi proposto como candidato a deputado constituínte pola ORGA en Madrid en 1931, sendo elixido pola súa provincia. En decembro de 1931 participou na fundación do Partido Galeguista e converteuse xunto a Castelao na imaxe pública deste partido, pasando a liderar dentro do mesmo a corrente de esquerda nacionalista. Foi a presión de Picallo a que definiu a política de alianzas progresista do Partido Galeguista cos partidos que posteriormente conformaron a Fronte Popular. En 1934 detivérono e encarcerárono acusado de alentar a folga xeral de Asturias. Durante estes anos foi o director de "A Nosa Terra", dirixiu "Ser", semanario de esquerdas, foi o vicedirector de "Claridad" de Santiago de Compostela, e escribiu en "Vanguardia Gallega" de Lugo. En setembro de 1935 licénciase como avogado en Santiago de Compostela. Nese mesmo ano instálase como avogado forense na Coruña. Nas eleccións de 1936 é elixido deputado en representación do Partido Galeguista pola provincia da Coruña. Fixo unha longa campaña pola aprobación do Estatuto Galego. Tralo alzamento militar, Ramón salvou a súa vida debido a súa responsabilidade parlamentaria que o retivo en Madrid. A finais de 1936 trasládase a Cataluña xunto con outros intelectuais e políticos galeguistas. Durante ese tempo formou parte do Corpo Xurídico do Exército Republicano defendendo a membros da CNT do Consello de Aragón no 1937. Xunto con Castelao foi responsable de "Nova Galicia". Derrotada a República, tivo que partir para o desterro. Con Marcial Fernández dirixiuse ata Darnius, na fronteira francesa, e dende alí a Perpignan. Logo trasladouse a Cherburgo, onde se embarcou no Queen Mary rumbo a Nova York, onde fora convidado pola Fronte Popular Antifascista Galega (FPAG)a fins de xaneiro de 1939, desenvolvendo dende entón unha forte oposición ós comunistas. En xullo de 1939 marcha á República Dominicana debido a problemas internos na FPAG e as Sociedades Hispanas Confederadas, nos que se vira envolto despois do seu enfrontamento con Castelao, ó que acusaba de pro-comunista trala súa viaxe a Rusia. Na República Dominicana exerceu o xornalismo como director do diario "La Nación" e tamén foi preceptor dos fillos de Trujillo. Despois dun ano tivo que deixar este país debido ás presións políticas do goberno de Trujillo fuxindo a Chile en outubro de 1940. Neste país exerce o xornalismo durante 16 anos. Comezou a traballar no xornal "La Opinión" para logo pasar a "La Hora", órgano oficial do Partido Radical, "El Mercurio" , tamén colaborou en "El Sur" da cidade de Concepción de Chile. O 15 de novembro de 1944 fundouse en Montevideo o Consello de Galiza coa sinatura de Alfonso R. Castelao, Elpidio Villaverde, Antonio Alonso Ríos e o propio Suárez Picallo. En 1954 viaxa por primeira vez a Bos Aires a participar como figura principal dos actos programados pola Comisión Intersocietaria con motivo do 18 aniversario do Plebiscito de Estatuto de Galicia, logo de varios anos de exilio en Chile. Aínda que novamente voltou a Chile porque o goberno do Xeneral Perón non simpatizaba coas súas ideas socialistas. En 1956 volve á Arxentina para participar no Primeiro Congreso da Emigración Galega. En 1959 fíxose cargo da Cátedra de Cultura Galega do Centro Lucense de Bos Aires. Morre no Sanatorio do Centro Gallego o 14 de outubro de 1964.

Organizacións ás que pertenceu:

CONSELLO DE GALIZA
ORGA ORGANIZACIÓN REPUBLICANA GALLEGA AUTÓNOMA
PG PARTIDO GALEGUISTA

Profesións: Político / Escritor / Xornalista / Avogado / Sindicalista / Empregado

Profesións no exilio Escritor / Xornalista

Obra no exilio: "As posibilidades do noso Estatuto despois da Guerra", Nova Galiza. Boletín Quincenal dos Escritores Galegos Antifeixistas, 12 (15/11/1937), 8 (Edición Facsímil de Ediciós do Castro)
"Cartas a un obrero" (folleto)
"Marola" (peza teatral)

Refª.Bibliográficas:
GEG
CORES TRASMONTE, B. (1983)
VILANOVA RODRÍGUEZ, A. (1966:1354-1359)
PRADA, Rodolfo (1945:8)
NEIRA VILAS, Xosé (1995b:25-32)
ALFONSO BOZZO, A. (1976:371)
PÉREZ LEIRA, Lois (1999:225-234)
www.cigmigracion.com/surez.htm
CARBALLO: Francisco (1994)
BROCOS, Maximino: "María Miramontes e Ramón Suárez Picallo", A Nosa Terra, (marzo de 1965)
NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (comp.) (2000:306-307, n. 318 e 320)
MARIÑO DAVILA, Esperanza (1999:439-453)

Refª.Fotográficas: Arquivo fotográfico AEG: nº rexistro, 195, 455, 460 e 464. E fotografías escaneadas do CD-ROM III (carpeta Suárez Picallo)

(Carpeta: Federación Sociedades Galegas I, nº 43) (Carpeta: FSG, II, nº 3 e 4) e (Carpeta: Arquivo Elpidio Villaverde: nº 5 e 21), PÉREZ LEIRA, Lois (1999:225-234) e ALLEGUE OTERO, Gonzalo e FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor (1993:53, 115 e 157).

1.951 SUÁREZ SANTIAGO, David

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.952 SUÁREZ SUÁREZ, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

1.953 SUÁREZ VARELA, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Corme, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.954 TABOADA DORRIBO, Arturo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Posteriormente estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

1.955 TABOADA LÓPEZ, Dositeo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Seixón, Sabadelle, Portomarín, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.956 TÁBOAS PÉREZ, Daniel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo en Barcarès, Francia, como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

Comentarios: Pode ser un dos irmáns Táboas dos que fala CALVO, Tucho (1998:207).

1.957 TÁBOAS, Irmáns

Países: Arxentina

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) Estiveron exiliados en Arxentina dedicados á industria conserveira.

Profesións no exilio Industrial

Refª.Bibliográficas: CALVO, Tucho (1998:207)

1.958 TAIBO GARCÍA, Lois

Países: México

Biografía

(Santiago de Compostela, A Coruña, ?) Era compositor. Estivo exiliado en México.

Profesións: Músico

Refª.Bibliográficas: CALVO, Tucho (1998:247)

1.959 TALLER CHARLÓN, Enrique

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(A Coruña, ? - Mauthausen, 27/12/1941) Foi trasladado ó comando de Mauthausen chamado Gusen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:112)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.960 TALLÓN CHARLÓN, Enrique

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(A Coruña, 04/06/1912 - Mauthausen, 03/09/1942) Foi trasladado a Mauthausen e posteriormente ó comando Gusen 2 onde morreu.

Refª.Bibliográficas: "Los crímenes del nazifascismo", Cultura Proletaria, XVIII:905, (01/09/1945), 3.

Comentarios: Descoñecémo-lo periplo desta persoa ata a súa chegada a Mathausen.

1.961 TALLÓN PORTELA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Logo estivo en Francia, refuxiado no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

1.962 TEIJEIRO GARCÍA, Teodoro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Serantes, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.963 TEIRA RIVAS, Andrés

Países: México

Biografía

(Ribeira, A Coruña, ?) Exiliado en México.

Refª.Bibliográficas: V ILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995a:58)

1.964 TEIRA ROMERO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pobra do Caramiñal, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Beziers en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.965 TENREIRO RODRÍGUEZ, Ramón María

Países: Suíza

Biografía

(A Coruña, 1879 - Suiza, 1939) Escritor, traductor e crítico literario que realizou estudios de Dereito pero nunca exerceu a súa carreira. Durante a República foi deputado a Cortes pola Coruña. Escribiu na revista madrileña "La Lectura" e colabora tamén en "El Sol" e outros diarios de Madrid. Publicou: "Embrujamiento" (Madrid, 1908), "El loco de amor" 1921, e traduciu "El túnel" de Kellermann, "Clavijo" e "Afinidades electivas" de Goethe. En 1931 foi deputado pola ORGA/FRG pola circunscripción da A Coruña. Trala Guerra Civil foi para Suíza.

Organizacións ás que pertenceu:

FRG FEDERACIÓN REPUBLICANA GALEGA
IR IZQUIERDA REPUBLICANA
ORGA ORGANIZACIÓN REPUBLICANA GALLEGA AUTÓNOMA

Profesións: Escritor / Traductor / Deputado

Obra no exilio: Publicou unha colección de contos "Lunes antes del alba" Madrid, l1918, a novela "El loco amor" Madrid, 1921, "La balada del viento", Madrid, 1927 e adaptou para nenos "La vida es sueño" e "El conde Lucanor"

Refª.Bibliográficas: GEG
VILANOVA RODRÍGUEZ, Alberto (1990:256)
ALFONSO BOZZO, A. (1976:371)
RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Xoán Pastor (1999:305)

1.966 TIZÓN HERREROS, Juan

Países: Portugal

Biografía

(A Coruña, ? - Porto, Portugal, 1945) Último alcalde republicano de Monforte de Lemos entre marzo e xullo de 1936. Morre en Porto, Portugal, o 25 de decembro de 1945 logo de escapar da represión franquista no 1936. En Portugal foi acollido por una familia de ideoloxía progresista e viviu baixo un nome suposto para non ser apresado pola dictadura de Salazar.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Alcalde

Refª.Bibliográficas: "El último alcalde republicano de Monforte vivió oculto en Portugal hasta su muerte", La Voz de Galicia, (domingo 28 de xaneiro de 2001), 1-3 (Edición Terras de Lemos)
"El teniente de alcalde de Tizón, Miguel Chapel, está desaparecido desde 1936", La Voz de Galicia, (1 de febreiro 2001), 3 (Edición Terras de Lemos)

1.967 TIZÓN VÁZQUEZ, Claudio

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Pontevedra, ? - Mauthausen, 02/02/1942) Foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:114)

Comentarios: Descoñécese as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

1.968 TOBÍO FERNÁNDEZ, Carlos

Países: Portugal / Estados Unidos / Cuba / México

Biografía

(Viveiro, Lugo, ?) Irmán de Lois Tobío. Membro do Partido Galeguista que fora Oficial do Corpo Xurídico Republicano, concretamente fiscal. Co estalido da Guerra Civil fuxiu a Valencia, alí co seu compañeiro valencián Juan Bautista Climent agóchanse polo monte. A súa nai arranxou o xeito de pasalo a Portugal pasando previamente por Madrid, onde a muller de Carlos, que quedara alí, conseguíralle documentales falsos. Chegan a Ourense e pasan a Portugal. En Porto e gracias a intercesión de Lois Tobío, que estaba en Cuba nese momento, puideron consegui-la documentación que o fixo pasar por cubano. Parte cara á Habana facendo escala nos Estados Unidos, alí necesitaron de novo a intercesión de Lois para sair de Ellis Island. Unha vez aclarada as cuestións de inmigración cos norteamericanos saen para A Habana. Posteriormente pasa a México onde foi membro da Alianza Nazonal Galega e do Fogar Galego. Neste país tamén foi profesor do Instituto Hispano-Mexicano Ruiz de Alarcón dirixido polo seu cuñado Pedro Martul.

Organizacións ás que pertenceu:

ALIANZA NAZONAL GALEGA

PG PARTIDO GALEGUISTA

Profesións: Avogado / Fiscal

Profesións no exilio Profesor

Refª.Bibliográficas:

TOBÍO, Lois (1994)
"Un manifiesto de Alianza Nazonal Galega de México", Galicia, XXIII:922, (15/09/1945), 8.
Entrevista a Mª de los Ángeles Tobío Fernández, realizada por Rosa Mª López González e Nancy Pérez Rey, o 27-VII-2001 en Santiago de Compostela.
Información proporcionada por Luis Martul Tobío.

1.969 TOBÍO FERNÁNDEZ, Lois

Barco

Países: Estados Unidos / Cuba / México / Uruguai

QUEEN MARY

Biografía

(Viveiro, Lugo, 13-07/1906) Estudia Dereito en Santiago e Ciencias Políticas en Berlín. Investigador e diplomático. Foi secretario xeral do Ministerio de Estado e delegado na Sociedad de Naciones. Despois en Madrid doutórase e ingresa na carreira diplomática. En decembro de 1933 vai como secretario da embaixada española a Sofía (Bulgaria). En 1938, tras permanecer nas filas do exército republicano, participa na fundación do Seminario de Estudios Galegos, sendo director da sección de Estudios Xurídicos, Políticos e Económicos. Traballou tamén como profesor de Dereito Administrativo en Santiago de Compostela. Durante a Guerra Civil incorporouse ó exército republicano e foi asesor do Estatuto de Autonomía. O 10 de novembro de 1938, Álvarez del Vayo noméao ministro plenipontenciario de 3ª clase interino e despois secretario xeral do Ministerio de Estado. O camiño do exilio lévao primeiro a Nova York, onde encontra a Castelao. Despois pasa pola Habana (1939-40) e xunto cun grupo de escritores cubanos, Raúl Roa, Fernando Ortíz, e o galego Rubia Barcia, funda a Escuela Libre de Enseñanza da Habana. En 1940 vai a México D.F. onde é profesor no Instituto Hispano-Mexicano "Ruiz de Alarcón", dirixido polo seu cuñado Pedro Martul Rey. Nese mesmo ano vai a Uruguai, onde residiu máis de vinte anos e entra en contacto co Instituto de Cultura Gallega. En Montevideo colabora en "Marcha", "Imago Mundi", "El Día", etc. e colabora no programa radiofónico "Galicia Emigrante" e "Sempre en Galicia", neste último programa estivo ó redor de 12 anos. Neste periodo chegou a ofrecer tamén a súa versión de cinco poemas ingleses e quince franceses na emisión galega da BBC de Londres. Tamén colaboraba nun periódico de Caracas. Acostumaba a reunirse con outros republicanos exiliados, despois do xantar, no "Café Tupinamba", na Plaza Independencia, así como no "Café Montevideo", na rúa 18 de Julio. Tamén viaxaba moito a Bos Aires onde tivo contacto con outros exiliados nas tertulias dos cafés da Avenida de Mayo, como o "Español" e "Tortoni". En 1954 publica "Arredor da Saudade", "Poesía inglesa e francesa vertida al gallego". En Montevideo reuníase con outros exiliados españois e xudeos de Alemania e Checoslovaquia. Regresa a España en 1963 para vivir en Madrid. En 1974 reincorpórase á carreira diplomática por dous anos, e dedícase tamén dende entón á investigación histórica. Estudia, sobre todo, a personalidade de Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar. Foi tamén importante a súa obra como traductor. Actualmente reside en Madrid, onde o 13 de xuño de 2001 recibiu unha homenaxe no Ateneo de Madrid. Lois Tobío é ademais presidente do Novo Seminario de Estudios Galegos.

Organizacións ás que pertenceu:

PG PARTIDO GALEGUISTA
SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Profesións: Político / Escritor / Diplomático / Secretario Gubernamental

Profesións no exilio Xornalista / Profesor

Obra no exilio:
"Arredor da saudade" 1954
"Poesía inglesa y francesa vertida al gallego" (obra en colaboración con Plácido Castro y Delgado Gurriarán).
"As décadas de T.L." (autobiográfico).1994.
"Gondomar y su triunfo de Raleigh"
"O nomeamento de Gondomar como embaixador en Londres"
"O erasmismo de Gondomar"
Traduccións:
"de HELLER, Hermann: "Teoría del estado" México D.F.:Fondo de Cultura Económica, 1942; " de DURANT, Will: "La vida de Grecia" Buenos Aires: Editorial Sudamericana, 1945, 2 vols.; de MANN, Thomas: "Oíd alemanes" Buenos Aires: Editorial Nova, 1945.
"Os sonetos a Orfeu" (traducción de Rilke)
"Nai coraxe e máis os seus fillos" (traducción de Brecht)
Galicia desde Londres. Galicia, Gran Bretaña e Irlanda nos programas galegos da BBC (1947-1956). Edición de Antonio Raúl de Toro Santos. Prólogo de F. Fernández del Riego e debuxos de Conde Corbal. A Coruña, Editorial Tambre, 1994. (contén a súa versión de cinco poemas ingleses e quince franceses que fixo nunha emisión radial da BBC).

Refª.Bibliográficas:
TOBÍO, Lois (1994)
GEG
NEIRA VILAS, Xosé (1995:279-286)
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:120)
CALVO, Tucho (1998:209)
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:307-308)
PELLITERO, L., PASCUAL, Rosa e MÉIXOME, Carlos (2001:18-25)

Refª.Fotográficas: Arquivo Fotográfico AEG, nº rexistro 206 e 1478 NEIRA VILAS, Xosé (2000:310) e TOBÍO, Lois (1994)

1.970 TOBÍO FERNÁNDEZ, Mª de los Ángeles

Barco

Países: México

IPANEMA

Biografía

(Viveiro, Lugo, 28/02/1908) Fai os estudios de bacharelato na súa vila natal, máis tarde trasládase a Santiago de Compostela para estudiar Filosofía e Letras. Nesta cidade coñece a Pedro Martul Rey co que casa en 1931. Trasládanse a Madrid onde, mediante oposición, consegue unha praza no Centro de Estudios Históricos de Madrid. Durante un tempo traballou tamén na Biblioteca Provincial de Ourense mentres o seu home era profesor no Instituto de Ensino Medio de Monforte de Lemos. O estalido da Guerra Civil sorpréndeos en Madrid e trasládanse a Orihuela (Valencia) onde traballou como bibliotecaria ata que marchan cara a Caldas de Mombuey (Barcelona). En xaneiro de 1939, trala caída de Barcelona en mans das forzas franquistas, atravesan os Pirineos por Les Perthus xunto co seu pequeno fillo Pedro. Alí o matrimonio permanece separado durante uns meses xa que Pedro foi instalado nos campos de refuxio de Montpellier e Argèles sur Mer, e mentres, Mª de los Ángeles permaneceu en Monte Limar. Unha vez que conseguen xuntarse van a Burdeos para embarcar no Ipanema que os levará rumbo a México. Despois dunha parada técnica na illa da Martinica e na Habana chegan a Veracruz en xullo de 1939. En México D. F. dedicouse á ensinanza no Instituto Hispano-Mexicano Ruiz de Alarcón dirixido por Pedro Martul ata o ano 1943. No ano 1948 deciden o regreso instalándose na Coruña onde traballou de novo como bibliotecaria no Arquivo Xeral de Galicia. Pedro mentres tanto e ata 1961, ano no que se reincorpora á ensinanza en Santiago de Compostela, dedicouse ó negocio dos seguros. Na década dos 50 trasládanse a Santiago de Compostela onde vive actualmente.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Profesor / Bibliotecario

Profesións no exilio Profesor / Bibliotecario

Obra no exilio: "Anacos dunha muller galega" (sen publicar)

Refª.Bibliográficas: CAGIAO, Pilar (1997:89)
Entrevista a Mª de los Ángeles Tobío Fernández, realizada por Rosa Mª López González e Nancy Pérez Rey, o 27-VII-2001 en Santiago de Compostela.
Información proporcionada por Luis Martul Tobío.

1.971 TOBÍO MAYO, José

Países: Arxentina

Biografía

(Esteiro, Muros, 09/01/1891 - ?) Militante de Izquierda Republicana, foi miliciano no frente de Madrid e periodista exiliado en Arxentina. No exilio foi fundador e co-director de "Crisol Gallego" e colaborador de "Galicia"

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Mestre

Profesións no exilio Escritor / Xornalista

Obra no exilio: "Espiñas" (1941) Bos Aires: Editorial Celta

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ FER, Claudio (1997:70)
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:120)
"Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.

1.972 TOMÉ ALONSO, Carlos

Barco

Países: Francia / México

IPANEMA

Biografía

(? - ?) Casado con Amadora Tomé Menéndez. Estivo vinculado ó Partido Galeguista. Exiliouse en México, a onde chegou no Ipanema o 13 de xullo de 1939 xunto con outros exiliados.

Organizacións ás que pertenceu:

PG PARTIDO GALEGUISTA

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:232)

Refª.Fotográficas: RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:232)

1.973 TOMÉ MENÉNDEZ, Amadora

Barco

Países: México

IPANEMA

Biografía

(? - ?) Esposa de Carlos Tomé vinculado ó Partido Galeguista. Chega a México no barco Ipanema. Foi unha importante colaboradora do Padroado da Cultura Galega.

Organizacións ás que pertenceu:

PADROADO DA CULTURA GALEGA

Refª.Bibliográficas: CAGIAO, Pilar (1997:89)

1.974 TORRADO NOGUEIRA, Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Estivo no Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois chega como refuxiado ó campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

1.975 TORREIRO EIROA, Fernando

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) Membro durante a Guerra Civil do Batallón de Milicias Populares Gallegas. En agosto de 1939 atópase no campo de concentración de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.976 TORREIRO PORTELA, Eduardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.977 TORRES GARCÍA, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Esteiro, Muros, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.978 TORRES MUIÑOS, Marcial

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - Francia, ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia onde morreu.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

1.979 TRABADO LÓPEZ, Saturnino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cervantes, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.980 TRABADO REBOLLAL, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

1.981 TRABAZO, Luís

Países: Arxentina

Biografía

(? - ?) Estivo exiliado en Arxentina xunto co seu irmán Virxilio.

Refª.Bibliográficas: DÍAZ, Xosé (1994)

1.982 TRABAZO, Virxilio

Países: Arxentina

Biografía

(? - ?) Militante de Izquierda Republicana. En 1945 está exiliado en Arxentina.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Catedrático

Refª.Bibliográficas: DÍAZ, Xosé (1994)
"Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.

1.983 TRAVADA GÓMEZ, José

Países: Francia

Biografía

(Lugo, ?) Refuxiado en Francia xunto coa súa muller Dolores Fernández e os seus dous fillos.

Refª.Bibliográficas: "C. Castroverde y Unidos de Fonsagrada y Baleira", Galicia, XVIII:675, (18/05/1940), 2.

1.984 TRERE RAMOS, Ricardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cervo, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.985 TRIGO REY, José

Países: Unión Soviética

Biografía

(Vilaxoán, Pontevedra, 1897 - Simferopol, 1967) Era mariñeiro mercante. Chegou á Unión Soviética no barco "Cabo San Agustín". Alí traballou en Odessa , Kranatorsk, Tashkent, Crimea e Simferol. Foi voluntario do Exército Vermello soviético. Ingresou no PCE en 1947.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Mariñeiro

Profesións no exilio Obreiro

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.986 TRILLO CANEDA, Rogelio

Países: Unión Soviética

Biografía

(? - ?, 1907) Mariñeiro afiliado ó PCE dende 1934. Chegou a Rusia no barco "Inocencio Figaredo". Alí traballou en Odessa, Túpase, Kransvods, Pobladar, Sovjos Feodosiki (Crimea) e Dniepropetrosk. En 1986 xa estaba xubilado. Foi repatriado en 1970.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Mariñeiro

Profesións no exilio Obreiro

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

1.987 TRILLO PAN, Fernando

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.988 TRONCOSO FARO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ponteareas, Pontevedra, ?) Alcalde de Mondariz durante a IIª República. En xullo de 1939 no campo de refuxiados de Bram (Aude) en Francia.

Profesións: Alcalde

Refª.Bibliográficas: "Refugiados", Galicia, XVII:620, (29/04/1939), 6.
"Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

1.989 TRONCOSO FERNÁNDEZ, Ramón

Países: Francia / México

Biografía

(Ponteareas, Pontevedra, ?) Sindicalista do grupo galego da UGT, deputado provincial e presidente da Agrupación Socialista. En 1939 estaba en Francia, refuxiado en Lagny sur Marne. Logo pasa a México onde fundou, xunto con outros exiliados, a Alianza Nazonal Galega no ano 1943, da que era o secretario de solidaridade e finanzas.

Organizacións ás que pertenceu:

ALIANZA NAZONAL GALEGA

UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Sindicalista / Deputado

Refª.Bibliográficas: "Refugiados", Galicia, XVII:620, (29/04/1939), 6.
MARTÍNEZ, José Luis (1999:96)
"Manifesto da Alianza Nazonal Galega de México", Galicia, XXI:826, (10/04/1943), 8.

1.990 TUBÍO ROMANÍ, Manuel "Maranqueiro"

Países: Francia / Campos de Refuxio / Chile / Arxentina / Uruguai

Biografía

(Creo, Esteiro, Muros, A Coruña, ? - Montevideo, 29/12/1966) Fogueiro que en xullo de 1936, con 37 anos, participa na fuxida organizada de Muros nos bous "Santa Eulalia" e "Santa Rosa". Despois de chegar a Bilbao consegue atravesa-los Pirineos nos últimos días da guerra. Estivo nun campo de refuxio francés e partíu para América con outros refuxiados. Despois de pasar por Valparaíso e Bos Aires establécese finalmente en Montevideo. Non puido reclamar a súa muller, Evanxelina Rodríguez Maio, pois el chegara a América cuns papeis falsos (a nome dun irmán que morrera nos Estados Unidos en 1922). Morreu no ano 1966, sendo enterrado no cemiterio de Barros Blanco, perto de Montevideo.

Profesións: Fogueiro

Refª.Bibliográficas: AGRAFOXO PÉREZ, Xerardo (1995:140 e 385)

1.991 TUBÍO TORRES, Vicente

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Tenente do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:143)

1.992 VAAMONDE, J.

Biografía

Arquitecto.

Profesións: Arquitecto

Refª.Bibliográficas: FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b:1000)

Comentarios: Aparece mencionado en FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b:1000)

1.993 VALCARCE HALLADO, Edesio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.994 VALCÁRCEL MACÍAS, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo en Barcarès, Francia, como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

1.995 VALEIRAS GONZÁLEZ, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicas Populares Gallegas. Estivo no campo de refuxio francés de Vernet d´Ariége (barraca 43) e no de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140 e 141)

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ós campos de refuxiados.

1.996 VALENZUELA OTERO, Ramón de

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Bandeira, Silleda, Pontevedra, 1914 - Sanxenxo, 1980) Estudia Filosofía e Letras en Santiago de Compostela e comeza a escribir co seudónimo de "Pepe dos Cestos". Membro activo das Mocedades Galeguistas e loitador no bando republicano durante a Guerra Civil, incorporándose ó cuartel xeral da división que mandaba Enrique Líster, no Vº Corpo de Exército Popular Republicano. Nese tempo o xoven galeguista vaise contaxiando da doutrina marxista que o leva a afiliarse ó PCE. Establece contacto con Castelao e Alexandre Bóveda e participa no Seminario de Estudos Galegos na Sección de Etnografía e Folklore que dirixía Vicente Risco. Despois dun longo cativerio en Compostela, xunto con Ánxel Casal e Camilo Díaz, pasa a Francia en 1939, onde estivo no campo de refuxiados de Argelès sur Mer. De regreso a España, o réxime de prisión condicional permitiulle entre 1946 e 1949 dirixi-la excavación dos xacementos de Vilalonga. Ó sair do cárcere dedícase á tarefa mercantil sendo axente comercial no ramo das serrerías. Despois empregouse como delegado da empresa "Jesús Lago y Lago" de electrodomésticos en Pontevedra. En 1949, despois de acada-lo indulto que o libera do réxime de prisión atenuada, chega a Bos Aires xunto coa súa muller, María Victoria Villaverde. Alí emite na radio do Instituto Argentino de Cultura Gallega e participa nos cursos organizados pola AGUEA. Publica en "Galicia Emigrante" e na "Gaceta de Tucumán". En AGUEA imparte clases de xeografía galega durante tres cursos. Escribiu un libro de contos chamado "O Naranxo" e despois publica a novela "Non agardei por ninguén" cun debuxo de Seoane e "Era tempo de andar". Publicou tamén a traxicomedia "As bágoas do demo" dirixida por Blanco Amor en 1964. En 1962 ingresa no Partido Comunista de España e en 1966 volve a España e establece a súa residencia en Madrid.

Organizacións ás que pertenceu:

AGUEA	AGRUPACIÓN GALLEGA DE UNIVERSITARIOS, ESCRITORES Y ARTISTAS
PCE	PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA
PG	PARTIDO GALEGUISTA
	XUVENTUDES GALEGUISTAS

Profesións: Mestre / Axente Comercial

Profesións no exilio Escritor / Profesor

Obra no exilio: "Non agardei por ninguén" (edición de Modesto Hermida García), (1989) Vigo: Xerais
"Era tempo de apandar" (1º edición en 1980 e en 1997 por A Nosa Terra)
"As bágoas do demo" (tragicomedia)
"Naranxo" (1974, libro de contos)

Refª.Bibliográficas: GEG
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000:999)
TOBÍO, Lois (1994:570)
BOROBÓ (2001d:35)
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:307)

Refª.Fotográficas: Arquivo AEG, nº rexistro, dende 793 ó 810 e CD-ROM III (Carpeta : Elpidio Villaverde, nº 5, 30) e ÁLVAREZ, Santiago (1992).

Comentarios: Segundo BOROBÓ (2001d:35) tamén estivo a traballar na antiga Checoslovaquia.

1.997 VALILLA, José María

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Boimorto, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

1.998 VALÍN SALVADOR, Andrés

Barco
IPANEMA

Países: Francia / México

Biografía

(? - ?) Estivo exiliado en México. Viaxou no Ipanema dende Francia. Chegou a Veracruz o 13 de xullo de 1939. Foi tesoureiro no ano 1953 do Padroado da Cultura Galega.

Organizacións ás que pertenceu:

PADROADO DA CULTURA GALEGA
PG PARTIDO GALEGUISTA

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:232)

Refª.Fotográficas: RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:232)

1.999 VALLADOLID PRIETO, Domingo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Bande, Ourense, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.000 VALLE GUTIÉRREZ, Benito

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Tenente do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo no campo de refuxio francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

2.001 VALLE-INCLÁN Y BLANCO, Jaime del

Barco
REINA DEL PACÍFICO

Países: Francia / Campos de Refuxio / Chile

Biografía

(Merced, Posmarcos, Pobra do Caramiñal, 29/01/1922 - Barcelona, 17/10/1985) Fillo do escritor Ramón María del Valle-Inclán e de Josefina Blanco Tejerina. Aínda non tiña tres anos cando a familia decide ir a Madrid, onde viven ata 1933. Nese ano acompaña ó seu pai a Roma, onde D. Ramón fora nomeado director da "Academia Española de Bellas Artes". En 1936 estudia un curso nun colexio de El Escorial que pertencía á "Institución Libre de Enseñanza". Trala morte do seu pai en xaneiro de 1936 trasládase a vivir a Barcelona durante a Guerra Civil e alí ingresa no Colexio Ausías March, naquel intre tamén pertencente á "Institución Libre de Enseñanza", no que recibe clases de historia da man do historiador Vicens-Vives. Con 16 anos, e contra os desexos maternos, incorporouse voluntariamente ó Exército Republicano sendo destinado ó Batallón de Milicias Populares Gallegas, baixo o mando de Enrique Líster. Ó acaba-la guerra pasa a Francia e é internado no campo de concentración de St. Cyprien. Gracias á axuda de Clara Candiani sae do campo e é trasladado a París tomando contacto con Pablo Neruda, conseguindo deste que, el e a súa irmá María Beatriz (Mariquiña), sexan acollidos en Chile. Así, embarcou no barco "Reina del Pacífico" en La Rochelle o 19 de xuño de 1939. En Chile inicia a súa actividade pictórica presentando a súa primeira exposición no Instituto Chileno-Norteamericano de Cultura en Santiago de Chile. Entre outubro de 1946 e maio de 1947 está na Arxentina, posteriormente expón tamén en Venezuela e Brasil. En Venezuela foi profesor de Debuxo e Historia da Arte en San Cristóbal de Táchira. En 1948 viaxa por Colombia, Panamá, México e Cuba e ó ano seguinte vai como corresponsal da revista "Elite" de Caracas a Perú. En 1950 regresa a Europa instalándose primeiro en París, alternando con viaxes a Galicia ata 1958 ano no que se instala en Madrid. Logo, retorna novamente a París e a España en 1958. Nese tempo cae gravemente enfermo e paralízase a súa actividade pictórica. Trala súa recuperación a comezos dos anos sesenta volve a viaxar a París e comeza tamén a súa colaboración na empresa de enxeñería do seu amigo José Torán Peláez para dirixir o proxecto encargado pola Administración, "El Libro del Ebro", deixando de pintar. En 1966 casa con Ángela Cruz e dous anos despois nace o seu fillo Yago, en Santiago de Compostela. En 1970 volve a pintar nun estudio cedido polo seu amigo Juan A. Díaz Aguado en El Escorial onde se reclúe varios meses. En 1972 instálase xunto coa súa familia en Barcelona e a partires dese momento estará totalmente dedicado á pintura participando nun número considerable de exposicións. Destas pódese destacar a súa participación na exposición colectiva "Plástica Gallega" na Galería Fauna´s de Madrid en 1980, na exposición "El intimismo de la Pintura Española en los siglos XIX y XX en Quito (Ecuador) en maio-xuño de 1980, na exposición "Los efectos de la luz en la Pintura Española en los siglos XIX y XX" en Amberes (Bélxica) en maio de 1981, nunha exposición colectiva do Concello de Pontevedra en 1982 ou na exposición da sala Dalmau de Barcelona con José Díaz e Guillermo Delgado en 1983. Morre en outubro de 1985 en Barcelona. Polo seu desexo os seus restos son incinerados e trasladados ó cemiterio de San Mauro de Pontevedra.

Profesións: Estudiante

Profesións no exilio Xornalista / Pintor

Refª.Bibliográficas: GEG
ÁLVAREZ, Santiago (1986:405)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:185)
Información proporcionada por Ángela Cruz Cuervo, viúva de Jaime del Valle Inclán.

Refª.Fotográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:anexo)

2.002 VALLE-INCLÁN, María Beatriz del (Mariquiña)

Países: Arxentina

Biografía

(Merced, Posmarcos, Pobra do Caramiñal, 05/09/1909) Filla do escritor Ramón María del Valle-Inclán. Trala Guerra Civil a súa nai Josefina envíaa dende Madrid a Bos Aires onde tiña familia. As autoridades franquistas pediron a súa extradición pero as arxentinas non lla deron. Alí casou co arxentino de orixe xudea, Devoto, e tiveron un fillo. Na actualidade vive en San Juan de Luz (Francia) e o seu fillo en París.

Refª.Bibliográficas: "Un ángel tutelar," Galicia, XIX:727, (17/05/1941), 6.
"Atropello inaudito", Galicia, XIX:736, (19/07/1941), 1.
"Un fallo que Honra a la Justiaica Argentina. Esta puso fin al vía crucis de María Beatriz del Valle-Inclán", Galicia, XX:779, (16/05/1942), 1.

Refª.Fotográficas: "Atropello inaudito", Galicia, XIX:736, (19/07/1941), 1.
"Un fallo que Honra a la Justiaica Argentina. Esta puso fin al vía crucis de María Beatriz del Valle-Inclán", Galicia, XX:779, (16/05/1942), 1.

2.003 VALVERDE, María

Barco
QUANZA

Países: Marrocos / Uruguai

Biografía

(Santiago de Compostela, A Coruña, ? - ?) Nace na rúa Nova de Santiago de Compostela. Con 7 anos ingresa no Conservatorio de Música da Sociedad Económica de Amigos del País. Estudia música e canto en Madrid e en Milán. Debutou como cantante de ópera no Teatro Social de Como, Italia. Foi unha célebre contralto que canta en varios idiomas e actúa en varios teatros europeos e americanos. Nas súas xiras internacionais sempre incluía cancións en galego. Parte cara ó extranxeiro, en 1921 chega a Cuba, pasa varios anos fóra e volta en 1929. Na época que estivo en Cuba coñeceu a Castro Chané e actúa no Teatro Nacional da Habana cun programa case íntegro de cancións galegas. Antes de volver para América como exiliada casa co médico andaluz de Jaén, Virgilio Garrido. O 15 de xaneiro de 1941 embarcan nun barco francés, o "Alsina" con destino a América, pero o barco detívose en Dakar. Alí estiveron cinco meses, e despois levaronos a un campo de concentración, Kasba Tedla en Marrocos. Desde Marrocos saen no "Quanza" cara Veracruz, onde deixa refuxiados, así como en Cuba e Bos Aires, para chegar finalmente 5 dos refuxiados do barco a Uruguai, entre eles María Valverde e o seu home. En Montevideo dedicouse á docencia como profesora de canto. Tamén fixo actuacións no resto do mundo.

Profesións: Cantante

Profesións no exilio Profesora / Cantante

Refª.Bibliográficas: NEIRA VILAS, Xosé (1999)
NEIRA VILAS, Xosé (1994:49-55)
NEIRA VILAS, Xosé : "María Valverde", Galicia Emigrante, VI:37, (maio de 1959), 20 e 34.
Información aportada por Rogelio Martínez Barreiro.
"La llegada de los Españoles del "Alsina" España Republicana, XXV:638, (25/04/1942), 4.
"Los españoles del Quanza" España Republicana, XXV:622, (03/01/1942), 10.

Refª.Fotográficas: NEIRA VILAS (1994:51)

2.004 VARCEA, Manuel

Países: Portugal

Biografía

(? - ?) Pasou moitos anos na cadea en Portugal dende os sucesos de Cambedo en 1946.

Refª.Bibliográficas: TELLEZ, Antonio (2000:47)

2.005 VARELA BALSA, Bienvenido

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:
BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:148)

2.006 VARELA BLANCO, Jesús

Biografía

(Cambre, A Coruña, ?) Mariñeiro que foxe o 22 de xuño de 1938 pero o seu paradeiro é descoñecido.

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: Documentación Concello de Malpica (listado de recrutamento).

Comentarios: Tal vez non se poda considerar realmente como exiliado, só se sabe que fuxiu e o paradeiro era descoñecido.

2.007 VARELA BLANCO, Jesús

Países: Arxentina

Biografía

(? - ?) Ebanista afiliado a Izquierda Republicana. En 1945 está exiliado en Bos Aires.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Carpinteiro

Refª.Bibliográficas: "Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.

2.008 VARELA CASARES, Mª Esther (Cuca)

Países: Francia / México

Biografía

(A Coruña, ?) Neta de Santiago Casares Quiroga, filla de Esther Casares e do Coronel da República Enrique Varela. Viviu coa súa nai a represión na Coruña, estudiando o bacharelato baixo o auspicio do sacerdote Baltasar Pardal, director da Grande Obra de Atocha. O 15 de agosto de 1955 exíliase coa súa nai a México nun voo de Air France dende París.

Refª.Bibliográficas: FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000:298 e 315)

2.009 VARELA CASTRO, Enrique

Países: México

Biografía

(?, 1898 - México, ?) Fillo dun xeneral da cabalería monárquico. A súa familia pasaba longas tempadas nunha finca de Bañobre, Miño, A Coruña. Casou coa filla maior de Casares Quiroga, Esther, o 3 de xullo de 1931 en Madrid cando tiña o grao de Tenente Coronel de Cabalería. Varela, que ó principio tiña ideas fascistas, rematou sendo estreito colaborador do seu sogro e padeceu máis que el a represión posterior á Guerra do 1936. Despois da prisión marcha cara o exilio mexicano xunto coa súa muller. Alí tivo relación co ambiente dos socialitas galegos exiliados.

Profesións: Militar

Refª.Bibliográficas: ESTÉVEZ, Arantxa (1999:19)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:186)
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000c:125)
"Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

2.010 VARELA COLLAZO, Ramón

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Corme, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Beziérs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.011 VARELA DOPICO, Francisco

Países: Francia

Biografía

(A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Beziers en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.012 VARELA GIL, Edelmiro

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Chegou en 1939 a Barcarès como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

2.013 VARELA LAGO, Demetrio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.014 VARELA LOUREIRO, Francisco

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, ? - Mauthausen, 6/04/1941) Foi trasladado ó campo de concentración de Mauthausen e posteriormente a Gusen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:114)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

2.015 VARELA SANDE, M.

Países: México

Biografía

(? - ?) Galego que se exiliou a México. Alí tivo relación co ambiente dos socialistas exiliados.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

2.016 VARELA VILARES, Antonio

Países: Arxentina

Biografía

(Ordes, A Coruña, ?) Galego exiliado na Arxentina.

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Xosé Neira Vilas.

2.017 VARELA, Antonio

Países: Arxentina

Biografía

(Oroso, A Coruña, ?) Concelleiro de Izquierda Republicana por Oroso. En 1945 estaba exiliado en Bos Aires.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Labrego / Concelleiro

Refª.Bibliográficas: "Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/IX/1945), 10.

2.018 VARELA, Lorenzo (Jesús Varela Váquez)

Barco
SINAIA

Países: Arxentina / México

Biografía

(A Habana, 1917 - Madrid, 25/11/1978) Seus pais eran emigrantes galegos en Cuba, orixinarios de Monterroso en Lugo. En 1920 a familia traladouse a Arxentina debido a crise económica que atravesaba a illa. Pasa a súa infancia e recibe os estudios primarios en Bos Aires. En 1920 volta a Galicia e seus amigos comezan a charmarlle "O Arxentino" debido o acento seu porteño. En 1931 comezou o bacharelato no Instituto de Ensino Secundario. Unha vez proclamada a República comeza a interesarse pola política. Os primeiros contactos có ideario nacionalista son nun acto que realiza Partido Galeguista o 22 de marzo de 1932 no Teatro Principal de Lugo coa participación de Castelao, Paz Andrade e Suárez Picallo. O 11 de xaneiro de 1933 fúndanse as Mocidades Galeguistas de Lugo coa presencia de Servando Gómez Aller e o deputado pola emigración Ramón Suárez Picallo. Entre os presentes está Ramón Piñeiro e Lorenzo Varela, entre outros. Pouco a pouco radicalízase e vaise chegando ao trotskismo que daquela estaba representado polo Partido Obreiro de Unificación Marxista (POUM). Cando remata o bacharelato marcha a Madrid e alí comeza a súa actividade intelectual. Alí contactou con outros galegos que tiñan ideas similares, Granell, Dieste, etc. Foi membro das Misións Pedagóxicas e formou parte do equipo de redacción da revista PAN (Poetas, Andantes e Navegantes). Nela participan Rafael Dieste, Otero Espasandín, Antonio Baltar e Fernández Mazas, entre outros. En 1936 colaborou como crítico literario en "El Sol". Nas primeiras etapas da súa estancia en Madrid frecuenta o café "La Granja del Henar" onde se xuntaban un grupo de escritores, políticos e artistas galegos como por exemplo: os irmáns Dieste, Laxeiro, Eugenio Granell, Antonio Sánchez Barbudo, Ramón Suárez Picallo, Otero Espasandín, Fernández Mazas, Carlos Maside e Manuel Colmeiro. En 1936 constituíuse en Madrid a "Alianza de Intelectuais Antifascistas para a Defensa da Cultura" na que participaron Lorenzo Varela, Rafael Dieste, José Bergamín, Rafael Alberti, Antonio Machado, Federico García Lorca, etc. Lorenzo foi un dos máis activos militantes da Alianza e incluso foi un dos redactores do manifesto fundacional. O estoupido da guerra civil cólleo en Madrid dedicado ó xornalismo. Enrolouse como voluntario á fronte da batalla. Pasou a ser comisario político e comandou unha brigada da 11º división baixo o mando de Enrique Lister. Lorenzo Varela afíliase ó Partido Comunista. Ó mesmo tempo que loitaba no frente adicábase a escribir ou dirixir distintos xornais destinados aos combatentes, entre eles os republianos "El Mono Azul" e "Hora de España". Xunto a outros poetas, visitaba as frontes de batalla alentando o espíritu revolucionario dos milicianos. Durante a Guerra Civil atópase encadrado en "Milicianos de la Cultura" percorrendo as frentes de guerra animando, alfabetizando ós combatentes. En xullo de 1937 participa no Segundo Congreso Internacional de Intelectuais Antifascistas que se realiza en Valencia. Lorenzo Varela adícase a percorrer as distintas frontes de batalla combatendo coas armas e coa palabra ata os últimos momentos. Coa perda da Guerra Civil, Varela cruza os Pirineos onde permanece no campo de concentración de Saint Cyprien a partir do 10 de febreiro de 1939. O 23 de maio de 1939 consegue embarcar no vapor francés Sinaia rumbo ao exilio de México. Chega o 13 de xuño ao porto de Veracruz onde vinte mil persoas agardaban os 1.599 exiliados que levaba o barco. Neste país retoma a súa actividade como literario sendo codirector das revistas "Romance" e "Taller", esta última xunto con Octavio Paz. Despois dalgúns anos en México, a finais do 1941, decide ir a Bos Aires onde vive seu pai José Ramón Varela García. Nesta cidade é cando escribe a súa obra máis importante "Torres de amor", "Catro poemas galegos"e "Lonxe". Nesta cidade funda "De mar a mar" e "Correo literario". Colaborou nos xornais "Clarín", "El Mundo"e "La Nación" e nas revistas "El Hogar", "Del Arte", "Sur", "Primera Plana", "Cabalgata". Tamén realizou xornalismo radiofónico xunto a Horacio Cóppola no programa "Hora Once". Foi crítico de arte e dedicouse a realizar traduccións do portugués ao español como por exemplo de "Doña Flor y sus dos maridos". Casa en 1956 con Marika Gerstein. Dende a división do Partido Comunista de España en distintos sectores, Varela comeza a militar no Partido Comunista Arxentino. O seu compromiso militar levouno a vivir momentos moi duros a partir do goberno de Isabel Perón e a actuación das "Tres A". Logo co golpe de estado de Videla o 24 de marzo de 1976 e a represión masiva, Varela decidiu acelerar o seu retorno. Morre en Madrid en 1978 sendo enterrado, posteriormente en Monterroso-Lugo.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Profesións: Escritor / Xornalista / Poeta

Obra no exilio:
"Torres de amor"
"Catro poemas para catro grabados"
"Manuel Sánchez"
"Lonxe"
"Ofrenda a los franceses", Correo Literario, 22 (1944), 3.
"Carta a Valentín Paz-Andrade" (Buenos Aires, Nadal do 67) en: PORTELA YÁÑEZ, Charo e Isaac Díaz Pardo (ed.). Epistolario, 1997, ediciós do Castro, Sada
"El Renacimiento"
"Baudelaire"
"Murillo"
"Seoane"

Refª.Bibliográficas:
ALONSO MONTERO, Xesús (1981)
SEOANE, Luis: "Lorenzo Varela", Grial, 64, (abril-maio-xuño 1979), 232-236.
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b:999)
BREA REI, Xosé Ramón (1999:19-33)
VELASCO SOUTO, Carlos F. (2000:144)
FERREIRO FENTE, Xosé Gregorio (1992:540-557)
FERREIRO FENTE, Xosé Gregorio (1999:529-554)
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:300-301)
Sinaia. Diario de la Primera Expedición de Republicanos Españoles a México (1999)
CAUDET, Francisco (1999:289-304)
ALONSO MONTERO, Xesús (1999:9-15)

NEIRA VILAS, Xosé (2000:105 e 107)

Refª.Fotográficas: Arquivo fotográfico do AEG, nº rexistro 453. PÉREZ LEIRA, Lois (1999:241-248), AXEITOS, Xosé Luís (1995b:79), CID CABIDO, Xosé (1994:159), ALLEGUE OTERO, Gonzalo e FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor (1993:156) e NEIRA VILAS, Xosé (2000:42 e 106)

2.019 VARELA, Ramona

Países: Cuba

Biografía

(A Golada, Pontevedra, ?) Exiliada en Cuba.

Refª.Bibliográficas: Información aportada por Carlos Bourio Villarino. Contacto María Presas (AEG)

2.020 VAZ NÚÑEZ, Francisco

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

2.021 VÁZQUEZ CALVO, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Carballino, Ourense, ? - ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Saint Cyprien en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.022 VÁZQUEZ CREGO, Julio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

2.023 VÁZQUEZ DÍAZ, Francisco "COMPOSTELA"

Barco
SALLE, DE LA

Países: Francia / Campos de Refuxio / República Dominicana / Porto Rico

Biografía

(Santiago de Compostela, 07/09/ /1898 - Porto Rico, 1988) Estudio de Escuela de Artes e Oficios de Santiago e despois en Madrid traballa nos talleres de Emiliano Sánchez e nos de Lizárraga e Herráiz. Tamén expuso en Santiago de Compostela e en Madrid no Museo de Arte Moderno, no Círculo de Bellas Artes e na Asociación Amigos do Arte. Na Exposición Internacional de Barcelona gañou unha medalla e o Estado Español concedeulle unha pensión para París (1930 e 1931), despois tamén foi figurado na Colonial de París. No comezo da guerra ingresa no exército republicano e foi escultor oficial do Quinto Reximento facendo as mascaras dos mortos. Colabora tamén coas revistas antifascistas "Nueva Galicia" e "El Miliciano Gallego", así como no 4º Batallón de Milicias Populares Gallegas con outros galegos como Santiago Álvarez ou Rafael Dieste. Cando acaba a guerra pasa a Francia refuxiándose en varios campos de concentración, entre eles o de Saint Cyprien, ata que a SERE o embarca rumbo a América. Chega á República Dominicana no vapor De la Salle o 19 de Decembro de 1939. Despois de permanecer un ano alí é invitado polo médico español exiliado Ángel Rodríguez Olleros a conocer Porto Rico, onde presenta varias exposicións. A partir de 1942 decide asentarse na illa e nese mesmo ano casa coa profesora Margot Arce. Ademais de dedicarse á escultura (sobre todo producindo retratos), en 1943 é contratado con instructor do Colegio de Artes Industriales da Facultade de Pedagoxía da Universidade de Porto Rico. En 1957 chega a ser director do taller de escultura do Instituto de la Cultura Puertorriqueña ata o ano 1968, cando pasa a ser profesor da Esocla de Artes Plásticas do mesmo Instituto. Morre o 21 de febreiro de 1988 a consecuencia dun fallo renal.

Organizacións ás que pertenceu:
BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Profesións: Escultor

Obra no exilio: Exposicións:
Ciudad Trujillo: Salones del Palacio Nacional (II Conferencia Interamericana del Caribe), 1940.
San Juan, Puerto Rico: Casa del Sr. Waldemar Lee, 1940.
Río Piedras, Puerto Rico: Universidad de Puerto Rico, 1940.
San Juan, Puerto Rico: 1942.

Refª.Bibliográficas:
GONZÁLEZ LAMELA, Mª del Pilar (1997:175-201)
GONZÁLEZ LAMELA, Mª de Pilar (1999:104)
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:123)
LIBER, Soni (1942:8)
ÁLVAREZ,Santiago (1986:102)
VÁZQUEZ ARCE, Carmen (1999:553-563)

Refª.Fotográficas: AEG, nº rexistro do 357 ó 362.

2.024 VÁZQUEZ DIÉGUEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrou o Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:
BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas:
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

2.025 VÁZQUEZ ESTÉVEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:
BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas:
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

2.026 VÁZQUEZ GAYOSO, Jesús

Países: Cuba / México / Panamá / Venezuela

Biografía

(Vilaodriz, A Pontenova, Lugo, 1912 - México, 1970) Antes do exilio foi profesor axudante na Facultade de Leis da Universidade Central de Madrid, así como oficial de Milicias e Mayor de Carabineros durante a Guerra Civil. En 1939 chega a Cuba onde é nomeado director da Sección de Estudios Xurídicos da Escola Libre da Habana. Foi dirixente de Izquierda Repulicana. En 1948 foi vicepresidente de ARDE (Acción Republicana Democrática Española) en México. No ano 1947 foi designado cónsul xeral do goberno republicano español no exilio, en 1950, tras unha estadía en Panamá e Venezuela regresa a Cuba.
Durante a etapa panameña (1941-45) foi profesor de Dereito Romano na Universidade Interamericana e Decano da Facultade de Dereito e Ciencias Políticas, 1942-43. En Venezuela estivo no ano 1945 e alí foi profesor da Universidade Central de Venezuela ata o ano 1948, Cónsul Xeral e Encargado de Negocios do Goberno da República de España.
Foi membro do Consello Supremo da Organización España Errante. Foi colaborador de: Nuestra España, Carteles, Revista Cubana, El Progreso de Asturias, Vida Universitaria y España Errante. Foi correspondente de diversas publicacións escribindo sobre temas de dereito.

Organizacións ás que pertenceu:

ARDE ACCIÓN REPUBLICANA DEMOCRÁTICA ESPAÑOLA
IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Xornalista / Avogado / Profesor

Obra no exilio: Libros, monografías y folletos:
"Visión de un mundo nuevo. Mensajes de España" (1941) A Habana, (prólogo de Álvaro de Albornoz); "Instituciones locales de mundo romano, nacimiento y transformación" (1943) A Habana (Separata de Universidad da Habana); "Sobre disciplina en una nación en guerra" (1943) Panamá; "Rutas de emoción" (1944) Panamá
Artigos:
"El derecho de guerra", Nuestra España, 1, (octubre 1939) (en colaboración con Juan Vázquez Gayoso); "Una página de historia. El despertar de un pueblo", Nuestra España, 10-11, (julio-agosto 1940); "El tabú de la moral convencional", Ultra, 39, (octubre 1940); "Sobre diplomacia", Anuario Univ. Santo Dom., V:1-2, (enero 1941); "La República Española ante la guerra y la comunidad internacional", Nuestra España, 13, (octubre-diciembre 1941) (en colaboración con Juan Vázquez Gayoso); "La Universidad Interamericana, institución de paz", América, (julio 1943); "La idea hispánica tradicional del estado", Universidad, 21, (1943).

Refª.Bibliográficas:
DOMINGO, Jorge e GONZÁLEZ, Roger (ed.) (1998)
VÁZQUEZ GAYOSO, J. (1941)
AMO, Julián e SHELBY, Charmion (comp.) (1950:123)

Comentarios: Jesús Vázquez Gayoso escribe dous artigos na revista cubana "Nuestra España" co seu irmán Juan Vázquez Gayoso, que se encontra na Habana no ano 1939, pode que este tamén sexa exiliado.

2.027 VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Montederramo, Ourense, ? - 22/07/1941) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Posteriormente estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès, así como no de Saint Cyprien, nos Pirineos Orientales. Posteriormente foi deportado ó comado Gusen no campo de concentración de Mathausen onde morreu.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas:
VÁZQUEZ, Lois (1982:113)
"Gallegos en los campos de concentración franceses, que piden ayuda a sus hermanos de América", Galicia, XVII:619, (22/04/1939), 3.
"Nuestros refugiados gallegos", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 1.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:143)

2.028 VÁZQUEZ HUMASQUÉ, Adolfo

Países: México

Biografía

(? - 197?) Agrónomo galego exiliado en México. Director Xeral da Reforma Agraria e máis tarde subsecretario do Ministerio de Agricultura cos gobernos progresistas da república. En México traballou na "Colonia de Santa Clara" dedicada ó cultivo da videira e funda unha compañía de seguros agrícolas. Tamén perfecionou a técnica do cultivo do oliveira. Publicou artigos como "El cultivo del Olivo en México" que presentou na "Convención Forestal". Foi presidente do Padroado da Cultura Galega baixo o patrocinio de Luís Soto en 1954, sustituíndo o violinista Xesús Dopico.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA
PADROADO DA CULTURA GALEGA

Profesións: Agrónomo / Subsecretario Gubernamental

Profesións no exilio Agrónomo

Obra no exilio: "Oa labregos i a eleitrificación" en: Vieiros nº4, primavera 1968
"Necesidade dunha praneazón agro-pecuaria I". Vieiros nº1, verán, 1959
"Necesidade dunha praneazón agro-pecuaria II". Vieiros, nº2, outono, 1962

Refª.Bibliográficas: MARTÍNEZ, Carlos (1959:61-65)
GURRIARÁN, Ricardo (1999:249)
ABELLÁN, José Luis (dir.) (1976, I: 139)

2.029 VÁZQUEZ JARES, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Viana do Bolo, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.030 VÁZQUEZ NOGUERIA, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Villaister, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.031 VÁZQUEZ PÉREZ, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrou o Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

2.032 VÁZQUEZ PUGA, Eloy

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Ousende, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.033 VÁZQUEZ REY, Antonio

Biografía

(Campaña, Valga, Pontevedra, ?) Mestre nacional de Pontecesures. Afiliado ó Partido Socialista. Despois de estar preso marchou para para América, onde traballou nun barco. Faleceu alí.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Mestre

Profesións no exilio Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: DÍAZ FERNÁNDEZ, Xosé (1982)

Refª.Fotográficas: Hai un debuxo de perfil en DÍAZ FERNÁNDEZ, Xosé (1982:anexo)

Comentarios: DÍAZ FERNÁNDEZ, X. (1982) non indica a qué país marchou VÁZQUEZ REY.

2.034 VÁZQUEZ REY, Paco "O Ferreiro de Campaña"

Biografía

(Campaña, Valga, Pontevedra, ?) Tenente Alcalde de Valga durante a IIª República por Izquierda Republicana. Mecánico de profesión con taller establecido en Campaña. Despois de estar preso fuxiu para América onde faleceu.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Mecánico / Tenente Alcalde

Refª.Bibliográficas: DÍAZ FERNÁNDEZ, Xosé (1982)

Refª.Fotográficas: Hai un debuxo de perfil realizado por Camilo Díaz en DÍAZ FERNÁNDEZ, Xosé (1982:anexo)

Comentarios: É irmán de Antonio Vázquez Rey

2.035 VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, Luis

Países: Francia

Biografía

(? - ?) Exiliado en Francia. Alí formou parte do Bloque Repubricán Nazonal Republicano Galego fundado en Toulouse o 21 de decembro de 1944.

Organizacións ás que pertenceu:

BRNG BLOQUE REPUBRICÁN NAZONAL GALEGO
PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Refª.Bibliográficas: MARTÍNEZ, José Luis (1999:115)
NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (comp.) (2000:590, n. 537)

2.036 VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, Rogelio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Parada do Sil, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no de refuxiados de Sepfonds Tarne et Garonne en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.037 VÁZQUEZ SÁNCHEZ, Eduardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo en Barcarès, Francia, como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

2.038 VÁZQUEZ SANJURJO, Ricardo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Logo estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

2.039 VÁZQUEZ VALDOMINOS, Jesús

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(Cujas, Ourense, ? - Mauthausen, 26/09/1941) Foi trasladado ó comando Gusen do campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e o periplo realizado ata chegar a Mauthausen.

2.040 VÁZQUEZ VALIÑO, Domingo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Palas de Rei, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.041 VÁZQUEZ VALIÑO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Noia, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados. Probablemente sexa irmán de Miguel Vázque Valiño, tamén orixinario de Noia (A Coruña).

2.042 VÁZQUEZ VALIÑO, Miguel

Países: Brasil / Francia / Uruguai

Biografía

(Noia, A Coruña, 16/01/ 1910 - Montevideo, ?) Traballou de aprendíz de zapateiro ata os 18 anos. Marchou para Arxentina en 1928 escapando do servicio militar. Regresou a España no ano 1931voltando de novo para Arxentina no ano 1932 debido á situación de inestabilidade que el percibía en Galicia. Tres anos despois decide novamente voltar a España onde pasa a ser concelleiro de Izquierda Republicana na súa vila. Tralo alzamento militar decide fuxir dende Muros nos bous "Santa Eulalia" e "Santa Rosa" cara a Bilbao; dende alí vai para Asturias onde axuda a formar a "Agrupación Confederada de Galicia" en Xixón. Despois, e a bordo dun barco inglés, chega a Barcelona onde forma parte da "Agrupación Regional Galaica" e colabora cunha revista mensual que saía en Valencia. Alí trata de organizar a "Agrupación Confederal Galaica" e para iso mantivo contactos con Severino Iglesias Siso, Castelao, Suárez Picallo, González López e Longueira. Alí foi tamén secretario da organización do comité nacional da CNT. En Port La Selva coñece a Dora Luelmo, madrileña filla dun técnico de telefónica. Logo ten que fuxir cara Francia onde estivo no campo de concentración de Brams (Aude). Cando sae do campo decide formar parte dun grupo de resistencia contra Franco que tiña previsto atentar contra o dictador en Donosti. Despois chega a Toulouse e dende alí sae para Marsella onde embarca no ano 1950 para Brasil, tomando parte dunha expedición organizada polo goberno brasileño para colonizar Río Grande do Sur. Alí organizou unha agrupación española e unha cooperativa da construcción con outros albaneis. En febreiro de 1955 marcha coa súa familia clandestinamente para Uruguai, instalándose en Montevideo. En 1956 foi secretario de cultura da "Casa de Galicia" e formou parte do "Centro Coruñés" do que foi socio fundador e presidente.Tamén foi director dunha publicación tamaño tabloide chamada "Finisterre". Como xornalista colaborou asiduamente no "Diario Español" ata 1958, ano no que pasa a ser vocal da "Casa de Galicia". En Uruguai organizou a Irmandade Galeguista onde sacaron á rúa "O Irmandiño". Entre as súas actividades tamén formou parte da Comisión de Cultura da "Casa de Galicia".

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO
IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Xornalista / Sindicalista / Zapateiro

Refª.Bibliográficas: Bergantiños. Publicación Oficial del Club Bergantiños de Montevideo, 1, (1982-1983), 40 (sección "Los personajes de trastienda'
Entrevista a Miguel Vázquez Valiño realizada por Pilar Cagiao Vila. Fondo HISTORGA (AHUS), entrevista nº 912.
AGRAFOXO PÉREZ, Xerardo (1995:96, 377-381)

Refª.Fotográficas: AGRAFOXO PÉREZ, Xerardo (1995:80)

2.043 VÁZQUEZ VÁZQUEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrante do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

2.044 VÁZQUEZ VISO, Jaime

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do "Batallón de Milicias Populares Gallegas" na Guerra Civil. Estivo refuxiado en Barcarès, Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:131)

2.045 VÁZQUEZ, Dora (Filla de Miguel Vázquez Valiño)

Países: Brasil / Uruguai

Biografía

(Francia, 1938/39) Nace no campo de concentración de Brams Aude en Francia. Dende aquí marcha cos seus pais para Brasil e posteriormente pasan clandestinamente ela e sua nai no ano 1955 a Uruguai.

Refª.Bibliográficas: Entrevista a Miguel Vázquez Valiño realizada por Pilar Cagiao Vila. Fondo HISTORGA (AHUS), entrevista nº 912. Información proporcionada por Rogelio Martínez Barreiro.

2.046 VÁZQUEZ, Enrique

Países: México

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil desempeñou o cargo de Comandante de Aviación. Despois exiliouse en México onde frecuentou os ambientes dos socialistas galegos exiliados.

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

2.047 VÁZQUEZ, Francisco G.

Países: México

Biografía

(? - ?) Galego exiliado en México. Alí aproximouse ó grupo de socialistas galegos exiliados.

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

2.048 VEGA GÓMEZ, Antonio

Países: Francia

Biografía

(Becerreá, Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.049 VEGA GUERRA, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Posteriormente estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

2.050 VEIGA GALLEGO, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Meaña, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Centre d´Hebergement de Montelieu (Aude) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.051 VEIGA GÓMEZ, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Lugo, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados Agde (Herault) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Lugo", Galicia, XVII:629, (15/07/1939), 7.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.052 VEIGA MOSQUERA, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Betanzos, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de concentración de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.053 VEIGA SENTONE, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Meaña, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Centre d´Hebergement de Monteliue (Aude) en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.054 VEIGA, Jesús

Países: Francia / Chile

Biografía

(Moaña, Pontevedra, ?) Militante da CNT. Foxe a Francia en 1947 onde segue a manter contactos cos cenetistas do interior. No ano 1950 trasládase coa súa familia a Chile onde desenvolve unha importante actividade das comunidades pesqueiras do país. Participou tamén no artellamento de cooperativas pesqueiras nos portos de San Antonio, San Vicente, Concepción e Valparaíso.

Organizacións ás que pertenceu:

CNT CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO

Profesións: Sindicalista / Mariñeiro

Profesións no exilio Empresario / Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: PEREIRA, Dionisio e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2001)
PÉREZ RÚA, Manuel: Comunicación presentada sobre Jesús Veiga no Congreso Homenaxe "O Exilio Galego, 1936-1975", Pontevedra, 25-27 de xaneiro de 2001.

2.055 VEIRA CATRUFO, Enrique

Países: Cuba / Hungría

Biografía

(A Coruña, ? - A Coruña, 1976) Emigrou de novo a Cuba, onde nos anos 20 foi organizador do Sindicato de Transporte da Habana, e ingresou no Partido Comunista Cubano. En 1930 foi expulsado de Cuba pola Dictadura de Machado, volvendo a Galicia. Despois de 1936 participou na loita clandestina, sendo encarcelado varias veces. En 1943 foi condeado á cadea, estivo en Alcalá de Henares e no Penal de Burgos. Despois exiliouse, posiblemente vía Francia, en Budapest. Morreu na Coruña en 1976.

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1988:245)

2.056 VELA CALVO, Santiago

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Buiños, Bande, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Agde (Herault) nº 2 en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.057 VELO COBELAS, Carlos

Barco
IPANEMA

Países: México

Biografía

(Pereiros, Cartelle, Ourense, 1909 - México, 1988) Importante cineasta e fundador do cine-club da F U E, xunto con Buñuel durante a Segunda República. Estudiou bioloxía na Universidade Central de Madrid mentres vive na Residencia de Estudiantes e toma contacto coa maior parte das vangardas artísticas da época. Iniciouse no cine cun filme en 16 mm sobre a vida das abellas para a súa tese doutoral. Tamén deu clases de Bioloxía na Universidade. Pertenceu ó Partido Comunista e foi colaborador das "Misiones pedagógicas" e de "La Barraca". Ademais é considerado o creador do documental español con traballos como "La ciudad y el campo" (1935), "Almadrabas" (1935), "Galicia y Compostela" (1935), "Infinitos" (1935), "Tarraco Augusta" (1935) rodados para CIFESA en colaboración con Fernando G. Mantilla. Cando estalou a guerra andou fuxido ata que logrou pasar a Marrocos e trasladarse máis tarde á zona republicana onde sería comandante do Servicio de Cartografía do Estado Maior. Ó acabala guerra foxe a México onde desenvolve unha importante campaña galeguista. Nos comezos foi titular da cátedra de Ciencias Naturais da Academia Hispano-Mexicana, pero trala proposta de dirixi-lo "Noticieiro Mexicano" volve ó mundo do celuloide. Asociáse con Barbachano Ponce con quen funda as productoras EMA e Teleproducciones. Chega a realiza-los semanarios "Noticiario Mexicano EMA", "Cámara", "Cine Verdad" e "Tele Revista". Participou activamente como adaptador e guionista con García Ascot no filme "Raíces" (1953) de Benito Alazraki, que foi recoñecido pola crítica no Festival de Cannes, onde chegou a proxectarse un documental dirixido polo propio Velo, "Tierra Caliente". Con Cesare Zavattini, que visita México en 1955, escribiu as tres historias que debían compoñer "México mío", proxecto que non chegou a realizarse. Neses anos, Velo traballa nun documental sobre o toreiro Juan Procuna, "Torero" (1956) que foi unha mistura de documental e filme de ficción. O mesmo tivo moito éxito e pasou a converterse en pioneiro do "cinéma-verité" na cinematografía mexicana. Con este filme gañou o León de ouro. Foi director da producción de "Nazarín" (1958) de Buñuel e das "Sonatas" (1959) de Bardem. Nos anos sesenta adaptará, con Carlos Fuentes e Gabriel García Márquez, un relato de Juan Rulfo que chegará a se-lo filme "El gallo de oro" (1964), dirixida por Roberto Gavaldón. Logo decide dirixir unha versión de "Pedro Páramo"(1966) que tivo moitos problemas coa censura e foi un rotundo fracaso económico. Logo realiza algúns filmes comerciais de escasa entidade como: "Don Juan 67" (1967); "Cuatro de chocolate y uno de fresa" (1969); "Alguien nos quiere matar" (1970) e "El medio pelo" (1971). Logo dedicouse á producción de documentais dende unha empresa creada coa súa muller, Angélica Ortiz, ata principios dos setenta, cando se separan. Logo dirixe o Departamento de Producción de Documentales de los Estudios Churubusco e dende 1975 o Centro de Capacitación Cinematográfica. En México foi tamén o autor do primeiro número de "Terra e Tempo", delegado do Consello de Galiza, participou na fundación do Padroado da Cultura Galega do que foi Secretario Xeral e Presidente de Honra e participou na emisión radial do Padroado. En canto á súa colaboración nas revistas do exilio mexicano colaborou en "Saudade" (1942-43), "Vieiros" (1959-1968), "Romance" e "España Peregrina". Participou ademais na formación da UPG. Foi profesor de Información Periodística Especializada e profesor de Historia dos Medios Audovisuais. Foi o primeiro doutor en Ciencias da Información na rama da imaxe visual e auditiva de Galicia. No ano 1985 Carlos Velo asistiu no Carballiño a unhas xornadas en homenaxe ó cineasta.

Organizacións ás que pertenceu:

	CONSELLO DE GALIZA
	PADROADO DA CULTURA GALEGA
PCE	PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA
UPG	UNIÓN DO POBO GALEGO

Profesións: Profesor / Biólogo

Profesións no exilio Cineasta

Obra no exilio: Documentais: "La ciudad y el campo" (1935); "Almadrabas" (1935); "Galicia y Compostela" (1935); "Infinitos" (1935); "Tarraco Augusta" (1935); "Saudade"; "Tierra caliente"
Películas:
"Raíces" (1953), "Torero" (1956), "Nazarín" (1958), "Sonatas" (1959), "El galo de oro" (1964), "Pedro Páramo" (1966), "Chistelandia" "Nueva Chistelandia, "Don Juan 67" (1967), "Cinco de chocolate y uno de fresa" (1969), "Alguien nos quiere matar" (1970), "El medio pelo" (1971).
Outras publicacións:
"Carta ao Fato Brais Pinto" (1962)

Refª.Bibliográficas:
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b:999-1000)
GUBERN, Roman (1976:189-198)
RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Elixio (1994:335)
NEIRA VILAS, Xosé (1996:309-316)
"Recuperado parte del documental inédito de Carlos Velo "Galicia", La Voz de Galicia, (sección Cultura), (21/01/2001), 34.
RODRÍGUEZ, Juan (1997:197 224)
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1976:314)
FERNÁNDEZ, Miguel Anxo (1996)
ÁLVAREZ POUSA, Luis (1999:44-51)
NEIRA VILAS, Xosé (2000:235-239)

Refª.Fotográficas: Fondo Fotográfico do AEG, nº rexistro do 136-139, 471-473, 2899-2972. NEIRA VILAS, Xosé (2000:18-19), GUBERN, Roman (1976:50-52), NEIRA VILAS, Xosé (1996:310 e 312), MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (et al.) (1989:144)

2.058 VELO COBELAS, Castor

Países: Venezuela

Biografía

(Cartelle, Ourense, ?) Vicepresidente do primeiro grupo constituído en Ourense das Mocedades Galeguistas en maio de 1931. Despois de residir en Vigo exíliase a Venezuela. Despois de estar neste país retorna a Cartelle.

Refª.Bibliográficas: PIÑEIRO FEIJÓO, Antonio (2000:57)

2.059 VELO MOSQUERA, Xosé A.

Países: Venezuela / Brasil

Biografía

(Celanova, Ourense, 21/04/1916 - Sao Paulo, Brasil, 1972) Estudiou Filosofía e Letras e realizou dous cursos de Medicina, ademais comezou a estudiar varias carreiras que non rematou. Dende moi pronto interésase polo ideario galeguista e con Celso Emilio Ferreiro e José Velo Mosquera constituíron o primeiro grupo das Mocidades Galeguistas en Celanova a finais de 1932, coordinado por Elixio Rodríguez, Carlos Román e Manolo Souto, tendo como secretario da organización estaba Xaime Illa Couto. Con Celso Emilio Ferreiro crea en 1933 o semanario titulado Adiante. No transcuro da II Asamblea da Federación das Mocidades Galeguistas celebrada no ano 1935 é elexido secretario xeral, Celso Emilio Ferreiro como secretario de organización e Vicente Bóveda Iglesias secretario técnico. Este grupo foi separándose progresivamente do Partido Galeguista (cambio de nome da FMG pasándose a chamar Federación de Mocedades Nacionalistas). Durante este período mestura a súa actividade política coa literaria. En 1935 publica a súa primeira poesía titulada "Alciprés" dentro da revista Nós. Neste mesmo ano, e con 19 anos, casa con Jovita Pérez González, filla do taberneiro, A. Pérez, coñecido en Celanova co alcume de Vinagre, coa que tivo tres fillos. En 1936 fundou, xunto con Celso Emilio, a revista de poesía "Cartafol". Co estalido da Guerra Civil é detido pola policía para que lles entregue os arquivos da Federación das Mocidades Galeguistas. Pouco tempo despois deixáronno en liberdade e é enrolado no exército en marzo de 1937 na División Acorazado Brunete. Tenta fuxir por dúas veces ó bando republicano. Cando remata a guerra consegue volver a Celanova por reclamo da nai despois dun tempo decide saír do país pro primeira vez residindo uns meses en Guinea. Despois permanece catro anos en Celanova, ata 1943, ano no que se establece en Vigo onde puxo unha academia impartindo clases de matemáticas. Debido as actividades clandestinas que realizaba foi detido no 1944. Foi recluído na cárcere de Vigo pois fora identificado erroneamente como comunista. Alí compartiu celda con Francisco Comesaña e Manuel Otero Castelao. Logo foi trasladado ó castelo da Coruña, por tres meses, onde sufriu torturas. Posteriormente, saiu en liberdade condicional. Pasou un ano agochado en Celanova na aldea de Moreira ata que no ano 1947 puido fuxir cara a Portugal xunto con Manuel Otero Castelao. Alí foron acollidos por un vello amigo da infancia celanovesa, Luís López, emigrado había anos a Lisboa. Estivo tres meses con Luís López recibindo apoio dun colectivo de axuda ós refuxiados españois en Portugal, os "cuáqueros", dirixidos por unha filantropa americana, Miss Helen. O cerco da PIDE (Policía de Investigación e Defensa do Estado salazarista) estréitase e é detido de novo no forte Caxías, co fin de ser entregado. Sae da cadea gracias ó Unitarian Service (dos cuáqueros). A relación que tivera Velo con Rómul Gallegos, dunha antiga estadía do novelista venezolano en Galicia, fixo que ordenase o seu traslado a Venezuela procurando que lle chegara un pasaporte de emerxencia. Xosé Velo chegou a Caracas o 9 de outubro de 1948, despois dunha escala en Nova York. Alí traballou como mestre dando aulas na Escola de Administración do Exército Venezolano, ademais, dirixiu a Academia Orto Centro de Enseñanza. É expulsado, iniciando un longo rosario docente por outros centros de ensino: A Academia Hisapano-Venezolana (como profesor de castelán) e tamén en centros relixiosos (entre 1953-1954). Segundo chegou a Venezuela integrouse na comunidade galega e na loita antifranquista. Participou en Galeuzca, presidiu o Lar Galego de Caracas e participou nas actividades organizadas polos galeguistas. Os fillos e a muller chegan a Venezuela a finais 1949, vía Portugal, onde estiveron 3 meses en Portugal (Monte Estoril) na casa de Luís Pérez. En 1951 Pepe Velo, Gonzalo Gómez Caridad, José Mariño, Manuel Gallego e Argimiro Costa formaron unha comisión por Unidad Gallega. Tamén colabora na revista venezolana "Tierra Firme" e tamén na emisora "Radio Cultura" dependente do Lar. O colectivo que máis procurou a unión dos galegos en Caracas era a Comisión de Arte e Cultura do Lar Galego, formado case que permanentemente por Velo Mosquera, Gómez Caridad, Xoan Noia, os irmáns Manolo e Baldomero Gallego e Xosé Sesto. No ano 1956 consegue a presidencia do Lar Gallego e participou no Primeiro Congreso da Emigración Galega realizado en Bos Aires no que destacou como gran orador. Velo tratou de impoñer a unha parte do Partido Galeguista a idea dunha política máis combativa contra o franquismo. Fundou con outros exiliados a Unión de Combatentes Españois Antifranquistas Nacionalistas Galegos (CEANGA), en 1958. Creou as emisoras de radio "La Voz Patria" e "Radio Caridad", que actuaron como portavoces dos antifranquistas. Mentras o Partido Comunista de España abandona a loita armada contra Franco, Velo creía que era necesario coordinar as loitas da esquerda do estado español e as de Portugal, para poder derrotar as dúas dictaduras. En 1959 creou xunto co xeneral portugués Humberto Delgado, Galvao e Soutomaior o Directorio Revolucionario Ibérico (DRIL). A idea era o derrocamento dos dous gobernos. Como parte deste plan, levouse a cabo o secuestro do trastlántico Santa María, de bandeira portuguesa
a comezos de xaneiro de 1961. Velo é promulgado director xeral do DRIL en xaneiro de 1960, adoptando o alcume de "Jurado". O secuestro rematou coa claudicación dos combatentes cando o goberno brasileiro lles permitiu entregarse no porto de Recife e lles ofreceu refuxio e asilo. Así, tanto Xosé Velo como o seu fillo Víctor, que tamén formaba parte do comando, permaneceron no Brasil. Trasladáronse a vivir a Sao Paulo e alí Xosé Velo fundou a libraría e a editorial NÓS xunto co socialista Bartolomé González Llorente, que acabou sendo alcalde de Móstoles. Logo converterase na Editorial Publicacións Galicia Ceibe (1966). A primeira obra desta editorial foi unha traducción ó portugués da obra de Rosalía de Castro por Eclea Bosi. Xosé Velo funda e dirixe a revista de periodicidade mensual "Paraíso siete días". Durante os últimos anos da súa vida dedicouse a escribir e colaborar con varios xornais e revistas. Escribiu o libro "Morra España, Viva Hespaña". Nel daba a coñecer o seu pensamento político insistindo na idea de reconstruír unha nova España baseada na Federación das Nacións Ibéricas. Faleceu o 31 de xaneiro de 1972 con 55 anos, logo de sufrir unha longa enfermidade. Foi enterrado en Morumbi, Sao Paulo.

Organizacións ás que pertenceu:

AGUEA AGRUPACIÓN GALLEGA DE UNIVERSITARIOS, ESCRITORES Y ARTISTAS
DRIL DIRECTORIO REVOLUCIONARIO IBÉRICO DE LIBERACIÓN
FMG FEDERACIÓN DAS MOCEDADES GALEGUISTAS

Profesións: Político / Escritor / Profesor

Obra no exilio: "Alciprés"

Refª.Bibliográficas: GEG

MARTÍNEZ E CRESPO, Xurxo (1996:25)
PIÑEIRO, Antonio (2000)
NEIRA VILAS, Xosé (2000:13-15)

Refª.Fotográficas: PÉREZ LEIRA, Lois (1999:255-262), ALLEGUE OTERO, Gonzalo e F. FREIXANES, Víctor (1993:128), NEIRA VILAS, Xosé (2000:14) e no AEG, CD-ROM III, Carpeta: Elpidio Villaverde, nº 30.

Comentarios: Segundo o artigo de Martínez e Crespo a libreraría que establece en Sao Paulo chamábase "Follas Novas" e que despois daría inicio Editorial Alborada.

2.060 VELO TEMES, Benito

Barco
ORDUÑA

Países: Francia / Campos de Refuxio / Reino Unido / Colombia

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ?) Estudiou Enxeñería Civil en Madrid. Posteriormente casa coa madrileña Lucía García Villafranca e instálanse en Cáceres onde a Benito foille encomendado polo goberno republicano un traballo de enxeñería. Foi encarcerado ante a negativa a adherirse ás tropas de Franco. Gracias á mediación do pai de Benito Velo, un destacado notario na cidade de Vigo, foi posto en liberdade dirixíndose a Vigo para embarcar nun barco inglés a San Xoán de Luz, Francia. Posteriormente, en París toman contacto co embaixador español Luis Araquistain que os incita á voltar a España. Chegan a Valencia e despois instálanse en Madrid. Lucía García comeza a traballar no Ministerio de Asuntos Exteriores. Posteriormente trasládanse a Barcelona, onde o nomean Capitán de Enxeñeiros. Alí foi dado por desaparecido. A muller e a filla, María Luz, cruzan a fronteira francesa para instalarse finalmente en Mok Seapton, Reino Unido. Lucía García busca insistentemente ó seu marido durante un ano para acabar averiguando que Benito Velo estaba nun campo de concentración no Sur de Francia. Foi liberado a través da Cruz Roja Internacional. Xa en Londres, Benito Velo, decidiu marchar coa familia para Colombia. Alí estaba casada a súa irmá máis nova con Alfredo Gómez Venegas, vinculado ó goberno de Eduardo Santos. Por intervención directa deste exiliáronse nese país. Eles non tiñan pasaporte, pero o Foreign Office expediulles un pasaporte-carta co que puideron chegar a Colombia. No barco "Orduña" chegaron a Bogotá o 6 de maio de 1940. O futuro profesional do Benito Velo estaba asegurado, pero as constantes alteracións de conducta producidas por problemas mentais, ocasionados polos traumas sufridos, chegaron a facerse patolóxicas impedindo o seu desenvolvimento profesional. Lucía García tomou as rendas económicas da familia empregándose, no ano 1941, como profesora do Liceo Francés "Luis Pasteur". Madame Velo, como sería coñecida a partir de entón, adicou toda a súa vida o labor docente no Colegio Francés. No ano 1965, xa xubilada, funda un centro de educación preescolar bilingüe chamado "Kinder francés Sta. Genoveva" transfomándose posteriormente no Colexio Francés Santa Genoveva, no que traballou ata a súa morte no ano 1971.

Profesións: Enxeñeiro

Refª.Bibliográficas: MARTÍNEZ GORROÑO, María Eugenia (1990:100-103)

2.061 VELOSO ESTÉVEZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:
BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

2.062 VELOSO MACÍA, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Rubiais, Viana do Bolo, Ourense, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.063 VELOSO, Rogelio "Bocagrande"

Países: Chile

Biografía

(Noia, A Coruña, ? - Chile, ?) Fuxiu xunto con outros veciños a noite do 26 de xullo de 1936 dende Muros e cara a Bilbao nos bous "Santa Eulalia" e "Santa Rosa". Posteriormente exiliouse en Chile onde morreu.

Refª.Bibliográficas: AGRAFOXO PÉREZ, Xerardo (1995:83 e 382)

2.064 VENTOSA VIEITES, José A.

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Son, Cee, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Agde (Herault)

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.065 VERDAGUER MARECA, Gregorio

Países: Francia / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(A Coruña, ? - Mauthausen, 26/11/1941) Galego que estivo no campo de concentración de Mauthausen onde morreu.

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:154)

2.066 VIANA ESPERÓN, Alejandro

Países: Francia / México

Biografía

(Vigo, Pontevedra, ? - México, ?) Destacou polas súas actividades mercantiles e bursátiles así como polos seus coñecementos económicos. Foi deputado por Izquierda Republicana por Pontevedra na última lexislatura republicana. Tralo fin da guerra pasa a Francia dende Valencia onde estivera ó frente dunha Comisión dedicada ó cuidado de refuxiados. Finalmente vai a México onde morre.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA
PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Economista

Refª.Bibliográficas: "Relación de los gallegos que se hallan refugiados en Francia y dirección de los mismos", Galicia, XVII:826, (06/05/1939), 8.
GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio (1990:130)

2.067 VIANA, Gerardo G.

Países: México

Biografía

(? - ?) Galego exiliado en México vincualdo ós ambientes socialistas no exilio.

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)

2.068 VICOS ÁLVAREZ, Alfonso

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - Francia, ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia onde morreu.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVREZ, Santiago (1989a:134)

2.069 VIDAL ALONSO, Cesáreo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:133)

2.070 VIDAL BARREIRO, Germán

Países: Francia / Chile

Biografía

(Noia, A Coruña, 1892 - Concepción, 13/05/1960) Alcalde de Noia nos primeiros anos da República e gobernador civil de Ciudad Real en 1936. Dende esta cidade vai para Valencia onde se encontrou con outros galegos, entre eles estaba o tamén ex-alcalde de Noia, Severino Iglesias Siso. Despois marchou para Cataluña, concretamente estivo en Tarragona como Avogado Fiscal. En xullo de 1938 estaba en Barcelona formando parte do Consello Provincial de Izquierda Republicana, traballando tamén no Subsecretariado de Armamento realizando a importante tarefa de darlle axuda ós seus compañeiros da ría de Muros e Noia. Nesa cidade tamén desempeñou o cargo de vicesecretario de organización de Solidaridade Galega Anifeixista.Unha vez exiliado en Francia, viviu durante un tempo perto de París, en Selles Sur Marne, para despois ir para América xunto con Severino Iglesias Siso. Aínda que tiña como destino Bos Aires, non puido desembarcar por unha confusión nos seus documentos de idenficación, e seguiu rumbo a Chile onde residiu ata a súa morte. Nese país tivo o apoio de Embaixador Soriano e do presidente Aguirre. Tamén foi nomeado presidente do Centro Republicano Español. Ante a imposibilidade de exercer como avogado traballou como oficinista. Morre o 13 de maio de 1960 e está en enterrado no cemiterio Playa Ancha de Valparaíso.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA
ORGA ORGANIZACIÓN REPUBLICANA GALLEGA AUTÓNOMA
SOLIDARIDADE GALEGA ANTIFEIXISTA

Profesións: Avogado / Gobernador Civil / Alcalde

Profesións no exilio Administrativo

Refª.Bibliográficas: VILANOVA RODRÍGUEZ, Alberto (1990:256)
NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (comp.) (463, n. 451)
AGRAFOXO PÉREZ, Xerardo (1995:391 392)

Refª.Fotográficas: AGRAFOXO PÉREZ, Xerardo (1995:291 e 378)

2.071 VIDAL FERNÁNDEZ, Camilo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

2.072 VIDAL FERNÁNDEZ, Laureano

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Bande, Ourense, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Orense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.073 VIDAL FERNÁNDEZ, Martín

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo no campo de refuxio francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

2.074 VIDAL PEREIRA, Germán

Países: Arxentina / Chile

Biografía

(Noia, A Coruña, 1926, ?) Fillo Germán Vidal Barreiro, que se exiliou primeiro en Bos Aires e despois en Chile.

Refª.Bibliográficas: RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (1999:324)

Comentarios: Rodríguez Lago extraíu os datos do xornal "Lonxe da Terriña" nº 7, Santiago de Chile, 1996, 25.

2.075 VIDAL SALETA, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Corme, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Bezièrs en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.076 VIDAL SAYAR, Manuel

Países: Francia

Biografía

(Corrubedo, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.077 VIDAL VIDAL, Aurelio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:136)

2.078 VIDAL, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Meaño, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.079 VIDAL, Leopoldo

Países: México

Biografía

(? - ?) Mestre exiliado en México. Estivo vencellado ós ambientes socialistas no exilio.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Mestre

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:186)

2.080 VIDAL, Luis

Países: Francia

Biografía

(? - ?) Exiliado en Francia. Formou parte do Bloque Repubricán Nazonal Galego fundado en Toulousse o 21 de decembro de 1944.

Organizacións ás que pertenceu:

BRNG BLOQUE REPUBRICÁN NAZONAL GALEGO
UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Político

Refª.Bibliográficas: MARTÍNEZ, José Luis (1999:115)
NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (comp.) (2000:590, n. 537)

2.081 VIDAL, Romualdo

Países: Francia

Biografía

(? - ?) Refuxiado en París.

Refª.Bibliográficas: "Un refugiado en Francia", Galicia, XVII:629, (01/07/1939), 7.

2.082 VIDÁN FREIRÍA, Luciano

Países: Francia / Arxentina

Biografía

(Pontevedra, ?) Intendente mercantil. Participou na fundación do Seminario de Estudos Galegos. A comezos do ano 1938 era membro da agrupación Solidaridade Galega Antifeixista, con sede en Barcelona. Despois da Guerra Civil foxe a Francia e logo á Arxentina. Alí fundou un grupo chamado Acción Gallega en la Argentina integrado por afiliados a Izquierda Republicana, que tentou desautorizar a Elpidio Villaverde como representante deste partido na Arxentina. Este grupo foi constituído o 21 de agosto de 1945.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA
SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS
SOLIDARIDADE GALEGA ANTIFEIXISTA

Profesións: Profesor / Perito mercantil

Refª.Bibliográficas: "Solidaridade Galega", Nova Galiza. Boletín Quincenal dos Escritores Galegos Antifeixistas, 14 (08/01/05/1938), 1 (Edición Facsímil de Ediciós do Castro)
"Actividades de los gallegos afiliados a Izquierda Republicana", España Republicana, XXVIII:771, (01/12/1945), 10.
"Relación de los gallegos que se hallan refugiados en Francia y dirección de los mismos", Galicia, XVII:826, (06/05/1939), 8.

Refª.Fotográficas: Fotografía nos fondos do AEG (dixitalizado). Carpeta: Federación de sociedades galegas III, nº 47.

2.083 VIDÁN, María Celina de

Países: Francia / Arxentina

Biografía

(Pontevedra, ?) En 1939 atopabase en Burdeos xunto co seu home Luciano Vidán Freiria. Despois marchou á Arxentina.

Refª.Bibliográficas: "Relación de los gallegos que se hallan refugiados en Francia y dirección de los mismos", Galicia, XVII:826, (06/05/1939), 8.

2.084 VIÉITES IGLESIAS, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Puentes, Sansenxo, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Vernet en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.085 VIÉITEZ DE SOTO, José

Países: Portugal / México

Biografía

(Celanova, Ourense, 29/07/1910 - México, 1957) Por mor da morte temperá do seu pai ingresa no Colexio de Orfos de Adxudicatora dos Maristas. Tras unha estadía en Bos Aires como emigrante regresa a Galicia para face-lo servicio militar en Ferrol, cidade na que estudia Maxisterio e coñece a Carmen Gómez Martínez, coa que casa. Exerce a docencia en Magón, Cuntis e afíliase a Izquierda Republicana. Estala a rebelión militar de xullo de 1936 e é detido primeiro nas Neves, Pontevedra, o 22 de agosto de 1936, pasando á prisión provincial de Pontevedra. O 21 de outubro do mesmo ano é trasladado ó lazareto de San Simón e consegue saír tralo pago dunha multa. Chámano a filas e trasládase co Batallón Galego á fronte de Madrid, onde tras unhas declaracións en contra da sublevación franquista é condenado polo Consejo de Guerra en Talavera de la Reina, en Toledo, a 30 anos de inhabilitación e expulsión do exército. En marzo de 1937 é trasladado ó cárcere de San Cristóbal en Pamplona participando na fuxida que se produce no penal, polo que volve a ser condenado a pena de morte conmutada por cadea perpetua. Así, trasládano en marzo de 1939 novamente a Galicia, permanecendo no cárcere de Figueirido ata setembro dese ano, momento no que se produce un novo traslado ó lazareto de San Simón. En febreiro de 1941, acolléndose ós beneficios da liberdade condicional sae do cárcere. Instálase en Ferrol, onde se atopaban a súa muller e a súa filla Ana e pon en marcha un negocio de distribución e venda de froita coa axuda do seu irmán máis vello residente en Canarias. Neses momentos decide ademais afiliarse ó Partido Socialista sufrindo continuos seguimentos e detencións. Cando a situación comeza a ser insoportable decide marchar, primeiro permanece agochado na casa dunha irmá e posteriormente dende Cela (Pontevedra), cruza o Miño e chega a Portugal. En Lisboa recibe a axuda dos demócratas portugueses e da organización de axuda internacional Unitarium ata que seis meses despois e dende Lisboa, sendo a o ano 1946, embarca nun cargueiro cara a México. Instálase primeiro en Puebla, alugando un piso con outros galegos exiliados e comeza a traballar como axente de laboratorio facendo visitas médicas. O contacto con outros exiliados é moi intenso e importante para a súa vida en México, sendo de especial relevancia a amizade que fai cos irmáns de Redondela Bernárdez Gómez. En 1948 chegan a súa muller e a súa filla e trasládanse a México D.F., José perde o traballo e xunto cun amigo instalan unha granxa de galiñas que será atendida por Carmen e Ana. A secuelas físicas da guerra e da represión sufridas por José, fan que, tras serios problemas estomacais morra no ano 1957 en México.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA
PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Profesións: Mestre

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Ana Viéitez Gómez.
CAEIRO, Antonio, GONZÁLEZ, Juan A. e SAÁ, Clara Mª de (1995:285-286)

Refª.Fotográficas: CAEIRO, Antonio, GONZÁLEZ, Juan A. e SAÁ, Clara Mª de (1995:251, 253, 254, 257 e 262)

2.086 VIÉITEZ GÓMEZ, Ana

Países: Portugal / México

Biografía

(Ferrol, A Coruña, 27/12/1935) Filla de José Viéitez de Soto e Carmen Gómez Martínez. Vive en Ferrol ata os 12 anos, momento no que marcha coa súa nai para reecontrarse co seu pai, exiliado en México. Alí estudiou en diversos colexios, no Humboldt, no Colexio Madrid e finalmente no Colexio de ensinanza inglesa Maddox onde realizou estudios comerciais. Mentres, axuda ós pais nunha granxa de galiñas instalada por eles en México D. F., ata que regresan a Galicia en 1959, trala morte do pai dous anos antes. En Vigo impartiu clases de inglés durante dous anos e despois dunha estadía dun ano en Inglaterra regresa a Santiago de Compostela onde estaba a súa nai. Coa axuda dun tío paterno conseguen, nai e filla, un emprego no departamento de reservas dunha cadea hoteleira nas Palmas de Gran Canaria, ata o ano 1965, no que tras unha serie de problemas laborais se incorpora á compañía Iberia no corpo auxiliar feminino de terra. En 1971 vai para Madrid, onde vivirá alternando con algunhas tempadas en Baiona, Pontevedra. Coa restauración do réxime democrático afíliase ó Partido Socialista Obreiro Español e á UGT. Dende a súa xubilación no ano 1996 vive en Baiona, onde segue traballar pola reivindicación da memoria dos exiliados galegos.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL
UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Administrativo / Axente de Turismo

Refª.Bibliográficas: Información proporcionada por Ana Viéitez Gómez.

2.087 VIGO ANIDO, Sergio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Posteriormente estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

2.088 VILA ÁLVAREZ, Marcelino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(O Grove, Pontevedra, ?) En xullo de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: Provincia de Pontevedra", Galicia, XVII:629, (08/07/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.089 VILA CID, Andrés

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Allariz, Ourense, ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia e tamén no Saint Cyprien nos Pirineos Orientales en 1939.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: "Gallegos en los campos de concentración franceses, que piden ayuda a sus hermanos de América", Galicia, XVII:619, (22/04/1939), 3.
"Nuestros refugiados gallegos", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 1.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

Comentarios: Segundo Eduardo Blanco Amor chámase Andrés Vilte Cid, en "Nuestros refugiados gallegos", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 1.

2.090 VILA CID, Antonio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Posteriormente estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

2.091 VILA ESPERANTE, Daniel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Foi un dos galegos, que durante a Guerra Civil, formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

2.092 VILA PROL, Camilo

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Integrante do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

2.093 VILA RODRÍGUEZ, Celso

Países: México

Biografía

(? - ?) Pertencía á Federación de la Juventud Socialista Unificada de Galicia. Colaborou na publicación Escuela de Trabajo, órgano da Asociación de Trabajadores de la Enseñanza (ATEO) de Orense, dirixida por Luís Soto. Fora secretario xeral da FETE (Federación de Empleados y Trabajadores de Ensino). Tivo que fuxir cara a México onde fundou xunto con outros exiliados a Alianza Nazonal Galega no ano 1943, da cal era secretario de mocedades. Tamén formou parte do Grupo Socialista Gallego de México.

Organizacións ás que pertenceu:

ALIANZA NAZONAL GALEGA
JSU JUVENTUDES SOCIALISTAS UNIFICADAS

Profesións: Mestre

Refª.Bibliográficas: MARTÍNEZ, José Luis (1999)
"Manifiesto da Alianza Nazonal Galega de México", Galicia, XXI:826, (10/04/1943), 8.
"Manifiesto de Alianza Nazonal Galega de México", Galicia, XXIII:922, (15/09/1945), 8.

2.094 VILA SÁNCHEZ, Demetrio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois estivo no campo de refuxio francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:135)

2.095 VILA, Antonio

Barco
NUEVO EMDEN

Países: Francia

Biografía

(? - ?) É propietario do Nuevo Emden xunto con Juan Aguiño. Exiliouse en Francia xunto co grupo de mariñeiros que fuxiu no Nuevo Emden.

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: LUIS MARTÍN, Francisco e ARIAS GONZÁLEZ (2000)

2.096 VILA, Arturo

Países: México

Biografía

(Coristanco, A Coruña, ? - ?) Alcalde de Coristanco durante a IIª República e que durante a Guerra Civil foi Capitán de Transportes. Despois exiliouse en México.

Refª.Bibliográficas: "Voces socialistas en el exilio. Algunas consideraciones sobre el problema gallego" (1945:10)
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:185)

2.097 VILA, Marcelino

Barco
NUEVO EMDEN

Países: Francia

Biografía

(? - ?) É irmán de Antonio Vila, propietario xunto con Juan Aguiño do Nuevo Emdem. Exiliado en Francia.

Profesións: Mariñeiro

Refª.Bibliográficas: LUIS MARTÍN, Francisco e ARIAS GONZÁLEZ (2000)

2.098 VILANOVA RODRÍGUEZ, Alberto

Países: Arxentina

Biografía

(Ourense, 1910 - Ourense, 1985) Ensaista e profesor de Historia. Dende moi novo pertencía ás xuventudes republicanas. En 1951 vai ó Centro Gallego de Bos Aires con motivo do centenario do nacemento de Curros Enríquez. Decide quedar na Arxentina e chega a ser profesor da Universidade de Bahía Blanca e da U. Nacional de La Plata. Tamén foi catedrático de cultura galega no Centro Lucense (1956-59). Presidente da comisión de cultura do Consello de Galiza. En 1966 publica "Los gallegos en la Argentina". Regresa a Ourense en 1982.

Organizacións ás que pertenceu:

IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Ensaista / Profesor

Profesións no exilio Escritor / Profesor

Obra no exilio: "Manuel Curros Enríquez", (1953) Bos Aires: Ediciones Galicia, Bos Aires
"Los gallegos en la Argentina.Tomo I e II." (1966) Bos Aires: Ediciones Galicia
"No centenario da Historia de Galicia de Murguía", Vieiros, 3, (outono de 1965), (edición facsímil, Vigo: A Nosa Terra)
VILANOVA,Alberto: "Unamuno en Galicia", Vieiros, nº 4, primavera de 1968. Edición Facsimil, Vigo: A Nosa Terra, 1989.

Refª.Bibliográficas: GEG

2.099 VILAR PEREIRA, (irmáns)

Países: Francia

Biografía

(Regüela, A Capela, A Coruña, ?) Fuxidos en 1936, marchan a Francia en 1946.

Refª.Bibliográficas: MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo (1988:185)

2.100 VILAR, Alfredo

Países: México

Biografía

(? - ?) Pertencía a "Federación de la Juventud Socialista Unificada" de Galicia e fora caixeiro do Banco de España. Tivo que fuxir cara a México onde fundou, xunto a outros exiliados, a "Alianza Nazonal Galega" no ano 1943 da cal era vicesecretario de mocedades.

Organizacións ás que pertenceu:

ALIANZA NAZONAL GALEGA
FEDERACIÓN DE LA JUVENTUD SOCIALISTA UNIFICADA DE GALICIA
IR IZQUIERDA REPUBLICANA

Profesións: Empregado de banca

Refª.Bibliográficas: MARTÍNEZ, José Luis (1999:96)
SOTO, Luís (1983:191)
"Manifiesto de Alianza Nazonal Galega de México", Galicia, XXI:826, (10/04/1943), 8.
"Manifiesto de Alianza Nazonal Galega de México", Galicia, XXIII:922, (15/09/1945), 8.

2.101 VILARCHAO PÉREZ, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil fora membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:139)

2.102 VILARCHAR GIL, Elías

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas, creado en Madrid en agosto de 1936. Logo estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:138)

2.103 VILAS BLANDO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Boiro, A Coruña, ?) En agosto de 1939 estivo no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.104 VILAS CHICAS, Manuel

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Padrón, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Barcarès en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.105 VILAS CORRAL, Jesús

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil foi un dos membros do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:140)

2.106 VILAS GONZÁLEZ, Juan

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Durante a Guerra Civil formou parte do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Despois estivo no campo de refuxio de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134)

2.107 VILAS RODRÍGUEZ, Rosa

Países: Unión Soviética

Biografía

(Lugo, 1903) Pertenceu ó PCE dende 1936. Exiliada na URSS, casou con Antonio Cordón García.

Organizacións ás que pertenceu:

PCE PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Refª.Bibliográficas: Libro de Rexistro do Centro Español de Moscova (1986).

2.108 VILAS ROMERO, Secundino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - Francia, ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante o transcurso da Guerra Civil. Despois estivo refuxiado en Francia, no campo de Barcarés. Morreu nese país.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

2.109 VILLAR FEBRERO, Aquilino

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas en Madrid durante a Guerra Civil. Logo estivo refuxiado no campo de Barcarès en Francia.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

2.110 VILLAR FEBRERO, José

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Chegou en 1939 a Barcarés como refuxiado.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:137)

2.111 VILLAR MARTÍNEZ, Augusto

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(? - ?) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas na Guerra Civil. Estivo refuxiado no campo francés de Barcarès.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Refª.Bibliográficas: ÁLVAREZ, Santiago (1989a:132)

2.112 VILLAR NÚÑEZ, Dositeo César

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Cesuras, A Coruña, ?) En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia.

Refª.Bibliográficas: "Lista de Refugiados: La Coruña", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 6.

Comentarios: Descoñecémo-lo seu periplo ata chegar ó campo de refuxiados.

2.113 VILLAR PAZOS, Manuel

Países: Venezuela

Biografía

(Regüela, A Capela, A Coruña, ?) Consegue fuxir e fixa a súa residencia en Venezuela.

Profesións: Labrego

Refª.Bibliográficas: MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo (1988:185)

2.114 VILLAR PÉREZ, ?

Países: Francia

Biografía

(Cartelle, Ourense, ?) Irmán de Luis Villar Pérez. Exiliouse en Francia co seu irmán. Servira no exército de Franco pero sufriu persecucións dos propios franquistas, sendo esta a razón que deu en Francia para que o acollesen como exiliado. Ó pouco regresou a España e foi detido.

Refª.Bibliográficas: Entrevista realizada por Xosé Manoel Núñez Seixas a Luis Villar Pérez o día 3 de setembro de 1989 en Espinoso (Cartelle, Ourense). Fondo HISTORGA (AHUS), entrevista nº 39.

2.115 VILLAR PÉREZ, Luis

Países: Portugal / Francia / Arxentina / Uruguai

Biografía

(Cartelle, Ourense, 16/08/1907) Dende 1928 militou no PSOE, chegando a ser o alcalde socialista de A Merca (Ourense) en 1931. En xullo de 1936 foi detido, pasando por cárceres de Galicia e Portugal. Fuxíu a Francia, e de aí a Arxentina e Montevideo onde viviu de 1951 a 1961. Aquí foi activo membro do Centro Republicano Español.

Organizacións ás que pertenceu:

PSOE PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL
UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES

Profesións: Carpinteiro

Refª.Bibliográficas: Entrevista realizada por Xosé Manoel Núñez Seixas a Luis Villar Pérez o día 3 de setembro de 1989 en Espinoso (Cartelle, Ourense). Fondo HISTORGA (AHUS), entrevista nº 39.
CAÑO, Xosé Manoel del (1983:67-79)

